

ESTUDIOS MIGRATORIOS

Nº. 10 [dicembre] 2000



© Consello da Cultura Galega
Arquivo da Emigración Galega

Pazo de Raxoi, 2ª planta
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 56 90 20
Fax: 981 58 86 99
Enderezo electrónico:
aemigracion@consellodacultura.org
Web: <http://www.consellodacultura.org>

Proxecto Gráfico:
Manuel Janeiro

Realización:
Lúdica 7

ISSN: 1136-0291
D.L.: C-2721-02

EDITORES

Xosé Ramón Barreiro Fernández
Pilar Caglio Vila
Xosé Manoel Núñez Seixas
Alexandre Vázquez González

SECRETARIO EDITORIAL

Marcelino Fernández Santiago

CONSELLO CIENTIFICO

Luis Alonso. *Universidade da Coruña*
Rafael Anes. *Universidade de Oviedo*
Joaquín Arango. *Universidad Complutense de Madrid*
María I. Baganha. *Universidade de Coimbra*
Samuel L. Baily. *University of Rutgers*
Anna Cabré. *Universitat Autònoma de Barcelona*

Fernando Devoto. *CEMLA, Bos Aires*
Fausto Dopico. *Universidade de Santiago de Compostela*
Antonio Eiras Roel. *Universidade de Santiago de Compostela*
Abel Losada Álvarez. *Universidade de Vigo*
Antonio Macías. *Universidad de La Laguna*
Jordi Maluquer de Motes. *Universitat Autònoma de Barcelona*
José C. Moya. *University of California, Los Angeles*
Jordi Nadal. *Universitat de Barcelona*
Vicente Peña Saavedra. *Universidade de Santiago de Compostela*

Vicente Pérez Moreda. *Universidad Complutense de Madrid*
David S. Reher. *Universidad Complutense de Madrid*
María Xosé Rodríguez Galdo. *Universidade de Santiago de Compostela*
Nicolás Sánchez-Albornoz. *New York University*
Blanca Sánchez Alonso. *Universidad San Pablo-CEU*
Ercole Sori. *Università di Ancona*
Pilar de Torres. *Universidade de Santiago de Compostela*
Ramón Villares Paz. *Universidade de Santiago de Compostela*
Carlos Zubillaga. *Universidad de la República, Montevideo*

ESTUDIOS MIGRATORIOS

ESTUDIOS E ARTIGOS

- 9-26 ANTONIO CAZORLA E ADRIAN SHUBERT
A inmigración española en Canadá: unha visión de conxunto
- 27-57 JESÚS JAVIER ALONSO CARBALLÉS
O éxodo infantil na Guerra Civil. O caso dos nenos vascos expatriados en Francia e Bélxica
- 59-87 GUISELLE MARÍN ARAYA
Espaníais na cidade de San Xosé a fins do século XIX e principios do XX
- 89-108 ADAM WALASZEK
Traballadores poloneses nos Estados Unidos (1880-1925): de labregos a poloneses
- 109-129 AXEL KREIENBRINK-HERRERO
Aspectos da inmigración española, portuguesa e iberoamericana en Alemaña

TEXTOS E DOCUMENTOS

- 133-147 MARCELINO XULIO FERNÁNDEZ SANTIAGO
Unha visión da actividade dos nacionalistas galegos en 1950 desde Bos Aires

151-169 RECENSIÓNS

173-186 NOTICIAS

ESTUDIOS

A INMIGRACIÓN ESPAÑOLA EN CANADÁ: UNHA VISIÓN DE CONXUNTO

Antonio Cazorla e Adrian Shubert

ORIXES

Os españois cóntanse entre os primeiros europeos que chegaron a Canadá. No século dezaseis, pescadores e cazadores de baleas vascos traballaron nas augas de Newfoundland e as súas actividades deixaron pegada en nomes como Port aux Basques e Spaniards' Bay. A súa presenza tamén está testemuñada por diversos restos arqueolóxicos, como teitos de tella descubertos hai algúns anos en puntos da costa do Labrador. Diversos documentos xurídicos demostran que naquela época a pesca de baleas era unha industria importante nas provincias vascas. Mais, malia isto, España nunca pretendeu reivindicar ningún territorio de Newfoundland ou de Labrador.

A presenza española na Columbia británica comezou en 1774 e foi de natureza diferente: expedicións oficiais de exploración enviadas dende os portos da costa mexicana do Pacífico para protexer California dos asentamentos de imperios rivais do español: Rusia e Gran Bretaña. España tiña un destacamento militar en Nootka, pero xamais tivo intención de colonizar a rexión; de feito, o posto foi abandonado en 1795. Os únicos restos desta temperá presenza española na rexión son topónimos como illa Galiano, estreito de Juan de Fuca, badía Narváez ou monte Bodega.

CHEGADA E ASENTAMENTO

A emigración española enmárcase en tres períodos ben definidos. No primeiro, que chega ata 1957, rexistráronse moi poucos emigrantes chegados de España. Aproximadamente 2.000 españois se asentaron entre os anos 1913 e 1914, pero este foi un número moito máis alto ó dos anos anteriores e posteriores. Debido ás facilidades para emigrar ós países onde o español era a lingua oficial e cara ós que xa tiñan cadeas migratorias consolidadas, non pode sorprender que un número tan reducido de españois emigrasen a Canadá. Entre 1920 e 1945 só 408 españois chegaron a Canadá. A poboación total de orixe española era de 2.208 en 1921, 1.472 en 1931 e 1.030 en 1941. Entre

1946 e 1956 só 2.556 españois foron admitidos no país, unha media de 232 por ano. De feito, case a metade veu nos anos 1951 e 1956; a media dos outros nove anos foi de 150 soamente.

O segundo período comezou en 1957, coincidindo coa política de fomento da emigración por parte do réxime franquista. Ó mesmo tempo, Canadá buscaba activamente máis inmigrantes, de aí que no 1957 os dous Gobiernos asinasen un acordo para promover a inmigración de españois a Canadá. Ó abeiro deste acordo, organizáronse tres expedicións de inmigrantes españois. A primeira, en maio de 1957, foi coñecida como “Operación Alce” e levou a Canadá 125 parellas de tódalas rexións. No mes seguinte a “Operación Bisonte” levou 98 homes solteiros, a maioría granxeiros que proviñan de Navarra. A última expedición foi organizada en 1960 pola Comisión Católica de Emigración Española, e levou 50 mulleres solteiras para traballaren no servizo doméstico. Este período de inmigración promovida oficialmente rematou nese mesmo ano.

Naturalmente, tamén chegaron a Canadá moitos españois á marxe destes acordos gubernamentais, e continuaron a facelo ata 1960. Unha parte dos exiliados da Guerra Civil chegou a Canadá despois de pasar por un terceiro país, en xeral latinoamericano. O modelo de inmigración española en Canadá dende 1960 lembra o dos anos anteriores a 1957: un constante, pero pouco numeroso, fluxo de xente. Entre 1961 e 1989, 16.184 españois emigraron a Canadá, unha media de 558 por ano. Os anos de maior intensidade foron 1966, 1967 e 1968, nos que inmigraron 1.161, 1.372 e 1.367 españois respectivamente.

A inmigración descendeu notablemente despois de 1977. Durante a década dos oitenta houbo só dous anos nos que chegaron máis de 300 españois: 440 en 1982 e 323 en 1983, e houbo anos, coma os de 1985 e 1986, nos que o número a penas superou os cen. No contexto xeral da inmigración a Canadá, que oscilou entre os 71.689 de 1961 e os 191.886 en 1989, os españois representan, mesmo nos anos de maior inmigración, unha porcentaxe moi reducida do conxunto.

Coa excepción dos que chegaran dentro da “Operación Bisonte”, destinados a seren traballadores agrícolas, a maioría dos españois integráronse na vida urbana e industrial da sociedade canadense. Mesmo moitos daqueles homes abandonaron os traballos agrícolas que lles foran asignados antes dun ano, malia que isto significaba ter que asumir os custos da súa viaxe dende España. En 1991, a poboación española en Canadá estaba concentrada esencialmente en dúas provincias, Ontario e Quebec. No censo de 1991, 82.675 persoas declaráronse de orixe exclusivamente española. Delas, 43.940 (53,1%) vivían en Ontario e 21.165 (21,6%) en Quebec. Alberta (8.125), Columbia Británica (6.560) e Manitoba (1.475) eran as únicas das restantes

provincias que superaban o milleiro. Podíanse atopar algúns españois en cada unha das outras provincias, incluíndo os dez da illa do Príncipe Eduardo. Había vinte nos territorios do noroeste e unicamente en Yukon non había ningún español.

Aínda que Ontario e Quebec sempre recibiron máis españois que calquera outra provincia, a súa importancia relativa para a inmigración española mudou no decurso do tempo. En 1921, só o 18% dos españois en Canadá vivía en Quebec, aínda que despois de 1941 esta cifra aumenta ata o 31,5%. Ó longo de toda a década dos 50 e xa nos anos 60, Quebec recibiu a maior porcentaxe de inmigrantes españois, de xeito que logo de 1971 o 39,3 % da cifra total habitaba alí. Contra 1960, sen embargo, houbo máis españois que marcharon a Ontario, e despois de 1981 a súa porcentaxe de poboación española superou á de Quebec.

O censo de 1991 tamén revelaba que os españois eran case completamente unha poboación urbana: o 86,5% deles vivía en doce das áreas metropolitanas do censo do país. Eran cidades de polo menos cen mil habitantes, adxacentes a áreas urbanas ou rurais coas que tiñan un alto grao de integración económica e social. Toronto, con 33.005, tiña con diferencia a poboación española máis numerosa, seguido de Montreal, con 18.540. Os seguintes núcleos en importancia eran Calgary (3.630), Edmonton (3.500), Vancouver (4.535), Hamilton (2.200), Ottawa-Hull (2.165), Kitchener (1.490), Winnipeg (1.390), London (1.305) e Windsor (1.080). Nalgunhas provincias, a concentración dos españois nestas áreas metropolitanas era mesmo máis alta cá xa elevada media nacional: os españois de Winnipeg son os que xustifican o 94 % dos de Manitoba, os das áreas de Ontario xustifican o 88,9 % do total da provincia, e os de Calgary e Edmonton o 87,8 % do total de Alberta.

A migración española a Canadá tivo motivos esencialmente económicos. Nembargante, houbo unha excepción a esta regra. A Guerra Civil española provocou un fluxo masivo de exiliados, a maioría deles marcharon a Francia, á Unión Soviética e a varios países de América Latina. Logo da II Guerra Mundial, algúns continuaron o seu camiño ata Canadá. O número exacto poida que nunca se coñeza, mais dende 1947 ata 1958 foron admitidos 481 refuxiados, desprazados e apátridas españois no país. Outros 91 foron aceptados entre 1961 e 1967.

VIDA ECONÓMICA

A vida económica da poboación española estivo determinada por dous factores básicos: a profesión e o xénero. Ata a década dos 60, España foi un país principalmente agrícola e a maioría dos españois que chegaron a Canadá

foron empregados no sector agrícola en casas. Unha porcentaxe significativa, arredor do 15 %, conseguiu ocupación en granxas cando chegou a Canadá, mais o traballo era longo e duro e os salarios baixos, entre 90 e 140 dólares ó mes en 1960. Como consecuencia disto, os emigrantes que deixaran o campo no seu propio país na procura de mellores oportunidades económicas tamén acabaron por deixa-lo campo canadense para dirixirse cara ós traballos mellor remunerados que lles ofrecían nas cidades. Este movemento das zonas rurais ós asentamentos urbanos foi a razón de que moitos inmigrantes españois, que ó comezo se asentaran en Quebec, se desprazasen a Ontario.

Algúns destes homes tiñan xa vocacións ou preparación técnica denantes de deixar España, mentres que outros adquiriran esta experiencia noutros países europeos, en xeral Francia, Alemaña ou Suíza. Como a preparación e os programas de aprendizaxe españois seguían modelos europeos, foron recoñecidos en Canadá, polo que os españois puideron conseguir rapidamente empregos de mecánico, carpinteiro, pintor ou traballador da construción. Tamén puideron entrar na industria pesada: moitos españois en Windsor (Ontario) atoparon traballo en fábricas de automóviles. Algunhas familias abriaron pequenos negocios, como tendas de alimentación e restaurantes, pero as dimensións relativamente reducidas da poboación española limitaron estas oportunidades. Contra o final da década dos 60, case a metade dos homes traballaba en fábricas. Un 25%, constituído probablemente por aqueles que estaban máis capacitados para adquirir algunha das linguas oficiais, traballaba en oficinas ou no sector servicios. Xuntos representan o volume de poboación española que xeralmente pode ser categorizada como clase media-baixa.

A experiencia das mulleres foi diferente. Cunha preparación formal máis baixa cós homes e obedecendo a modelos culturais tradicionais, moitas ficaron na casa para coidar dos nenos. Aquelas que atoparon empregos retribuídos fixérono normalmente no servizo doméstico ou, en menor medida, en comercios e restaurantes. En Montreal algunhas atoparon traballos na industria téxtil. Co paso do tempo aumentou o número de mulleres que se converteron en traballadoras, tanto pola adopción de novos valores como polo incremento da dificultade de manter unha casa co único salario do home. Iso fixo que a figura da ama de casa fose menos predominante. Mais, así e todo, as mulleres españolas estiveron menos integradas na vida laboral cós homes.

Un pequeno segmento da comunidade chegou a integrarse nas profesións liberais. Estas inclúen enxeñeiros, profesores de universidade, xerentes, homes de negocios e médicos. Moitos dos integrantes deste grupo chegaron a Canadá para cursaren estudos de posgrao e decidiron quedar cando lles ofreceron postos interesantes. A mediados da década dos 80 había aproximadamente cen médicos españois que exercían en Quebec. Tamén había unha vintena de profesores universitarios na mesma provincia pola mesma época.

A evolución económica da comunidade española seguiu as tendencias xerais do conxunto de Canadá. Aqueles que chegaran nos 50 e nos 60, a inmensa maioría, chegaron, despois de moitos anos de duro traballo, ó nivel xeral de benestar da sociedade canadense. A maioría deles eran propietarios da súa casa, tiñan coche e podían viaxar a España con regularidade, ben para pasa-las vacacións de verán, ben para evita-lo inverno. Tamén podían darlles ós seus fillos unha educación e un nivel de vida moi superior ó que eles tiveran na súa xuventude. A principios dos 80, case que o 90% deles se sentía satisfeito ou moi satisfeito, en termos xerais, coa súa vida en Canadá.

Nembargante, esta satisfacción xeral comezou a mudar co impacto da delongada recesión e mais coa aparición dunha crecente incerteza no referido ás perspectivas de traballo, especialmente no sector da industria. Para a gran maioría dos inmigrantes que se estaban achegando á idade de xubilación, a perspectiva de perde-lo seu traballo ou ter que facer algún tipo de programa de reciclaxe non era nada atractiva. A moitos gustaríalles xubilarse en España, pero poucos dos seus fillos, que naceran en Canadá, compartían este desexo. E en ningún caso atoparían unha situación semellante á que tiñan en Canadá.

A VIDA EN COMUNIDADE

Os españois non tiñan gran tradición en crearen organizacións comunitarias. Non obstante, estaban moi apegados ós costumes e tradicións das súas vilas natais: festas locais, procesións relixiosas e irmandades, xogos e actividades deportivas. O réxime franquista, que tentaba controlar moitos aspectos da vida pública, eivou o xurdimento de organizacións enérxicas e autónomas; perseguíu as organizacións que consideraba demasiado liberais, e non só as políticas. Como non se fomentaba a participación na vida pública e incluso podía resultar perigosa, os españois estaban cada vez menos dispostos a moverse nos círculos familiares ou de amizade.

A pesar deste transfondo, os españois de Canadá crearon e mantiveron algunha vida en comunidade. E fixérono, malia que o seu escaso número e a súa dispersión residencial impediu pola súa vez o desenvolvemento de distritos españois nas cidades canadenses. Os españois adoitaban vivir en barrios con ampla poboación de inmigrantes doutros países latinos, como portugueses, italianos e latinoamericanos, cos que compartían servizos e festexos. Por exemplo, os españois atopábanse en tódalas áreas da cidade de Montreal, así como en barrios dos arrabaldes como Greenfield Park, Laval, Brossard e Dollard-des-Ormeaux. Non hai un barrio español, mais a rúa St. Laurent, na que teñen sede varias asociacións españolas así como a “Librería Española” –que case é máis unha tenda de alimentación que unha tenda de libros–, actúa como punto de reunión. Toronto, con case o dobre de poboación espa-

ñola, en 1991, que Montreal, xamais tivo un equivalente á rúa St. Laurent, aínda que si hai algunhas tendas españolas, así como un centro médico rexido por médicos hispano-canadenses, na área de poboación portuguesa ó longo de College Street.

Os españois tamén estableceron un número razoable de asociacións dedicadas a educación, cultura, lecer e asistencia social. A maioría delas creáronse nos 60 e a principios dos 70 seguindo o incremento da inmigración, pero outras datan de máis antigo. Quizais a primeira foi a Asociación Cervantes-Camõens da cidade de Quebec, que botou a andar en 1945. Outras organizacións temperás son o Círculo Hispánico de Toronto, que foi fundado polo profesor Juan Cano e existiu ata 1951, e mailo Centre Espagnol da cidade de Quebec, fundado en 1957.

O Club Hispano de Toronto é moi representativo das organizacións máis novas. O catalizador para a súa formación foi a grave enfermidade dun inmigrante e a resposta doutros españois de Toronto para xuntar cartos e conseguir mandalo de volta a España. O club foi fundado pouco despois, a finais de 1964. A súa función é, segundo rezan os seus estatutos, “manter xuntos os españois, os hispanofalantes e todos aqueles interesados na cultura hispana que residan en Canadá para promove-las súas relacións, crear programas educativos e de tempo libre, promove-la cultura hispana, dar asistencia social e beneficia-los membros e beneficiarios”. O club desenvolve unha ampla gama de actividades: deportes como fútbol e bolos, actividades culturais como música e aulas de arte, recitais, conferencias, grupos de baile e teatro, unha biblioteca, e actividades sociais como ceas e maila celebración dos días festivos españois, entre eles o “Día da Hispanidade” (12 de outubro). O Club Hispano apoiou tamén algúns festivais de cinema celebrados en Toronto, e dende 1972 patrocinou practicamente tódolos anos a caseta de Sevilla na Caravana multicultural da cidade.

Non tódalas organizacións españolas se concentran única ou principalmente nas actividades sociais e recreativas. O Centre d'Information pour Espagnols (CIPE) foi fundado en Montreal en 1974 para prestarlles servicios e axudas de todo tipo, na adaptación, ós inmigrantes de España e de calquera outro país hispanofalante. O centro ofrece información, traducción, asesoramento e axuda para atopar un traballo. Tamén ofrece aulas de francés e inglés para mulleres, rapaces e pais. Tal vez a iniciativa máis salientable realizada por unha organización española no país fose a decisión, en 1982, da Asociación Hispano-Canadiense de Kitchener-Waterloo (Ontario) de crear HISCALAN HOMES, para construír dúas urbanizacións. A primeira, que recibiu o nome de “Príncipe de Asturias”, foi inaugurada en 1983. As 50 casas apegadas da urbanización estaban abertas ós españois e non españois de salarios máis baixos.

En 1993 había 19 centros sociais e de recreo, 11 asociacións culturais, incluídos tres grupos de teatro e un grupo de baile, e 5 escolas. Ontario e Quebec tiñan o maior número con 15 e 12 respectivamente, pero tamén había tres organizacións en British Columbia, unha en Alberta, unha en Saskatchewan, dúas en Manitoba e unha mais en Nova Scotia. As actividades realizadas en cada asociación podían ser moi variadas, aínda que en xeral tentaban servir de punto de contacto para a comunidade e como centro de difusión da lingua e da cultura española. A maioría destas organizacións inclúe persoas procedentes de tódalas partes de España, pero algunhas teñen un marcado carácter rexional e atraen inmigrantes dunha área específica do país, en xeral, Galicia, Asturias, o País Vasco e Cataluña. O Centro Asturiano de Toronto, creado en 1985, está dedicado principalmente a actividades sociais como ceas, bailes, *picnics* e partidos de fútbol. O Centro Galego de Montreal, que foi fundado en 1969 e que en 1985 tiña 300 membros, estaba comprometido con actividades similares.

O número de xente que participaba nas actividades das organizacións era normalmente inferior á contía dos seus membros nominais. Fóra de acontecementos especiais como festas, concertos ou xogos, poucos socios pasaban moito tempo alí. Tamén hai unha notable diferenza de acordo coa extracción social: é máis probable que os españois dos niveis sociais máis modestos pertencesen e participasen destas organizacións, mentres que os traballadores profesionais tendesen a se afastar da comunidade e manter con ela un contacto máis limitado. Este último grupo está máis integrado e ten menos necesidade dos elos coa comunidade de orixe que fornecen estas asociacións.

MODELOS DE FAMILIA E PARENTESCO

Denantes do cambio radical das décadas de 1960 e 1970, a familia española caracterizábase por unha forte cohesión interna e os papeis fortemente definidos segundo a idade ou o sexo. O pai era a máxima autoridade, unha posición tamén recollida na lei española, e o que mantiña a familia. As angueiras da muller centrábanse na casa e nos nenos. Os fillos normalmente vivían na casa ata casaren, e ata os anos 60 a idade media de casamento era alta respecto da media europea. Algúns ficaban na casa despois do casamento para aforraren cartos e mercaren a súa propia vivenda.

Este é o tipo de familia que coñecían os españois que chegaron a Canadá despois de 1957. Case a metade dos homes que inmigraban podían traer a súa familia canda eles. Moitas destas mulleres casadas tiñan que atopar un emprego pagado en Canadá para complementalos soldos dos seus homes. O traballo que atopaban, no servizo doméstico ou nas fábricas, era menos estable e estaba peor remunerado có dos homes.

En todo caso, e coma noutros exemplos históricos, as conexións familiares eran moi importantes para os inmigrantes. Unha vez que os primeiros membros da familia ou os primeiros habitantes dunha vila se establecían, eran seguidos por irmáns e curmáns ou por antigos veciños que eran atraídos pola relativa prosperidade da que gozaban os inmigrantes. Isto levou á creación de redes de traballo de parentes e coñecidos que puido ter importancia nos asentamentos posteriores.

Este tipo de relacións cambiaron rapidamente cos fillos dos inmigrantes nados no Canadá, os cales non se amosaron dispostos a aceptar pautas tradicionais de comportamento nin a ter como metas principais nas súas vidas, especialmente as mulleres, o casamento e a formación dunha familia. O casamento non é, necesariamente, o momento no que os fillos deixan a casa dos seus pais; as necesidades da educación e a carreira profesional son razóns igualmente probables para deixala. As relacións entre os xéneros non están gobernadas polas mesmas regras estrictas que cando os seus pais eran novos. Xa que logo, os fillos de inmigrantes non teñen o mesmo grao de identificación coas súas orixes españolas que os seus pais. É posible que eles se definan a si mesmos como etnicamente españois, pero probablemente tamén se consideren máis que nada canadenses. O parentesco e as lealdades étnicas son substituídas por outros elos máis persoais.

Estas mudanzas en actitude e comportamento deron lugar a conflitos entre as xeracións, pero os pais acabaron por resignarse ó inevitable deste cambio. Así e todo, sería un erro afirmar que as tradicións familiares españolas quedaron esluídas. Máis ben, transformáronse, pasando dun modelo de relacións familiares a outro.

CULTURA

A cultura da comunidade española está influída por dúas variables básicas: a orixe social e xeográfica dos inmigrantes. Verbo da formación, existe unha gran diferenza entre os que tiñan niveis educativos máis altos, moitos dos cales chegaron a ser médicos, e a maior parte da comunidade inmigrante, que tiña unha educación moito menos formal. Xa apuntámo-las diferentes formas en que cada grupo participaba na vida comunitaria e nas actividades culturais da comunidade, nas que o último grupo estaba moito máis comprometido. Esta diferenza estaba determinada por riba de todo pola súa menor integración na sociedade canadense.

As diferentes orixes rexionais dos inmigrantes foron determinantes nas diversas expresións das actividades culturais da comunidade española, sobre todo en aspectos como folclore, gastronomía e na lingua utilizada. Os días que coinciden con festas rexionais ou católicas, as asociacións inmigrantes

organizan celebracións nas que as diversas cancións e bailes rexionais, e nomeadamente o flamenco e a sardana, adquiren un papel relevante. Nalgúns casos, estas celebracións pretenden atraer a xente que non pertence á comunidade española. En Montreal, a organización chamada “Alegría de España” foi creada en 1970 para ofrecer cursos de bailes españois; cada ano poñía en escena un espectáculo. Nela participan unha cincuentena de socios, a maioría deles fillos de inmigrantes.

Sen dúbida, a outra gran riqueza da cultura popular é a gastronomía. A maioría dos ingredientes necesarios son doadamente conseguibles en Canadá debido á presenza das amplas comunidades de italianos e portugueses, que tamén os consomen. Productos máis especificamente españois pódense atopar en Toronto nunha tenda chamada “Sol de España” e en Montreal na “Librería Española”, que como suxire o seu nome tamén vende libros e discos españois. Os restaurantes españois tamén reflicten a diversidade rexional de España, sobre todo en Toronto e Montreal.

Na esfera da alta cultura, en contraste coa popular, teñen unha especial relevancia os grupos de teatro. En 1981 a Alianza Cultural Hispano-Canadiense representou a opereta *La Revoltosa*. Ó ano seguinte, este grupo conseguiu varios premios da Asociación Multicultural de Teatro de Ontario pola súa representación da obra de García Lorca *La casa de Bernarda Alba*. A Alianza tamén organizou concertos de pianistas, guitarristas e orquestras, exposicións de arte e actuacións musicais de artistas hispano-canadenses e españois. Para isto contou coa axuda da embaixada española e dos departamentos de español dalgunhas das universidades da provincia.

En Montreal o grupo de teatro Valle Inclán desenvolveu actividades dun alto calibre artístico. O escultor español Jordi Bonet é moi coñecido na provincia de Quebec. Tamén houbo varias exposicións de pintura española en Ottawa. Aínda que non é un artista no sentido usual da palabra, o deseñador gráfico Francisco Belsué, que chegou a Canadá dende Zaragoza en 1968, fixo unha gran contribución á cultura popular canadense.

No que se refire á palabra escrita, hai varias pequenas revistas e semanarios de circulación limitada. Hai dúas en Toronto: *Hispano*, publicada polo Club Hispano, e *La Flama*, publicada pola asociación catalana Casal dels Països Catalans. Esta situación contrasta cos xornais *El Popular* e *El Diario*, publicados por latinoamericano-canadenses. Os máis importantes son *El Tiempo* e *Opinión Cultural*, que se ocupan dos acontecementos en Canadá e no resto do mundo, especialmente Latinoamérica. Dende 1982, os hispano-canadenses de Quebec tiveron unha única publicación, a revista *Diálogo*, que é a continuación das publicacións pechadas *Tarsis* e *El Correo Espagnol*.

A literatura española a penas existe en Canadá. A única figura salientable é a de Jesús López Pacheco, un escritor e traductor que é bastante coñecido en España e en varios países latinoamericanos.

EDUCACIÓN

Os españois que chegaron a Canadá despois da guerra tiñan pouca educación formal. As únicas excepcións relevantes eran os refuxiados políticos. Verbo das orixes rexionais, os cataláns presentaban os niveis educativos máis altos, aínda que a diferenza entre eles e o resto dos inmigrantes era pequena. Os baixos niveis educativos dos inmigrantes españois comezaron a mudar na década dos 60, cando o desenvolvemento económico en España permitiu a extensión social do ensino público. Ó mesmo tempo, os institutos e as universidades transformáronse de institucións altamente elitistas en institucións relativamente abertas. Así e todo, a maioría dos españois que chegaron a Canadá nos 60 e a comezos dos 70 teñen niveis moderados ou baixos de educación. Deste xeito, a comunidade estaba dividida entre unha ampla maioría cunha preparación académica modesta e unha minoría moi cualificada.

Dos inmigrantes que chegaron entre 1962 e 1970, un 71,3% agardaba atopar un traballo que requirise pouca ou ningunha cualificación formal (construción, agricultura, fábricas ou sector servizos). Só o 10% dos inmigrantes posuía a cualificación que lles permitía aspirar a un traballo de “colo branco”.

Non obstante, tamén tiña presenza unha minoría significativa, o 24,4%, que tiña niveis altos de preparación académica ou técnica e esperaba traballar como profesional cualificado, técnico especializado ou no ensino. Xeralmente, esta cohorte de inmigrantes carecía de coñecementos axeitados de calquera das linguas oficiais de Canadá. E aínda que as responsabilidades domésticas llelo facían a todos moi difícil, algúns acadaron a educación secundaria.

O desenvolvemento educativo dos fillos destes inmigrantes foi o máis interesante. A creación de numerosos grupos teatrais e o número e nivel de actividades culturais nas que participaron amosan a fortaleza da súa vida intelectual. Ó non teren que sufrirlas barreiras lingüísticas que se opuxeran ós seus pais, os mozos hispanocanadenses puideron moverse doadamente dentro do sistema escolar canadense. Non hai, sen embargo, patróns claros que determinen as súas preferencias lingüísticas. Denantes de que o Goberno de Quebec aprobase o proxecto de Lei 101, a maioría dos rapaces de orixe española estudiaba en inglés. En 1962-1963, por exemplo, case un 77% dos fillos de inmigrantes españois acudía a escolas de lingua inglesa. Pola contra, nos

anos 80, moitos dos españois que moraban en Ottawa enviaron os seus fillos a escolas francófonas.

Os hispano-canadenses tamén estaban preocupados por conserva-la súa lingua. Aínda que o bilingüismo español-inglés e español-francés era a norma xeral, especialmente en familias onde ámbolos dous proxenitores eran españois, era difícil para moitos mante-la súa lingua materna cun nivel alto.

Montreal veu sendo o centro de gravidade da educación e da cultura española en Canadá, o lugar onde as institucións culturais creadas polos inmigrantes se mantiveron con máis forza. O Centro de Estudios Españoles foi fundado en 1972 polo Goberno español. Ofrece cursos de xeografía, historia e literatura que son recoñecidos oficialmente en España. Durante os anos 80, o nivel das súas actividades ampliouse para incluír cursos de nivel universitario que atraeron unha media dunha ducia de estudantes. Dende 1964 a Academia Cervantes ofrécelles a máis de cen rapaces cursos de iniciación ó español que seguen as directrices oficiais do Ministerio Provincial de Educación.

Os esforzos educacionais da comunidade española de Toronto foron algo menores cós de Montreal, pero naquela época eles recibían menos axuda oficial. Na década dos 70 o Club Hispano foi un instrumento eficaz para convence-lo goberno español de que autorizase e posteriormente fundase a Spanish Complementary School. Esta escola foi incorporada dentro do patrimonio de escolas públicas de programas de linguas nos anos oitenta.

RELIXIÓN

A maioría dos inmigrantes españois en Canadá comparten as contradicións históricas e culturais que caracterizaron o catolicismo en España dende os anos 60. Case todos estaban casados, bautizaran os seus fillos, estes fixeron despois a primeira comunión, e recibían a unción dos enfermos. Pero a maioría deles non ía á misa, agás nestas ocasións e noutras que son de natureza máis social que estrictamente relixiosa. A asistencia semanal á misa é moi baixa; só o 10% en Ottawa, e ás veces mesmo inferior. Só o 3% dos españois en Winnipeg participa activamente en grupos ou eventos relixiosos.

Nalgunhas ocasións, coma nos días de santos locais, rexionais ou nacionais ou das virxes máis populares (Montserrat, Guadalupe, Lurdes, Covadonga, Fátima) organizan actividades, adoito en colaboración coas comunidades portuguesa ou latinoamericana. A festa de San Fermín, a comezos de xullo, celébrase en Toronto cantando e bailando. Tamén hai algunhas actividades relixiosas o 12 de outubro. En calquera caso, está claro que nestes acontecementos é imposible arreda-lo relixioso do nacional, do étnico ou do cultural.

Pola súa banda, a Igrexa católica xamais prestou á comunidade española unha atención particular. Os inmigrantes españois compartían os servizos con outros latinos católicos, nomeadamente italianos, portugueses e francófonos. Quebec era un caso especial, e deu orixe a algúns conflitos culturais localizados. Os españois que se estableceran en Montreal nos 50 encontrábanse con que os cregos quebequeses gozaban dun prestixio social e dun poder excesivos, e que se comportaban dun xeito que os españois consideraban chocante. A inxerencia do clero na vida diaria da xente supuxo unha forte conmoción para os españois, afeitos a que o clero respectase a diferenza entre a observancia das formas relixiosas e mailos costumes e a vida diaria. Para tentar solucionar estes problemas abriuse en 1965 en Montreal a igrexa de Santa Teresa de Ávila, rexida por un crego español. Toronto, a outra cidade cunha poboación española salientable, non tiña unha parroquia española.

POLÍTICA

A actividade política da comunidade española foi xeralmente bastante limitada. Isto débese a múltiples factores. O baixo nivel educativo dos primeiros inmigrantes e os seus problemas de adaptación, debidos á carencia de coñecementos de francés e inglés, evitaron que desempeñasen un papel salientable, tanto individual como colectivamente. Foi un feito que as relacións entre os refuxiados políticos da década de 1940 e os posteriores emigrantes económicos estiveron adoito marcadas polas tensións e a sospeita. A inexperiencia política dos inmigrantes, e a súa prudencia cara a ela, atoparon un reforzo na actuación dos axentes canadenses de inmigración, os cales, nos momentos culminantes da Guerra Fría, rexeitaron a admisión dalgúns españois considerados politicamente radicais ou subversivos, termos aplicados unicamente ós simpatizantes da esquerda.

O reducido tamaño da comunidade española evitou que se desenvolvese unha presenza a nivel nacional, ou mesmo que se fixese notar na defensa de áreas de asentamento claramente delimitadas. Deste xeito, o papel político dos inmigrantes foi moi reducido; os que chegaron a ser cidadáns son votantes, dende logo, pero non atraeron a atención dos partidos políticos, como si fixeron outras comunidades máis grandes. Un caso ocasional de hispanocanadense que chegou a ser elixido nun cargo público foi Ricardo López, chegado a Montreal no 1964, e nomeado deputado do Parlamento federal en 1988.

Non hai estudos das preferencias políticas dos españois. Con todo, semella que tenden a favorecer-lo Partido Liberal –e iso malia que Ricardo López foi elixido como conservador progresista–. En Quebec, os españois

inclinábase maioritariamente polo federalismo, e rexeitan as alternativas de soberanía ou secesión. Esta foi unha cuestión polémica e deu lugar a debates entre algunhas comunidades rexionais. Algúns residentes cataláns en Montreal, de feito, suxeriron as posibles semellanzas entre o caso de Quebec e mailo de Cataluña, e votaron polo Partido Quebequés e mais polo Bloque Quebequés. Mais a maioría da comunidade española rexeitou este argumento e continuou a manter unha posición maioritariamente federalista.

RELACIONES INTERGRUPAIS

Os españois crearon varias organizacións baseadas tanto na identidade nacional coma nas rexionais: moitos pertenceron a organizacións cunha base moi ampla, dirixidas a tódolos hispanofalantes. Nalgunhas ocasións, nembargante, as súas relacións con outros hispanos non foron tan cordiais. Algúns españois víanse a si mesmos como os verdadeiros representantes da poboación hispanofalante, o que era interpretado polos latinoamericanos como un sentimento de superioridade.

Pero os hispanocanadenses tamén eran capaces de cooperar con outros hispanofalantes. Celebraban importantes festas relixiosas con eles, así como tamén cos portugueses. Nos últimos anos, tanto Toronto como Montreal celebraron festas culturais nas que participaron tanto hispanoamericanos como españois. O “Festival d’Espagne et d’Amérique Latine” de Montreal empezou en 1992; a “Semana de la Lengua Española” de Toronto en 1991. Nos últimos anos tamén houbo un festival hispano en Harbourfront, en Toronto. Membros da comunidade española de Toronto tamén formaron parte do Comité Internacional do Quinto Centenario da descuberta de América.

MANTEMENTO DA IDENTIDADE DE GRUPO E COMPROMISO ÉTNICO

Os primeiros inmigrantes que chegaron durante os anos 40 e 50 atoparon unha sociedade, unha forma de vida e un ambiente diferente ó que deixaran. Ademais, coa excepción dos que chegaran como parte das tres expedicións organizadas, a inmensa maioría atopábase soa. O illamento xeográfico e mailo pequeno número de españois residentes no país só permitían ocasións esporádicas para a solidariedade, e estas eran moi diferentes ás que unha comunidade numerosa co seu propio conxunto de institucións podía ofrecer. O sentimento de pertenza a un grupo étnico diferente debeuse a dous factores: o choque de tratar coa sociedade canadense e maila saudade de España ou da súa rexión nativa. Estes “anos negros” na experiencia española estiveron caracterizados polas eivas de asimilación,

falta de coñecementos das linguas oficiais e o rexeitamento –que podía ser aberto ou máis sutil– dunha sociedade que se consideraba como exclusivamente británica ou francesa.

Nestas circunstancias, o mantemento da identidade de grupo e mais da súa cultura só podía ter lugar dentro dos estreitos ámbitos da familia ou dun pequeno grupo de amigos e parentes que vivían e traballaban preto uns dos outros. A familia foi o eixe de conservación da identidade española. Máis da metade dos inmigrantes que chegaron estaban casados; outros voltaban a España para atopar unha muller, mentres outros máis atopábanse no Canadá entre as españolas, latinoamericanas ou canadenses –por esta orde de preferencia–.

Aínda que o incremento da inmigración española nas décadas dos 60 e 70 fixo posible a creación de varias asociacións e grupos de lecer, estas organizacións foron secundarias respecto da familia como vehículo para o mantemento do grupo. Esta é unha das razóns do baixo nivel de participación nas actividades deste tipo.

É na familia onde os hispanocanadenses mantiveron a súa lingua, a súa gastronomía e as súas relacións particulares e complexas coa Igrexa católica, así como as súas identidades rexionais. Ó mesmo tempo a familia xerou dúas, e mesmo tres, xeracións que compartiron moitas destas identidades e costumes, mais que tamén adoptaron outras diferentes. Estes hispanocanadenses foron capaces de respecta-las súas orixes étnicas e ó mesmo tempo integrarse dentro da sociedade dominante no país e –coa axuda dos seus pais– aproveita-las oportunidades que lle xurdían.

Despois de polo menos dúas décadas en Canadá, os inmigrantes españois chegaron a integrarse dentro da sociedade canadense. Isto implica que están xeralmente satisfeitos coas súas vidas en Canadá e que non perciben estar materialmente en desvantaxe en comparación con outros canadenses. Un estudio realizado en Ottawa na década dos 80 amosou que o 83% (dunha pequena poboación de españois) estaba moi ou extremadamente satisfeito coa súa vida en Canadá, mentres ninguén se laiaba de estar moi ou extremadamente insatisfeito. Isto mostra que, malia a súa visión de España estar ás veces aderezada dalgúns estereotipos e mitos, xeralmente víano como un país moi semellante a Canadá, tanto no seu nivel de vida como nos problemas sociais ós que se enfrenta. Moitos querían volver, e algúns planean facelo cando se xubilen. Mais todos saben que iso provocaría unha ruptura importante nas súas vidas, e especialmente nas dous seus fillos, os cales, a pesar do orgullo de seren españois, considéranse canadenses e queren vivir en Canadá.

BIBLIOGRAFÍA COMENTADA

Algúns dos mellores traballos sobre os españois en Canadá teñen a eiva de trataren tanto os españois como os outros hispanos sen faceren unha distinción suficiente entre eles. O de Grace Anderson, “Spanish and Portuguese Speaking Immigrants” na obra do editor Jean L. Elliot, *Two Nations: Many Cultures* (Scarborough, Ont., 1979), así como os seus estudos non publicados “Spanish-Speaking Immigrants in Selected Canadian Cosmopolitan Cities” (Simon Fraser University, Department of Sociology, 1977) e “Conflict, Cleavages and Consensus: Spanish-Speaking Immigrant Communities in Selected Canadian Metropolitan Areas” (Wilfrid Laurier University, s. d.), tratan os inmigrantes españois e latinoamericanos cunha coidada distinción entre españois e outros hispanofalantes.

This Side of Spain (Toronto, 1990), de Solange Hernando, é unha valiosa fonte de información sobre os españois en Ontario, aínda que no libro achégase moito ós datos anecdóticos. Outros dous artigos curtos son o de M. Fernández e A. Pérez, “The Spanish Iberian Community of Toronto”, *Polyphony: The Bulletin of the Multicultural History Society of Ontario*, vol. & nº. 1, 1984, 152-153, e o de Adam Fuerstenberg, “The Sephardim of Toronto: a Minority within a Minority”, *ibid.*, 159-161. Un bo estudio doutro tipo é o de Andrew Machalski, *Hispanic Writers in Canadá: A Preliminary Survey* (Ottawa, 1988), que tampouco distingue nidiamente entre españois e outros hispanos, agás no seu longo apéndice sobre escritores individuais, onde os españois son identificados e se resumen as súas carreiras. Algúns exemplos de escritos sobre españois en Canadá pódense atopar na obra de Diego Martín (ed.), *Literatura Hispano-Canadiense* (Toronto, 1984).

Hai pouco no que atinxe ás fontes primarias sobre os españois. A Sociedade Histórica Multicultural de Ontario (Multicultural History Society of Ontario) posúe unha colección importante de material nas súas sucursais latinoamericanas que inclúe varios estudos non publicados e reportaxes que tratan das semellanzas e das diferencias, e así mesmo das complexas relacións entre españois e outros hispanofalantes. Consultar por exemplo os de Grace Anderson, “Spanish-Speaking Immigrants in Anglophone Cities” (1982); Hispanic Social Council, “Needs and Gaps of the Hispanic Community in Metropolitan Toronto” (1983) e o de Fernando Mata, “Immigrants from the Hispanic world in Canadá: Demographic Profile and social Adaptation” (York University, 1988).

Outros traballos que tratan sobre os españois en Canadá inclúen: María M. Martínez, “Locus of Control and the Integration of Spanish Immigrants in Toronto” (M. A. Thesis, York University, 1987); J. Sacco, “Histoire de l’immigration des Espagnols au Canadá et plus particulièrement dans le Québec et

ce qui characterise ce problème” (Ph. D. Thesis, Carleton University, 1987).
O de Ronald Louis Fernández, “Ethnicity as a Social system: The Spaniards
in Montreal” (Ph. D. Thesis, McGill University, 1972), consta dunhas poucas
entrevistas a españois residentes en Montreal.

Resumo

A INMIGRACIÓN ESPAÑOLA EN CANADÁ: UNHA VISIÓN DE CONXUNTO

Antonio Cazorla
Adrian Shubert

Aínda que Canadá non representou un dos destinos máis elixidos polos emigrantes españois, a través deste artigo preténdese dar unha visión de carácter xeral do que foron os períodos de maior afluencia de españois nesta zona de Norteamérica. As provincias de Ontario e Quebec aparecen como as que alcanzaron unha maior concentración de inmigrantes españois. A poboación española, incluso no caso de chegar ó país formando parte de expedicións froito de acordos gubernamentais que a destinaban a traballos agrícolas, integrouse nos núcleos urbanos da sociedade canadense. Aspectos como este, referido á súa chegada e asentamento, foron analizados xunto con outros como a súa condición de inmigrantes económicos ou ben de refuxiados políticos, a súa organización social, nivel socioeconómico, identidade cultural, etc.

Palabras clave:

Canadá, inmigrantes españois, inserción, organizacións comunitarias.

Resumen

LA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA EN CANADÁ: UNA VISIÓN DE CONJUNTO

Antonio Cazorla
Adrian Shubert

Aunque Canadá no representó uno de los destinos más elegidos por los emigrantes españoles, a través de este artículo se pretende dar una visión de carácter general de lo que fueron los períodos de mayor afluencia de españoles en esta zona de Norteamérica. Las provincias de Ontario y Quebec aparecen como las que alcanzaron la mayor concentración de inmigrantes españoles. La población española, aun en el caso de llegar al país formando parte de expediciones fruto de acuerdos gubernamentales que la destinaban a trabajos agrícolas, se integró en los núcleos urbanos de la sociedad canadiense. Aspectos como éste, referido a su llegada y asentamiento, fueron analizados además de otros como su condición de inmigrantes económicos o bien de refugiados políticos, su organización social, nivel socioeconómico, identidad cultural, etc.

Palabras clave:

Canadá, inmigrantes españoles, inserción, organizaciones comunitarias.

Résumé

L'IMMIGRATION ESPAGNOLE AU CANADA: UNE VISION D'ENSEMBLE

Antonio Cazorla
Adrian Shubert

Bien que le Canada n'ait pas été l'une des destinations les plus adoptées par les émigrants espagnols, cet article a comme objectif de donner une idée générale de ce qu'ont été les périodes de plus grande affluence d'espagnols dans cette zone d'Amérique du nord. Les provinces de l'Ontario et du Québec sont celles qui ont reçu la plus grande concentration d'immigrants espagnols. La

population espagnole, même lorsque ses membres arrivaient dans ce pays au sein d'expéditions décidées par des accords gouvernementaux qui les destinaient aux travaux agricoles, s'est intégrée dans les centres urbains de la société canadienne. Des aspects comme celui-ci, concernant l'arrivée et l'établissement de cette population, ont été analysés tout comme d'autres aspects tels que la condition d'immigrants économiques ou bien de réfugiés politiques, l'organisation sociale, le niveau socio-économique, l'identité culturelle, etc.

Mots-clefs:

Canada, immigrants espagnols, insertion, organisations communautaires.

Summary

SPANISH IMMIGRATION TO CANADA: AN OVERALL VISION

Antonio Cazorla

Adrian Shubert

Although Canada was not one of the most chosen destinations of Spanish emigrants, it is hoped to give a more general vision, through this article, of what were the periods of greatest influx of Spaniards in this area of North America. The provinces of Ontario and Quebec figure as being the ones with the greatest concentration of Spanish emigrants. The Spanish population, even in the cases of arriving in the country as part of expeditions through government agreements which sent them to work in agriculture, became integrated members of the urban centres of Canadian society. Aspects such as this, regarding their arrival and settlement, were analysed along with others such as their status as economic immigrants or political refugees, their social organisation, social-economic level, cultural identity, etc.

Key words:

Canada, Spanish immigrants, insertion, community organisations.

Curriculos

ANTONIO CAZORLA. Estudiou nas universidades de Granada, Siena e York (Canadá). É autor dos libros *Desarrollo sin reformistas: dictadura y campesinado en el nacimiento de una nueva sociedad en Almería, 1939-1975* (1999) e *Las políticas de la victoria* (2000). Tamén publicou numerosos traballos dentro e fóra de España. Despois de ensinar historia na York University, na actualidade traballa na Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía da Universidade Complutense de Madrid.

ADRIAN SHUBERT. É profesor do Departamento de Historia e director asociado do Centro Canadense de Estudos Alemáns e Europeos da Universidade de York, Toronto. Entre as súas obras están *Hacia la revolución. Orígenes sociales del movimiento obrero en Asturias, 1860-1934* (Barcelona, 1984); *Historia social de España, 1800-1990* (Madrid, 1991) e *A las Cinco de la Tarde: Historia de la Corrida de Toros* (Madrid, 2001); coeditou volumes colectivos como *Spain at War: the Spanish Civil War in Context, 1931-1939* (Londres, 1995) e *A History of Spain since 1808* (Londres, 2000).

O ÉXODO INFANTIL NA GUERRA CIVIL. O CASO DOS NENOS VASCOS EXPATRIADOS EN FRANCIA E BÉLXICA

Jesús Javier Alonso Carballés¹

Os nenos son sempre as vítimas inocentes de tódalas guerras. Actores “menores” duns acontecementos que non comprenden, son aínda escasas as ocasións nas que traspasan o ámbito da prensa ou da imaxe televisiva para se converter en verdadeiros protagonistas dos acontecementos históricos dos que forman parte. Malia que aínda queda camiño por percorrer, é manifesto que nestes últimos anos asistimos a unha valorización dos nenos como actores históricos con personalidade propia². É precisamente neste marco, definido polo encontro entre guerra e infancia, no que se insire este artigo sobre o éxodo de máis de 26.000 nenos vascos a Francia e Bélxica en 1937³. Un traballo que aborda dunha forma panorámica as circunstancias que provocaron este éxodo, a súa organización, as redes de solidariedade establecidas no país de acollida e o retorno á casa, todo iso salpicado co testemuño dalgúns protagonistas que dan unha nota cálida ás sempre xélicas cifras.

GUERRA E EVACUACIÓN

Entre a calma e a tempestade: a primeira expedición

Os seis meses que transcorren desde a formación do Goberno Vasco en outubro de 1936 ata o inicio da ofensiva franquista contra o territorio de Biscaia o 31 de marzo de 1937 son para a Euskadi autónoma un período de

1. Bolseiro posdoutoral do “Programa de Formación de Investigadores” do Departamento de Educación, Universidades e Investigación do Goberno Vasco.

2. No campo da imaxe gráfica é significativo que Sebastião Salgado, que consagrou os últimos seis anos do seu traballo ós éxodos de finais do século XX, editase dous libros: *Éxodes*, unha obra de conxunto, e *Les enfants de l'exode*, dedicado exclusivamente ós nenos, ambos en Editions de la Martinière, París, 2000.

3. Alonso Carballés, J. J. (1998): *1937, los niños vascos evacuados a Francia y Bélgica. Historia y memoria de un éxodo infantil, 1936-1940*, Bilbo, Ed. Asociación de Niños Evacuados el 37.

“paz” na guerra. Iso si, a poboación de Biscaia sofre a escaseza dalgúns alimentos básicos, os nenos deixan de asistir ás escolas ante o temor de que estas sexan bombardeadas e as esporádicas incursións dos avións lémbrenlle á poboación que a guerra non está lonxe, como se puxo de manifesto o 4 de xaneiro de 1937 cando a aviación franquista bombardeou Bilbo causando varias mortes. É a partir desta acción cando o Goberno Vasco toma en consideración a proposta da embaixada republicana de París para acoller en Francia os nenos que vivían próximos ás zonas do conflito. Unha semana despois, o Departamento de Asistencia Social do Goberno de Euskadi ofrecía ós pais vascos a posibilidade de inscribi-los nenos de entre 5 e 12 anos para unha próxima evacuación. Moitos pais –1.655 solicitudes entre o 9 e o 16 de xaneiro–, impresionados pola virulencia e a capacidade destructora deste bombardeo, decidiron daquela acollerse a esa posibilidade⁴.

O Goberno Vasco comeza inmediatamente os trámites para realizar esta iniciativa que conta cun grande atranco: o traslado a Francia debe facerse por mar, xa que o territorio vasco republicano atópase illado. Comezan entón



Os nenos integrantes da primeira expedición nas escalinatas do Concello de Bilbo, 20-III-1937

4. Archivo del Nacionalismo, Fundación Sabino Arana (AN, FSA), S. K. 191 C. Departamento de Asistencia Social do Goberno Vasco. Relación de peticións de evacuación.

conversacións con Ralph Stevenson, cónsul británico en Bilbo, encamiñadas a conseguir-lo apoio da armada británica. Tras dous meses de xestións e de preparativos, a principios de marzo tódolos cabos están atados. O Departamento de Asistencia Social selecciona un primeiro grupo non moi numeroso para que o seu traslado e instalación fose accesible. Este primeiro grupo –450 nenos de ámbolos sexos procedentes de Biscaia e Guipúscoa– partiu o 21 de marzo de 1937 desde o porto pesqueiro de Bermeo a bordo de dous destructores británicos, o Campbell e o Blanche, con destino á illa de Oléron, ó norte de Bordeus⁵. Alí foron instalados na colonia “La Maison Heureuse”, que pertencía á organización obreira *L’Enfance Coopérative*, ata que o 21 de abril de 1937, gracias ó *Comité d’Accueil aux Enfants d’Espagne*, algúns son acollidos por familias de París, e outros instalados en colonias en Limoges e en Bélxica.

Poucos días despois da saída desta primeira expedición, iníciase a ofensiva franquista sobre Biscaia co bombardeo de Durango, que arrasou boa parte da vila e provocou máis de 280 vítimas. Nas semanas seguintes numerosas localidades biscaíñas son bombardeadas pola Lexión Cóndor, provocando numerosos mortos e un gran temor na poboación. O dramático bombardeo de Gernika o 26 de abril de 1937 dá a voz de alarma definitiva sobre a capacidade de devastación da aviación alemana. A destrución da vila, executada cunha clara intención de aterroriza-la poboación⁶, foi contemplada pola poboación vasca como un importante avance na escalada de terror anunciada por Mola, que horas despois ameaza con arrasar Bilbo se a súa poboación non se rende. É neste contexto cando o lehendakari José Antonio de Aguirre realiza unha chamada de socorro ás democracias occidentais en favor dunha axuda inmediata á poboación civil.

Pregunto al mundo civilizado si puede permitirse el exterminio de un pueblo que ha tenido siempre como ejecutoria más apreciada la defensa de su libertad y de la secular democracia que Gernika, por su árbol milenario, ha simbolizado en los siglos. Quiero creer que las naciones acudirán en auxilio de más de trescientas mil mujeres y niños que vienen a refugiarse en Bilbao⁷.

5. Archivo Histórico Nacional, Sección Guerra Civil (AHN, SGC), Fondo Político-Social, Bilbo, atado 31/exp. 1.

6. Steer, G. (1963): *El árbol de Guernica*, Ed. Gudari; Southworth, H.R. (1977): *La destrucción de Guernica. Periodismo, diplomacia, propaganda e historia*, Barcelona, Ibérica de Ediciones y Publicaciones, p. 487-506.

7. AHN, SGC, Fondo Político-Social, Bilbo, atado 31/exp.

A organización das evacuacións

Foi neses dramáticos días de finais de abril cando o Goberno de Euskadi dá o pulo definitivo á organización da evacuación da poboación infantil a grande escala, co obxectivo de evita-lo que se prevía como unha catástrofe inminente.

Se para a primeira expedición se empregaron dous barcos de guerra ingleses, era evidente que para levar adiante unha evacuación que atendera un número crecente de solicitudes necesitábanse barcos de grande envergadura. O Goberno de Euskadi recorreu entón ó transatlántico “Habana”, amarrado no porto exterior de Bilbo e que fora requisado meses atrás para convertelo en barco hospital⁸. A esta embarcación sumáronse diversos buques mercantes que navegaban baixo bandeira republicana, británica e francesa e que lograran chegar ata Bilbo a pesar do suposto bloqueo da costa, e o iate “Goizeko-Izarra”⁹. A evacuación era libre para os anciáns, mulleres e nenos menores de quince anos que quixeran abandona-la cidade, independentemente da súa ideoloxía e da súa condición social¹⁰. Non obstante, para tomar parte nela os pais tiñan que inscribi-los seus fillos nas sedes dos partidos políticos e agrupacións sindicais encargados da súa tramitación no Departamento de Asistencia Social. Os pais podían elixi-lo destino dos seus fillos, xeralmente Francia, Inglaterra ou a URSS, aínda que nalgunhas solicitudes atopamos mencións como “ó estranxeiro” ou “a onde se poida”, que reflicten extraordinariamente a incerteza das familias vascas pola sorte dos seus fillos¹¹.

O apoio de Gran Bretaña e de Francia era imprescindible para sortea-la armada franquista, que se opuña frontalmente á evacuación. Inicialmente, ámbolos países amosáronse reticentes a colaborar pois os riscos eran evidentes e os custos económicos tamén. Non obstante, presionados por unha opi-

8. AHN, SGC, P. S., Santander, serie “A”, atado 228/exp. 4. Este fabuloso transatlántico, construído na Naval de Sestao para a Compañía Transatlántica nos anos 20, tiña unhas dimensións de 146,30 metros de eslora, 18,59 de manga e 6,3 metros de calado, e desde a súa botadura ata a guerra realizou numerosos traxectos transoceánicos con destino a Cuba, México e Nova York.

9. Trátase do antigo iate de recreo de sir Ramón de la Sota que o seu fillo puxera a disposición do goberno vasco.

10. Esta foi unha das condicións impostas por franceses e británicos para colaborar na evacuación de Bilbo. Archives du Ministère des Affaires Etrangères, serie Z. Europe. Espagne 1918-1940. Atado 188. Comunicación ó embaixador de Francia en Londres dos resultados da entrevista entre as autoridades francesas e o cónsul británico de Bilbo en St-Jean-de-Luz, 27-IV-1937.

11. AHN, SGC, Fondo Político Social, Santander, serie “O”, atado 95/exp. 3-5.



Recorte de prensa / Carné de identidade

nión pública indignada tralo bombardeo de Gernika ámbolos gobiernos consentiron en escolta-las expedicións de refuxiados civís por motivos humanitarios, pero condicionaron este apoio á presenza nelas de prisioneiros políticos, de “reféns” segundo as súas propias palabras, recludos nos cárceres de Bilbo desde as primeiras semanas da guerra. Finalmente, Francia comprometeuse a acoller de forma transitoria os refuxiados, e a armada británica, a “Royal Navy”, a escolta-las expedicións supervisadas polo cónsul Ralph Stevenson. Este apoio á evacuación provocou unha colérica reacción das autoridades franquistas, que consideraron esta acción como unha “inxerencia estranxeira intolerable” e mesmo ameazaron con afundi-los barcos que saíran do porto de Bilbo, pero nin sequera esta ameaza puido paraliza-lo proceso¹².

Inicialmente estaba previsto que os nenos estivesen fóra da casa algunhas semanas, como moito uns meses, ata que pasase o perigo. A pesar disto, o goberno de Euskadi concedeu unha enorme importancia á educación e ó coidado que os pequenos puidesen recibir durante a súa estadía no estran-

12. Alonso Carballés, J. J. (1992): “La prensa franquista de Guipúzcoa frente a las evacuaciones por mar de refugiados vascos, (mayo-junio 1937)”, en VV. AA., *I Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Barcelona, CONC-Universidad Autónoma de Barcelona; pp. 171-174.

xeiro e tódalas expedicións contaron con persoal pedagóxico, así como con numerosas auxiliares encargadas do seu coidado. É difícil chegar a coñece-lo número exacto destas persoas, destas “segundas nais”, aínda que parece claro que en Francia foron máis de cincocentas persoas e en Bélxica arredor de cen¹³.

A gran vaga: as evacuacións de maio-xuño de 1937

As expedicións masivas comezaron na primeira semana de maio de 1937, cando o país veciño tivo todo disposto para a acollida¹⁴. En numerosas ocasións insistíuse na falta de previsión das autoridades francesas ante a multitude humana que cruzou a fronteira nos primeiros meses de 1939, sen embargo estas si foron capaces de predici-la magnitude que podía te-lo proceso migratorio desde a costa cantábrica. A penas catro días despois do bombardeo de Gernika, o ministro do Interior francés enviou unha primeira circular ós prefectos dos departamentos costeiros da Gironde e da Charente na que se indicaba a posibilidade de recibir en breve un elevado continxente de varios miles de refuxiados procedentes de Bilbo¹⁵. Paralelamente, determinouse unha primeira serie de “departamentos de acollida” ós que debían ser conducidos os refuxiados cando chegasen, lista que foi ampliada en sucesivas ocasións ata abrangue-la meirande parte do territorio francés¹⁶.

A primeira expedición partiu o 6 de maio desde o porto de Santurtzi, Bilbo, con 2.273 nenos a bordo do “Habana” con destino ó porto de La Pallice. A esta primeira expedición seguíronlle outras moitas ata o 13 de xuño, unha semana antes da entrada dos rebeldes en Bilbo. Ese día tivo lugar a expedición máis numerosa, 4.500 nenos a bordo do “Habana”, con 2.900 destinados a Francia e uns 1.600 á URSS¹⁷.

13. AN, FSA, S. K. 12 C.12. Persoal auxiliar das colonias.

14. AHN, SGC, P.S., Santander, serie “A”, atado 217/exp. 8. Telegrama enviado pola Delegación do Goberno Vasco de Baiona á Secretaría Xeral de Presidencia do Goberno de Euskadi, 2 de maio de 1937: “Autoridades francesas organizar desembarco refugiados puerto Burdeos La Pallice donde disponen todo lo necesario conduciendo refugiados no deben llegar San Juan de Luz ni Bayona”.

15. Archives Départementales de la Charente-Maritime (ADCM), 30-IV-1937: “En prévision arrivée imminente voie maritime réfugiés espagnols de Bilbao, veuillez prévoir, dans plus bref délai, mesures utiles en vue être prêt à accueillir réfugiés. Débarquement sera effectué exclusivement Pauillac et La Rochelle. Effectif à prévoi plusieurs milliers”.

16. ADCM, 5 M 6 25. Instruction Générale sur l’ Hébergement des Réfugiés Espagnols.

17. Estes últimos fixeron un transbordo ó vapor francés Sontay, que os conduciu a Leningrado, a onde chegaron unha semana despois.

No seguinte cadro pódense comprobar de forma esquemática tódalas expedicións realizadas neste período e o número de nenos presentes en cada unha delas. O total de nenos evacuados entre maio e xuño de 1937 situouse arredor de vinte mil.

Nenos vascos evacuados nas expedicións infantís entre maio e xuño de 1937

Barco	Data saída	Porto chegada	N.º de nenos
Habana	6-5-1937	La Pallice	2.273
Goizeko Izarra	6-5-1937	Pauillac	163
Carimare, Margaux, Chateau-Palmer	9-5-1937	Pauillac	500
Habana	16-5-1937	Pauillac	2.185
Habana	21-5-1937	Southampton	3.861
Cabo Corona	22-5-1937	La Pallice	737
Habana	1-6-1937	La Pallice	2.318
Habana	6-6-1937	La Pallice	2.337
Goizeko-Izarra	10-6-1937	Baiona	139
Goizeko-Izarra	13-6-1937	Baiona	131
Habana	13-6-1937	Pauillac	4.500
Ploubazlanec	13-6-1937	Pauillac	300
Alice Marie	15-6-1937	La Pallice	150

A fase final: as evacuacións desde Santander e Asturias

O 19 de xuño Bilbo caía en mans do exército franquista. Nos días previos, unha parte da poboación e miles de refuxiados iniciara a fuxida cara ó oeste, en dirección ás comarcas das Encartaciones e Santander. O avance posterior da fronte nesa mesma dirección converteu a zona nun lugar perigoso e as familias alí refuxiadas víronse obrigadas a continua-la súa marcha cara a diante. Tratábase na súa maior parte de mulleres e nenos pequenos, ós que as nais non quixeron enviar sós ó estranxeiro e agora, ante o cariz que tomaban os acontecementos, fuxían con eles lonxe das operacións militares. Tamén había moitas nais soas, os seus fillos saíran desde o porto de Santurtzi e agora, co marido morto ou desaparecido, seguían os pasos dos seus pequenos, ás veces cunha intención clara de atopalos en Francia, aínda que na maior parte dos casos o facían sen un destino definido previamente. Mesmo en ocasións a evacuación ó estranxeiro era algo que moitas nais non contemplaban cando iniciaran a fuxida.

Nos meses de xullo e agosto o principal porto de evacuación foi Santander, pero o inicio da ofensiva franquista sobre esta cidade o día 14 de

agosto provocou o traslado das operacións de embarque ós portos asturianos de Ribadesella, Xixón e Avilés, ata a caída de Asturias a finais do mes de outubro. O número de nenos vascos evacuados nesta última fase foi superior a once mil.

En resumo, entre os meses de marzo e outubro de 1937 saíron cara ós diferentes países de Europa uns 32.000 nenos vascos. A Francia chegaron uns 22.800 e a Bélxica 3.278. En canto ó resto dos países, podemos sinalar que houbo 3.861 nenos en Gran Bretaña, 1.600 na URSS, uns 250 en Suíza e outros 100 máis en Dinamarca¹⁸.

Para ter unha idea precisa da importancia deste éxodo abonda con sinalar que a cifra final de 32.000 nenos supuña en termos globais a expatriación de case o 20% (19,64) da poboación infantil de entre 5 e 14 anos residente nas provincias de Biscaia e Guipúscoa, segundo o censo de 1930¹⁹.

¿Pensou algunha vez o Goberno Vasco que o éxodo alcanzaría estas proporcións? ¿Contaba cos medios suficientes para poder atender esta poboación infantil no estranxeiro?

Como xa indicamos, o obxectivo desta evacuación era evitarlles ós nenos os perigos da guerra, e prevíase un retorno rápido destes ó pasaren estes riscos. O avance e a toma do territorio vasco e do resto do norte republicano polas tropas franquistas supuxo un cambio brusco nos proxectos iniciais, e o que se prevía como unha fuxida dunhas semanas converteríase nun longo éxodo.

OS PRIMEIROS PASOS EN TERRA ETRAÑA

Desbordados polo número de refuxiados, o Goberno de Euskadi e o Goberno da República tiveron que renunciar ó seu obxectivo inicial de controla-lo destino destes pequenos, sendo as autoridades francesas e os comités de apoio os encargados da súa acollida inicial en Francia. Ó chegaren ós portos franceses, os nenos eran vacinados, censados e examinados co obxectivo de detectar doenzas contaxiosas como o sarampelo, a rubéola, a varicela ou a tuberculose. “Daba la sensación de atracar un barco infectado de tifus exantémico” sinalaban os médicos do vapor “Cabo Corona” ó referírense ó cordón sanitario instalado no porto o día da súa chegada²⁰. A pesar desta prevención

18. Alonso Carballés, J. J., 1998, op. cit.

19. *Censo de la población de España de 1930*, Madrid, Ministerio de Trabajo, Justicia y Sanidad, 1935.

20. AHN, SGC, P. S., Santander “C”, atado 21/exp. 12. Informe dos médicos do barco, os doutores Pedro Esteban García e Jesús Ugalde.

podemos afirmar que o estado de saúde dos nenos sorprende positivamente os responsables médicos, que esperaban unha poboación debilitada e enferma²¹.

Destes primeiros momentos na terra de asilo, os protagonistas lembran con enorme satisfacción a abundosa comida que recibiron no porto. As referencias ó leite, ós queixos e ó pan branco, desaparecidos da súa dieta desde había tanto tempo, son especialmente numerosas. Por outra banda, algúns relatos referidos a estes primeiros momentos amosan a obsesión polas carencias sufridas durante as semanas previas e revelan ben a mentalidade de supervivencia coa que os pequenos chegaron a Francia.

Llevábamos la psicosis de aquí de pasar un poco necesidad porque lógicamente en la época de la guerra había necesidades... Entonces me acuerdo que nos dieron de cenar y en la cena yo me quedé con unas barras de pan y cuando vinieron a recogerme al de dos días para marcharme de allí, porque me recogió un matrimonio, pues encontraron debajo de mi cama barras de pan que había guardado²².

Unha vez alimentados e superados os controis médicos, os nenos eran conducidos en tren ás colonias escolares na costa ou a localidades do interior designadas de antemán en Francia, ou cara a outros países de Europa como Bélxica, Suíza ou Dinamarca.

Nun primeiro momento os rapaces refuxiados eran entregados ás familias que demandaran previamente a súa adopción temporal. En moitos casos, solicitábanse nenas pequenas e orfos, petición difícil de atender cando o grupo máis numeroso estaba formado por menores con idades comprendidas entre os 8 e os 13 anos. Para evitar este problema as familias achegábanse con posterioridade ós locais municipais onde eran agrupados os nenos e solicitaban, nese momento, o pequeno ou a pequena que desexaban adoptar.

Moitos nenos, especialmente os maiores, lembran estes momentos como unha das experiencias máis tráxicas do seu éxodo ante a imposibilidade de

21. Archives départementales de la Loire Atlantique, 1 M. Carta do prefecto de la Loire-Inférieure ó ministro de Interior, 21-VIII-1937. Informe médico realizado tralo exame dos refuxiados chegados no vapor "Pilton" o 21 de xullo de 1937: "L'état sanitaire est assez satisfaisant. 32 malades, accompagnés de leurs familles ont été hospitalisés à St Nazaire; soit 6 atteints de rougeole, 2 de gale, 1 coqueluche, 2 de trachome, 12 sont en conjonctivites évolutives mais seulement 2 cas de trachome, soit 1, 2/1000. 759."

22. Jesús A. O. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 15-XII-1993. Idade en 1937: 6 anos.

defende-lo encargo paterno de manter xuntos os irmáns. Responsabilidade xurada nos momentos previos á saída no porto e fixada na memoria:

Cuando nos recuperamos nos levaron a Gante. En la sala “Vooruit”, el actual salón de actos, fuimos repartidos entre las distintas familias de adopción. Aquello tuvo consecuencias muy trascendentes, porque yo pensaba en lo que me había dicho mi padre en el muelle de Bilbao: “Permaneced siempre juntos!” Aún me duele recordar mi rebelión, los gritos que proferí cuando me separaron de mi hermano. Mis padres adoptivos no me entendían, y me ponía de morros y uñas, a veces literalmente. No quería comer, apenas beber... yo quería ver a mi hermano, saber dónde estaban mis padres. Nadie me daba una respuesta²³.

As autoridades procuraron que os irmáns fosen conducidos ó mesmo destino ou, no caso de non ser posible, a algunha localidade limítrofe para que puidesen manter unha relación habitual. En xeral foi así, pero houbo casos nos que se viron separados de forma irremisible.

A ACOLLIDA DOS NENOS EN FRANCIA

A organización da acollida de tan elevado número de nenos foi un arduo e complexo traballo no que tomaron parte numerosos organismos oficiais, organizacións políticas e sindicais e familias.

A solidariedade institucional

Desde moi cedo, o Goberno francés converteuse nun dos principais valedores dos refuxiados. Por unha banda, estableceu unha serie de axudas especiais para facer fronte á súa acollida temporal a través de retribucións que se situaban entre 7 e 8,50 francos por cada persoa maior de dous anos e arredor dos 5 francos por cada neno menor desa idade²⁴. Este diñeiro estaba xestionado por comités locais integrados polo alcalde, representantes de asociacións humanitarias, de organizacións obreiras, políticas e relixiosas, ademais de persoas con transcendencia social en cada comunidade. Gracias

23. Angel M. Idade en 1937: 8 anos. Testemuño escrito polo protagonista e recollido no libro de Labajos, E. e Vitoria, F. (1997): *Los niños españoles refugiados en Bélgica*, Valencia, Ed. Los niños de la guerra, p. 123.

24. Archives départementales de la Vendée, 4 M 356. Comunicación do Ministerio de Interior ó Comité de acollida de St-Gilles-sur-Vie (Vendée).



Nenos na porta da colonia infantil de Orthez (Basses-Pyrénées), 1937

a estes fondos, créanse numerosos centros de acollida por todo o territorio francés: Annecy, Auxerre, Cherbourg, Dinan, Domfront, Laval, Le Mans, Les Sables-d'Olonne, Rennes, Saint Briec, St-Etienne, St-Gilles-Croix-de-Vie, Tours, Valence, Vannes, Vesoul... Un dos máis importantes foi o establecido nos pavillóns da fábrica Michelin, en Clermont-Ferrand (Puy-de-Dôme), onde foron acollidos un total de 548 refuxiados vascos, dos cales 275 eran nenos.

As condicións e o equipamento destes refuxios eran en xeral aceptables, aínda que houbo grandes diferencias entre eles, algo normal se temos en conta que nuns casos empregáronse locais industriais abandonados, e noutros pazos con grandes xardíns. Non obstante, a súa existencia non foi moi duradeira. A finais de setembro de 1937, as autoridades francesas decidiron o seu desmantelamento. Os refuxiados, mulleres acompañadas dos seus fillos na súa maior parte, víronse entón obrigados a retornaren ben á España franquista, ben á España republicana²⁵. Nestas datas e como consecuencia

25. Archives départementales des Pyrénées-Atlantiques, 1 M 284. Carta do Ministerio do Interior ós prefectos, 27-IX-1937.

desta “expulsión” a presenza de nenos vascos en Francia reduciuse de 22.000 a 11.000²⁶.

Non obstante, as autoridades mantiveron as axudas destinadas ás colonias exclusivamente infantís.

O traballo do Goberno de Euskadi

O Goberno de Euskadi ademais de se-lo principal organizador do proceso de evacuación foi o responsable tutelar dos nenos vascos refuxiados no estranxeiro. Malia que viu superada a súa capacidade de control ante a envergadura do éxodo, isto non impediu que desenvolvese un sobranceiro labor de acollida. Traballo no que poden distinguirse dúas liñas de actuación, unha liderada polo Departamento de Cultura do nacionalista Jesús María de Leizaola, a outra polo Departamento de Asistencia Social do socialista Juan Gracia.

O primeiro centrou a súa acción na creación e no mantemento de colonias infantís vascas co obxectivo fundamental de prosegui-lo labor educativo e cultural desenvolvido na República coas escolas vascas, priorizando a recuperación do éuscaro e o fomento do folclore tradicional vasco coa formación de grupos de danza e coros. Debido a estes obxectivos a meirande parte das colonias foron instaladas en localidades do País Vasco Francés como Cagnotte, Itxassou, Ciboure, Cambo-les-Bains, Ustaritz, Armendaritz e Saint-Jean-Pied-de-Port. Nesta última localidade instalouse a colonia infantil vasca máis importante con 419 rapaces, 213 nenos e 206 nenas. Dúas terceiras partes deses menores eran católicos e existía tamén un elevado índice de vascofalantes. A colonia contou cunha trintena de profesores e profesoras que impartían clases en castelán e en éuscaro, dirixidas por Mikel Arruza, “Arrugain”, pedagogo e autor de dous manuais prácticos de lingua vasca. Ademais, establecéronse diversos niveis de educación, desde a ensinanza básica ata a formación profesional coa implantación dunha sección de obradoiros para os maiores de catorce anos. En todas estas colonias impulsouse a ensinanza relixiosa e as prácticas católicas como un dos piares fundamentais da educación infantil e da identidade vasca. Realizábanse varios oficios relixiosos ó longo do día e foron numerosos os nenos que fixeron no exilio a súa Primeira Comunión.

26. Archives départementales de Vaucluse, 4 M 211. Etats numériques, 1936-1937. Por non citar máis que un exemplo das repercusións desta medida, podemos sinalar que, no departamento de Vaucluse, dun total de 1.207 refuxiados –259 nenos– a mediados de agosto de 1937, pasouse a 52 refuxiados, a metade deles nenos.

Pola súa banda, o departamento de Asistencia Social, do que dependían colonias e residencias infantís como as de Orthez, Ghéthary, Arraute-Charritte, Saint Christau ou Dax, impulsou unha ensinanza vasca e laica que reflectía a tendencia socialista do Departamento e que excluía expresamente a ensinanza relixiosa nos horarios oficiais²⁷.

Ademais destas colonias as autoridades vascas estableceron unha importante rede de refuxios de adultos e nenos con centros en Chatenay-Malabry, Château-du-Loir, Enghien-les-Bains, Narbonne, Sète, Pezenas, Compans, Noyon e Montauban. A maior parte deles foi requisada en 1939 polas autoridades para a tropa e os refuxiados franceses.

En total, o Goberno Vasco acolleu baixo a súa responsabilidade máis de 1.000 nenos, cifra importante pero que supón a penas unha décima parte dos nenos vascos refuxiados en Francia. Non obstante, consciente desta limitación e da súa responsabilidade tutelar, o executivo vasco realizou un grande esforzo para coñecer en todo momento o paradiro e a situación en que se atopaba o resto dos nenos refuxiados. Con este obxectivo, creou un corpo de inspectores e colaboradores encargados de vixiar a súa situación e remitir informes de forma periódica ó Departamento de Asistencia Social²⁸. Gracias a esta iniciativa, e á colaboración das autoridades francesas e dos organismos de acollida, este Departamento puido intervir e corrixir aqueles casos nos que constatou unha deficiente atención ós pequenos.

O aspecto sanitario-asistencial dos refuxiados foi tamén obxecto de atención por parte do Goberno Vasco. En todas estas colonias o servizo médico estivo atendido por persoal de Departamento de Sanidade, e incluso no País Vasco Francés os exiliados puideron gozar de asistencia sanitaria a domicilio.

27. AN, FSA, S. K. 338 C.7. Resposta de Enrique Dueñas Zabala, secretario xeral de asistencia social do Goberno Vasco remitida ó Secretariado Social Católico de Bordeus o 25-IX-1937, trala súa oferta para albergar en Capreton a 500 nenos baixo a condición de que a ensinanza fose "vasca y católica": "el Departamento no puede aceptar condición alguna que afecte a los fundamentos de la Constitución y del Estatuto (...) El Gobierno de Euzkadi da enseñanza vasca, pero sin determinar la confesión de la enseñanza (...) El Gobierno ampara y cuida de los niños vascos, sin entrar en si son o no católicos ellos o sus padres. No cabe realizar arriendos, formar colonias, para separar unos niños de otros clasificándoles por confesiones. La enseñanza debe ser única, neutral. Para enseñarles en católico o en cualquier otra religión se les facilita un medio viable: el que a los niños que corresponda, y por la persona que se estime apta, les de enseñanza fuera de las horas señaladas en el régimen de instrucción oficial. Querer darla a todos por una sola confesión, es tanto como faltar al respeto que se debe a los demás. Nuestra determinación marca el respeto, la otra la intransigencia e intolerancia".

28. AN, FSA, S. K. 338 C.7. *Informe sobre a forma de desenvolverse o Departamento de Asistencia Social do Goberno Vasco e dificultades coas que tropeza.*

Creáronse diversos centros asistenciais para atender os feridos de guerra, entre os que destaca o Hospital da “Roseraie”, próximo a Biarritz, onde foron intervidos cirurxicamente algúns nenos.

En definitiva, malia que o Goberno Vasco realizou un importante traballo, este viuse mediatizado polo enorme número de nenos evacuados, o que limitou drasticamente os seus obxectivos iniciais.

O desexo da República

Tamén o Goberno da República española dedicou unha atención preferente á situación derivada da presenza dos nenos refuxiados no estranxeiro. Xa en 1936 enviara un delegado ó *Comité d'Accueil aux Enfants d'Espagne* para coordinar a chegada dalgúns nenos fuxidos de zonas próximas á fronte, aínda que non foi ata o mes de agosto de 1937 cando o Ministerio de Instrucción Pública creou a *Delegación Española para la Infancia Evacuada* (DEIE), baixo a dirección de Juan Comas. Este organismo tiña como obxectivo unificar os traballos de acollida dos nenos refuxiados e canalizar a axuda internacional en favor destes. A principal aspiración das autoridades republicanas foi centralizar a todos baixo a súa tutela directa en colonias colectivas. Esta utópica pretensión provocou tensións coas autoridades vascas e con outros organismos de acollida, xa que a DEIE chegaba cando a maior parte dos nenos vascos se atopaban xa instalados en colonias ou en familias francesas. Ademais, empeñouse nunha política nada realista tendente a privilexiala instalación dos nenos en familias españolas, cando o seu nivel de vida e de educación era en moitos casos inferior ó da maioría dos franceses. O obxectivo de reagrupar os nenos en colonias colectivas españolas para coordinar a formación e educación, como tantas outras metas da política republicana, viuse truncada pola escasa dispoñibilidade de medios económicos, como se puxo de manifesto inmediatamente²⁹.

29. Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores, atado 631/exp. 182. Telegrama de Juan Comas ó Ministerio de Instrucción Pública, 23-X-1937: “Situación Delegación por carencia absoluta fondos para sostenimiento personal docente y compromisos adquiridos oficialmente mantenimiento centenares niños en colonias es insostenible. Solicito instrucciones concretas para saldar atrasos y actuación porvenir evitando lamentablemente espectáculo falta de seriedad pago ante extranjero. Dignamente imposible continuar frente delegación sin llegada inmediata doscientos mil francos prometidos día quince y seguridad concesión crédito extraordinario cuatro millones hasta fin de año. Debe pensarse además efecto produciría vernos obligados repatriar Cataluña miles niños y problemas que su alimentación y educación crearía”.

En conxunto, o Goberno da República fixose cargo –en colaboración co *Comité Suédois pour l’Aide aux Enfants Espagnols*– duns 230 nenos vascos, instalados en colonias próximas a París como Bois Colombes, Colombes, Château-les-Halles, Chenay, Ivry, Garennes e Asnières. A mediados de 1937 tamén se responsabilizou do refuxio de Baiona, no que se atopaban acollidos 280 menores, polo que o número total de nenos vascos acollidos baixo tutela republicana foi superior ós cincocentos.

A solidariedade obreira

O labor institucional e gobernamental viuse complementado amplamente por numerosos grupos creados por iniciativa de organizacións obreiras e partidos políticos da esquerda francesa que foron de lonxe os máis activos na acollida dos nenos vascos. Entre todos eles hai que facer unha mención especial ó *Comité d’Accueil aux Enfants d’Espagne* (CAEE), creado en 1936 pola *Confédération Générale du Travail* (CGT), que agrupaba no seu seo a traballadores socialistas e comunistas. Os seus chamamentos solidarios publicados en *L’Humanité*, *Le Populaire* ou *Le Peuple* tiveron unha gran repercusión na mobilización dunha parte da sociedade francesa en favor dos nenos fuxidos da guerra de España. Este Comité mantivo de forma estable máis dunha trintena de colonias infantís que deron abeiro a máis de 1.000 nenos vascos³⁰.

O partido socialista francés, SFIO, creou tamén diversas colonias infantís, entre as que podemos salienta-la colonia de Sartrouville (Yvelines), que deu amparo a 60 nenos, e a colonia de Orly, nas proximidades de París, que acolleu outros 90³¹. Tamén houbo moitos sindicatos obreiros e grupos de traballadores que colaboraron a nivel local na acollida dos nenos vascos ben a través de doazóns ou subscricións, ben coa cesión das súas colonias de verán.

A solidariedade católica

A condición católica de moitos nenos vascos incentivou a solidariedade dalgúns grupos católicos que desde moi cedo se sentiron comprometidos coa súa traxedia. O principal grupo de acollida de carácter católico foi o *Comité*

30. Entre as colonias creadas por este Comité podemos destaca-la colonia “Mas-Éloi” de Limoges, que lle deu abeiro a 91 nenos, a de Agen (Lot-et-Garonne), que acolleu 133 nenos, e a de Chantilly (Oise), onde foron instalados outros 110 menores.

31. Na equipada colonia de Orly os nenos editaron un xornal mensual, *El ramillete*, que recollía debuxos, historias, poesías, textos pedagóxicos, experiencias da guerra e relatos da vida cotiá dos nenos das diferentes colonias de toda Francia.

National Catholique d'Accueil aux Basques (CNCAB), creado en 1937 por monseñor Clément Mathieu, bispo vasco de Aire e Dax. Este grupo, do que compartían a presidencia de honor o cardeal Verdier, bispo de París, e monseñor Feltin, arcebispo de Bordeus, organizou un importante centro de acollida en Cadaujac (Gironde), que lle deu abeiro a 425 refuxiados, dos que 115 eran nenos. Tamén colaborou na distribución de varios centos de nenos entre familias católicas.

A solidariedade internacional

É imprescindible lembrar que Holanda, Estados Unidos, Noruega ou Suecia se ofreceron tamén como posibles países de asilo; mesmo houbo unha expedición programada a este último país frustrada ante a imposibilidade de atopar a tempo un barco para a súa realización. Finalmente, os Países Escandinavos, os Países Baixos e outros países de Europa e do resto do mundo optaron por subvencionar a instalación en territorio galo de diversas colonias infantís. Este foi o caso do *Comité Suédois pour l'Aide aux Enfants Espagnols*, que, como xa sinalamos, constituíu varias colonias de forma conxunta co Goberno Republicano; o *Comité Holandés para o Asilo dos Nenos de España no Sur de Francia*, organizador da colonia infantil "L'Amelie", en Soulac-sur-Mer (Gironde), que acolleu 31 nenos; o *Foster Parent's Committee for Spanish Children*, organismo inglés que estableceu unha importante rede de colonias infantís no departamento de Basses-Pyrénées en 1939; ou a *Commission Internationale d'Aide aux Enfants Espagnols Réfugiés*, organización de cuáqueros norteamericanos que creou a "Pax Colony", en Andernans-les-Bains (Gironde), que acolleu 32 nenos ata ben entrado o mes de maio de 1940.

Ademais, hai que mencionar un importante número de organismos de diferentes nacionalidades e supranacionais que colaboraron nesta acollida coa contribución de apoio propagandístico, fondos materiais, comida, roupa, xoguete...³².

Se ata o de agora puxemos de relevo o labor desenvolvido por todos estes organismos, hai que falar tamén da solidariedade de miles de familias que se fixeron cargo da adopción temporal destes nenos.

32. Sen ánimo de ser exhaustivos podemos salientar organismos como a Office International pour l'Enfance (OIE), a Comisión d'aide aux enfants espagnols réfugiés en France (CAEERF), a Ligue Internationale des amis des Basques (LIAB), o Comité International de Coordination et d'Information pour l'Aide à l'Espagne Republicaine (CICIAER) ou a Cruz Vermella.

A solidariedade familiar

Un censo do Goberno Vasco, datado en decembro de 1937, situaba en arredor de sete mil o número de nenos vascos albergados por familias adoptivas en Francia, o que supuña máis de dous tercios do total dos menores refuxiados nesas datas neste país³³. É necesario insistir neste labor maioritariamente altruísta de miles de familias francesas, españolas e doutras nacionalidades que, comprometidas en favor da causa republicana, ou estimuladas pola condición católica dos nenos vascos, demostraron unha forte solidariedade.

Xa no mes de marzo de 1937 se fixera un primeiro chamamento nos xornais da esquerda francesa –*Aidez-nous à sauver les enfants espagnols*–, onde podía lerse:

Sauver les enfants. Unissons nous pour sauver ces gosses. Catholiques, penseur libres, communistes, socialistes ou républicains, hommes de coueur, qui vous soyez, unissons-nous pour sauver ces gosses!³⁴.

Un mes máis tarde, o 4 de abril de 1937, o *Comité d'Accueil aux Enfants d'Espagne* (CAEE) organizou unha “Journée Nationale por l’Enfance Espagnole”, destinada a recadar fondos e a informa-la poboación sobre a situación da infancia española e as posibilidades de colaboración. Inicialmente, propúñase o apadriñamento dos nenos instalados nas colonias a razón de dez francos por día. A adopción familiar non se formulou ata a chegada de máis de dous mil nenos vascos na primeira semana de maio. Esta chegada viuse acompañada pola difusión na prensa de esquerdas de numerosos artigos onde se animaba á solidariedade obreira e se explicaba o proceso que cumpría seguir para solicita-la adopción destes pequenos refuxiados³⁵. Para a recepción das peticións o CAEE creou numerosos comités locais encargados de considera-la idoneidade ou non das familias aspirantes en función da casa, dos medios dispoñibles e da súa conducta social. Estas solicitudes eran remitidas posteriormente ó comité central en París, que era o responsa-

33. AN, FSA, S. K. 338 C.7. Informe sobre o traballo realizado polo Departamento de Asistencia Social do Goberno Vasco, decembro, 1937.

34. *La Défense*, 19-III-1937.

35. Para o 7 de maio, Wanda Landy, secretaria xeral dos Comités femininos da rexión de París, publicou un artigo en *La Defense* baixo o título “Au secours des enfants basques!”. Dous días máis tarde apareceu publicado na portada de *Le Peuple* un texto escrito por George Buisson, secretario da CGT, baixo o expresivo título: “Qui veut accueillir un enfant de Bilbao?”.

ble da distribución final. Os nenos vascos foron os primeiros beneficiarios da solidariedade das familias francesas, que trataron de aliviar no posible as desgracias destas vítimas da “obra” do fascismo en España.

As familias católicas tamén colaboraron nesta acollida. O primeiro chamamento importante na prensa católica en favor dos vascos apareceu en *L'Aube*, o 8 de maio, no artigo titulado “Pour le peuple basque”, asinado por numerosos políticos e intelectuais católicos franceses, encabezados por Francois Mauriac. *L'Aube* converteuse a partir de entón nunha plataforma de difusión que incidía constantemente no carácter católico dos nenos vascos que chegaban a Francia e na necesidade da solidariedade das familias católicas. A acollida por parte destas familias foi importante, principalmente na zona do sudoeste, aínda que non comparable ó traballo realizado por familias defensoras de posicións políticas e sociais de carácter progresista vinculadas á defensa do réxime republicano español.

Tamén houbo unha gran solidariedade entre as familias de emigrantes españois ou de descendentes de emigrantes españois establecidos en Francia, fundamentalmente no Languedoc-Roussillon. Estimulados polos grupos de esquerda e polas consignas das autoridades consulares, as familias españolas adoptaron varios centos de nenos³⁶.

Como conclusión podemos afirmar que os nenos foron repartidos por todo o territorio francés, sendo as zonas máis implicadas nesta acollida os departamentos atlánticos máis achegados a Euskadi (Pyrénées Atlantiques, Landes e Gironde), ademais de Indre-et-Loire e a rexión de París. Só nos departamentos lindeiros, especialmente nos máis próximos a Alemaña e Italia, a súa presenza foi moi reducida polo temor das autoridades francesas a que se puidese xerar algún conflito fronteirizo.

O final da Guerra Civil en abril de 1939 e, fundamentalmente, o inicio da guerra europea en setembro dese mesmo ano, provocaron o retorno masivo dos nenos polo temor das familias adoptivas e dos comités de acollida a que os pequenos se visen de novo implicados noutro conflito. Só nese ano regresaron máis de 7.000 nenos. O retorno continuou ó longo dos anos seguintes, aínda que sabemos que máis de 1.000 destes pequenos refuxiados en Francia non regresaron nunca ó País Vasco. A maior parte deles permaneceu en Francia, mentres que un reducido grupo marchou ó outro lado do Atlántico xunto ós seus pais.

36. Archives départementales du Gard, 4 M 668. Registre des Enfants en provenance de Bilbao, 1937.

A ACOLLIDA DOS NENOS EN BÉLXICA

Do mesmo xeito que en Francia, en Bélxica foron os comités de acollida e, fundamentalmente, as familias belgas as que soportaron o custo da presenza dos nenos. A súa acollida implicou a organizacións políticas, sociais e relixiosas e a un amplo sector da poboación belga, desde familias socialistas e comunistas ata familias profundamente católicas. Por suposto, a chamada de solidariedade foi atendida tanto por valóns como por flamencos.

Nesta acollida destacou o Partido Socialista Belga (POB-BWP), que xa a finais de 1936 creara o *Comité National pour l' Hébergement des Enfants Espagnols en Belgique* (CNHEEB). Gracias ás súas xestións, o 22 de abril de 1937 chegou a Bélxica o primeiro grupo de douscentos nenos vascos. Estes pequenos foron destinados á colonia “Emile Vandervelde”, na localidade costeira de Oostduinkerke, onde permaneceron tres semanas nas que os nenos recibiron unha atención esmerada e unha coidada alimentación antes de seren distribuídos entre as familias de Liexa, Gante e Bruxelas. Nas semanas seguintes chegarían novos grupos de nenos procedentes das saturadas colonias francesas que, como no caso anterior, foron trasladados primeiramente a colonias na costa e distribuídos posteriormente entre as familias belgas. Entre os meses de abril e xullo de 1937 esta organización fíxose cargo duns 1.000 nenos vascos³⁷.

Como reacción a esta solidariedade socialista o cardeal arcebispo de Malinas, monseñor Van Roey, realizou o 26 de maio de 1937 un chamamento público a favor da acollida de nenos vascos por parte dos católicos. Un mes despois creouse a organización *Baskisch Kinderwerk-L'Oeuvre des Enfants Basques*, que aglutinou a solidariedade das familias católicas e de diversas ordes e institucións relixiosas que se ocuparon da acollida de 1.300 nenos vascos³⁸.

O Goberno de Euskadi, malia que centrou os seus esforzos en Francia, tamén estableceu un refuxio en Bélxica, concretamente no castelo de Fourneau, na provincia de Liexa, onde foron acollidos 120 refuxiados, nenos, mulleres e anciáns. O *Socorro Rojo Internacional* (SRI), de ideoloxía comunista, acolleu e distribuíu entre familias achegadas ós seus ideais políticos un total de 329 nenos. Pola súa banda, a *Cruz Vermella de Bélxica* distribuíu en 1937 un total de 193 nenos vascos, sen ter en conta a súa confesión relixiosa ou a filiación política dos seus pais, entre familias belgas de calquera clase

37. Archives de l'Institut Emile Vandervelde, Bruxelas. Documentación do CNHEEB.

38. Archives de l'Archêveché de Malines, L'Oeuvre des enfants basques, atado 2.



Nenos na estación de Mons, xuño 1937

e condición. Por último, o *Grupo Español para la Defensa de la República* fíxose cargo de 312 menores³⁹.

En conxunto, o número de nenos vascos refuxiados en Bélxica ó longo de 1937 situouse arredor dos 3.300, dos que máis de 3.000 foron adoptados por familias. Este dato evidencia en por si só un compromiso humanitario difícil de ver nos nosos días cando xorden conflitos armados que orixinan centos de miles de refuxiados, aínda que hoxe téndese a unha asistencia ós refuxiados en zonas próximas ó conflito.

O estalido da guerra europea provocou o retorno masivo destes nenos ante a especial sensibilización das familias belgas que sufriran a invasión alemana durante a I Guerra Mundial. En Bélxica soamente permanecerían uns 200 nenos por causas como a orfandade, a ausencia de reclamación dos seus pais ou por acordo mutuo entre ámbalas familias. Nestes casos, e segundo os exemplos que atopamos na nosa investigación, tratábase de familias nas que o pai, a nai, ou ás veces ámbolos dous, se atopaban desterrados ou detidos nos cárceres ou campos de concentración franquistas e non podían facerse cargo dos seus fillos⁴⁰.

39. AN, FSA, S. K. 338 C.7. Informe realizado polo doutor Samperio con motivo da súa visita de inspección a Bélxica o 18 de novembro de 1937.

40. Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores, R., atado 1260/exp. 47.

A VIDA NO EXILIO: FAMILIA, ESCOLA E INTEGRACIÓN

O aspecto que mellor caracteriza a vida dos nenos vascos refuxiados en Francia e Bélxica foi, sen dúbida, o seu alto grao de integración. A isto contribuíu o feito de que a maior parte dos nenos refuxiados foron acollidos por familias, mentres que os nenos vascos acollidos na Gran Bretaña e na URSS permaneceron en internados e en colonias infantís. Insistimos en que foron miles as familias francesas e belgas que acolleron nas súas casas a un, dous ou máis nenos. A maioría destas familias adoptivas exerceron unha tutela responsable, segundo se desprende dos relatos dos nenos. Conscientes da súa responsabilidade temporal foron elas precisamente as que máis insistiron en que estes mantivesen unha correspondencia periódica cos seus verdadeiros pais, así como relacións fluídas cos irmáns e co resto dos exiliados. Houbo, sen dúbida, tamén, familias que buscaban a satisfacción persoal de enche-lo baleiro duns fillos que nunca tiveron ou que perderan⁴¹. No corpus das fontes orais existen numerosos testemuños do que poderíamos definir como un exceso de protección e de celo sobre o pequeno adoptado. Geraldine Berger, unha autora belga, ó referirse na súa obra a esta situación de *hyperprotection*, constata o feito de que algunhas familias trataron de desvincularlos nenos do seu mundo de orixe, o que en ocasións provocou o rexeitamento dos de maior idade⁴². Non obstante, estas nubes non deben impedirnos ve-lo ceo: a solidariedade humana impulsou á maior parte destas familias a dar abeiro nos seus fogares a estes pequenos refuxiados sen ningunha outra pretensión que a do seu auxilio. Entre todas elas merece unha mención especial a familia Eeckman, comunistas belgas que, ós seis fillos seus sumaron oito pequenos máis chegados a Bélxica en 1937⁴³.

Outro elemento que caracterizou a presenza destes nenos en ámbolos países foi o seu maioritario ingreso na escola oficial. Tras un período de aclimatación e de aprendizaxe da lingua moitos nenos chegaron a ocupar os primeiros postos das clases, o que denota ata que punto foron capaces de aprender o idio-

41. Segundo as respostas consignadas en máis de 100 cuestionarios respondidos polos protagonistas, alomenos un 42% das familias de acollida en Francia estaban compostas por matrimonios sen fillos. En Bélxica esta situación chegaba ó 43%.

42. A historia relatada por Castresana na súa obra: *El otro árbol de Guernica* encádrase plenamente dentro deste fenómeno. Berger, G. (1990-1991): *Les enfants de la Guerre Civile espagnole. (Chronique du périple des enfants Espagnols réfugiés en Belgique)*, (Travail de fin d'études), École d'Interprètes Internationaux, Université de Mons.

43. Labajos, E. e Vitoria, F. (1994): *Los niños. Histoire d'enfants de la Guerre Civile espagnole exilés en Belgique*, Bruxelas, Ed. Vie Ouvrière; pp. 63-65.

ma e de progresar nun ambiente e nunha realidade que meses atrás lles era completamente allea. Inmersos neste mundo familiar e escolar as relacións entre os nenos vascos refuxiados víronse moi limitadas. Malia os esforzos do goberno de Euskadi e do goberno republicano por remediar esta situación o certo é que a maior parte deles, especialmente os de menor idade, acabaron integrándose plenamente. O doutor Samperio, inspector de refuxiados do Goberno Vasco, amosábase así de preocupado nun informe referido á instrución e ó ambiente no que se desenvolvía a estadía dos nenos en Bélxica.

Los niños van a la escuela y aprenden el francés o el flamenco, pero olvidan el español. Carecen de la necesaria escuela en lengua castellana y la mayoría está a falta de contacto con todo aquello que les pueda recordar su nacionalidad⁴⁴.

A presenza destes nenos no estranxeiro permitiulles coñecer outras realidades, outras culturas e outros costumes. Ademais dunha experiencia dramática o exilio supuxo, en moitos casos, unha experiencia enriquecedora. Unha etapa marcada polo descubrimento e a práctica de novos xogos e deportes descoñecidos coma o rugby, o baloncesto, o tenis, a patinaxe sobre xeo, sen esquece-la tan desexada bicicleta, que pasou de ser un luxo inaccesible aquí a un xoguete habitual alí. E tamén a existencia de alimentos ós que estaban pouco afeitos como a carne de cabalo, as marmeladas, os queixos... E é tamén necesario sinala-la sorpresa, en fin, ante toda unha serie de avances técnicos –as escaleiras mecánicas dos grandes almacéns, por exemplo– e dos hábitos sociais que deixaron un forte sinal nestes nenos.

El trabajaba en las vías del tranvía... reparando las vías del tranvía, en eso trabajaban. Y vivían! Tenían un alto nivel de vida, tres días a la semana salíamos de cafeterías y él llegaba el domingo, se vestía bien con su sombrero, su traje, a diario el reloj de cadena, pero corriente, y los domingos el de oro, con su cadena de oro, se ponía su sello, que aquí no estabas acostumbrada. En nuestra posición, con radio, que aquí en aquellos tiempos radio sólo tenían los ricos, en casa éramos siete hermanos y no había radio. Era otro nivel de vida, muy superior a la nuestra, muy superior en todas las casas... Yo hice una vida que aquí en España no se conocía en aquellos tiempos, porque las mujeres de ir a las cafeterías nada, y allí los matrimonios iban a las cafeterías y a mí me llevaban...⁴⁵.

44. AN, FSA, S. K. 338 C.7. Informe realizado polo doutor Samperio con motivo da súa visita de inspección a Bélxica o 18 de novembro de 1937.

45. Isabel B. S. J. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 30-IX-1993. Idade en 1937: 12 anos.

Polo contrario, os nenos acollidos nas colonias do Goberno de Euskadi mantiveron a súa identidade ó desenvolverse o seu exilio dentro dunhas colonias practicamente pechadas, con escasas conexións co exterior e cun forte mantemento de elementos que lembraban a súa orixe, como o idioma, a cultura ou a alimentación.

Lo positivo fue que a pesar de estar fuera seguimos viviendo dentro de nuestro ambiente, porque el ambiente nuestro era el mismo que el de aquí. Lo único que estábamos en el exilio. Como la gente era vasco-francesa, porque claro la parte donde estábamos nosotros era la Benabarra, no encontrábamos pegas, además eras recibido por todos los sitios muy bien⁴⁶.

Diferentes visións dun mesmo éxodo que reflicten a diversidade de experiencias vividas ata que unha nova guerra provocou o retorno á casa da maior parte destes pequenos refuxiados.

O RETORNO: ¿O FINAL DO ÉXODO?

O retorno á casa supuxo para a maior parte dos nenos unha ruptura tan grande ou mesmo maior que a que provocou a súa evacuación en 1937. Alomenos así o reflicten os seus testemuños. “Do ceo ó inferno” é a expresión literal dalgúns dos protagonistas para referírense á primeira impresión que tiveron ó seu regreso a España a finais de 1939⁴⁷. Abandona-lo exilio supuxo deixar atrás unha vida cómoda, feliz en moitos casos, para regresar a un mundo que moitos a penas recordaban e a unha realidade que era para eles unha incógnita.

¿Volver? Yo no quería volver. En el sentido de que yo me encontraba bien y tampoco sabía que iba a encontrarme aquí, me había hecho a aquella vida y venir suponía un desgarró para mí. Ellos [a familia adoptiva] también estaban mal porque querían lo mejor para mí y haberme quedado allí con ellos. Aunque luego pasó lo que pasó⁴⁸.

46. Juan Mari M. C. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 15-XI-1993. Idade en 1937: 10 anos.

47. Alonso Carballés, J. J.: “Du ciel à l’enfer. Histoire et memoire du retour en Espagne des enfants basques réfugiés en France et Belgique, 1939-1942”, en Duroux, R. e Montadon, A. (comp.), *L’Emigration: Le Retour*, Clemon-Ferrand, CRLMC-Université Blaise-Pascal, 1999; pp. 571-578.

48. Víctor F. J. Entrevista realizada en Llodio (Araba). Data: 3-II-1994. Idade en 1937: 9 anos.

As lembranzas da súa chegada a Euskadi aluden a unha paisaxe esnaquizada polas bombas e polo lume, restos dunha guerra perdida que aínda eran evidentes en moitos recantos. A presenza na rúa de novos símbolos, novas cores e novos cantos foron os primeiros síntomas dunha nova realidade dominada pola imposición e o adoutramento. A visión do retorno como algo negativo, tráxico, desolador, non se debe exclusivamente ó brusco choque inicial, senón tamén ás enormes dificultades que atoparon os nenos na súa integración na sociedade franquista da posguerra. A dureza das condicións de vida, pola fame, a escaseza e a penuria xeneralizada, o amoreamento nas casas, a ausencia de pais desaparecidos, encarcerados ou recluídos nos campos de concentración, a escola do nacionalcatolicismo e o encadramento obrigatorio en organizacións xuvenís de forte inspiración militar, completaban un panorama desolador para uns nenos que durante dous anos viviran en plena liberdade. Os relatos do retorno aparecen cheos de expresións de gran dureza como *trauma*, *traxedia*, *sufrimento*, *deprimente*, *deplorable*, *baleiro*... que en ningún caso utilizan para referirse ó exilio.

La posguerra fue muy dura en todos los aspectos, en la alimentación, en la represión, en lo político, en lo religioso. Fue terrible, no te dejaban ni respirar. Simplemente por ser un aprendiz de tornero yo tenía que ir todas las semanas a un cuartel de la Falange y allí nos hacían desfilar, hacer los saludos. Sabían ellos que era lo que más odiábamos todos, pero si no ibas al Frente de Juventudes te descontaban dinero del sueldo y te castigaba la empresa⁴⁹.

Finalmente o retorno supuxo un brusco abandono da nenez e da pubertade, a iniciación na “busca da vida” ó implicarse na obtención de recursos necesarios para a supervivencia. Por todo isto, o período da posguerra é lembrado como un salto prematuro á madurez, en contraposición ó exilio, que aparece na memoria caracterizado pola recuperación da nenez trala experiencia da guerra. Na meirande parte dos testemuños existe unha percepción do retorno como un salto ó baleiro. A seguinte reflexión dun protagonista recolle de xeito maxistral a memoria tráxica e o sentimento colectivo deste retorno:

De repente me vi de un mundo a otro mundo. Yo sabía que era el mundo que me pertenecía, pero era un mundo ajeno⁵⁰.

49. Antonio M. B. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 27-I-1993. Idade en 1937: 9 anos.

50. Valentín M. H. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 18-XI-1993. Idade en 1937: 9 anos.

Non obstante, non tódolos nenos regresaron. É importante sinalar que esta experiencia infantil provocou a existencia de dous grupos diferentes: o exilio repatriado e o exilio persistente, formado polas persoas que permaneceron nos países de asilo. Os primeiros a súa fuxida serviulles para coñecer unha realidade e adquirir uns coñecementos moi enriquecedores que lles permitiron o acceso a unha visión do mundo afastada das posibilidades que naquela época tiñan os nenos para coñecer outras culturas e outras formas de vida, aspectos que hoxe son moi valorados polos seus protagonistas.

Yo creo que todos los que hemos estado tenemos un algo, un algo especial distinto al que no ha salido al extranjero en aquella época. Sí, sí, yo soy bastante observador sobre eso y lo noto, en las personas de nuestra edad claro. No sé si nos quedó un poco esa educación que aquí no había, esa forma de ver la vida distinta. Sí se nota sí⁵¹.

Polo contrario, para a maior parte dos nenos que non regresaron e que permaneceron nos seus países de acollida, o exilio supuxo un profundo corte nas súas vidas, un salto que nalgúns casos provocou conflitos persoais, en ocasións problemas de identidade derivados das perdas provocadas pola guerra e o exilio, perdas que sesenta anos despois son evidentes aínda que difíciles de concretar.

La separación de mis padres me ha causado muchas angustias y tengo secuelas de todo lo padecido, y a pesar de encontrarme bien en Francia, con mi marido y con mis hijos, hay algo que nos falta. Somos emigrados y nos ha faltado "algo"⁵².

Para uns e para outros, a vivencia do exilio aparece hoxe como o verdadeiro acontecemento fundador dunha identidade propia. Aínda que transcorreron máis de sesenta anos desde 1937, esta experiencia segue a ter unha grande importancia nas súas vidas, como o testemuña a existencia de asociacións que agrupan hoxe en día a moitos dos superviventes co obxectivo fundamental de manter viva a memoria deste episodio⁵³. Neste pasado que non pasa, ten igualmente unha grande importancia a persistencia endémica

51. Marcelino P. S. Entrevista realizada en Bilbo. Data: 1-II-1994. Idade en 1937: 12 anos.

52. Testemuño escrito de Dolores R. F. 1-IV-1996. Idade en 1937: 5 anos.

53. Alonso Carballés, J. J. (1998): "La construcción de una memoria colectiva del exilio infantil vasco", *Ayer*, 32, pp. 163-193.

de conflitos bélicos en todo o mundo e especialmente os casos máis próximos e recentes de Iugoslavia, Chechenia ou Kosovo. Entre 1993 e 1994, cando nos atopabamos realizando as entrevistas para a realización da nosa tese, moitos protagonistas deste éxodo de 1937 confesaban que para eles era moi difícil permanecer impasibles ante as imaxes constantemente emitidas pola televisión da guerra nos Balcáns. A visión das macabras accións dos francotiradores, os bombardeos da poboación civil, as colas para conseguir comida e as penalidades permanentes dunha poboación sen auxilio, foi un brutal activador da súa memoria. Durante as entrevistas, e sobre todo unha vez que apagabámo-la gravadora, os protagonistas confesábons que volveran rememora-la súa propia experiencia desde os salóns da súa casa, fronte a un televisor que durante varios meses non deixou de emitir imaxes do bloqueo de Saraievo polas milicias serbias. Algunhas persoas máis sensibilizadas, ás veces traumatizadas, pola súa experiencia persoal, non eran capaces de soporta-la visión de miles e miles de refuxiados no centro da vella Europa sen estremecerse polos recordos da experiencia persoal durante a Guerra Civil española.

Me resulta muy triste comprobar que desde entonces no ha cesado de haber guerras y que todavía hoy niños e inocentes sufren lo que nosotros sufrimos, y más...⁵⁴.

Ás portas dun novo milenio cada conflito, cada guerra impide que a ferida se peche e pon en evidencia a persistencia dunha trágica realidade: a fragilidade da nenez fronte á guerra.

54. María Ascensión E. C. Testemuño escrito pola protagonista e recollido no libro: *Los niños. Histoire d'enfants de la Guerre Civil espagnole exilés en Belgique*, op. cit.; p. 69.

- Cuarta expedición infantil do vapor "Habana" levada a cabo o 6 de xuño de 1937.
- Distribución dos nenos refuxiados en Francia.



LENDA
4ª expedición "Habana", 6 de xuño

O éxodo infantil...


- Última expedición infantil do vapor "Habana", 13 de xuño de 1937.
- Expedición levada a cabo polo "Alice-Marie" o 16 de xuño de 1937.
- Distribución dos nenos refuxiados en Francia.



LEENDA

Última expedición "Habana", 13 de xuño —————
"Alice Marie", 16 de xuño - - - - -

- Principais expedicións de refuxiados vascos levadas a cabo desde Santander en xullo de 1937.





LENDIA

"Kellwyn", 3 de xullo

"Perros Guirec", 5 de xullo

"Sarastone", 6 de xullo



Resumo

O ÉXODO INFANTIL NA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA. O CASO DOS NENOS VASCOS EXPATRIADOS EN FRANCIA E BÉLXICA

Jesús Javier Alonso Carballés

Os nenos son sempre as vítimas inocentes de tódalas guerras. Actores “menores” dunhas situacións que non comprenden, rara vez son considerados como verdadeiros protagonistas dos acontecementos históricos dos que participan. O obxectivo deste artigo é precisamente a aproximación ó éxodo a Francia e Bélxica de 26.000 nenos vascos en 1937, como consecuencia dos bombardeos do País Vasco por avións alemáns da “Lexión Cóndor”.

O traballo ocúpase do proceso de organización das evacuacións por parte do Goberno Vasco, e analiza as diferentes institucións e organismos implicados na acollida destes nenos en ámbolos dous países, destacando a gran solidariedade despertada entre as familias que adoptaron de forma temporal unha parte importante destes nenos. O artigo, que inclúe diversos relatos dos propios protagonistas, péchase cuns breves apuntamentos arredor do que supuxo para estes nenos o retorno á súa casa en 1939 e sobre a importancia desta experiencia infantil na súa vida posterior.

Palabras clave:

Nenos vascos, éxodo, Bélxica, Francia, País Vasco, Guerra Civil.

Resumen

EL ÉXODO INFANTIL EN LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA. EL CASO DE LOS NIÑOS VASCOS EXPATRIADOS A FRANCIA Y BÉLGICA

Jesús Javier Alonso Carballés

Los niños son siempre las víctimas inocentes de todas las guerras. Actores “menores” de unas situaciones que no comprenden, rara vez son considerados como verdaderos protagonistas de los acontecimientos históricos en los que toman parte. El objetivo de este artículo es precisamente una aproximación al éxodo a Francia y Bélgica de 26.000 niños vascos en 1937, como consecuencia de los bombardeos del País Vasco por los aviones alemanes de la “Legión Cóndor”.

El trabajo se ocupa del proceso de organización de las evacuaciones por parte del Gobierno Vasco, y analiza las diferentes instituciones y organismos implicados en la acogida de estos niños en ambos países, destacando la gran solidaridad despertada entre las familias que adoptaron de forma temporal a una parte importante de estos niños. El artículo, que incluye diversos relatos de los propios protagonistas, se cierra con unos breves apuntes sobre lo que supuso para estos niños el retorno a su casa en 1939 y sobre la importancia de esta experiencia infantil en su vida posterior.

Palabras clave:

Niños vascos, éxodo, Bélgica, Francia, País Vasco, Guerra Civil.

Résumé

L'EXODE DES ENFANTS PENDANT LA GUERRE CIVILE ESPAGNOLE. LE CAS DES ENFANTS BASQUES EXPATRIÉS EN FRANCE ET EN BELGIQUE

Jesús Javier Alonso Carballés

Les enfants sont toujours les victimes innocentes de toutes les guerres. Acteurs “secondaires” de situations qu'ils ne comprennent pas, ils sont rarement considérés comme les vrais protagonistes

des événements historiques qu'ils vivent. Cet article a précisément pour objectif d'aborder le thème de l'exode en France et en Belgique de 26.000 enfants basques en 1937 à la suite des bombardements du Pays Basque par les avions allemands de la "Légion Condor".

Le texte traite du processus d'organisation des évacuations par le Gouvernement Basque et fait l'analyse des différentes institutions et des différents organismes qui ont permis l'accueil de ces enfants dans ces deux pays, soulignant par ailleurs l'élan de solidarité considérable dont ont fait part les familles qui ont adopté temporairement un grand nombre de ces enfants. L'article, qui comprend différents témoignages de ces protagonistes, s'achève par quelques notes sur ce que le fait de revenir chez eux en 1939 a représenté pour ces enfants et sur l'importance que cette expérience de leur enfance a eue dans leur vie.

Mots-clefs:

Enfants basques, exode, Belgique, France, Pays Basque, Guerre Civile.

Summary

**THE EXODUS OF CHILDREN IN THE SPANISH CIVIL WAR.
THE CASE OF THE BASQUE CHILDREN WHO WENT INTO
EXILE IN FRANCE AND BELGIUM**

Jesús Javier Alonso Carballés

Children are always innocent victims in any war. Playing a role in situations they do not understand, they are rarely considered as the real protagonists in any historical event in which they take part. The aim of this article is to present the exodus of 26.000 children from The Basque Country to France and Belgium in 1937 as a consequence of the German squad "Condor Legion" bombing all over The Basque Country.

This article focuses on how this evacuation was organised by the Basque Government, analysing the different institutions and organisations involved in giving refuge to these children in both countries. It highlights the great solidarity offered by the many families who temporarily sheltered a significant percentage of these children. The article, which also includes several episodes related by some of these children, concludes with brief notes about what the return to their homeland in 1939 meant to these children and how important this childhood experience was in later life.

Key words:

Basque children, exodus, Belgium, France, The Basque Country, Civil War.

Currículo

JESÚS JAVIER ALONSO CARBALLÉS. Doutor en historia pola Universidade de Salamanca, é autor de diversos traballos sobre a Guerra Civil española e o exilio infantil entre os que destaca o libro *1937 los niños vascos evacuados a Francia y Bélgica. Historia y memoria de un éxodo infantil*. Investigador invitado na École des Hautes Études en Sciences Sociales de Paris, nestes momentos realiza unha investigación sobre as representacións de Euskadi en Francia no período da Guerra Civil, proxecto subvencionado polo Departamento de Educación, Universidades e Investigación do Goberno Vasco.

ESPAÑOLS NA CIDADE DE SAN XOSÉ A FINS DO SÉCULO XIX E PRINCIPIOS DO XX¹

Guiselle Marín Araya

El Indiano²

Nosotros, por raro privilegio de la suerte, contamos en la familia con uno de esos seres legendarios, objeto de una singular veneración entre supersticiosa y egoísta, motivo de grandes cavilaciones y planes y esperanzas y sobresaltos para los deudos que, allá en un rincón de la huerta valenciana, sueñan dormidos y despiertos en el indiano y en su fortuna probable, y sobre todo en si habrá o dejará de haber, bien que de “contrabando”, herederos forzosos, los cuales, á la postre, sean los afortunados que carguen con el supuesto arcón repleto de onzas, causa única de aquellos desvelos y zozobras por la suerte y la salud del ausente³.

INTRODUCCIÓN

Así se referían, a principios deste século, os famosos viaxeiros valencianos José Segarra e Joaquín Juliá ó sentimento de admiración que existía en España polos chamados “indianos”, españois que regresaron con riquezas,

1. Este traballo ten unha débeda cos investigadores Mario Zaragoza, Víctor Hugo Acuña, Juan Carlos Solórzano, Pilar Cagiao, cos funcionarios do Archivo Nacional de Costa Rica, da Biblioteca Nacional en Madrid, do Archivo General de la Administración en Alcalá de Henares, do Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores en Madrid, do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega e do Archivo de la Dirección General de Migraciones en Madrid. Unha versión preliminar deste traballo apareceu publicada no libro *Españoles en Costa Rica: la inmigración española*. San Xosé, Embaixada de España-Centro Cultural Español, 1997.

2. José Ramón García López define a figura do indiano como: “término de origen literario que ha venido a designar al emigrante enriquecido, en sustitución del de americano, usual en su tiempo, pero equívoco en la actualidad por el mayor peso de la aceptación estadounidense”. García López, José Ramón: *Las remesas de los emigrantes españoles en América. Siglos XIX y XX*. Asturias, Ediciones Júcar, 1992, p. 20.

3. Segarra, J. e Juliá, J.: *Excursión por América, Costa Rica*. San Xosé, Imprenta de Avelino Alsina, 1907, p. 38.

resultado das súas fructíferas actividades en América. Estes viaxeiros chegaron a Costa Rica en 1906 e o parágrafo citado anteriormente revela un factor para emigrar que estivo presente en España durante o século XIX.

A visión romántica do “indiano” contrasta coas múltiples dificultades coas que se enfrontaron a maioría dos emigrantes. Contribuíron a alimentar este mito os axentes que contrataban emigrantes en varias poboacións españolas e que utilizaron diversos mecanismos para enganchalos como, por exemplo, a propaganda, pasaxes gratuítas, adiantos de salarios, etc. As condicións da viaxe e a posterior instalación non eran prometedoras para os emigrantes, que tiñan que soportar unha viaxe moi penosa, enfermidades, deficiente alimentación e dificultades para atopar traballo, entre outros obstáculos. Así mesmo, moitos colonos tiveron que abandonar as terras doadas polo goberno anfitrión pola mala localización dos terreos e o clima insalubre. Ante esta situación, algúns regresaron a España ou marcharon a outros países para buscar mellores condicións.

A chegada dos españois a Costa Rica forma parte dun proceso que comeza coa chegada de Cristóbal Colón a América e que continúa con diversos ritmos ó longo da historia. Desde o período colonial, os españois causaron un forte impacto na poboación. Como grupo dominante provocaron a desarticulación das sociedades caciquís⁴. Transcorridos varios séculos de resistencia e dominación, os líderes do século XIX estaban de acordo en inserir Costa Rica no mercado mundial e, para logralo, consideraron necesario estreitar as relacións con outros países.

A segunda metade do século XIX é fecunda en proxectos de colonización e inmigración⁵. Entre estas ideas, merecen un lugar especial os proxectos para traer inmigrantes de España.

O propósito deste traballo é estudar as características principais da migración española⁶ a Costa Rica no período coñecido como o da “gran migra-

4. Ibarra Rojas, E.: *Las sociedades cacicales de Costa Rica (siglo XVI)*. San Xosé, Editorial da Universidade de Costa Rica, 1990, p. 181.

5. O termo migración refírese ó proceso que implica o desprazamento de seres humanos desde os seus lugares de orixe a outros. Cando a migración se realiza a outro país denomínase migración externa. Chámasele inmigrante ó individuo que ingresa nun país. CEPAL: *La población y el entorno internacional. Población, equidad y transformación productiva*. Santiago de Chile, 1993.

6. Para ampliar a información sobre o tema da migración española a Hispanoamérica existe un gran número de publicacións. A colección “Cruzar el Charco”, publicada pola Fundación Archivo de Indianos con sede en Asturias, publicou os seguintes traballos: García López, José Ramón: *Las remesas de los emigrantes españoles en América. Siglos XIX y XX*; Sonesson, Birgit: *Catalanes en las Antillas. Un estudio de casos*; Klein, Herbert: *La emigración española en Brasil*;

ción en masa”, que transcorreu a partir de 1880 e prolongouse ata 1930⁷. Nese mesmo período, os principais países de destino dos españois a Latinoamérica foron, por orde de importancia, Arxentina, Cuba, Brasil e Uruguai⁸. Para lograr este propósito, o traballo dividiuse en catro partes. Na primeira considerouse necesario coñecer a participación do Estado como promotor das políticas migratorias e as condicións do país no período. Unha segunda parte intenta analizar a eficacia das políticas migratorias a través do estudo da presenza de españois nos censos e as fontes consulares. Unha terceira parte busca coñecer os diferentes proxectos de colonización e inmigración que involucraron a españois desde 1870 ata fins de 1930, os cales permiten coñecer a organización que estaba detrás desas iniciativas e as características dos emigrantes que chegaron neses proxectos. Por último, na cuarta parte recórrese principalmente a tres fontes (Censo Municipal de San Xosé realizado en 1904, Censo Comercial de 1915 e Censo de Poboación de 1927) para coñecer as características da poboación española que aparece rexistrada nos censos, revisando, por exemplo, as principais ocupacións dos españois.

Algunhas das causas que se citan na historiografía española para explicar a migración en masa son o fracaso na modernización agrícola, a presión demográfica en certas zonas e o desfasamento ou a lentitude no ritmo do crecemento industrial. Segundo Blanca Sánchez, “la emigración comienza por el aumento demográfico en un contexto agrario de subsistencia que se revela incapaz de absorber ese crecimiento de la mano de obra sin que tampoco el sector industrial o los servicios logren proporcionarles empleo”⁹. Outros ele-

Maluquer de Motes, Jordi: *Nación e inmigración: los españoles en Cuba (ss. XIX y XX)* e Cerutti, Mario: *Empresarios españoles y sociedad capitalista en México (1840-1920)*, entre outros. Tamén as revistas: *Estudios Migratorios Latinoamericanos* e *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*. E os libros de Naranjo Orovio, Consuelo: *Cuba vista por el emigrante español 1900-1959*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1986; Yáñez Gallardo, César: *Saltar con red: La temprana emigración catalana a América ca. 1830-1870*. Madrid, Alianza Editorial, 1996 e os dous tomos de *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*, editado pola Sociedad del Quinto Centenario, CEDEAL, 1992. Para o caso costarricense xa se mencionou anteriormente, *Españoles en Costa Rica: la inmigración española*.

7. Considérase que a emigración masiva española comezou timidamente arredor de 1860; medrou ata mediados de 1870 e tivo un descenso en 1885; incrementouse a fins da década de 1880; os anos 90 do século XIX presentan unha tendencia descendente; desde 1900 ata a Primeira Guerra Mundial a emigración española alcanza máximos sen precedentes mentres que nos anos vinte foi menor cuantitativamente. Sánchez Alonso, B.: *Las causas de la emigración española, 1880-1930*. Madrid, Alianza Editorial, 1995, p. 39.

8. Sánchez Alonso, B.: *op. cit.*, p. 103.

9. Sánchez Alonso, B.: *op. cit.*, p. 48.

mentos que reforzaron ese proceso foron o interese dos inmigrantes por mellora-lo seu nivel de vida, a revolución dos transportes, que minguou o custo e o tempo dos traslados, o rexeitamento da superpoboación agraria, a necesidade de atopar emprego e o desexo de evadi-lo servicio militar.

Este traballo aborda o tema da emigración española a Costa Rica e centra a súa análise no estudio da poboación española que vivía na cidade de San Xosé¹⁰. Este tema foi escollido por dúas razóns: primeiro, porque, como se verá máis adiante, este sitio era o lugar preferido polos españois que chegaban ó país, e segundo, porque as fontes de que dispoñemos permítennos caracteriza-la poboación que residía nesta zona.

O tipo de fontes coas que contamos para realizar este estudio son moi variadas e dispersas, polo que esta investigación é só unha achega ó problema, non un traballo rematado. Aínda falta revisar e precisar algúns elementos para poder explicar moitos aspectos da migración española no período. Outra limitación das fontes atopadas é que se sitúan nun período histórico que se denomina “pre-estadístico”, onde as técnicas estadísticas de recollida de información a penas daban os seus primeiros pasos cara á profesionalización, polo que os rexistros achados non contan con series de tempo completas para varios anos ou teñen datos incompletos.

O primeiro intento por estudia-la migración española a Costa Rica no século XIX e nas primeiras décadas do século XX plasouse no libro *Españoles en Costa Rica*, publicado a fins de 1997. Tres obras importantes publicadas antes desta data merecen citarse por facer referencia á colectividade española: *Aporte de la colonia española al desarrollo de la educación pública y privada en Costa Rica mediante la labor realizada en ese campo por educadores españoles*, de Abelardo Bonilla Baldares, publicada en 1969; *Historia de la influencia extranjera en el desenvolvimiento educacional y científico de Costa Rica* de Luís Felipe González Flores¹¹, publicada en 1976; e o libro de Ángel María Ríos Espariz: *Costa Rica y la Guerra Civil Española*¹², publicado en 1997 (investigación que foi presentada como traballo de mestrado en Historia pola Universidade de Costa Rica).

Con motivo da conmemoración dos cincocentos anos da chegada de Cristóbal Colón a América realizáronse en España numerosas investigacións

10. A cidade de San Xosé, de acordo co Censo Municipal de San Xosé de 1904 e do Censo de Poboación de 1927, estaba formada polos distritos Carmen, Merced, Catedral e Hospital.

11. González Flores, F.: *Historia de la influencia extranjera en el desenvolvimiento educacional y científico de Costa Rica*. San Xosé, Editorial Costa Rica, 1976.

12. Ríos Espariz, A. M.: *Costa Rica y la Guerra Civil Española*. San Xosé, Editorial Porvenir, 1997.

e publicacións sobre a migración española a este continente. A obra que marcou a pauta nestes traballos foi o libro *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930* de Nicolás Sánchez-Albornoz¹³, publicada en 1988. Sánchez-Albornoz deixou claro que a situación rexional en España marcou os diferentes ritmos da emigración. A conxuntura desa celebración espertou o interese de moitos investigadores por aborda-lo tema da migración doutros grupos humanos; estes estudiosos publicaron a partir desa data gran cantidade de material.

Este mesmo tema foi máis tarde retomado, con maior precisión, pola investigadora Blanca Sánchez Alonso na obra *Las causas de la emigración española, 1880-1930*¹⁴. Utilizando métodos comparativos e econométricos, Blanca Sánchez reconstruíu as cifras da emigración e analizou as súas causas. Un aspecto clave desta obra foi o interese por ofrecer unha explicación global á emigración sen obvia-las diferencias rexionais de España. A autora demostra que as rexións con máis saídas son tamén as que presentan menos analfabetismo ou aquelas nas que este se reduce rapidamente nas primeiras décadas deste século. Outra conclusión é que nas rexións se emigra segundo exista ou non unha tradición emigratoria e que a emigración se encadra nun contorno familiar amplo, parentes/amigos/veciños.

POLÍTICAS MIGRATORIAS COSTARRIQUEÑAS NO SÉCULO XIX

Desde a independencia, os nosos gobernantes estiveron interesados en poboar-los territorios con traballadores brancos¹⁵, preferiblemente traídos de Europa. A escaseza de man de obra para traballar na terra era un argumento importante para xustifica-la necesidade de establecer contratos que permitisen atraer eses recursos humanos tan apetecidos. Na segunda metade do século XIX, Costa Rica xa se incorporara ó mercado mundial por medio do café. Ademais, o cultivo da bananeira estaba atraendo moito capital e man de obra para realiza-las obras de construción do ferrocarril ó Atlántico¹⁶. Estas

13. Sánchez-Albornoz, N.: *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*. Madrid, Alianza Editorial, 1988.

14. Sánchez Alonso, B.: *op. cit.*

15. Como exemplo está o proxecto de John Hale, de 1825, asinado con don Juan Mora Fernández, para traer 100 familias norteamericanas e británicas.

16. Para amplia-la información sobre os fluxos migratorios laborais relativos á construción do ferrocarril ó Atlántico, ve-la obra de Murillo Chaverri, C.: *Identidades de hierro y humo: La construcción del ferrocarril al Atlántico, 1870-1890*. San Xosé, Editorial Porvenir, 1995, pp. 71-91.

circunstancias permitiron obter un excedente económico importante que subministrou os recursos necesarios para realizar moitas obras de infraestructura nese período. Nesta conxuntura, o goberno contratou estranxeiros para reestructurar outras áreas da sociedade. Para reforma-lo campo educativo chegan, a partir de 1869, os irmáns Fernández Feraz, procedentes das Illas Canarias, e tras deles outros profesionais españois¹⁷.

Debido ó seu asentamento xeográfico, o istmo centroamericano alcanzou grande importancia a nivel internacional a partir das grandes exploracións que chegaron a estas terras no século XVI, por ser unha ruta comercial que reduce a distancia entre Europa e os mercados asiáticos. Desde o século pasado, esta zona alcanza aínda maior importancia debido ó interese por construír un paso interoceánico. Esta situación chamou a atención de grandes potencias dese período, que disputaron a posibilidade de ter baixo o seu exclusivo dominio un paso entre os dous océanos; recordémo-las disputas entre británicos, norteamericanos e franceses para conseguir un tratado que lles garanta este control¹⁸. Esta conxuntura provocou a visita de varios estranxeiros que chegaron a Costa Rica e ós países veciños para conseguir contratos de colonización, de construción de obras, de comunicación ou para facer diversos negocios. Na obra de Ricardo Fernández Guardia, *Costa Rica en el siglo XIX*¹⁹, quedan claramente ilustradas esas intencións; un resumo dos viaxeiros que se citan nese libro e os seus motivos para visitar Costa Rica foron:

17. Ver Ríos, A.: "Evaluación de la emigración española en Costa Rica". En *Españoles en Costa Rica: La emigración española*. San Xosé, Embaixada de España-Centro Cultural Español, 1997, p. 80.

18. Pérez Brignoli, H.: *Historia Contemporánea de Costa Rica*. México, Fondo de Cultura Económica, 1997, p. 49.

19. Fernández Guardia, R.: *Costa Rica en el siglo XIX*. 3ª ed., San Xosé, Editorial Universitaria Centroamericana, 1972.

Cadro nº. 1
Viaxeiros en Costa Rica durante o século XIX
(segundo a obra de Ricardo Fernández Guardia)

VIAXEIRO	ANO 1ª VISITA	OBXECTIVO DA VISITA
John Hale	1825	Contrato de colonización en Heredia, Sarapiquí, para traer 100 familias.
John Lloyd Stephens	1840	Visita de negocios. Ocupou o cargo de presidente da Compañía do Ferrocarril de Panamá.
Robert Glasgow D.	1844	Viaxe de observación.
Wilhelm Marr ²⁰	1852	Empresario, asinou un contrato de colonización con don Juan Rafael Mora para traer alemáns.
Ephraim G. Squier	Non visitou Costa Rica	Home de negocios e diplomático en Nicaragua. Escribiu os comentarios sobre Costa Rica que aparecen na obra de Fernández en 1849, e defendeu a construción dunha vía interoceánica na zona limítrofe de Nicaragua e Costa Rica, pero sen recoñece-los dereitos de Costa Rica nesa zona.
Francisco Solano Astaburuaga	1857	Visita de negocios como encargado de negocios de Chile.
Thomas F. Meagher	1857	Visita de negocios. Propón un tratado de colonización e construción de camiños.
Anthony Trollope	1859	Funcionario do servizo de correos para As Antillas. Viaxe de observación.
Felix Belly	1858	Xornalista. Asinou un contrato ²¹ para un canal interoceánico co presidente don Juan Rafael Mora.

Fonte: Fernández Guardia, R.: *Costa Rica en el siglo XIX*. 3ª ed., San Xosé, Editorial Universitaria Centroamericana, 1972.

20. Algunhas referencias sobre Marr pódense atopar en: “De notas que uno ha copiado de otro... Nicaragua a mediados del siglo XIX vista por dos viajeros alemanes Wilhelm Heine y Wilhelm Marr”, *Werner Mackenbach, Seminario Internacional sobre Política, Cultura y Sociedad Centroamericana. Siglos XVIII, XIX y XX*. Managua, Instituto de Historia Nicaragua y Centroamérica, 1997.

21. Para coñecer máis detalles sobre este contrato ver: Obregón, C. M^a.: *Costa Rica: relaciones exteriores de una República en formación: 1847-1849*. San Xosé, Editorial Costa Rica, 1984, p. 187. No informe de Louis Conard: *La Republique de Costa Rica de 1913* faise referencia á opinión de Felix Belly sobre os proxectos de construí-la canle baixo iniciativa costarricense en *A travers l'Amérique Centrale*. 1867. Outro viaxeiro estranxeiro, Ed. Pougin: *L'Etat de Costa-Rica et ce qu'on pourrait y faire dans l'intérêt de l'industrie, du commerce et de l'émigration belges*. Anvers, Max Kornicker, 1863, p. 24, alude tamén ó informe de Belly.

Outro factor que contribuíu a esperta-lo interese da zona como vía de paso foi o descubrimento de ouro en California, en 1849, feito que incrementou o tránsito de pasaxeiros e víveres polo porto de Puntarenas e o río San Xoán a Estados Unidos de América²². Moitos viaxeiros en ruta quedaron en Nicaragua e Costa Rica²³.

O Tratado de Recoñecemento, Paz e Amizade²⁴, asinado entre Costa Rica e España a principios da década dos 50, facilitou a iniciativa de traer inmigración proveniente deste país. Os representantes diplomáticos enviados a Europa serviron como mediadores nestes proxectos.

Como xa se mencionou liñas atrás, a construción do “Camiño de Ferro” –o ferrocarril ó Atlántico– acelerou as iniciativas do goberno para establecer contratos e traer colonos e man de obra. Os documentos da época sinalan que os lexisladores consideraban que algúns inmigrantes traídos para a construción do ferrocarril se establecerían posteriormente como colonos. Con esta idea, os lexisladores pensaron que se aliviaría outro problema que tiña o país nese momento: a escasa poboación. Criáse que a falta de man de obra restáballe potencialidade ó país para desenvolver-las súas abondosas riquezas.

Entre as ideas do goberno para contratar inmigrantes destacan as xestións para traer man de obra española. A partir de 1871 son constantes os informes consulares españois que mencionan as intencións do goberno para contratar galegos, canarios e sorianos. Máis adiante detalláranse estas iniciativas.

Da acordo coas políticas migratorias costarrriqueñas –tal e como sucedía noutros países de América Latina– facíase unha selección dos inmigrantes²⁵. A ideoloxía liberal predominante, que adoptara os conceptos “eurocentristas” da época, amosaba un maior interese polos inmigrantes provenientes de Europa. Este racismo tamén se manifestaba nos comentarios feitos por algunhas persoas que visitaban o país:

22. León Saénz, J.: *Evolución del comercio exterior y del transporte marítimo de Costa Rica, 1821-1900*. San Xosé, Universidad de Costa Rica, 1997, p. 151.

23. Houwald, G. von: *Los alemanes en Nicaragua*. 2ª ed., Managua, Fondo de Promoción Cultural-BANIC, 1993, p. 31.

24. Guzmán-Stein, M.: “La migración española en Costa Rica: fuentes documentales para su estudio”. En *Españoles en Costa Rica: la inmigración española*. San Xosé, Embaixada de España-Centro Cultural Español, 1997, p. 37.

25. “[...] la ideología liberal predominante va a adoptar los conceptos eurocentristas de la época encontrando como fundamento generalizado de las nuevas políticas la propuesta de atraer migración europea y en algunos casos exclusivamente europea.” Marmora, L.: “La fundamentación de las políticas migratorias internacionales en América Latina”. *Estudios Migratorios Latinoamericanos*. Bos Aires, nº. 10, dec. 1988, p. 379.

Sólo una mezcla completa con cualquier raza fuerte del Norte podría devolver el vigor a ese pueblo degenerado y quizás salvarlo de la ruina²⁶.

O darwinismo social permitiulle á elite gobernante acabar coa visión teolóxica tradicional que rexeu durante a época colonial e introduci-la idea de progreso como obxectivo central do proxecto político. A isto sumóuselle a aplicación de leis científicas: a lei da loita pola existencia e a da selección natural pola supervivencia do máis apto²⁷.

[...] la conveniencia de buena inmigración no necesita demostrarse es axiomática y correlativas las ideas de inmigración y *progreso*, es decir, país que progresa, atrae inmigración y país que atrae inmigración necesariamente progresa²⁸. (A cursiva é nosa).

Considerábase que por medio da emigración se impulsaba o desenvolvemento agrícola, económico, social e cultural do país:

Dado el ensanche del país, de los cultivos de café y bananos, que van necesitando cada día mayor número de brazos, la escases [sic] de éstos constituye un peligro para la agricultura y precisa suplir la deficiencia facilitando la manera de que las empresas puedan recibir trabajadores –braceros–, blancos o de color, extranjeros, siempre dentro de lo que disponen las leyes sobre inmigración²⁹.

26. Wagner, Moritz e Scherzer, C.: *La República de Costa Rica en la América Central*. Tomo I, San Xosé, Ministerio de Cultura, Juventud y Deportes, Dpto. de Publicaciones, 1974, p. 213. Estes alemáns chegaron ó país en 1853 e, entre outros lugares, visitaron o proxecto de colonización do Barón Alejandro von Bülow en Turrialba.

27. O darwinismo social tamén é chamado racismo “científico”. Ver Vecoli, R. J.: “El significado de la inmigración en la formación de una identidad americana”. *Estudios Migratorios Latinoamericanos*. Bos Aires, ano 8, nº. 25, 1993. No caso costarricense, Steven Palmer no seu artigo “Racismo intelectual en Costa Rica y Guatemala, 1870-1920” (*Mesoamérica*, 31 de xuño de 1996, pp. 99-121) analiza o papel dos intelectuais na percepción racial.

28. Archivo Nacional de Costa Rica (en diante ANCR), Serie Congreso, nº. 3.287, f. 11. 1907.

29. ANCR, Serie Congreso, nº. 13.460, f. 1. 1924. Como se observa nesta cita, as políticas migratorias en determinadas épocas axustáronse para atender certas necesidades económicas específicas. No caso das plantacións bananeiras, e debido á mellor resistencia dos afrocaribeños ás condicións da zona e ós seus coñecementos do traballo bananeiro, permitiuse o ingreso desta poboación. No ano 1873 chegan tamén inmigrantes chineses (ver Meléndez, C. e Duncan, Q.: *El negro en Costa Rica*. 10ª ed., San Xosé, Ed. Costa Rica, 1993, p. 87. Desta forma o contrato do ferrocarril asinado o 20 de xullo de 1873 indica que o contratista: “[...] podrá introducir trabajadores del extranjero, los contratos que con ellos celebrase, serán válidos y obligatorios en cuanto no se opongan a las leyes de la República”. *La Gaceta*. 26 de agosto de 1871.

O elemento común nas tendencias do evolucionismo social europeo, que foron asimiladas no mundo hispanoamericano na última parte do século XIX, foi o recoñecemento dunha desigualdade –de feito, se non de dereito– entre os homes, as razas ou as clases, e o considera-la evolución social como unha loita permanente entre vencedores e vencidos³⁰.

Outro argumento para xustifica-lo interese de traer inmigrantes ó país era a necesidade de ocupar rexións despoboadas e exerce-la soberanía nelas³¹. Dese interese xurdiron moitos proxectos de colonización que se desenvolveron no século XIX.

En termos xerais, os intentos por atrae-la tan ansiada emigración europea non deron os resultados que se esperaban³². As fontes revisadas indican que a migración foi escasa e que, nalgúns casos, as colonias que se estableceron fracasaron polo seu illamento, como foi o caso da colonia alemana en Turrialba³³.

As políticas migratorias que favorecían a migración europea contrastaban coas restriccións impostas á migración doutros grupos sociais, alegando que a raza podería dexenerarse ó se mesturar con outros grupos inferiores. Este foi o caso da migración chinesa, quizais a máis duramente atacada, tanto a través das políticas³⁴ impostas como por medio dos comentarios que se publicaban na prensa sobre eles:

30. Urías Horcasitas, B.: "El determinismo biológico en México: del darwinismo social a la sociología criminal". *Revista Mexicana de Sociología*, (4, 96), p. 102. A autora fai referencia á obra de Demela, M. D.: "Darwinismo a la criolla: el darwinismo social en Bolivia, 1880-1910". *Historia Boliviana*, (1, 2, 1982), pp. 59-61.

31. Marmora, L.: *op. cit.*, p. 376.

32. Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores, Madrid (en diante AMAE), Histórico, nº. 2043. 15 de setembro 1863 e 15 de outubro de 1863. Proxecto asinado co irlandés Mac Clean, para traer 200 irlandeses en 1863. O proxecto suspéndese por falta de recursos.

33. Arguedas Fuentes, Y.: *Consideraciones sobre la migración a Costa Rica durante el siglo XIX* (Traballo de mestrado en Historia). San Xosé, Universidad de Costa Rica, 1982, p. 25.

34. Artigo 1, inciso 3: *No se permitirá la colonización de razas africana y china; y en caso que se considere necesario, se impedirá o limitará la introducción al país de individuos que pertenezcan a ellas*. Lei nº. XXXVII do 3 de novembro de 1862. Jiménez Zavaleta, Arnoldo: "Fomento de la inmigración colonizadora". En *Cultura Jurídica*. San Xosé, tomo 2, nº. 1, 1942. Outro decreto con connotacións racistas foi o de 1904, asinado na presidencia de Ascensión Esquivel, que prohibía o ingreso de árabes, turcos, sirios, armenios e xitanos de calquera nacionalidade. *Colección de Leyes de decretos, acuerdos, resoluciones*. San Xosé, 1904, pp. 308-309, citado por Marín Guzmán, R.: *La emigración libanesa en los siglos XIX y XX: análisis de sus causas económico-sociales*. San Xosé, Alma Máter, 1997, p. 122.

[...] y para nuestro propio bien, por amor á este pedazo de tierra en que la naturaleza nos obsequió con la plenitud de sus potencias [...], debemos procurar á todo trance no omitir medio alguno para combatir la plaga de chinos [...].

Es mil veces mejor o menos peor tener una considerable inmigración de negros de rostros relucientes y de musculatura de hierro, que una insignificante afluencia de chinos³⁵.

OS ESPAÑOIS NOS CENSOS

De acordo co censo de poboación de 1864³⁶, os españois eran un conglomerado estranxeiro insignificante (a penas había corenta e un individuos rexistrados). En canto ó número de residentes, ocupaban o décimo lugar entre os estranxeiros. Igualmente, na cidade de San Xosé, eran un grupo bastante pequeno. Tódolos españois que se rexistran na provincia de San Xosé vivían no cantón do mesmo nome e, do total de españois, o 35 por cento atopábase na capital³⁷.

Segundo o censo da República de 1886, a poboación española vivía na súa maioría no cantón central de San Xosé (o 68 por cento, para ser máis precisos) e en toda a provincia atopábase o 70 por cento do total de españois rexistrados no país. A colonia española era, nese momento, un grupo pequeno (554 persoas, correspondentes a un 12 por cento do total de estranxeiros), o cuarto grupo en tamaño, precedido polos nicaraguanos, os xamaicanos e os colombianos³⁸.

O censo de 1892³⁹ amosa xa un incremento da poboación española presente no país, pois ese ano os españois eran o segundo grupo máis numero-

35. *El Corresponsal*. 3 de xullo de 1901.

36. *Censo de población de 1864*. San Xosé, Dir. General de Estadística y Censos, novembro de 1964, pp. 64-67.

37. Sen embargo, o número de españois incluído neste censo debe ser mirado con cautela, pois podería haber un subrexistro nesta cifra. Esta sospeita ten a súa orixe na fundación, o 24 de setembro de 1866, da *Casa España*, sede da *Asociación Española de Beneficencia*, en actividade ata hoxe. Esta entidade, desde a súa fundación, tivo obxectivos bastante claros, o que nos dá unha idea de que a poboación española residente no país nesa época estaba ben organizada e podería ser máis numerosa do que o censo de 1864 nos indica. Para maior información sobre esta Asociación, véxase Ríos Espariz, A. M.: *Costa Rica y la guerra civil española*. San Xosé, Editorial Porvenir, 1997, p. 121.

38. *Anuario estadístico de la República de Costa Rica*. Tomo 3, San Xosé, Imprenta Nacional, 1886.

39. *Censo de población de 1892*. San Xosé, Ministerio de Economía, Industria y Comercio, 1974, pp. CXVI-LXXXVI.

so de estranxeiros⁴⁰ (1.033 persoas⁴¹ correspondentes a un 16 por cento do total), só superado polos nicaraguanos. Sen embargo, na provincia de San Xosé eran o grupo de estranxeiros máis numeroso (24 por cento do total). Nesta provincia atópase o 59 por cento da poboación española residente no país e no cantón de San Xosé o 56 por cento do total.

O censo de poboación de 1927 mostrou un incremento importante na poboación inmigrante que chegou ó país. Nese censo rexistráronse 2.527 españois. Para ese ano a poboación española na cidade de San Xosé era o grupo de estranxeiros máis numeroso⁴².

Cadro nº. 2
Porcentaxe de estranxeiros na poboación total de Costa Rica.
Censos de 1864 a 1927

CENSO	POBOACIÓN TOTAL	ESTRANXEIROS	PORCENTAXE
1864	120.499	2.653	2.2
1883	182.073	4.556	2.5
1892	243.205	6.289	2.6
1927	471.524	44.340	9.4

Fonte: Jiménez, Ricardo: *Volumen de la migración extranjera a Costa Rica. Situación en 1983*. 8º Congreso de Demografía, 1993.

Da información estatística que analizamos pódense saca-las seguintes conclusións:

- O número de inmigrantes españois aumentou conforme transcorreu o tempo.
- En todo o período, os españois preferiron vivir na cidade de San Xosé⁴³.

40. Nuns datos achegados en 1906 polo cónsul xeral de Francia en Honduras e Nicaragua, atópanse 800 españois en Costa Rica; sen embargo, parécenos que esta cifra esta subestimada, en función dos datos que se teñen para datas anteriores. Pector, D.: *Les Richesses de l'Amérique Centrale*. París, Librairie Orientale & Américaine, 1906, p. 292.

41. Esta cifra inclúe os cubanos e os portorriqueños que en 1892 eran súbditos españois.

42. O número aproximado de españois na cidade de San Xosé era de arredor de 600 persoas. *Base de datos del Censo de Población de 1927*. San Xosé, Centro de Investigaciones Históricas de América Central, 1997.

43. Neste punto coincidimos plenamente con Palazón, Salvador: *Capital humano español y desarrollo latinoamericano: Evolución, causas y características del flujo migratorio (1882-1990)*. Valencia, Generalitat Valenciana, 1995, p. 238.

PROXECTOS DE COLONIZACIÓN E INMIGRACIÓN

Os proxectos da década de 1870

Este período caracterízase pola presenza do xeneral Tomás Guardia na política do país desde o momento que realiza o golpe de Estado de 1870⁴⁴. Nesta época establecéronse varios centros xeográficos importantes e a fronteira agrícola estendeuse. A zona das chairas de Santa Clara foi unha rexión á que o goberno tentou dar impulso. Mentres isto acontecía, outras rexións que serviron como centros de colonización expandíronse: San Ramón, San Carlos e a parte sur do Val Central, Candelaria-Dota-Puriscal⁴⁵. Esta década foi moi intensa a nivel político polos conflitos entre Costa Rica e outros países de Centroamérica como Guatemala e Nicaragua, as disputas políticas internas e a construción do ferrocarril. Nestas problemáticas radicarán as principais preocupacións de Guardia no período.

A mediados de 1871, o cónsul de España manifesta que o goberno de Costa Rica intenta empregar 500 inmigrantes galegos. O xeneral Guardia contratou para este fin ó *galego* residente en Costa Rica, Andrés Víctor Pérez y Verdy, xastre, natural de Santiago e casado cunha costarricense. Posteriormente, encargóuselle ó representante en Londres, Carlos Gutiérrez, que contratara inmigrantes galegos. Pretendíase que estes se ocupasen de actividades agrícolas e gandeiras⁴⁶. Cando se confirma o contrato para a construción do ferrocarril, Meiggs envía un dos seus empregados, de apelido Suárez e nativo de Cuba, para contrata-los braceiros galegos⁴⁷.

Ese mesmo ano solicítaselle a Valeriano Fernández Ferraz⁴⁸, de orixe canaria, que traia inmigrantes desas illas. Menciona a fonte que un cuñado de Ferraz é capitán dun buque que se dedica a transportar inmigrantes a Ultramar⁴⁹.

44. Cover Jiménez, E.: *Esbozo histórico de la obra de gobierno de don Tomás Guardia* (Traballo de mestrado en Historia). San Xosé, Universidad de Costa Rica, 1982, p. 31.

45. Hilje Quirós, B.: *La colonización agrícola de Costa Rica (1840-1940)*. San Xosé, EUNED, 1992, p. 20.

46. AMAE, Histórico, nº. 2.349. Informes de Ortuño ó ministro de Estado, 10 de xuño de 1871 e 26 de xuño de 1871.

47. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 22 de agosto de 1871.

48. Os irmáns Ferraz volverán ser mencionados en proxectos migratorios o 24 de xaneiro de 1873, cando lle solicitan ó goberno unha concesión de terras e diñeiro para importar colonos de Canarias. AMAE, Histórico, nº. 2.349.

49. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 13 de novembro de 1871.

Entre 1872 e 1873 chegan 87 sorianos. O 5 de decembro de 1872 chegaron 25 homes, 12 mulleres e 12 nenos contratados por Manuel A. Bonilla fillo⁵⁰. Estes sorianos embarcaron a fins de outubro no vapor “Florida” da Compañía Xeral Transatlántica que arribaba mensualmente a Santander. Ó ano seguinte chegaron outros 34 sorianos que empregaron a mesma vía de Santander, foron contratados polo mesmo home, Manuel Bonilla, e estiveron a cargo dun soriano, José Moreno y Benito⁵¹, en Costa Rica⁵².

Malia que, en 1872, o portugués Francisco Pérez Almeida lle expón ó goberno o seu interese por traer uns 200 individuos da Península Ibérica, Canarias e as illas de Cabo Verde, o goberno, segundo parece, ten máis interese en favorece-los proxectos de Bonilla⁵³. Nos informes sinálase que Bonilla tiña contratados arredor de 2.000 inmigrantes, que estaría enviando cada mes en partidas de 100 e 150 persoas⁵⁴.

Sobre a inmigración procedente de Soria atopouse unha carta do Sr. Basilio Navajas, un dos inmigrantes que veu a Costa Rica e que ocupou o cargo de mordomo no barco que partiu de Santander. No seu relato, Navajas narra as dificultades das viaxes e o destino dalgúns dos seus conterráneos. Menciona o documento que o seu grupo foi empregado en actividades cafeiteiras, agrícolas e no servizo doméstico⁵⁵. Dous dos seus compañeiros, “Josefa” e “Patricio”, foron contratados polo xeneral Tomás Guardia⁵⁶. Esta

50. Revisando outras fontes contamos 24 homes, incluíndo un menor de 12 anos, 13 mulleres e 12 nenos. ANCR, Serie Fomento, nº. 1112.

51. Moreno viaxou desde finais de 1870 para tramita-la emigración de sorianos. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 23 de xaneiro de 1872.

52. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 23 de xaneiro e de decembro de 1872 e informe de 1873.

53. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 23 de marzo de 1872. Como mencionamos anteriormente, esta situación confirmouse coa chegada dos sorianos contratados pola mediación de Bonilla.

54. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 5 de decembro de 1872.

55. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 23 de decembro de 1872. No anexo nº. 3 da tese de Edgar Cover (p. 186) xúntase unha lista de 23 inmigrantes españois contratados por Manuel Antonio Bonilla fillo e das persoas que os colleron ó seu servizo. Ós datos provenientes desta lista engádeselle-lo grupo familiar que viaxou co home, xa que o contratante debía paga-lo traslado de cada emigrante se era maior de 6 anos. As persoas que máis inmigrantes colleron ó seu servizo foron: Manuel Bonilla, 10 inmigrantes; Federico Tinoco, 6 inmigrantes; José Ventura Espinach, 5 inmigrantes; Demetrio Iglesias, Manuel Salazar e Agapito Jiménez, cada un 4 inmigrantes; José Moreno Benito, 3 inmigrantes. O resto das persoas nomeadas (Pedro Quirós, Concepción Pinto, Remigio Pinto, José Antonio Pinto, Salvador González, Víctor Guardia, Dr. José M.^a Castro, Pío Fernández e Concepción Corrales de Gutiérrez) contrataron un ou dous inmigrantes. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.112, ff. 1-25.

56. Lembremos que Guardia chegou ó poder por medio dun golpe de Estado e mantívose nel por medio da forza (1870-1882). Salazar Mora, O.: *El apogeo de la República Liberal en Costa Rica 1870-1914*. San Xosé, Universidad de Costa Rica, 1990, p. 173.

contratación requiriu a participación de varios axentes en España (José Moreno e Matías González y González), así como a tiraxe e distribución de material propagandístico para atraer-los emigrantes. Así mesmo, outra característica importante foi o traslado dos emigrantes coa súa familia, xa que de 24 varóns da lista, 13 viaxaron con algún familiar achegado, a maioría coas súas esposas e fillos, e un coa súa irmá. Con estes familiares, o total de emigrantes chegou a 49 persoas⁵⁷.

Con respecto ás condicións do contrato, os emigrantes comprometéronse a traballar por tres anos, cun salario de nove pesos mensuais e nos labores do campo: “todos los días menos los domingos y días feriados, desde la salida del sol hasta su puesta, con el descanso de una hora para almuerzo y dos para comida, todo en la forma y costumbre de los trabajadores del país”. O contratante, Bonilla, ou a quen se lle cedera o contrato, comprometéase a prover de manutención e vivenda ó emigrante durante a súa estada⁵⁸. Para cederlo contrato a particulares solicitouse como requisito o depósito, a nome do goberno, de 150 pesos por cada varón adulto e 100 pesos por cada muller (no caso dos nenos menores de doce anos e maiores de seis taxouse a súa cesión en 50 pesos)⁵⁹.

As preocupacións sobre o tema da migración española e a permanente oposición⁶⁰ do goberno español a estes contratos non se volven manifestar ata 1878, cando se reanudan as xestións. Ese ano José Lorenzo Barreto, canario residente en Costa Rica, asina un contrato co goberno para traer de 400 a 500 inmigrantes das Illas Canarias que, segundo indica o contrato, se dedicarían ás actividades vinculadas ó café⁶¹.

Este caso chama a atención das autoridades españolas por varios motivos; Lorenzo Barreto é xenro do ex-presidente Vicente Herrera e o xeneral Guardia noméao auxiliar do Ministerio de Fomento co encargo especial de inspeccionar-las obras públicas⁶². Así mesmo, aínda que en 1879 chegaron 61 canarios para dedicarse ás actividades agrícolas, os informes sinalan que

57. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.112. Ver nota ó pé nº. 50 neste mesmo texto.

58. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.112, ff. 13-17.

59. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.112, f. 24.

60. A oposición dos representantes españois en Costa Rica con respecto á emigración era unha actitude consecuente coas disposicións oficiais do seu goberno, que intentaba previr-la saída dos españois e os abusos cometidos por axentes e contratistas. AMAE, Histórico, nº. 2.349. 29 de setembro de 1874.

61. ANCR, Serie Congreso, nº. 8.444. Contrato do 12 de maio de 1878.

62. AMAE, Histórico, nº. 2.044. 8 de xaneiro 1878.

Barreto non coidou destes inmigrantes⁶³. Pola súa banda, o goberno costarricense acordou que Barreto debía devolver parte dos 17.000 pesos que se lle adiantaran para trae-los inmigrantes, xa que os canarios que chegaron non viñeron por conta do goberno nin do ferrocarril⁶⁴.

A colonia cubana na Mansión, Nicoya, Guanacaste

En 1892 chegaron, procedentes de Nicaragua, varios inmigrantes de orixe cubana que conseguiron un contrato de colonización e fomento de terras co goberno costarricense⁶⁵. O grupo estaba liderado polo famoso xeneral Maceo, prócer da independencia de Cuba. Outorgóuselle unha concesión para que establecese unha colonia nun lugar chamado “La Mansión”⁶⁶, situado na península de Nicoya. Como parte dese contrato chegaron ó país 300 persoas maiores de quince anos, pertencentes a distintas clases sociais; algúns eran ex-combatentes da guerra de 1868. Tamén viñan 200 menores.

Ese grupo de inmigrantes estivo en contacto con José Martí, quen visitou Costa Rica co fin de coordinar detalles sobre unha posible loita en Cuba para acadar a independencia⁶⁷.

O establecemento desta colonia produciu, desde o inicio, acordos entre o goberno de Costa Rica e as autoridades consulares españolas para minimizar e neutralizar as actividades deste grupo de persoas, cualificadas como “rebeldes”. Prova disto é que o contrato inicial lle permitía a Maceo establecer a colonia na costa do Caribe e modificouse para situar a zona máis afastada, en Nicoya, onde finalmente se estableceron para evitar unha posible invasión de Cuba desde esa costa⁶⁸. Esta situación foi seguida de cerca polos representantes españois, que mantiñan oportunamente informada a España⁶⁹.

63. AMAE, Histórico, nº. 2.044. 8 de marzo de 1879.

64. ANCR, Serie Congreso, nº. 8.444. 12 de maio de 1878.

65. Jinesta, C.: *José Martí en Costa Rica*. San Xosé, Librería Alsina, 1933, p. 14.

66. Meléndez, C.: “La sombra de Maceo”. En *Libro del año 1982*. México, Ed. Cumbre, 1982, p. 311.

67. Delgado, U.: *Maceo en Costa Rica*. San Xosé, Librería Lehmann, 1969, p. 11.

68. AMAE, Histórico, nº. 2.349. “Expediente Maceo”, 1891, Sección 5, nº. 1. *Proyectos atribuidos al cabecilla Maceo*.

69. *Íbid.* Telegrama enviado polo Sr. Arellano ás autoridades españolas: “Proposiciones contrato Maceo modificado por goberno colonia cien familias en atlántico sino en pacífico y sin recursos directos, concesionario [sic] actitud. Gobierno no puede ser más simpático con española ruego instrucciones telegrafo”.

A colonia dedicouse a sementar azucre e instalou un enxeño para procesalo. Tamén cultivou outros produtos como plátano, iuca, millo, cacao, café, tabaco e arroz⁷⁰.

Aínda que algúns dos colonos que chegaron con Maceo foron pelexar a Cuba e morreron nos combates, moitos permaneceron na colonia. Aínda actualmente hai descendentes deses primeiros poboadores⁷¹.

O contrato Rodríguez-Mendiola para a traída de españois ó país

Outro dos contratos que se estableceron no século XIX para traer inmigrantes españois foi o que se asinou co cubano-español⁷² Francisco Mendiola Boza⁷³, o 6 de febreiro de 1893⁷⁴, durante a administración de José J. Rodríguez. Mediante ese contrato, Mendiola⁷⁵ comprometeuse a traer 5.000 varóns brancos (entre 15 e 50 anos) e 500 mulleres criadas (entre 20 e 40 anos) nun lapso de seis anos, todos destinados ó servizo doméstico e rural. Sinalábase que os inmigrantes debían provir, nun 75 por cento, das provincias do norte de España.

Segundo indicou *La Gaceta*, 535 inmigrantes chegaron ó país en 1893:

23 de octubre - A las 2 p.m. fondeó el vapor español "España", procedente de Vigo, capitán Carreras. Pasajeros Juan Robles, Benigno Recarey, doña Eulalia Tourozona, 535 inmigrantes y tres niños, traídos por don Francisco Mendiola Boza, según contrato. Carga: 200 bultos sin correspondencia. Consignado á M. C. Keith⁷⁶.

70. Delgado, U.: *op. cit.*, p. 153.

71. Arguedas Fuentes, Y.: *op. cit.*, p. 159.

72. A independencia de Cuba aconteceu en 1898, polo que antes desa data os cubanos eran súbditos españois.

73. Jiménez Zavaleta, Arnoldo: *op. cit.*, p. 73.

74. ANCR, Serie Fomento, nº. 2.044. 6 de febreiro 1893.

75. Desde 1895, Mendiola encargouse de establecer contratos para instalar un sistema de iluminación en diversas cidades (ANCR, Serie Fomento, nº. 1669). En 1901 Mendiola era o administrador da Compañía de Teléfonos e o lic. Cleto González Víquez o seu apoderado. (*La Gaceta*. 7 de xullo de 1901). A familia do Sr. Mendiola residía en 1904 no distrito El Carmen, en San Xosé. A esposa de Mendiola e catro dos seus cinco fillos eran salvadoreños, o que nos leva a pensar que a familia Mendiola viviu no Salvador antes de establecerse por esa data en Costa Rica. *Censo Municipal de San José*, 1904. Francisco Mendiola falece en 1904. Para coñecer máis detalles sobre os seus contratos pódese consultar: Fernández Robles, J.: *Un siglo de actividad eléctrica en Costa Rica*. San Xosé, Editorial Lil, 1984 e Silva, M.: *Los orígenes de la industria eléctrica en San José 1882-1930*. San Xosé, Oficina Patrimonio Histórico y Tecnológico, s/d.

76. *La Gaceta*. 25 de outubro de 1893.

Unha revisión da lista dos inmigrantes traídos mediante o contrato de Mendiola⁷⁷ indica que o 99 por cento eran varóns e o resto mulleres. A idade media desta poboación era de 31 anos. Estes inmigrantes eran dun nivel socioeconómico baixo, xa que o 85 por cento eran braceiros, un 8 por cento labregos, un 7 por cento criados/as e o resto eran xornaleiros, comerciantes e pastores. O 71 por cento das mulleres indicaron como profesión a de criada. Como se puido corroborar por medio das certificacións presentadas ante o cónsul en Cataluña, a maioría destas mulleres estaban casadas e viñeran acompañando ó seu marido na viaxe.

Agregaba o documento que Mendiola debía presentar antecedentes dos colonos, autenticados ante o cónsul de Costa Rica máis próximo ó porto de embarque. Os colonos debían ter traballo seguro ó chegaren ó país. A cambio, Mendiola recibiría algúns terreos e cartos, e os colonos cinco hectáreas de terreo, así como a exención de impostos sobre a equipaxe e os instrumentos de labranza.

Ó rescindir o contrato indicouse que a migración española traída por Mendiola fora de: “quinientos treinta y cinco inmigrantes españoles que llegaron al país en el vapor España que arribó al puerto de Limón el día veintitrés de octubre anterior”⁷⁸. Ademais, acordouse que o custo do transporte sería pagado polo goberno a Minor Keith, axente da Compañía Transatlántica de Vapores de Barcelona, que trouxera esas persoas. Con respecto ós españois, quedaron libres de obrigacións, sempre e cando permanecesen no país polo menos durante tres anos, se dedicasen a algunha actividade e observasen boa conducta.

A posición social e económica de Mendiola durante este período era bastante respectable. Nun artigo publicado en *La Gaceta*, varias persoas moi recoñecidas no ámbito empresarial solicitaronlle ó goberno rescindi-lo contrato de Mendiola. Ó darlle o seu apoio, unicamente alegaron ó seu favor que o incumprimento non era atribuíble ó contratista. O contrato, efectivamente, foi rescindido e os que asinaron a nota foron Federico Tinoco, Jaime J. Ross e Cía, J. Alfaro F, Teresa Dent, Ricardo Montealegre e outros⁷⁹.

Hai informes de varias autoridades que indican que algúns dos españois traídos por Mendiola rexeitaron asina-las cédulas de permanencia no país, como se acordaba no contrato, e máis ben solicitaron rescindilo, pois, segun-

77. ANCR, Serie Relaciones Exteriores, nº. 9.849.

78. ANCR, Serie Relaciones Exteriores, nº. 9.849, f. 61; ANCR, Serie Fomento, nº. 1.890, f. 99 e f. 50. 21 de novembro de 1893.

79. *La Gaceta*. 23 de novembro de 1893.

do eles, Mendiola non cumpriu co pactado⁸⁰. Isto provocou friccións entre as autoridades costarrriqueñas e os estranxeiros, pero o asunto non pasou a máis.

Un aspecto interesante da migración traída por Mendiola é que, segundo parece, os españois inicialmente dispersáronse polo país. Atopáronse documentos que confirman a súa estadia en Limón⁸¹, Heredia⁸² e Guanacaste⁸³.

Como exemplo de que se tratou de cumprir con algúns dos requisitos fixados no contrato, consérvanse algunhas das certificacións expedidas en Barcelona ós inmigrantes españois que chegaron ó país co visto e prace do cónsul xeral de Costa Rica en Cataluña⁸⁴.

Outro aspecto desa inmigración foi a participación de axentes ou “ganchos”⁸⁵ utilizados por Mendiola⁸⁶. Por exemplo, nomeou a Teodoro Ducal como axente e a Antonio López e Juan Roure como os seus representantes. Estes individuos presentaron unhas listas co nome dos inmigrantes e algunhas das súas características máis importantes. Algúns deses inmigrantes estaban entre as persoas que presentaron certificacións ante o cónsul de Costa Rica en Cataluña en 1893.

Por outro lado, como parte do interese por cumprir ante o goberno co pactado por Mendiola, o consulado de España en Costa Rica publicou un aviso, en decembro de 1893, a través do cal chamaba os inmigrantes contratados por Mendiola Boza para que se presentasen para asina-la cláusula VI que os liberaba das obrigacións do primeiro contrato⁸⁷.

80. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.871, ff. 1-8. Asinado en nome de nove españois que non sabían asinar, engade lista de 39 españois que rexeitaron asinar.

81. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.871, ff. 5-8. 24 e 25 de decembro de 1893.

82. ANCR, Serie Fomento, nº. 4.453. 23 de decembro de 1893, lista de dez españois traídos por Mendiola que se negaron a asina-la cédula de permanencia.

83. ANCR, Serie Fomento, nº. 4.784. 20 de decembro de 1893.

84. ANCR, Serie Relaciones Exteriores, nº. 9.826.

85. Os ganchos, tamén chamados *arregladores* ou *garroteros*, eran pequenos empresarios que se encargaban de estimular psicoloxicamente os posibles viaxeiros e de efectuar tódolos trámites referentes ó traslado; obtiñan comisións por parte do emigrante, das compañías navais, dos axentes oficiais, dos pousadeiros e das empresas americanas interesadas en recrutar traballadores. “Causas de la migración y tipología de los emigrantes”. En *Historia general de la emigración española a Iberoamerica*. Madrid, CEDEAL, 1992, vol. I, p. 235.

86. ANCR, Serie Relaciones Exteriores, nº. 9.849.

87. *La Gaceta*. 2 de decembro de 1893.

Outras inmigracións e contratos

Do período de 1880-1930 atopáronse outros contratos asinados entre a Secretaría de Fomento e particulares para traer inmigrantes; sen embargo, descoñécese se se concretaron todos. Un deles foi o subscrito entre Estévan M.^a Perera, español, e don Bruno Carranza o 4 de xuño de 1881, co propósito de traer 8.500 inmigrantes brancos para que traballasen na agricultura. A cambio disto, o goberno comprometiase a entregarlle a Perera uns terreos na comarca de Limón. O contrato con Augusto Gissler para traer alemáns para coloniza-la Illa do Coco, refundido no contrato do 2 de xullo de 1891 e o n.º 2 do 17 de abril de 1894⁸⁸. Ese mesmo ano asinaron un contrato José Quirós Montero e Ricardo Pacheco, este último como secretario de Fomento, para traer cincuenta familias europeas de raza branca, que se estableceron en Santa Clara, xurisdicción de Limón⁸⁹. José Trepát y Galán asinou un contrato, o 1 de agosto de 1908, para fundar unha colonia de cen familias españolas na aba do volcán Turrialba, ó “lado de Santa Clara”⁹⁰. Estes inmigrantes saíron vía Barcelona por mediación de Antonio López⁹¹, chegaron a Costa Rica⁹², onde se estableceron na colonia “Montezuma”⁹³, e, conforme pasou o tempo, algúns perderon as súas colleitas e abandonaron o lugar. Uns establecéronse en Cartago, San Xosé⁹⁴, e nun predio propiedade do goberno en “Mastate”, Orotina, e outros saíron para Cuba. Trepát, pola súa banda, tivo serios pro-

88. Jiménez Zavaleta, Arnoldo: *op. cit.*, p. 73.

89. ANCR, Serie Fomento, n.º. 2.044, f. 83. 23 de abril de 1894.

90. Mario Zaragoza no seu artigo “La emigración española a Costa Rica”, que aparece no libro *Españoles en Costa Rica: la inmigración española*, pp. 56-57, menciona algúns detalles dos inmigrantes que chegaron neste grupo. En 1909 don Cleto González Víquez manifestaba que o seu goberno daría todo o seu apoio para que o proxecto de Trepát fose un éxito e engadía: “Este ensayo es de trascendencia para el porvenir, pues de su resultado dependerá en mucho que, detrás de los ya establecidos, vengan otros pobladores a aumentar esa colonia y a fundar otras nuevas”. Archivo General de la Administración Pública (en diante AGAP), Sección A. E., n.º. 1.692. Mensaxe do 1 de maio de 1909 e AGAP, Sección A. E., n.º. 1.692. 28 de xullo, 1919, despacho de Manuel de Caaleyno, que indica que chegaron 48 persoas, recrutadas por Trepát nas localidades de Artesa, Tudela de Segre, Merjá, Mongay, Praixens, Panadell, Llusas e outras da provincia de Lleida.

91. AMAE, Histórico, n.º. 2.044. Telegramas enviados polos representantes españois en Costa Rica ó Ministerio de Estado entre xaneiro e xullo de 1909.

92. AGAP, Sección A.E., n.º. 12.825. 15 de novembro, 1911.

93. *La Información*. Ano II, n.º. 842, 18 de maio de 1909.

94. Consejo Superior de Emigración: *La emigración española transoceánica 1911-1915*. Madrid, Publicaciones del Consejo Superior de Emigración, 1916, vol. I, p. 133.

blemas en España e Cuba por realizar este proxecto pero resultou absoluto⁹⁵; morreu en Costa Rica en 1921⁹⁶. Os pormenores deste caso escapan ós obxectivos deste artigo, polo que serán tratados noutra oportunidade.

O crecemento da poboación española, que pasou dos 1.033 españois censados en 1892 a 2.549 no ano 1927, estivo influído, en parte, pola migración que se dirixía á construción do Canal de Panamá⁹⁷. En 1907, unha carta da Sociedad Española de Beneficencia de Costa Rica (fundada en 1866) informaba ó cónsul de España en Costa Rica, Luis Torres Acevedo, da frecuente chegada de españois procedentes do Canal e solicitaba dirixir unha protesta ó goberno español, para que os comisionados encargados de recrutar traballadores deixasen de engana-los españois que desexaban emigrar a Panamá⁹⁸. En 1908 promulgouse unha lei que prohibiu a emigración de españois a Panamá⁹⁹. Sen embargo, a Comisión do Canal requiría traballadores para as súas obras e recorreu a recrutadores ilegais¹⁰⁰. Os emigrantes chegaban a Limón e despois volvían embarcarse cara a Panamá¹⁰¹ co apoio das compañías transatlánticas¹⁰². A principios de 1912 a Administración da zona do Canal despediu un gran número de españois por seren os que percibían os salarios máis elevados¹⁰³. Desde esa data e ata 1914, a maioría dos españois que traballaron no Canal¹⁰⁴ marcharon de alí, polo que a emigración a Costa Rica foi outro destino máis para estes traballadores.

95. ANCR, Caixa R. E., nº. 186. 19 de marzo de 1909 e 1 de abril de 1909, informes de César Nieto.

96. Sociedad Española de Beneficencia. *Memoria de 1921*. San Xosé, Librería Imprenta y Encuadernación Alsina, 1921.

97. Consejo Superior de Emigración: *La emigración española transoceánica 1911-1915*. Madrid, Publicaciones del Consejo Superior de Emigración, 1916, vol. I, p. 134. O número de obreiros con destino a Costa Rica no quinquenio 1911-1915 é o seguinte: 1911: 811; 1912: 304; 1913: 307; 1914: 9; total: 1.477.

98. Carta da *Sociedad Española de Beneficencia de Costa Rica*, 20 de marzo de 1907.

99. Serrano y Jover, A.: *Guía del Emigrante Español a las Repúblicas Ibero-americanas*. Madrid, Imprenta de los Hijos de M. G. Hernández, 1909, p. 46. Real decreto do 11 de novembro de 1908, prohibición temporal de emigrar a Panamá.

100. AGAP, Sección A. E., nº. 1.702. Informe que menciona a detención en Santander de dous recrutadores para Panamá, de xaneiro de 1912.

101. AGAP, Sección A. E., nº. 1.702, 23 de novembro de 1911.

102. Consejo Superior de Emigración: *op. cit.*, p. 135; AGAP, Sección A. E., nº. 1692.

103. AGAP, Sección A. E., nº. 1.699. 14 de xullo de 1912.

104. Yolanda Marco indica que entre 1904-1914 se contrataron 8.298 obreiros españois na Canle e que foron o segundo grupo en importancia se atendemos á súa orixe nacional, despois do grupo de traballadores afroantillanos. Marco Serra, Y.: *Los obreros españoles en la construcción del Canal de Panamá*. Panamá, Editorial Portobelo, 1996, p. 3.

A finais de 1911 o cónsul español en Costa Rica informaba da chegada dun centenar de emigrantes galegos e de Castela a Vella que tiñan moitas dificultades para atopar traballo, debido ás malas condicións económicas que atravesaba o país¹⁰⁵.

Ricardo Dent Prieto e don Ricardo Jiménez, presidente da República, tamén asinaron un contrato o 4 de xaneiro de 1913, para traer 500 inmigrantes europeos, “que no sean turcos, ni gitanos”¹⁰⁶, dedicados ó servizo doméstico mediante convenios establecidos previamente. Por último, o contrato Volio-Brichetti Gay, asinado por Carlos Volio T. e Alejandro Brichetti Gay do 27 de outubro de 1927¹⁰⁷.

O resto dos contratos atopados e outros documentos non mencionan o interese de traer españois senón, máis ben, poboadores de Kingston¹⁰⁸, China¹⁰⁹, Italia¹¹⁰, Xapón¹¹¹, Estados Unidos¹¹² e Suecia¹¹³.

105. AGAP, nº. 1.692.

106. ANCR, Serie Fomento, nº. 2.044, f. 191.

107. Jiménez Zavaleta, Arnoldo: *op. cit.*

108. ANCR, Serie Fomento, nº. 1.878. 13 de agosto de 1892. O cónsul de Costa Rica en Kingston xustifica a recepción da nota enviada polo Ministro de Fomento acerca do embarque de, unicamente, 50 inmigrantes con destino á colonia “Maceo” para rapidamente dirixirse a Limón, e non os 110 que desexaban vir. (Refírese á colonia cubana que se estableceu en Nicoya). ANCR, Serie Fomento, nº. 3.690. 15 de setembro de 1892. 59 colonos conducidos a Nicoya, asina Balvanero Vargas, gobernador de Limón. Non indica a nacionalidade, pero si fala do cumprimento dun contrato no que o 75 por cento dos colonos debían ser de *raza branca*. Tamén menciona os gastos de transporte e estadia desde Limón a San Xosé.

109. Geo Milliken, mineiro, solicitou o ingreso de dous chineses para a mina “Trinidad” en Las Ciruelitas, cerca de Puntarenas. Milliken indicou que os traería de San Francisco de California. ANCR, Serie Gobernación, nº. 4.995. 1887. Citado por Fonseca, Z.: *Los chinos en Costa Rica en el siglo XIX* (Memoria de Licenciatura en Historia). San Xosé, Universidad de Costa Rica, Facultad de Ciencias Sociales, 1979, p. 62.

110. En decembro de 1887 chegou ó país o primeiro grupo de 756 peóns italianos orixinarios de Mantua. Cinco meses despois 671 máis. Estes italianos foron traídos por Mainor Keith para a construción do ferrocarril ó Atlántico. ANCR, Serie Gobernación, nº. 7.267. 14 de decembro de 1887. Para estudar a migración italiana, ver Bariatti, R.: *La inmigración italiana en Costa Rica, 1821-1968* (Memoria de licenciatura en Historia). Heredia, Universidad Nacional, 1987.

111. ANCR, Serie Fomento, nº. 2.044, ff. 78-80. Contrato suscrito a nome de Luis Boissevain e Mollet e Ricardo Pacheco como subsecretario do Despacho de Fomento, asinado o 14 de marzo de 1894.

112. ANCR, Serie Fomento, nº. 1881, ff. 1-7. William H. Reynolds comunicalle ó ministro de Fomento a chegada a Costa Rica de 35 norteamericanos o 24 de abril de 1892; ANCR, Serie Fomento, nº. 1.892. O Sr. Blackburn informa do interese de traer a Costa Rica entre 1.500 e 2.000 colonos. Na resposta indicánlle que están de acordo e que inicie os trámites.

113. ANCR, Serie Congreso, nº. 8.803; ANCR, Serie Fomento, nº. 1.890, f. 130.

Características da poboación española durante o período

Unha revisión do Censo Municipal de San Xosé do ano 1904 permite coñecer os lugares de nacemento¹¹⁴ dos españois que se atopaban nese momento na cidade. Dun total de 99 españois que especificaron España como o seu lugar de nacemento, atopamos que quince eran canarios, catorce cataláns, doce casteláns (de Castela e León), dez asturianos, nove galegos, catro madrileños, catro andaluces, catro naceran en Santander (Cantabria), tres proviñan das illas Baleares, dous do País Vasco, un de Valencia, trece indicaron que naceran en España, pero non especificaron o lugar, dous naceron en antigas colonias españolas¹¹⁵ e seis naceron en lugares aínda non localizados.

Eses datos permiten inferir que os españois emigraron de lugares moi distantes entre si, o que evidencia unha característica de diversidade rexional. Ese trazo coincide cos estudos realizados sobre a migración española a América pois, como indica Sánchez-Albornoz:

Quienes se ausentaron no fueron españoles cualesquiera sino ante todos los gallegos, asturianos y canarios [...] ¹¹⁶.

Neses datos reflíctese, ademais, que o 30 por cento do total dos emigrantes (correspondente a trinta persoas) proviñan especialmente de lugares situados no noroeste de España, como Asturias, Galicia¹¹⁷ e Castela e León.

Entre a poboación española que sinalou o seu lugar de nacemento, 75 eran homes e 15 mulleres. Este dato concorda coas investigacións efectua-

114. É axeitado aclarar que non toda a poboación española rexistrada neste censo informou sobre o seu lugar de nacemento, polo que nesta parte analizarase só a poboación que si facilitou esta información.

115. Pero con data de nacemento anterior á independencia destas colonias (Cuba e Porto Rico).

116. Blanca Sánchez, B.: *op. cit.*, p. 205.

117. Sobre Galicia, o investigador Alexandre Vázquez González considera que esta debe ser vista como una gran rexión migratoria ibérica que supera límites provinciais, rexionais e nacionais, pola súa conexión co norte de Portugal, Galicia e Asturias, áreas das que partiu unha predominante proporción da emigración da Península Ibérica a América. Vázquez González, A.: "El uso de fuentes personales para el estudio de la emigración de Galicia: estado presente y perspectivas". *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, Bos Aires, 1, nº. 33, 1996, p. 314. Sobre a migración galega, este mesmo autor ten varias publicacións importantes, entre elas: "Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: Las funciones de las redes sociales informales". En Llordén Miñambres, M. (comp.): *Acerca de las migraciones centroeuropeas y mediterráneas a Iberoamérica: Aspectos sociales y culturales*. Oviedo, Universidad de Oviedo, 1995, pp. 93-122.

das noutros países, que caracterizaron esa época de gran migración en masa como unha migración fundamentalmente masculina. Ademais, cómpre indicar que a maioría dos contratos asinados para a traída de inmigrantes mencionaban o requisito de que esta poboación fose masculina. Como exemplo témo-lo contrato con Mendiola, onde o noventa e nove por cento dos inmigrantes eran varóns.

Con respecto ós lugares de residencia dos españois descubrimos que vivían principalmente nos distritos do Carmen, Catedral e Hospital, e minoritariamente no distrito Merced. Non achamos ningunha evidencia de concentracións residenciais de españois en zonas específicas da cidade.

En canto ás idades, a maioría era poboación en idade reproductiva, relativamente nova. O 86 por cento dos varóns e o 81 por cento das mulleres estaban entre os 15 e os 55 anos.

Respecto ó estado civil, cincuenta españois estaban casados, corenta e un solteiros, nove viúvos e unha persoa non sinalou o seu estado civil.

Unha revisión moi xeral das ocupacións desa poboación permite observar que o 37 por cento dos varóns españois traballaron en actividades vinculadas co comercio, a maioría como propietarios de negocios (correspondente a trinta e sete persoas). O censo de poboación de 1927¹¹⁸ tamén amosa que, dun total aproximado de 591 españois, a maioría sinalou como actividade económica o comercio (un 21 por cento)¹¹⁹ e un 15 por cento rexistrouse como propietario de negocios comerciais, o que evidencia unha continuidade nas ocupacións desta poboación entre 1904 e 1927 na cidade de San Xosé. Pola súa banda, a maioría das españolas, en 1904, indicaron como actividade os oficios domésticos (quinze mulleres dun total de vinte e cinco); en 1927, o 74 por cento delas anotaron esa mesma actividade.

O censo comercial de 1915¹²⁰ amosa a mesma situación que o censo municipal de San Xosé de 1904 e o censo de poboación de 1927, é dicir, o predominio dos comerciantes españois sobre o resto dos estranxeiros nesta mesma actividade. Efectivamente, nun resumo por nacionalidades e suma de impostos para a provincia de San Xosé, os españois sitúanse como o grupo de

118. *Base de datos del Censo de Población de 1927*. San Xosé, Centro de Investigaciones Históricas de América Central, 1997. Quixera agradecerlles a Mario Samper, Virginia Mora, Nancy Worsfold e José Manuel Cerdas, por autorizarme o uso dos arquivos deste censo.

119. *Ibid.* Outras actividades ás que se dedicaban os españois na cidade de San Xosé, segundo o censo de poboación de 1927, eran: 79 a traballos artesáns (14 por cento), 57 persoas a profesionais e técnicos (10 por cento); as mulleres, nun 71 por cento, dedicábanse a oficios domésticos. A distribución por sexo era de 373 homes e 218 mulleres.

120. *Censo Comercial de 1915*. San Xosé, Ministerio de Fomento, 1916, p. 450.

estranxeiros con maior número de negocios e como os que máis impostos tiñan que pagar. Dun total de 1.697 negocios anotados, os españois tiñan o 18 por cento e pagaban o 27 por cento do total, ou sexa €13.334,20 (o total que tiñan que pagar entre todos era €49.364,90). Pola súa banda, os costarriqueños aparecen como donos do 64 por cento dos negocios (1.092) e pagaban o 47 por cento do total da provincia.



Hotel Europa do español Carlos Ventura, situado na Avenida Fernández Güell e Rúa 2 Sur, fundado en 1908

Con respecto ó tipo e número de negocios que estaban en mans de españois na cidade de San Xosé, obsérvase no censo comercial de 1915 que a maioría dos negocios eran restaurantes (62 negocios), despachos de billetes ou venda de augardente (40 negocios), viñaterías (37 negocios) e cafeterías (24 negocios). No tocante á exclusividade nalgún tipo de negocio, a confeitaría do catalán Pablo Torrens Badía era a única que aparecía rexistrada no censo; 24 das 31 cafeterías eran de españois, 2 das 3 fábricas de candeas, 6 das 11 pastelerías, 1 das 2 papelerías, 37 das 80 viñaterías, 6 dos 14 hoteis, 13 dos 35 billares e 40 dos 110 establecementos de augardente. Por último, os españois tiñan, sen dúbida, un lugar importante na actividade comercial de San Xosé deses anos, ó estaren rexistrados en 32 dos 44 tipos de negocios que aparecen no censo (sumando o 73 por cento do total)¹²¹. Efectivamente, un informe do Consulado indica en 1919:

121. Nos transportes e vehículos non aparecen os datos da nacionalidade dos donos.

(...) una buena parte del comercio de lujo está en poder de españoles; españolas son las principales casas que realizan negocios de importación al por mayor; españolas la inmensa mayoría de las tiendas y almacenes que monopolizan el comercio de las vías centrales de la ciudad; españoles los establecimientos de los alrededores del Mercado considerados de menor categoría, y si del comercio en grande escala pasamos al de modestas proporciones, españoles son la casi totalidad de “pulperos”, nombre con que se designa a las casas de comidas y bebidas que tanto abundan en el país y difícil será encontrar una calle donde no tenga algún español su negocio establecido¹²².

O mesmo informe engadía que os españois eran “dueños de casi todo el comercio alto y bajo de la capital”¹²³, pero laméntase de que nos seus negocios se expendan produtos norteamericanos máis que españois. Isto evidencia que os españois eran un grupo moi significativo nesta actividade.

CONCLUSIONES

As políticas migratorias costarrriqueñas presentes no século pasado e principios do actual amosaron a existencia de criterios selectivos para a chegada de inmigrantes e, aínda que estas políticas trataron de privilexia-la migración de europeos, incluíndo os españois, os resultados non foron tan cuantiosos coma noutros países latinoamericanos.

A poboación inmigrante chegou ó país motivada por diversos mecanismos; algúns foron: a) por inducción, a través de axentes que os contrataron no exterior; b) por parentesco ou familiaridade, xa que se estableceron “cadeas migratorias”¹²⁴ que lles proporcionaron un lugar de permanencia ou axuda económica cando chegaron ó país, por medio de amigos ou veciños; e c) algúns inmigrantes viñeron probar fortuna; tal vez fose unha minoría, pero atopáronse casos deste tipo¹²⁵.

122. AGAP, nº. 12.829. 1919.

123. *Ibid.*

124. “Cadena migratoria [...] se puede definir por el conjunto de contactos personales, comunicaciones y favores entre familias, amigos y paisanos en ambas sociedades: la emisora y la receptora, que fueron factores fundamentales para determinar quiénes emigraban, cómo elegían su destino, dónde se establecían, cómo obtenían trabajo y con quiénes se relacionaban socialmente”. “Causas de la emigración y tipología de los inmigrantes”. En *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*. Madrid, CEDEAL, 1992, p. 245.

125. Estes dous últimos mecanismos deberán ser estudiados con amplitude en futuras investigacións, sobre todo a través da fonte oral, dos arquivos consulares, e dos arquivos da Sociedad Española de Beneficencia, entre outros.

Estes tipos de migracións ilustran dous factores importantes que concorreron para que sucedese este fenómeno:

a) Os factores de atracción ou “pull”, producidos pola migración inducida a través de contratos para traer inmigrantes con dúas intencións: primeiro, coa finalidade de poboar áreas incultas e segundo, con fins laborais, onde a migración foi, nalgúns casos, temporal, posto que o que interesaba era a forza de traballo que esta poboación podía ofrecer.

b) Os factores de expulsión, denominados “push”; ou sexa, as presións exercidas por diversos factores no país de orixe, que provocaron a saída da poboación; no noso caso, a migración masiva española.

Durante o período denominado de “gran migración en masa”, os españois, aínda que se atopaban presentes en tódalas provincias de Costa Rica, concentráronse na capital e na súa provincia. Os españois que foron vivir á cidade de San Xosé eran na súa maioría varóns. Aínda que é certo que boa parte dos inmigrantes que chegaron nas últimas tres décadas do século XIX era unha poboación de extracción económica baixa¹²⁶, dedicada principalmente a labores agrícolas e domésticos, tamén se incorporou unha poboación profesional que se dedicou á ensinanza e outras actividades. A principios do século XX os españois que vivían en San Xosé traballaban na súa maioría no comercio¹²⁷ e, dentro desta actividade, exerceron un papel importante. Este aspecto debe ser estudiado con máis detalle, xa que se debe establecer con claridade se se produciu un ascenso social entre eses estranxeiros ou se máis ben chegou a Costa Rica un tipo de inmigrante con máis recursos económicos ca no período anterior.

126. Esta situación dedúcese das listas dos inmigrantes españois, aínda que é posible que algúns deles mentiran ó indicaren a súa ocupación para cumpriren cos requisitos esixidos e poder entrar no país.

127. Así mesmo, cómpre lembrar que algúns inmigrantes acabados de chegar, produto das cadeas migratorias, establecéronse ó abeiro de familias que xa dispuñan de medios económicos e se dedicaban ó comercio.

Resumo

ESPAÑÓIS NA CIDADE DE SAN XOSÉ A FINS DO SÉCULO XIX E PRINCIPIOS DO XX

Guiselle Marín Araya

O estudio das características fundamentais do grupo de emigrantes españois en Costa Rica no período que vai dende 1880 ata 1930, asentados basicamente en San Xosé, constitúe o obxectivo xeral deste artigo, no que ademais se analizan as políticas migratorias imperantes na época, e achégase un maior coñecemento sobre os distintos proxectos de colonización e inmigración. A través das fontes censuais consultadas analiza variables coma o sexo, a idade, a zona de procedencia ou as ocupacións da colectividade española neste país centroamericano.

Palabras clave:

Emigración española, Costa Rica, políticas migratorias, proxectos de colonización, censos.

Resumen

ESPAÑÓLES EN LA CIUDAD DE SAN JOSÉ A FINALES DEL SIGLO XIX Y PRINCIPIOS DEL XX

Guiselle Marín Araya

El estudio de las características fundamentales del grupo de emigrantes españoles en Costa Rica en el período que va desde 1880 a 1930, asentados básicamente en San José, constituye el objetivo general de este artículo, en el que además se analizan las políticas migratorias imperantes en la época, y se aporta un mayor conocimiento sobre los distintos proyectos de colonización e inmigración. A través de las fuentes censales consultadas analiza variables como el sexo, la edad, la zona de procedencia o las ocupaciones de la colectividad española en este país centroamericano.

Palabras clave:

Emigración española, Costa Rica, políticas migratorias, proyectos de colonización, censos.

Résumé

ESPAGNOLS DANS LA VILLE DE SAN JOSÉ À LA FIN DU XIX^e SIÈCLE ET AU DÉBUT DU XX^e

Guiselle Marín Araya

L'étude des caractéristiques fondamentales du groupe d'émigrants espagnols au Costa Rica entre 1880 et 1930 et établis essentiellement à San José constitue l'objectif général de cet article. Dans ce dernier, les politiques migratoires dominantes de l'époque ont également été analysées et il y a un apport de plus amples connaissances sur les différents projets de colonisation et d'immigration. Au moyen des ressources des recensements, des variables comme le sexe, l'âge, la zone d'origine ou les professions de la collectivité espagnole dans ce pays d'Amérique Centrale ont été analysées.

Mots-clefs:

Émigration espagnole, Costa Rica, politiques migratoires, projets de colonisation, recensements.

Summary

SPANIARDS IN THE CITY OF SAN JOSÉ AT THE END OF THE 19th CENTURY AND BEGINNING OF THE 20th CENTURY

Guiselle Marín Araya

The study of the basic characteristics of the group of Spanish emigrants in Costa Rica in the period from 1880 to 1930, settled mainly in San José, constitutes the main objective of this article, in which also the migratory policies prevailing at the time are analysed, and thereby gain a greater knowledge of the different projects of colonisation and immigration. Through the census sources consulted, variables such as sex, age, area of origin or occupation of the Spanish collective in this Latin American country are analysed.

Key words:

Spanish emigration, Costa Rica, migratory policies, colonisation projects, census.

Currículo

GUISELLE MARÍN ARAYA. Mestría en Historia coa especialidade en Historia de Centroamérica da Universidade de Costa Rica e estudos en computación na Universidade Nacional de Heredia. Docente da Universidade de Costa Rica. Traballou varios anos no Centro de Investigacións Históricas de América Central no programa de historia colonial. As súas últimas investigacións dedicounas ó estudio da inmigración española en Costa Rica.

TRABALLADORES POLONESES NOS ESTADOS UNIDOS (1880-1925): DE LABREGOS A POLONESES

Adam Walaszek

O presente artigo ten como obxectivo analiza-la reacción activa dos inmigrantes poloneses fronte á realidade política e social da América industrial. Estúdanse deste xeito os casos onde a identidade étnica e a etnicidade entran en xogo e coincidencia coa identidade de clase. Examínase así o xeito en que os inmigrantes poloneses utilizaron elementos propios da súa cultura popular nacional na loita por melloraren a súa posición social. Iso demostra que o uso estratéxico deses elementos da súa identidade e cultura étnica tamén capacitou á clase obreira inmigrante polonesa para apelar á solidariedade e apoio do conxunto da comunidade étnica inmigrada, incluíndo as clases medias, no decurso das súas accións folguistas ou doutras formas de protesta.

Os polaco-americanos responderon de xeito creativo ás condicións de vida en América. De feito, nas protestas laborais é posible rastrexar tanto elementos levados dende o seu país de orixe como a aparición de novos comportamentos. Entre estes estaba a intención de crear organizacións de traballadores ou sindicatos. Reducindo os meus obxectivos a dimensións manexables, limitareime á análise da participación inmigrante nas folgas e mais a salienta-la participación dos inmigrantes nas folgas e as actitudes destes fronte ós sindicatos. Este artigo analiza a relación existente entre a identidade étnica e a protesta dos traballadores inmigrantes da industria, atendendo á seguinte secuencia, en boa medida cronolóxica:

1. O uso de formas culturais nas protestas por parte dos labregos europeos no seu lugar de traballo.
2. A creación de organizacións de traballadores con carácter exclusivamente étnico como forma de autodefensa obreira.
3. O xurdimento dunha nova identidade como traballadores “americanos” entre a clase obreira de polaco-americanos, unha identidade fortalecida pola presenza das institucións e dos líderes da clase media polaco-americana¹.

1. Entendido segundo a definición de Barkan, E. R. (1995): “Race, religion and Nationality in American Society: A Model of Ethnicity. From Contact to Assimilation”, *Journal of American Ethnic History*, 14, n.º. 2, pp. 54-55.

Nembargante, estes estadios evolutivos non sempre seguiron un modelo lineal simple e, aínda despois de aparecer unha maior consciencia de “americanidade” ó remate da Primeira Guerra Mundial, os traballadores polaco-americanos seguían a estar interesados na mellora do prestixio do seu grupo étnico ante a sociedade norteamericana. En boa medida, este esquema é paralelo ó apuntado por D. Lokwood, quen describe tres tipos de imaxes da sociedade americana que predominarían entre a clase obreira:

1. Un modelo xerárquico ou diferencial.
2. Un modelo dicotómico “asociado á [...] solidariedade de clase baseada no traballo e maila participación comunal”.
3. Un modelo privado que expresaría “percepcións instrumentais do traballo e dos roles laborais, e a primacía de preocupacións ligadas ó mundo doméstico e familiar”².

INMIGRACIÓN E TRABALLO EN AMÉRICA

O número estimado de poloneses chegados ós Estados Unidos con anterioridade á Primeira Guerra Mundial é de 2,5-3 millóns. Un 90% deles sería de orixe campesiña. Polo menos o 80% acabou traballando en cidades industriais, empregados como peóns ou obreiros non cualificados, porque, segundo as palabras do economista Leopold Caro, “os traballadores americanos non se encargaban de traballos de baixa categoría”³. Segundo outro autor, contra 1898, o 90% dos poloneses gañaba cartos “facendo os traballos máis duros e peor pagos”; en Johnstown, Pa., unha típica empresa urbana, o 87% dos homes poloneses empregábase en fábricas siderúrxicas como traballadores non cualificados ou obreiros sen cualificar; en Pittsburgh esa porcentaxe chegaba a un 90%⁴. Conxuntamente con outros grupos de europeos do leste,

2. Descríboo baseándome en Morawska, Ewa (1985): “East European Labourers in an American Mill Town, 1890-1940: The Differential-Proletarian-Privatized Workers?”, *Sociology*, 19, nº. 3, pp. 368-369.

3. Caro, L. (1907): “Statystyka emigracji ploskiej i austro-węgierskiej do Stanów Zjednoczonych Ameryki Północnej”, *Czasopismo Prawnicze i Ekonomiczne*, 8, p. 275; cf. Graziosi, A. (1981): “Common Laborers, Unskilled Workers: 1890-1915”, *Labor History*, vol. 22, nº. 4, pp. 516-522, 534.

4. Parot, J. J. (1972): “Ethnic versus Black Metropolis: The origins of Polish-Black Housing tensions in Chicago”, *Polish-American Studies*, nº. 1-2, pp. 24-36; Panek, Piotr (1989): *Emigracja polska w Stanach Zjednoczonych A. P.*, Lviv, p. 15; Caro, “Statystyka”, p. 277; Morawska, E. (1982): “T was Hope Here: the Polish Immigrants in Johnstown, Pennsylvania 1890-1930”, en Rekiewicz, F. (ed.): *The Polish Presence in Canada and America*, Toronto, p. 33.

os poloneses compoñían o estrato social máis baixo. Deberíamos comparti-la afirmación dun estudioso socialista que expuxo que “as diferencias de ingresos entre traballadores americanos e inmigrantes correspóndense coas diferencias de ingresos entre traballadores cualificados e non cualificados”⁵. O traballo dos obreiros poloneses era duro –como moitas veces sinalaban nas súas cartas, nas que escribían “En América os poloneses traballaban coma o gando”–; tampouco era estable nin seguro⁶.

A supervisión dos obreiros non cualificados no posto de traballo foi labor do que se encargaron diversos grupos étnicos que chegaran como inmigrantes con anterioridade, a comezos do século XIX. En Nanticoke, Pensilvania, o nome do primeiro capataz polonés relembrouse no 1922, tan insólito era o feito de que un polonés conseguise o cargo de supervisor cincuenta anos antes⁷. De aí que, ó explica-lo despedimento de obreiros poloneses de varias fábricas en Chicopee Falls, Mass., o semanario polonés *Zgoda* atribúa iso ó feito de non existir ningún capataz polonés nelas. Pola contra, todos eran “ianquis, irlandeses, franceses”⁸.

INMIGRANTES: “RESPOSTA COMUNAL”⁹ E DEFENSA

Veciñanza e institucións étnicas

Fronte á vella análise histórica que caracteriza a experiencia do inmigrante en termos traumáticos e case patolóxicos, diversas teorías demostraron nos últimos anos que os poloneses adaptaron con éxito a súa herdanza cultural europea ás novas condicións, para poderen desafiar mellor as novas condicións ambientais en Norteamérica. A primeira resposta á orde industrial urbana foi unha resposta de tipo “comunal”.

A formación de veciñanzas e comunidades étnicas foi a primeira estratexia. E estas comunidades étnicas chegarían a ser moi útiles durante as loitas que tiñan lugar no traballo. Membros de familias numerosas ofrecían axuda non só na iniciación e organización da “cadea migratoria”, senón tamén axu-

5. R. M[azurkiewicz] (1913): *Zagadnienie migracji do Stanów Zjednoczonych*, s.l., p. 22.

6. Walaszek, A. (1988): “For in America Poles Work Like Cattle: Polish Peasant Immigrants and Work in America 1890-1891”, en Debouzy, M. (ed.): *In the Shadow of the Statue of Liberty. Immigrants, Workers and Citizens in the American Republic 1880-1920*, Saint Denis; pp. 95-105.

7. *Niedzielny Gornik*, 7 de maio de 1922, p. 12.

8. *Zgoda*, 26 de marzo de 1908, p. 8.

9. Pacyga, D. (1991): *Polish Immigrants and Industrial Chicago: Workers in the West Side, 1880-1922*, Columbus, Ohio, p. 111.

dando a parentes a atopar e manter un traballo. As comunidades polonesas eran tan extensas que un novo alpinista que chegara ó Mount Pleasant en 1899 lembraba: “Querido Deus, estamos aquí coma unha familia”¹⁰. “¡Isto non é América! ¡Isto é Tarnów, Stanislawów!” exclamou un xornalista con grande abraio ó chegar a América¹¹.

Cada membro da familia contribuía co seu traballo ou co seu salario á economía familiar. As mulleres que non traballaban fóra mantiñan a casa recibindo hóspedes; os rapaces tamén traballaban¹². Tales prácticas estaban de acordo coas tradicións traídas de terras polonesas. As familias criaban animais, cultivaban verduras nas hortas, recollían lixo e refugallos dos vertedoiros das cidades ou o carbón que caía dos vagóns. O bar, un imán para os homes, era o centro social e político, un club plebeo onde un podía fiarse dos demais, pedir consellos e conforma-la súa opinión sobre os asuntos de actualidade, mentres bebía un vaso de vodka ou cervexa. As tabernas foron cruciais nos comezos do proceso de organización social dos inmigrantes poloneses. Os comités das parroquias reuníanse nelas para decidiren como fundar unha igrexa. Aí era tamén onde os folguistas e sindicalistas se encontraban. A cantina do pai de Leo Krzycki en Milwaukee, por exemplo, serviu como club para os Cabaleiros do Traballo¹³. Mesmo persoas de orixes étnicas diferentes eran capaces de pasa-lo seu lecer xuntos. O descoñecemento doutra lingua non era un atranco. “Nós utilizabámo-la linguaxe de signos”, subliñaba un obreiro fundidor polonés¹⁴.

Nos distritos étnicos, fundáronse varias institucións (non necesariamente coñecidas en terras polonesas) que ofrecían axuda pecuniaria en caso de enfermidade ou defunción, e servían tamén como centros de información. A Alianza Nacional Polonesa (*Polish National Alliance*, PNA) fundou por algún tempo unha Secretaría de Traballo para “recompilar información e datos sobre as condicións de traballo que mantiñan as industrias naqueles

10. Bukowski, J.: “Yciorys tulacza syna Podhala”. (Manuscrito). Fondo de Memorias de Activistas Sociais da cidade, en Szkoła Główna Handlowa, Instytut Gospodarstwa Społecznego, Varsovia.

11. Dunikowski, E. H. (1893): *Wśród Polonii w Ameryce*, Lviv; p. 41.

12. Nowicki, S. (1973): “Back of the Yards”, en Lynd, A. S. (ed.): *Rank and File. Personal Histories by Working Class Organizers*, Princeton; p. 69.

13. Miller, E. (1976): “Leo Krzycki-Polish-American Labor Leader”, *Polish American Studies*, nº. 2, p. 52.

14. Brody, David (1960): *Steelworkers in America. The Nonunion Era*, Nova York-San Francisco; pp. 120-121, 246-247, 260-261; Coroner Files, casos 931, 937, 1417, 1737, 4046, 4554, 5015, Cuyahoga County Archives, Cleveland, Ohio.

momentos”¹⁵. As igrexas polonesas en América ofrecían tamén unha grande axuda. Eran algo máis que institucións relixiosas, xa que en moitos casos os pastores axudaban ós traballadores a atopar emprego¹⁶.

Protestas

No período de “resposta comunal”, os inmigrantes non se amosaban nin submisos nin dóciles crebafolgas e, adoito, resistíanse ó sistema económico e social no que se inseriran. Tan axiña como chegaban ós Estados Unidos, aínda que previamente non se involucrasen en tales accións, os inmigrantes participaban nas protestas dos traballadores, figuraban entre os seus promotores e a miúdo eran decisivos no resultado final destas. A bagaxe cultural previa dos inmigrantes era decisiva á hora de vehiculizar e facilita-las súas accións. Certamente, o comportamento dos traballadores emigrantes e mailos seus obxectivos pode que tivesen connotacións étnicas. Mais os obxectivos e a lóxica das loitas non eran de tipo étnico. A xente que chegaba a América procedía de territorios onde os conflitos entre casas propietarias e comunidades campesiñas aínda estaban latentes (malia que as modalidades daqueles podían ser diferentes dunha rexión a outra)¹⁷. R. Kantor lembrounos recentemente que os inmigrantes levaban canda eles só algúns elementos da súa previa “bagaxe cultural”¹⁸. É dicir, a finais do século XIX xa irromperan novas xeracións de inmigrantes poloneses, para os que a servidume rural xa non era familiar, eran máis independentes e, xa que logo, menos humildes. E eses foron trazos característicos da súa actividade nos Estados Unidos.

A actividade folguista estivo acompañada por rituais con significado relixioso e cultural. Durante a folga do carbón de 1902, os mineiros reuníanse nos parques da cidade axitando bandeiras sindicais e pancartas nas que se lía

15. *Zgoda*, 14 de xaneiro de 1904, p. 1; “Komisja Przemysłu i Handlu”, en *Zgoda*, 1907-1908. Walaszek, A. (1988): *Polscy robotnicy, praca i związki zawodowe w Stanach Zjednoczonych Ameryki, 1880-1922*, Wrocław-Varsovia; pp. 69-71.

16. Carta de A. Kolaszewski ó bispo R. Gilmour, 4 de novembro de 1890, pp. 1-6. Arquivo Parroquial de San Estanislao, Arquivo Diocesano de Cleveland, Cleveland, carpeta 1872-1892.

17. Cf. Puskas, Julianna; Blank, Inge; Rössler, Horst; Knapic-Khren, Cvetka (1993): “Rural and Artisanal Protest in Western East Central and Southeastern Europe from the Early 19th Century to World War I”, en Hoerder, Dirk e Rössler, Horst (eds.): *Roots of Transplanted*, Boulder, vol. 2; pp. 16-30.

18. Kantor, Ryszard (1990): *Między Zaborowem a Chicago. Kulturowe Konsekwencje istnienia zbiorowoci imigrantów z parafii zaborowskie w Chicago i jej kontaktów z rodzinnymi wsiami*, Wrocław-Varsovia.

“Longa vida para o sindicato”; e a música era interpretada pola banda parroquial A Nosa Señora de Czestochowa¹⁹. Durante a folga dos siderúrxicos en Hammond, Indianápolis, nun escuro vestíbulo:

Unha candea colocada sobre unha plataforma alumeaba, un a un, os homes que chegaban e bicaban a imaxe de almafi na cruz, axeonllándose diante dela. Alí xuraron que non serían crebafolgas.

A folga demostrou, tal como indica D. Brody, que os inmigrantes “eran folguistas eficaces porque eran labregos”²⁰.

As folgas dos inmigrantes a finais do século XIX e comezos do XX tiveron a súa causa, maioritariamente, nas mudanzas nas condicións de traballo, tales como a redución de salarios, os tratos discriminatorios ou as presións diversas por parte da patronal. No verán de 1885, durante a folga en Cleveland Rolling Mill Co., os traballadores escoitaron en polonés e checo o seguinte:

Eles non nos tratan como homes, e a carga é demasiado pesada para aturar... Esta é unha batalla polo pan e a honra, e debémonos comportar como obreiros honestos e valentes.

Durante este acontecemento, así como durante outras moitas folgas, as marchas de obreiros furiosos dunha fábrica a outra lembraban unha estampa semellante que tiña lugar durante as protestas en aldeas polonesas²¹, as cales adoitaban rematar nas portas da casa do patrón. Durante as revoltas campeñas que tiñan lugar en Rusia e na Polonia austriaca, os traballadores agrícolas armados con estacas marchaban cara ós señoríos para manifestaren as súas demandas. Durante a noite, ían cara a outro señorío e centos de labregos uníanse a eles polo camiño. Durante tres ou catro días, os manifestantes podían percorrer arredor de dez feudos. Estas protestas eran denominadas “folgas migrantes”²². En Cleveland, no 1885, arredor de 15.000 persoas, seguidas por tamborileiros e a bandeira americana, marchaban cara ó

19. *Wielkopolanin*, 22 de xullo de 1909, p. 1; 23 de setembro de 1909, p. 4.

20. Sun, Pittsburgh, citado en Brody, David: *Steelworkers*, pp. 139-140.

21. *Cleveland Leader and Herald*, 9 de xullo de 1885, 8 de xullo de 1885, 6 de xullo de 1885.

22. Kalabiński, S. e Tych, F. (eds.): *Walki chłopów Królestwa Polskiego w rewolucji 1905–1907*, vol. 3; pp. 682-83, 693-95. Dos mesmos autores (1969): *Czwarte powstanie czy pierwsza rewolucja? Lata 1905-1907 na ziemiach polskich*, Varsovia; pp. 110-112, 363-365; Najdus, W. (1958): *Szkice z historii Galicji*, Warszawa, vol. 1; pp. 262, 266.

City Hall e o National Bank Building, onde un comité de traballadores falara con W. Chisholm²³. Estes manifestantes reproducían un esquema de comportamento semellante ó das marchas dos traballadores agrícolas fronte á mansión do gran propietario.

As protestas en Europa tiñan o inestimable apoio da solidariedade das comunidades rurais. E as mulleres eran particularmente activas nesa solidariedade. Nos anos 80 do século XIX, as mulleres dunha localidade da Galitzia, armadas con fachos e zoscadoiros, defenderon os seus homes, que contrarrestaban un ataque. Xornaleiros e campesiños reaccionaban violentamente contra calquera indicio de creba da solidariedade do grupo. Aqueles que manifestaban intención de traballar eran expulsados a golpes con pedras, caxatos e gadañas. Advertíaseles que “non ousen vir de novo, porque mallaremos neles”²⁴. En América, as folgas de inmigrantes tamén gozaban do apoio das familias, das comunidades e dos barrios étnicos. A xente toleraba mal conductas individualistas e, nomeadamente en situacións extremas, reaccionaba de xeito colectivo. Ser un crebafolgas podía significar a exclusión do grupo. Homes, mulleres e nenos atacaron as fábricas e os crebafolgas en xullo de 1885. “Mulleres amigas dos folguistas chegaban á escena cos seus mandís cheos de ladrillos e outras armas para seren arreboladas”²⁵. En 1899 as mulleres, dirixidas por María Waszkiewicz, guindáronlles un panfleto ós que camiñaban a pé cara ó traballo. Cando os líderes eran arrestados, as mulleres, nun comezo, trataban de ceibalos e despois remataban por acudir a Wilkes Barre para pagar a fianza²⁶. En Cleveland, durante unha folga no 1899, calquera que rompese a consigna de boicot ó transporte urbano arriscábase, mesmo se era ancián, a ser golpeado se subía a un coche.

A presión da comunidade podía chegar a ser enorme. Unha carta publicada nun semanario polonés testemuñaba o seguinte:

23. Leonard, H. B. (1979): “Ethnic Cleavage and Industrial Conflict in Late 19th Century America: The Cleveland Rolling Mill Company Strikes of 1882 and 1885”, *Labor History*, nº. 4, pp. 546, 536-541.

24. Najdus: *Szkice*, vol. 1, pp. 266-267; Kalabiński, S. (1963): “Walka chłopów guberni suwalskiej w rewolucji 1905-1907 ze szczególnym uwzględnieniem ziemi sejnenskiej”, en *Materiały do dziejów ziemi sejnenskiej*, Prace Białostockiego Towarzystwa naukowego, nº. 1, Białystok, pp. 330-332; Walaszek, A.: *Polscy*, pp. 82-83.

25. Leonard, “Ethnic”, pp. 531, 537-539; *Cleveland Leader and Herald*, 6, 7, 9, 11, 15-17 de xullo de 1885.

26. *Polonia w Ameryce*, 30 de setembro de 1899; Greene, V. R. (1968): *The Slavic Community on Strike. Immigrant Labor in Pennsylvania Anthracite*, Notre Dame; pp. 141-144. Outros exemplos en Walaszek, A.: *Polscy*, pp. 88-89.

O señor Edmund Szczyglinski admite publicamente o erro que cometeu con relación á Sra. Sawicka, a dona dunha tenda de roupa en Flete Street, sobre a que difundira rumores de que subira a un tranvía conducido por crebafolgas. Iso resultou ser falso²⁷.

As organizacións étnicas emprestábanlles axuda directa a folguistas e a outros, recollendo doazóns²⁸, e colaboraban así mesmo na organización de centros de axuda médica para os feridos nos enfrontamentos²⁹. A reacción da organización americana *Polonia* cara á matanza de Lattimer, por exemplo, contouse entre as máis iradas³⁰.

“RESPOSTA COMUNAL”: AS ORGANIZACIÓNS DE TRABALLADORES

Nos Estados Unidos, a formación de clase callou simultaneamente entre traballadores pertencentes a diferentes grupos étnicos, que crearon as súas propias culturas obreiras. O carácter excluínte dos sindicatos tamén propiciou a formación de “clase segmentada” no século XIX. A Federación Americana do Traballo (*American Federation of Labor*, AFL) impediulles eficazmente ós “novos” inmigrantes o acceso ós seus sindicatos de traballadores especializados³¹. A meirande parte dos sindicatos coidaba que “só os traballadores cualificados poderían contribuir á fundación dunha organización estable e eficiente”, razón pola cal só os traballadores cualificados e axudantes eran aceptados como membros³². Os Cabaleiros do Traballo (*Knights of Labor*) foi unha das poucas organizacións obreiras que, ignorando a carencia de cua-

27. *Polonia w Ameryce*, 10-VIII-1899.

28. *Zgoda*, 18 de xullo de 1894, p. 4; 15 de agosto de 1894, p. 4; 30 de outubro de 1902, p. 2; Osada, S. (1957): *Historia Zwizku Narodowego Polskiego*, Chicago, vol. 1, p. 544.

29. *Zgoda*, 21 de outubro de 1885, p. 2; 30 de outubro de 1902, p. 6; 30 de abril de 1908, p. 7.

30. Greene, *The Slavic*, pp. 141-42; *Dziennik Chicagoski*, 14 de outubro de 1897, p. 1; 15 de setembro de 1897, p. 1; 18 de setembro de 1897, p. 1; 21 de setembro de 1897, p. 1; *Gazeta Polska w Chicago*, 16 de setembro de 1897, p. 4; Brozek, A. e Pitkowska, D. (1978): “Prasa polska o masakrze robotników w Lattimer, Pensylwalnia (1897)”, *Zaranie Ćelskie*, nº. 2, pp. 259-267.

31. *Ameryka*, 20 xuño de 1896, p. 1; Lane, A. T. (1977): “American Labor and European Immigrants in the Late Nineteenth Century”, *Journal of American Studies*, 11, pp. 241-260; Lane, A. T. (1984): “American Trade Unions, Mass Immigration, and the Literacy Test: 1900-1917”, *Labor History*, 25, Winter, pp. 5-25.

32. Leonard, “Ethnic”, pp. 529, 543-44.

lificación, atraeu algúns inmigrantes recentes ás súas ringleiras, incluíndo cantidades relativamente respectables de poloneses³³.

As organizacións polonesas e as loitas obreiras

Na década dos 80 do século XIX, a prensa polonesa analizou a cuestión dos conflitos industriais. As reaccións variaban, mais os comentarios publicados na prensa polaco-americana adoitaban enxergar esas protestas como un impedimento ó esforzo por gañar prestixio internacional para a cultura polonesa e mesmo para a conquista da independencia nacional de Polonia. Os líderes políticos e intelectuais de *Polonia* en Nova York, conducidos por Erazm Jerzmanowski, declaraban no ano 1886:

Alporizados perante as novas dos disturbios de Chicago e Milwaukee que aconteceron o día da Constitución do 3 de maio, e nos que algúns poloneses poderían ter participado activamente, nós protestamos enerxicamente contra de calquera incidente, revolta ou violación da orde pública baixo calquera escusa, e con fondo pesar e tristura dos nosos corazóns sentimos que temos que protestar publicamente contra diso, xa que os nosos compatriotas deshonraron pola brava o cabodano da Constitución do 3 de maio.

A participación nos motíns podería “desgracia-la honra e o bo nome da patria”. E engadía:

Aquí, o voso sustento... é sen dúbida mellor que no país de orixe, onde a vosa lingua e crenzas son perseguidas... Irmáns na patria, non debedes unirvos á vermella bandeira do sangue, do asinato e do lume, no camiño de perversos socialistas e anarquistas. Non, paisanos: sexamos fieis á nosa vella bandeira polonesa³⁴.

33. Cf. Antoni A. Paryski (1945): *Ycie, praca czyny 1865-1935*, Toledo, pp. 13-14; Groniowski, K. (1977): “Socjalistyczna emigracja ploska w Stanach Zjednoczonych (1883-1914)”, *Z Pola Walki*, nº. 1, pp. 3-4; *Gaceta Polska w Chicago*, 22 de abril de 1886, p. 1; 17 de marzo de 1886, p. 3; *Zgoda*, 2 de marzo de 1887, p. 8; 16 de marzo de 1887; 4 de maio de 1887, p. 5; *Ameryka*, 20 de xuño de 1896, p. 1; Garlock, J. (1982): *Guide to the Local Assemblies of the Knights of Labor*, Westport, pp. 68, 75, 436; New York State, Bureau of Statistics of Labor, *Third Annual Report* (Albany, 1886), pp. 489, 491.

34. Protestas de poloneses de Nova York (manuscrito). Biblioteca Jagellona, Cracovia, Sección de Manuscritos, manuscrito 4987, pp. 64-65.

As folgas eran consideradas como unha actividade antipolonesa, pois eran tamén, a maiores, inmorais e antirrelixiosas. Aínda que a prensa polaco-americana admitiu que a vida dos traballadores era adoito tráxica, con todo, a única solución aceptada eran os acordos voluntarios entre traballadores e patróns, pero non as folgas e revoltas de traballadores³⁵. Esta, por exemplo, era a advertencia do reverendo A. Kolaszewski ós fregueses dende o púlpito:

Non busquéde-lo consello de falsos axitadores que vos arruinarán. Pola contra, purifícade a vosa mente mañá pola mañá... indo ó traballo como homes e redimindo o voso lugar na confianza daqueles que tedes decepcionado polos vosos actos temerarios³⁶.

Contra a fin de século, a prensa pasou a xustificar cada vez máis a participación nas folgas. As novas controversias xiraban agora arredor das formas da protesta, o grao de organización e o estilo do liderado. No 1884, *Polak w Ameryce* non criticaba os poloneses por declarárense en folga, senón por loitaren contra da policía³⁷. A Igrexa Católica Nacional Polonesa (*Polish National Catholic Church*, PNCC), que se esgazara da Igrexa Católica Romana a finais do século XIX, tratou de educa-los traballadores inmigrantes. Eventualmente, na medida en que esta Igrexa incrementou o seu apoio ós folguistas e ós sindicatos –particularmente para o Sindicato de Traballadores Mineiros, que se estaba a organizar en Pensilvania–, este programa social comezou a asemellarse ó dos socialistas. *Stra*, o semanario da PNCC, aconselláballes ós poloneses que participasen activamente na democracia americana. Tamén argumentaba que os sindicatos de traballadores deberían formular programas para defende-los grupos étnicos, termar da súa aculturación e conseguila “emancipación” dos inmigrantes poloneses³⁸.

Opinións semellantes, provenientes neste caso dunha sociedade laica de axuda mutua, manifestáranse con anterioridade en programas semellantes. O

35. *Wiara i Ojczyzna*, 27 de marzo de 1888, p. 382; 10 de abril de 1888, p. 398; 14 de xaneiro de 1891, pp. 24-25; *Gazeta Polska w Chicago*, 28 de abril, pp. 2-3.

36. *Cleveland Leader and Herald*, 13 de xullo de 1885, p. 8.

37. *Polak w Ameryce*, 7 de febreiro de 1888, pp. 1-2; 10 de febreiro de 1888, p. 2; *Dziennik Chicagoski*, 10 de xuño de 1893, p. 1.

38. Orzell, L. (1979): “A Minority within a minority: The Polish National Catholic Church, 1896-1907”, *Polish American Studies*, nº. 1, pp. 16-17; Domagala, B. (1984): “Ideologia społeczna Polskiego Narodowego Kościoła Katolickiego w Ameryce w latach 1897-1939”, *Przegląd Polonijny*, nº. 2, pássim.

semanario da PNA, *Zgoda*, aprobou as protestas legais dos traballadores xa en 1886, rexeitando só as accións violentas asociadas coa axitación socialista ou anarquista³⁹. En 1890, a PNA declarou:

Condena-la loita pola xornada das oito horas diarias non ten ningún sentido... Iso [as oito horas diarias] é xusto, dende que fora aprobado polas autoridades americanas..., a marcha pacífica dos traballadores apoiando a loita é tan racional e aceptable coma un desfile electoral⁴⁰.

Contra finais de século, os socialistas comezaron a infiltrarse entre as filas da PNA. En decembro de 1893, o xornal local da PNA *Nowe Zycie* de Chicago mesmo tentou crear unha Alianza de Traballadores Poloneses en América para educa-los traballadores e axuda-las vítimas de accidentes laborais. Nun memorando dirixido á Convención da PNA en 1893 demandábase que esta prestase máis atención ás necesidades físicas dos traballadores, así como á creación dun fondo de compensación para vítimas de accidentes. O memorando remataba cun “Longa Vida á Alianza Nacional Polonesa de Traballadores”⁴¹. En efecto, a Alianza Nacional Polonesa reivindicaba ser unha “organización de traballadores” e pronunciábase a prol dun apoio total “á loita legal contra o capitalismo”⁴², defendendo así mesmo a participación dos poloneses nos sindicatos⁴³. Pero tamén tratou de salienta un punto adicional: “deixádeno facer como poloneses para non desaparecer neste océano inglés”⁴⁴.

39. *Zgoda*, 3 de marzo de 1886, p. 3; 24 de marzo de 1886, p. 3; 31 de marzo de 1886, p. 3; 14 de maio de 1886, p. 2.

40. Waldo, A. (1956): *Sokolstwo przednia stratz narodu*, Pittsburgh, vol. 1; pp. 373-374.

41. Arquivos de Novos Mazos, Varsovia (citado en diante como ANM), colección PPS 30/II/41, mazo “Varia”; *Przegląd Emigracyjny*, 1 de febreiro de 1894, p. 33.

42. *Zgoda*, 23 de maio de 1894, p. 1; 13 de decembro de 1893, p. 1; 25 de abril de 1894, p. 1.

43. *Zgoda*, 18 de xullo de 1894, p. 4; 25 de xullo de 1894, p. 4; 1 de agosto de 1894, p. 4; 27 de mazo de 1895, p. 1; 29 de maio de 1895, p. 1; 5 de xullo de 1900, p. 417; Olszewski: *Historia Zwizku*, vol. 2, pp. 214, 251-52.

44. *Zgoda*, 6 de decembro de 1893, p. 4; 10 de outubro de 1894, p. 1; 27 de setembro de 1900; 1 de novembro de 1900, p. 2; 19 de marzo de 1900, pp. 200-201; Olszewski: *Historia*, vol. 2, p. 124; Groniowski (1972): “Polonia amerykańska a Narodowa Demokracja (1893-1914)”, *Kwartalnik Historyczny*, n.º. 1, p. 35.

Organizacións obreiras polonesas

Arredor da década dos 90 do século XIX, o problema de crear organizacións obreiras de poloneses foi discutido de vagar. No 1892, o xornal *Dziennik Chicagoski*, de forte pegada clerical, afirmaba: “O propósito dos sindicatos americanos é, ante todo, apoiar salarios altos e só secundariamente fornecer axuda en caso de enfermidade ou desemprego”. O artigo citaba unha obvia desavinza entre a visión da AFL e a destes inmigrantes –maioritariamente obreiros non especializados–. “Tamén sabemos que os sindicatos, antes de aceptaren a alguén como membro, examinarán primeiro a súa cualificación... ¿Cantos poloneses poderían superar esta proba?”⁴⁵. En troques, argumentaba o xornal, os traballadores poloneses deberían pertencer a organizacións de axuda e instrución mutua: “precisamos formar asociacións de obreiros, que á parte de educaren os seus membros os fornezan dunha axuda material, non só en caso de morte, senón tamén en caso de lesión ou enfermidade”⁴⁶. Ó mesmo tempo, *Zgoda*, o semanario da laica PNA, apoiou

a idea de crear clubs de traballadores poloneses. Estes servirían como escolas populares, desenvolvendo intelectualmente ós traballadores poloneses; queremos que consoliden as súas forzas, que comprendan a súa posición e traten de melloralas⁴⁷.

Outros sectores da comunidade polaco-americana tamén incitaron os traballadores a organizarse como grupo étnico⁴⁸. Así, o semanario de Cleveland *Jutrzenka* clamou en van pola organización dunha Alianza de Traballadores Poloneses⁴⁹. Tales argumentos acabaron por ter influencia nuns poucos traballadores cualificados ou artesáns que, ás veces, e cun éxito relativo, asumiron esas propostas. A Asociación de Impresores Poloneses [*Stowarzyszenie Drukarzy Polskich*], creada por Jan Migdalski en Chicago, era un típico sindicato de artesáns, e en 1894 chegou a ser un local autónomo polonés do Sindicato Tipográfico Internacional⁵⁰. Outro

45. *Dziennik Chicagoski*, 5 de xullo de 1892, p. 2.

46. *Pamiętnik srebrnego jubileuszu parafii Najświętszej Rodziny w Sugar Notch, Pa. 1903-1928* (Sugar Notch, 1928; p. 251.)

47. *Zgoda*, 6 de decembro de 1893, p. 4.

48. Cf. *Ameryka*, 20 de xuño de 1896, p. 1; 30 de maio de 1896, p. 1; 22 de agosto de 1896, p. 1.

49. *Jutrzenka*, 6 de decembro de 1893, p. 4.

50. Chonarzewski, J. (1901): *Drukarz. Jednodniówka wydana przez Stowarzyszenie Drukarzy Polskich w Stanach Zjednoczonych P.A.*, Chicago.

exemplo foi o Sindicato de Actores Poloneses en América⁵¹. O Sindicato de Xastres Poloneses, establecido en Newark en 1896, aceptaba como membro só a quen “coñecía ben o seu oficio”, e incluía mesmo a checos e eslovacos⁵². Outros exemplos poden atoparse en Newark, Cleveland, Chicago e Johanensberg, Pa. Aínda que existían algunhas organizacións de traballadores sen cualificar –a Alianza de Traballadores Poloneses, establecida en 1892 en Bay City, Michigan, e maila Sociedade de Socorros Mutuos, establecida en Pullman, Illinois, no 1896–, estas transformaríanse de contado en filiais de sociedades nacionais de Seguros Mutuos (tales como a Alianza Nacional Polonesa). Algúns traballadores cualificados poloneses tamén ingresaron nalgúns sindicatos americanos onde actuaron conxuntamente con outros grupos, aínda que se coñece pouco sobre estes casos neste período⁵³.

Traballo, inmigrantes e control de conflitos no século XX

A comezos do século XX, os traballadores comezaron a superar as divisións e fronteiras étnicas, aprendendo claramente novas formas de reacción perante a realidade industrial. Daquela, isto significou –como ben escribiu James R. Barret– unha “americanización dende abaixo”⁵⁴. Entendérmola transformación da natureza do traballo industrial nos Estados Unidos no século XX é de fundamental importancia para explicármolos cambios ocorridos no comportamento da clase obreira. No cambio de século, os patróns emprenderon unha serie de esforzos organizados dirixidos a reformar as relacións industriais. Xuntamente coa modernización tecnolóxica, realizáronse intentos para reorganizar o traballo de xeito que camiñase ó paso cos requisitos cambiantes da tecnoloxía e do mercado. Debido á mecanización e automatización, os traballadores chegaron a ser meras extensións das máquinas. Tratábase dunha tendencia cara á consecución dunha organización do traballo industrial de tipo científico⁵⁵. Ó inserir a división do traballo e maila cadea

51. *Dziennik Ludowy*, 13 de xaneiro de 1914, p. 4; 10 de marzo de 1914, p. 1.

52. *Zgoda*, 20 de setembro de 1896, p. 3.

53. Cf. Central Labor Union. Building trades Council (1901): *Labor Day Souvenir. 1901*, Cleveland, pp. 31, 27, 45.

54. Barret, James R. (1992): “Americanization from the Bottom Up: Immigration and the Remaking of the Working Class in the United States, 1880-1930”, *The Journal of American History*, 79, nº. 3, pp. 999-1000.

55. Graziosi: “Common”, pp. 528-529; Montgomery, D.: *Workers*, pp. 114-127; Brody, D.: *Workers*, pp. 10-12.

de produción, os patróns reduciron considerablemente, e mesmo eliminaron, o número de postos de traballo que requirían unha cualificación específica. Para os “novos” inmigrantes isto significou, paradoxalmente, un contacto máis estreito coas realidades das plantas industrias. Aínda que lles resultou difícil identifica-lo seu propio traballo nos produtos finais, comezaron a adquirir unha meirande consciencia da súa forza.

Os traballadores cualificados tentaron defende-la súa posición previa. Os inmigrantes, en troques, rebeláronse contra dos numerosos atrancos e eivas, contra da nova disciplina. As novas máquinas foron malditas e acumadas de “demos”, mentres que os xerentes eran considerados como “tsares”. Folguistas de Black, Printz e Co. describiron o seu xefe en 1911 así: “Black, o máis grande filántropo que, coma o tsar ruso, nos quere como nenos e demóstrao contratando gángsteres para mallar en nós”⁵⁶; “... este non é un país de escravos, e aquí non hai tsares”, laiouse outra persoa⁵⁷.

O entusiasmo e a perseveranza do traballador inmigrante atraeron ós organizadores sindicalistas e axitadores. A AFL, tentando tomar parte nestas disputas e mesmo controlalas, persuadiu os inmigrantes para que estes se unisen ás súas organizacións e, de seguido, educounos. Este foi o caso do matadoiro de Chicago e da industria cárnica. Cando a AMCBW se organizou en 1900, creou centros supralocais e supranacionais para traballadores que representaban a grupos profesionais particulares, adoito espaxados por todo o territorio urbano. Durante a vaga de folgas dos anos 1916-1922, os principais obxectivos consistían en aumenta-la independencia dos traballadores, a súa liberdade e autonomía no lugar de traballo e mailo control nas plantas industriais. Estas demandas foron expostas pola “nova inmigración” e as súas comunidades, que tamén exercían unha decisiva influencia na forma e no desenvolvemento de moitos conflitos. Os acontecementos que tiveron lugar naqueles anos reflicten nidiamente que os “novos inmigrantes” foron integrándose no proletariado norteamericano e chegaron mesmo a ser unha parte del. Este proceso foi favorecido por un considerable aumento da actividade dende a base, como reflicte a formación de sindicatos por parte dos propios inmigrantes (aínda que non fosen sindicatos étnicos) e, igualmente, o xurdimento de agrupacións de tendeiros moi independentes dos sindicatos das agrupacións de comerciantes. Representantes de diversos oficios e nacionalidades integráronse nos sindicatos. A pesar diso, foron os militantes de base os que tentaron moldear-la estratexia política das organi-

56. *Cleveland Citizen*, 24 de xuño de 1911, p. 4.

57. J. Kalendo á Embaixada polonesa en Washington, 9 de febreiro de 1926. Fondos da Colección da Embaixada Polonesa en Washington, ANF, Cont. 2137, pp. 96-98.

zacións e determina-lo carácter dos acontecementos⁵⁸. Os traballadores poloneses non só apoiaron os sindicatos por sentirse identificados con eles, senón que tamén trataron de actuar por eles mesmos, resolvendo os seus propios problemas. Ademais, esixiron todo isto a través dos sindicatos, e foron adoutrinados a facelo por sindicalistas poloneses como J. Kikulski, S. Rokoszi, F. Krasowski, A. Nielubowski, M. Janik, L. Krzycki, etcétera.

Os líderes étnicos e a prensa mudaron as súas actitudes con respecto ós sindicatos obreiros. Noutrora conservadora, a *Gazeta Polska w Chicago* salientaba agora a importancia das folgas, que foron definidas como “xustas e correctas loitas obreiras”. Tódolos poloneses debían pertencer ós sindicatos e, de xeito simultáneo, permanecer como membros da sociedade polonesa de socorros mutuos⁵⁹. Máis comprensivos se volveron tamén os cregos. Durante a asemblea dos traballadores da industria téxtil de Passaic en 1919, un pastor da freguesía polonesa afirmou que, malia el non entender dos asuntos dos traballadores, e resultarlle difícil vulgar se as súas demandas eran xustas ou non, alentaba os folguistas a esixiren xustiza, ofrecéndolles axuda material e bendicindo o encontro⁶⁰. Denantes da folga dos metalúrxicos e durante a misa católica, o pastor de San Estanislao de Cleveland afirmaba: “o traballador ten o dereito de organiza-la súa defensa, e a devandita organización está de acordo cos principios cristiáns”⁶¹.

A idea da creación de sindicatos étnicos ou poloneses estaba menos estendida. Podería albiscarse, unicamente, en demandas como a dirixida a traballadores de Utica, N.Y.: “Os teceláns poloneses (...) desta área deberían entender ós traballadores e ós seus propios bens, así como crea-la súa propia prensa”⁶².

Traballadores, sindicalistas e americanos

Cando a organización das plantas embaladoras se completou, o Comité Nacional para a Organización dos Traballadores do Ferro e do Aceiro comezou a organiza-la axitación sindical entre as industrias siderúrxicas e meta-

58. Montgomery (1974): “The New Unionism and the Transformation of Workes’ Consciousness in America, 1909-1922”, *Journal of Social History*, nº. 4, pp. 516-517.

59. *Gaceta Polska w Chicago*, 6 de xullo de 1912; 2 de novembro de 1910, p. 15; 23 de decembro de 1909.

60. *Telegram Codzienny*, 6 de marzo de 1919, p. 3.

61. *Jutrzenka*, 25 de setembro de 1919.

62. *Telegram Codzienny*, 3 de novembro de 1916, p. 5; Kozak, T. (1912): “Unie robotnicze i zawodowe i Polacy”, en *Sprawa polska w Ameryce Pólnocnej na pierwszym zjeździe Towarzystwa Literatów i Dziennikarzy Polskich*, Chicago; pp. 170-171.

lúrxicas por todo o país. No mesmo Cleveland, desenvolveron a súa actividade proselitista vintecinco oradores que falaban fluidamente as linguas dos traballadores estranxeiros non organizados. Cada domingo, no Koreny Hall, socialistas poloneses invitados “convertían a xente pasiva en sindicalistas”. Os traballadores responderon con entusiasmo á axitación. “O traballador polonés [...] entende agora que a mellora do seu traballo e a protección da súa vida futura está na unión dos traballadores, eles fíanse e cren nos sindicatos”⁶³. Antoni Pilawski, un líder sindicalista polonés, declarou: “Os nosos compatriotas aprenderon os valores das organizacións de traballadores e non só se integraron nelas masivamente, senón que tamén permaneceron firmemente nas súas filas”⁶⁴.

Como membros dos sindicatos americanos ou de filiais de lingua polonesa, os inmigrantes pasaron a ser máis conscientes da súa posición. Chamándose a si mesmos “traballadores” nas resolucións, salientaban o seren libres e o teren dereitos, “dereitos xustos”: “Desexamos vencer, e debemos facelo, pois eses son os nosos lexítimos dereitos”⁶⁵. “O noso propósito é a defensa da nosa dignidade contra dos brutais ataques que experimentamos a cotío nas fábricas”⁶⁶.

Cómpre anotar outro elemento importante das manifestacións dos traballadores. Ó salientar que eles pertencían ás filas da clase traballadora, os inmigrantes poloneses tamén sentían que estaban a reafirma-lo seu “americanismo”, a súa identidade norteamericana. Durante as manifestacións, folgas e motíns fronte ás portas das fábricas, así como nas marchas polas rúas, a xente portaba bandeiras polonesas e americanas. Levábanas ós mitíns onde se podían escoitar discursos de líderes sindicalistas como L. Krzycki, J. Kikulski ou S. Kucharska⁶⁷. A bandeira americana era garantía de éxito, ou así o crían firmemente os folguistas, e, sobre todo, manifestaba que os obreiros en folga “non eran a escoura da sociedade, e si xente entendida, bos traballadores”⁶⁸. En Hammond, Indiana, cando os folguistas se enfrontaron ós crebafolgas, foron dirixidos por Tomasz Skuba, un antigo soldado do exército norteamericano que levaba posto o uniforme militar e portaba a bandeira americana. Máis tarde, fuxindo diante dos disparos da policía, foi acusado de deixar cae-la bandeira, permitindo que fose deshonrada polas pisadas doutros. A procesión do funeral na honra das

63. *Wiadomosci Codzienne*, 5 de marzo e 4 de outubro de 1918; 11 de marzo, 7 de abril, 9 de xuño, 14 e 19 de xullo de 1919.

64. *Jutrzenka*, 26 de setembro de 1920.

65. *Dziennik Ludowy*, 17 de setembro de 1917, p. 6.

66. *Telegram Codzienny*, 29 de febreiro de 1916, p. 4.

67. *Dziennik Ludowy*, 17 de agosto de 1917, p. 6.

68. *Wiadomosci Codzienne*, 2 de agosto de 1919, p. 2.

víctimas deste ataque da policía tamén foi precedida por traballadores que sostiñan a bandeira americana⁶⁹. Os folguistas teimaban en que eles eran americanos: "... houbo algunhas voces que suxerían que somos unha corporación estranxeira e non somos leais. Non creo que teña nada que ver con iso"⁷⁰. Os programas de "americanización" eran destinados, de xeito tamén forzado, ós traballadores estranxeiros, tal como "American First" ou a campaña do *Liberty Loan Bonds*, pois as autoridades e empregados consideraban esta acción como unha proba de lealdade. Mais os propios traballadores e as comunidades étnicas promovían con grande entusiasmo a adquisición de bonos, competindo con outros grupos de traballadores e entre si. En Cleveland, na rivalidade oficiosa entre grupos étnicos, os inmigrantes tentaron acadar a máis alta suma obtida de cartos. Nas recadacións, os poloneses "non están no primeiro lugar", informaba *Wiadomosci Codzienne*. Tres días despois, o 10 de abril de 1918: "Os alemáns relegaron os poloneses en Cleveland do primeiro lugar ó segundo. Os poloneses en Otis, Wait e outras fábricas debían dar constancia da súa orixe étnica polonesa". A competición tiña que axudar a demostrar a lealdade do grupo ós Estados Unidos, e foi apoiada por tódalas orientacións políticas integradas dentro de *Polonia* –sindicalistas, socialistas, conservadores e cregos⁷¹.

O sinalado anteriormente podería parecer estraño, xa que, paralelamente, nos anos da Primeira Guerra Mundial, as comunidades polonasas inmigradas nos Estados Unidos fixeron un grande esforzo para apoiaren a loita pola independencia de Polonia, subscribindo na práctica as iniciativas das ideoloxías nacionalistas. Falando deste período, algúns historiadores subliñaron a perda de radicalismo das organizacións socialistas, salientando pola contra que estas deberían ser entendidas como nacionalistas e patriotas que loitaban pola independencia do seu país. Con todo, tal caracterización pode inducir a erro, xa que neses anos os traballadores poloneses e as súas comunidades tiveron actividade en diferentes ámbitos e esferas, non contradictorias entre si⁷².

Despois da guerra, e unha vez conquistada a independencia do país, non houbo unha significativa emigración de retorno. Os lemas patrióticos, tan omnipresentes noutrora, desapareceron. A maioría da xente decidiu quedar en Estados Unidos e, xa que logo, participar de xeito máis activo na vida americana. Despois da Gran Guerra os polaco-americanos, activos sindicalistas e

69. *Dziennik Zwizkowy*, 10 de setembro de 1919, p. 8; 13 de setembro de 1919, pp. 6, 10.

70. *Employees of Riverside Mills vs. Otis Steel Castings Co.*, Hearing, Jan. 3 de xaneiro de 1919, NWLB, caso 881; Preliminary report of Examiner, *ibidem*, *Wiadomosci Codzienne*, 29 de setembro de 1919.

71. *Wiadomosci Codzienne*, 8 de abril de 1918 e outro.

72. Cf. Cygan, Mary E.: *Political and Cultural Leadership in an Immigrant Community: Polish American Socialism, 1880-1950*, (tese de doutoramento), Northwestern University, Evanston.

orgullosos traballadores, reinterpretaron a súa propia etnicidade. Aínda no caso de non volveren a Polonia, non podían nin querían desaparecer entre os demais traballadores “americanos”. As loitas polo control obreiro no lugar de traballo axudáronlles ós traballadores poloneses a tomar consciencia da súa identidade como americanos, mais de orixe polonesa. Sendo recoñecidos como membros da clase traballadora tamén crían e desexaban recibi-lo recoñecemento da sociedade como grupo étnico, de xeito semellante ó recoñecemento e ó respecto que recibiran como traballadores por parte dos líderes e da clase media da organización *Polonia*. Isto foi a raíz de que a folga de Camden N.J. se desenvolvese con éxito e os traballadores cantasen o final “Polonia aínda non morreu”, o himno nacional polonés⁷³. Escribiron:

Témo-lo propósito de crear un club de maquinistas poloneses sindicalizados e concentrar con eles a tódolos traballadores. O obxectivo dese club basearíase na defensa dos intereses dos traballadores poloneses, para axudar a Polonia.

Sendo un programa de defensa dos empregados, era igualmente un programa de defensa do grupo étnico: os sindicalistas tamén servirían como grupo de presión política⁷⁴. Así, despois da guerra, os traballadores estaban a dicir practicamente o mesmo que os líderes étnicos afirmaran no 1925 durante o Congreso da Emigración en Detroit:

Non nos queremos arredar, non queremos crear un Estado dentro do Estado tal como nos acusan algúns, queremos (...) demostrar que de xeito idéntico a outros somos membros da vida dunha república marabillosa⁷⁵.

Os traballadores polaco-americanos, sindicalistas e mesmo socialistas demostraron estar máis integrados na escena americana e –tal como mostrou J. Bukowczyk– seguiron a ideoloxía da clase media do “polaco-americanismo”⁷⁶.

73. *Telegram Codzienny*, 29 de febreiro de 1916, p. 4.

74. *Wiadomosci Codzienne*, 12 de agosto de 1920; 7 de maio de 1924, p. 5.

75. *Kongres Wychodztwa Polskiego w Ameryce. Odezwy, mowy, referaty, rezolucje, uchwały oraz urzędowy protokół odbyty w dniach 21-23 V 1925 w Detroit, Mich, Chicago, 1925*, pp. 3, 16; *Urzędowy Protokół Sejmu XXIV Związku Narodowego Polskiego, odbytego w dniach, 25-go do 30-go sierpnia 1924 w Lulu Temple w mieście Philadelphia, Pa, Chicago, 1925*, pp. 3-25.

76. Bukowczyk, John J. (1984): “The Transformation of Working Class Ethnicity: Corporate Control, Americanization, and the Polish Immigrant Middle Class in Bayonne, New Jersey 1915-1925”, *Labor History*, 25, 1 pp. 80-81.

Resumo

TRABALLADORES POLONESES NOS ESTADOS UNIDOS (1880-1925): DE LABREGOS A POLONESES

Adam Walaszek

Os poloneses responderon creativamente ás condicións de vida na América industrial a través da combinación de moitos elementos levados dende o vello continente con novos comportamentos desenvolvidos en América. Isto inclúe as protestas obreiras e intentos de creación de organizacións de traballadores ou unións obreiras. Discute algúns aspectos de resposta activa cara ás realidades da América industrial dos inmigrantes poloneses, particularmente os casos onde a etnicidade coincide coa clase, e onde os inmigrantes poloneses utilizaban elementos propios da súa cultura na súa loita por avanzaren na súa posición social. Analiza o papel dos acordos nados da loita obreira nos anos 1880-1925.

Palabras clave:

Estados Unidos, inmigrantes poloneses, clase obreira, organización sindical, comunidade étnica.

Resumen

TRABAJADORES POLACOS EN LOS ESTADOS UNIDOS (1880-1925): DE LABRADORES A POLACOS

Adam Walaszek

Los polacos respondieron creativamente a las condiciones de vida en la América industrial a través de la combinación de muchos elementos llevados desde el viejo continente con nuevos comportamientos desarrollados en América. Esto incluye las protestas obreras y los intentos de creación de organizaciones de trabajadores o uniones obreras. Discute algunos aspectos de respuesta activa hacia las realidades de la América industrial de los inmigrantes polacos, particularmente los casos donde la etnicidad coincide con la clase, y donde los inmigrantes polacos utilizaban elementos propios de su cultura en su lucha por avanzar en su posición social. Analiza el papel de los acuerdos nacidos de la lucha obrera en los años 1880-1925.

Palabras clave:

Estados Unidos, inmigrantes polacos, clase obrera, organización sindical, comunidad étnica.

Résumé

TRAVAILLEURS POLONAIS AUX ÉTATS-UNIS (1880-1925): DE CULTIVATEURS À POLONAIS

Adam Walaszek

Les polonais ont répondu de façon créative aux conditions de vie au sein de l'Amérique industrielle grâce à la combinaison de beaucoup d'éléments qu'ils ont apportés de l'ancien continent et de nouveaux comportements développés en Amérique. Cela inclut les protestations ouvrières et les tentatives de création d'organisations de travailleurs ou d'unions ouvrières. Certains aspects de la réponse active envers les réalités de l'Amérique industrielle des immigrants polonais sont débattus, particulièrement les cas où l'ethnicité est liée à la classe sociale et où les immigrants polonais utili-

Traballadores poloneses...

saient des éléments propres à leur culture dans la lutte pour progresser socialement. Le rôle des accords provenant de la lutte ouvrière des années 1880-1925 y sont analysés.

Mots-clefs:

États-Unis, immigrants polonais, classe ouvrière, organisation syndicale, communauté ethnique.

Summary

POLISH WORKERS IN THE UNITED STATES (1880-1925): FROM PEASANTS TO POLES

Adam Walaszek

The Poles had a creative response to the conditions of life in industrial America through a combination of many elements taken from the old continent with new behaviour developed in America. This includes workers' protests and the attempts to create workers' organizations or trade unions. It discusses some of the aspects of the Polish immigrants' active response towards the realities of industrial America, particularly in those cases where the ethnic origins coincide with the class and where the Polish immigrants used elements of their own culture in their struggle to improve their social position. It analyses the role of the agreements brought about by the workers' struggle in the years 1880-1925.

Key words:

United States, Polish immigrants, working class, trade union organisation, ethnic community.

Currículo

ADAM WALASZEK. Profesor de historia no Instituto de Polonia, Universidade de Jagiellonian, Cracovia, Polonia. Especializado en Historia das migracións internacionais e o grupo étnico polonés nos Estados Unidos. Autor de libros sobre a migración de retorno dos poloneses dende Estados Unidos ata Polonia, a participación dos inmigrantes poloneses no movemento obreiro americano e as comunidades polonesas en Cleveland, Ohio. Recentemente editor de *Diáspora polaca*.

ASPECTOS DA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA, PORTUGUESA E IBEROAMERICANA EN ALEMAÑA

Axel Kreienbrink-Herrero

A inmigración de man de obra a Alemaña non foi consecuencia da posguerra senón que está dentro da tradición que se remonta á época imperial. Especialmente na emigración procedente da Península Ibérica houbo un prólogo que a investigación alemana sobre as migracións laborais¹ non tivo en conta ata agora, xa que só se lle deu importancia en España².

Alemaña, que coa propagación da guerra non podía satisfacer a necesidade de man de obra soamente cos prisioneiros de guerra e a mobilización de mulleres, asinou co réxime franquista en 1941 un convenio sobre a contratación de man de obra. Nun primeiro acordo entre a Deutsche Arbeitsfront (DAF) –Frente de Traballadores alemana– e a Confederación Nacional de Sindicatos (CNS) pretendíase conseguir a cifra de 100.000 traballadores para a industria de guerra e a minería. A cifra foi reducida no convenio definitivo a 25.000. A parte española era responsable da elección e do exame médico dos aspirantes. A parte alemana tiña un interese especial en prisioneiros políticos (“rojos poco peligrosos”) porque había un gran número de obreiros cualificados entre eles. En poucas semanas cursáronse máis de 25.000 solicitudes en Barcelona, Galicia e Andalucía, das que só foron tidas en conta 4.263. Pouco tempo despois case unha terceira parte deles foi enviada de volta por indesexable. Aínda que o convenio consideraba a equiparación cos traballadores alemáns, moitas veces os españois eran tratados igual que traballadores forzados. (Neste caso o tipo de tratamento recibido queda aínda por concretar en posteriores investigacións). Por esa razón, unha boa parte deles non volveu a Alemaña despois das vacacións do Nadal en 1942. Coas novas contratacións, o número total de traballadores enviados

1. Herbert, U. (1986): *Fremdarbeiter. Politik und Praxis des 'Ausländer-Einsatzes' in der Kriegswirtschaft des Dritten Reiches*, Bonn, Dietz.

2. García Pérez, R. (1988): “El envío de trabajadores españoles a Alemania durante la Segunda Guerra Mundial”, *Hispania*, 48, p. 1031-1065.

ata 1943 foi de case 8.000. Ó distanciarse politicamente de Hitler, España deixou de cumprir-las súas obrigas sen anular abertamente o convenio. O continxente reduciuse ata a penas 3.000 na primavera de 1944; ó final da guerra só quedaban arredor de 1.000 españois e sabíase moi pouco verbo da súa volta e permanencia en Alemaña.

OS GASTARBEITER: TRABALLADORES INMIGRANTES

A maior presenza numérica de españois e portugueses en Alemaña (RFA) produciuse nas décadas seguintes ó remate da Segunda Guerra Mundial. Viñeron como *Gastarbeiter*, traballadores invitados por tempo limitado, para paliar, xunto con italianos, iugoslavos e máis tarde turcos, a falta de man de obra na crecente economía da posguerra. Entre eles, os españois e os portugueses eran dos grupos máis insignificantes, polo que é case paradoxal que o traballador “un millón”, que foi recibido á súa chegada en 1964 cunha gran repercusión nos medios de comunicación, fose un portugués, Armando Sa Rodrigues. A foto deste acontecemento quedou como símbolo da contratación alemana de traballadores inmigrantes.

Na década dos cincuenta e despois de anos de illamento político, produciuse en España unha migración laboral sobre todo cara ós países setentrionais, Francia³, Bélxica⁴ e Suíza, minguando ó mesmo tempo a que se dirixía a Iberoamérica. Debido a que o convenio laboral de 1952 con Alemaña practicamente non se realizou⁵, foi a apertura política a partir de 1959 a que a converteu noutro país de destino importante. Esta apertura foi evidente, aínda que a literatura española ó respecto propaga unha visión moi negativa da diplomacia española, xa que deu resultado. Despois dun convenio sobre seguridade social en outubro de 1959, en marzo de 1960 conseguiu, dunha administración alemana moi reservada, a sinatura dun acordo sobre migra-

3. Francia xa era antes da guerra un país de destino importante da migración laboral española. Véxase Rubio, J. (1974): *La emigración española a Francia*, Barcelona, Ariel; Parra Luna, F. (1981): *La emigración española en Francia 1962-1977*, Madrid, IEE.

4. Orizo, F. A. e Andrés Cuartero, M. de (1999): *La inmigración española en Bélxica*, Madrid, IMSERSO.

5. Tivo que ver co intercambio de 150 traballadores respectivamente. Non se chegou a ningunha solución concreta, xa que os españois tiñan que ser menores de 30 anos e domina-lo alemán, e os alemáns non estaban dispostos a acepta-las condicións salariais españolas. Véxase Baeza San Juan, R. (1998): “Asesoramiento y represión: los agregados laborales del Franquismo y la emigración española en Europa”, *Exils et migrations ibériques au XX siècle*, nº. 3-4, p. 100-123, concretamente p. 110.



Fotografía do emigrante
"un millón", 1964

ción, contratación e colocación de traballadores⁶. O número de españois en Alemaña medrou de 400 no ano 1954 a case 183.000 contratados oficialmente en 1965. A contratación efectuábase a través das oficinas do Bundesanstalt für Arbeit (Instituto Federal de Traballo) en colaboración co Instituto Español de Emigración (1^a vía)⁷. Ademais da contratación oficial había empresas que contrataban directamente (2^a vía) ou realizaban solicitudes persoais de traballadores que lles foran recomendados en Alemaña (3^a vía). Sobre a 3^a e a 4^a vía (entrada con visado turístico) non existen datos numéricos concretos. A contratación estaba orientada ás necesidades das empresas alemáns e debía reaccionar ante os cambios conxunturais. Por esta razón, a duración dos contratos era dun a dous anos e sen dereito a prorrogação, co que tamén se perdía o permiso de residencia. A medida que as relacións laborais, en interese das empresas, se ían consolidando a máis longo prazo, a mediados dos anos sesenta comezou o proceso de reagrupamento familiar, así como a emigración de matrimonios. Ata 1968 o 95% das mulleres casadas seguían ós seus maridos. O total da poboación española resi-

6. Steinert, J.-D. (1995): "Arbeit in Westdeutschland. Die Wanderungsvereinbarungen mit Italien, Spanien, Griechenland und der Türkei und der Beginn der organisierten Anwerbung ausländischer Arbeitskräfte", *Archiv für Sozialgeschichte*, 35, p. 197-210. España asinou outros convenios con Bélxica (1956), Francia (1932, 1961), os Países Baixos (1961), Suíza (1961) e Austria (1964). Para os aspectos xerais dos convenios ver Ortiz-Arce, A. (1983): "La cobertura convencional de la emigración española a Europa Oeste", en Cases Méndez, J. I. (ed.): *Emigración y constitución*, Madrid, IEE, p. 291-311.

7. Descrición dun proceso idóneo de contratación en España, p. ex. en Serrano Carvajal, J. e Montoya Melgar, A. (1965): *La emigración a Europa*, Madrid, IEE, p. 40-45.

dente en Alemaña chegou ó seu máximo a comezos dos anos setenta con máis de 270.000 persoas⁸.

Para os portugueses, que tiñan unha forte tradición migratoria cara ó Brasil e os Estados Unidos, despois da Segunda Guerra Mundial Francia converteuse no destino preferido. Seguen constituíndo, ata hoxe, a colonia máis numerosa despois dos alxerianos. O convenio de contratación con Alemaña asinou en marzo de 1964. En novembro do mesmo ano seguiulle un convenio de seguridade social. A contratación concentrouse no norte e o centro do país nos primeiros anos, abrangendo a partir de 1969 tamén o sur. Do mesmo xeito que en España, a oficina alemá cooperou coa administración portuguesa, que quería controlar así a grande emigración clandestina. Pero tamén houbo contratacións persoais por parte de empresas alemáns. Aínda que ó principio non viñesen moitos traballadores, a cifra de 4.600 emigrantes en 1964 aumentou a 18.000 en 1967. A recesión dos anos 1967/68 fixo que moitos portugueses e tamén españois regresasen ós seus respectivos países. A partir de aí, o número aumentou ata o máximo de 122.000 en 1974. En total, chegaran a Alemaña ata esta data 164.800 traballadores⁹.

A migración laboral debeuse sobre todo a razóns económicas nos países de orixe, como o desemprego ou os baixos salarios. Tamén moitos traballadores alegaban, como motivo para emigrar, unha mellor educación para os seus fillos nos países de destino. A estes motivos uníanse, ademais dos válidos para outros países de contratación, os especificamente nacionais, como a insatisfacción cos réximes dictatoriais de Franco en España e Salazar, máis tarde Caetano, en Portugal. Outro argumento adicional era a fuxida para non ter que cumprilo servizo militar en Portugal, que a causa das guerras coloniais duraba catro anos, obrigando ós recrutas a servir en ultramar.

Coa fin das contratacións en 1973, a causa da crise enerxética e económica, quedou só a reagrupamento familiar como única forma de inmigración, proceso que a administración alemá tentou impedir. A idea inicial era que os traballadores estranxeiros saisen do país tralo vencemento dos seus contratos, algo que moitos realmente pensaban facer. Como o retorno


8. Kaminsky, A. (1994): "Spanier in Deutschland", en Berliner Institut für Vergleichende Sozialforschung (en adiante BIVS) (ed.): *Ethnische Minderheiten in Deutschland*, (2ª entrega), Berlín, Parabolis, p. 3.1.7.-1-24, concretamente p. 3.1.7.-7-11.

9. Geiger, K. F. (1995): "Die portugiesische Minderheit in der Bundesrepublik Deutschland", en BIVS (ed.): *op. cit.*, (3ª entrega), p. 3.1.10.-1-32, concretamente 3.1.10.4-8; Pelotte, J. (1995): "Die portugiesische Minderheit", en Schmalz-Jacobsen, C. e Hansen, G. (Hg.): *Ethnische Minderheiten in der Bundesrepublik Deutschland. Ein Lexikon*, München, Beck, p. 401-415, concretamente p. 403-406.

ó país de orixe pechaba definitivamente a posibilidade dunha volta a Alemaña, no caso de que a situación en España ou Portugal non fose a esperada, moitos decidiron quedar. O feito de que o número de españois e portugueses diminuíse tivo que ver cos cambios políticos producidos nos seus países, que facían esperar unha mellora política e económica. En 1974 a revolución dos caraveis depuxo o réxime de Caetano e supuxo a fin das guerras en ultramar. En novembro de 1975 morreu Franco e abriuse a vía para a democratización. Á parte disto, o novo goberno cristiandemócrata-liberal en Alemaña ofreceu en 1983 axudas ó retorno para diminuí-lo número de traballadores estranxeiros. A axuda consistía nunha cota por parte do Estado e a posibilidade de recibilo reembolso das cotas da Seguridade Social, sen espera-los dous anos obrigatorios. A medida estaba limitada a un ano, o que levou, sobre todo, a un gran número de portugueses (case 20.700) a regresar precipitadamente¹⁰. A situación cambiou en 1986; coa entrada de España e Portugal na Comunidade Europea producíronse melloras na reagrupación familiar, concedéronse permisos de traballo e dereito de residencia para os xubilados, aínda que debido ó temor da Comunidade ante unha afluencia masiva de traballadores restrinxíuse a libre circulación destes ata 1993. Todo isto tivo consecuencias sobre todo no número de portugueses en Alemaña, que aumentou a partir de 1988, a diferenza dos españois. Se en 1987 era só de 70.000, en 1997 superou con 132.300 por primeira vez o número de españois. Este diminuíu continuamente dende os anos setenta a case 131.600 en 1997. En 1999 a diferenza numérica aumentou, sendo o número de portugueses de 132.600 e o de españois de 129.900. Ámbalas nacionalidades representaban cada unha o 7,1% dos estranxeiros da Unión Europea (1,86 millóns en total) en Alemaña, ocupando o cuarto e quinto lugar respectivamente detrás dos italianos, gregos e austríacos. En relación ó total de estranxeiros dos países de contratación representaban cada un o 1,8% e, nun total de 7,34 millóns de estranxeiros en Alemaña, ocuparon en 1999 o noveno e décimo lugar¹¹. Co aumento do número de portugueses compróbase que, igual ca España, Portugal converteuse a finais do século XX en país de inmigración pero, contrariamente a España, segue a ser país exportador en cuestións laborais.

10. Sobre a política de estranxeiría do goberno da época, véxase Meier Braun, K.-H. (1988): *Integration und Rückkehr? Zur Ausländerpolitik des Bundes und der Länder, insbesondere Baden-Württembergs*, Mainz, Grünewald.

11. *Bericht der Beauftragten der Bundesregierung für Ausländerfragen über die Lage der Ausländer in der Bundesrepublik Deutschland* (2000), Berlín/Bonn, p. 232; Statistisches Bundesamt (ed.) (2000): *Bevölkerung und Erwerbstätigkeit. Ausländische Bevölkerung 1998/1999*. (Fachserie 1, Reihe 2). Stuttgart, Metzler-Poeschl, p. 18-19.



Fonte: Statistisches Bundesamt

VIDA EN ALEMAÑA: ASPECTOS DE INTEGRACIÓN SOCIAL

Mentres que o proceso da inmigración foi relativamente ben documentado, non sucede así cos aspectos sociais da integración. Por parte española, por exemplo, os estudos dos anos 60 proveñen directamente da administración de emigración ou de achegados e, por conseguinte, dende un punto de vista favorable a esta¹². Nos realizados nos anos 70 notábase xa a intención de crítica social incluso nos seus títulos, describindo a situación en Alemaña dun xeito desfavorable e en contra das declaracións oficiais¹³.

En Alemaña, a investigación ocupouse moi pouco da migración laboral española e, aínda menos, da portuguesa, xa que consideraron de máis interese outras nacionalidades, como a turca, con maior porcentaxe de migración. Nos anos 80 realizáronse algúns estudos sobre determinados aspectos da

12. Rengifo, A. (1966): *La emigración española a Alemania*, Madrid; Sánchez López, F. (1969): *Emigración española a Europa*, Madrid, p. 41-95.

13. Garmendía, J. A. (1970): *Alemania, exilio del emigrante*, Barcelona, Plaza & Janes; Domínguez, J. (1975): *El hombre como mercancía. Españoles en Alemania*, Bilbo, Desclee de Brouwer; Sorel, A. (1974): *4º mundo. Emigración española en Europa*, Bilbo, ZERO, p. 83-118.

integración no mercado de traballo, a identidade ou os problemas escolares dos alumnos, do que se tratará no presente estudo. Nos últimos anos só se realizaron algunhas descrições xerais ó respecto, debido seguramente ó discreto comportamento destes grupos¹⁴. Este escaso resultado débese a que a falta de “problemática” non chegou a ser interesante para a ciencia.

As circunstancias da vida dos inmigrantes cambiaron moito en comparación coas dos anos cincuenta e sesenta. Ó principio da contratación, o aloxamento en vivendas colectivas era a norma. Ás veces, ata con seis persoas por habitación, os aloxamentos semellaban campos de traballos forzados e o alugamento éralles descontado automaticamente do soldo. Os traballadores fóronse trasladando ós poucos a pisos individuais e se, por exemplo, en 1967 o 41,2 % dos españois vivía en vivendas colectivas, en 1979 era só o 12,7% e en 1988 o 3,5%. Tamén cambiou a paisaxe urbana, esvaecéndose a concentración dos estranxeiros en determinadas zonas das cidades. Como o número de portugueses e españois era inferior ó dos turcos, non se formaron colonias, é dicir, barrios étnicos homoxéneos¹⁵.

No mercado de traballo as dúas nacionalidades destacaron durante moito tempo pola súa reducida taxa de paro. En 1979 a taxa foi do 1,7% entre os portugueses e do 2,9% entre os españois, inferior á de tódolos traballadores estranxeiros e tamén á taxa xeral, debido á súa flexibilidade e desexo de integración. En xeral, tamén notaron o crecente desemprego debido á maior competencia cos países do leste de Europa despois da caída dos réximes socialistas a principios dos 90. Mentres a taxa entre españois e portugueses, de 1983 a 1989, era máis ou menos semellante á xeral, nos últimos anos superouse, aínda que continúa sendo inferior á dos estranxeiros en xeral.

Taxas de desemprego en %

	1979	1989	1998
Portugueses	1,7	6,1	12,4
Españois	2,9	7,7	12,3
Estranxeiros	3,9	11,2	18,3
Xeral	3,2	7,3	9,8

Fonte: Bericht, S. 267

14. Kaminsky, A. (1994); Geiger, K. F. (1995); Pelotte, J. (1995).

15. Sobre isto en xeral e nun exemplo local da cidade de Osnabrück para os portugueses véxase Jacinto, A. I. da Silva (1999): *Portugiesische Arbeitswanderung in die Bundesrepublik Deutschland. Zuwanderung und Eingliederung am Beispiel der Stadt Osnabrück* (Tese de M. A.), Universidade de Osnabrück. Para os españois, Kaminsky, A. (1994), p. 3.1.7-9.

A estrutura no tipo de ocupación dos inmigrantes vai cambiando lentamente. Inicialmente contratados para a industria, a comezos dos anos noventa só pouco máis da metade dos españois traballaba neste sector, tendo máis do 20% o seu posto de traballo no ámbito dos servicios e o 10% no comercio. As cifras dos portugueses son parecidas. O número de traballadores obrigados a cotizar á Seguridade Social era en 1998 de 51.074 portugueses e 44.564 españois. En 1997, 2.158 españois e 1.712 portugueses recibiron unha formación profesional. O número de empregados sen formación, que son case tódolos traballadores da primeira xeración, diminúe continuamente. Ó mesmo tempo, o nivel de cualificación da segunda xeración aumenta, tendo case a metade unha formación profesional e, con isto, a posibilidade de conseguir interesantes postos de traballo nas ramas da industria que están en pleno desenvolvemento. Malia que unha mellor preparación abríalle-lo campo, por exemplo, das profesións con dominio do idioma obrigatorio, unha parte dos empregados españois, vendo que non tiñan as mesmas posibilidades de ascenso que os seus compañeiros alemáns, sentíanse prexudicados polo seu status de estranxeiro. Pero Bee saca en conclusión no seu estudo que para o ascenso na carreira profesional, definitivamente, é máis importante a dotación con “capital humano” (formación escolar e profesional) que a nacionalidade¹⁶.

Precisamente os pais querían ofrecerlle en Alemaña a esa nova xeración unha educación mellor que a existente nos seus países de orixe. Isto fracasou durante os primeiros anos debido á falta de preparación, xa que nin as administracións responsables en Alemaña nin en España tiñan un concepto xeral. A obriga de impartir clases adicionais na lingua materna, totalmente necesaria para o esperado e desexado retorno, foi responsabilidade dos países de orixe; estas clases, a miúdo, non tiñan parecido ningún coas impartidas en Alemaña. Por parte do goberno alemán non houbo ningunha reacción, sendo precisamente a igrexa católica a que interveu axudando. A pesar de todo isto,

16. Sobre a distribución por sectores, véxase Garmendía, J. A. (1981): “Emigración española a Alemaña”, en Garmendía, J. A. (comp.): *La emigración española en la encrucijada. Marco general de la emigración de retorno*, Madrid, CIS, p. 245-286, concretamente p. 255-262. Sobre a situación dos traballadores españois en comparación coa dos italianos ver Breitenbach, B. Von (1982): *Italiener und Spanier als Arbeitnehmer in der Bundesrepublik Deutschland. Eine vergleichende Studie zur europäischen Arbeitsmigration (Entwicklung und Frieden, 14)*, München, Kaiser. Sobre a situación de mozos empregados, Bee, Alexa (1994): *Die Beschäftigungs- und Arbeitssituation junger spanischer, türkischer und deutscher Arbeitnehmer in der Bundesrepublik Deutschland (Empirische Personal- und Organisationsforschung, 2)*, München, Hampp; Bericht (2000), p. 255-258; Kaminsky, A. (1994), p. 3.1.7.-8; Geiger, K. F. (1995), p. 3.1.10.-11-13; Pelotte, J. (1995), p. 406-407.

moitos nenos deixaban o colexio sen remata-la educación básica, tendo poucas posibilidades no mercado de traballo; incluso algúns deles foron enviados a España e Portugal para recibiren alí a educación escolar e reforza-la súa identidade de orixe. A principal razón dos malos resultados no colexio era, entre outros problemas, a difícil integración a causa do dominio insuficiente da lingua alemana¹⁷.

Mentres, a situación mellorou claramente. As clases adicionais de portugués realízanse en colaboración cos ministerios de cultura dos *Länder*, as de español diverxen entre os distintos *Länder*. Pero o interese polas clases de lingua materna diminuíu porque moitos da segunda xeración xa non pensan retornar. Aquí hai que facer posiblemente unha excepción dentro dos portugueses. Posto que na recente inmigración un tercio dos mozos non naceron en Alemaña, non se pode incluílos na segunda xeración. Proba disto é o repartimento nos estudos superiores. Mentres a cifra xeral de alumnos diminuíu, aumentou o número de alumnos portugueses e españois que proseguía os seus estudos. En 1980 o número de alumnos nos colexios de educación xeral básica era de 24.646 españois e 18.761 portugueses, en 1997 é só de 8.947 e 12.608 respectivamente. Deles, o 15,8% dos españois e o 9,6% dos portugueses ían ó *Gymnasium* (semellante ó instituto de ensinanza media); o 13,9% e o 9,8% respectivamente á *Realschule* (instituto de categoría inferior ó *Gymnasium*, semellante ó bacharelato profesional). Ás universidades asistiron no semestre de inverno 1997/98 4.891 españois e 1.399 portugueses. Estas cifras inclúen tamén ós estudantes españois e portugueses que estudian en Alemaña a través de programas de intercambio europeos como ERASMUS ou SOCRATES (63,8% dos españois e 30,2% dos portugueses)¹⁸.

Un papel importantísimo no éxito escolar foi o desempeñado polas asociacións españolas de pais de familia, que fixeron todo o posible por cambiar a situación. Comprometéronse a mellora-los estudos dos pais, buscando a cooperación coas administracións alemáns e españolas. A garantía de recibir clases na lingua materna foi un dos seus obxectivos principais, xa que diso dependía en certa maneira tamén a comunicación entre as xeracións. En 1973 existían 24 asociacións; agora mesmo son case 120 as afiliadas á

17. Sobre a identidade e integración dos nenos españois, Thomas, C. (1986): *Identität und Integration spanischer Gastarbeiterkinder. Zur Bedeutung interkultureller Erziehung für die psychosoziale Entwicklung (Studien zur Interkulturellen Kommunikation,1)*, Saarbrücken/Fort Lauderdale, Breitenbach. Sobre os nenos portugueses, Geiger, K. F. (1995), p. 3.1.10.-13-15.

18. En 1999 o número de portugueses de menos de 18 anos é, con 20.800, case o dobre que o de españois. Statistisches Bundesamt (ed.) (2000), p. 37; Bericht (2000), p. 242, 249, 253, 255.

Confederación das Asociacións de Pais de Familia na RFA. Pola parte portuguesa, as asociacións de pais fundáronse máis tarde e non se organizaron a un nivel superior. En canto ó número das asociacións culturais, a pesar de se-la comunidade portuguesa numericamente inferior, o número de Casas Portuguesas superou ó das españolas (centros españois e casas de España) e creáronse ademais moi cedo. A maioría das asociacións de ámbalas nacionalidades ocúpense da organización de actividades de ocio, deportes e cultura, coas que axudan a reforza-la identidade dos inmigrantes. Especialmente nos primeiros anos, a igrexa católica tamén coidaba dos inmigrantes a través de Cáritas e as misións españolas e portuguesas, axudando a resolve-los problemas de tipo educativo, social e psicolóxico. A mocidade actual acepta, cada vez menos, as asociacións de pais de familia, que se converten, pouco a pouco, en asociacións de xubilados¹⁹.

A integración deficitaria, sobre todo da primeira xeración, favoreceu nun principio a vontade de retornar. De tódolos xeitos, a idea básica de emigración fora traballar en Alemaña só por un tempo determinado e volver “máis tarde” co aforrado. Outro aspecto que contribuíu ó desexo de retornar nos primeiros anos da migración foi o aínda escaso coñecemento sobre as diferentes maneiras de comportamento no país de destino, de tal xeito que o aprendido no propio país non era sempre o máis apropiado para resolver situacións conflictivas. Naturalmente, isto xa non é axeitado para as xeracións vindeiras nadas xa aquí²⁰. Outro aspecto máis que reforzaba este desexo, na primeira xeración, era a separación da familia do resto dos familiares. Contrariamente, a razón máis importante para quedar en Alemaña foi, e segue a ser, a situación económica xeral tanto en España coma en Portugal. Tamén contribuíu a falta de alicientes políticos e sociais para o retorno (sub-

19. De interese, debido á súa participación nas asociacións de pai de familia véxase Romano García, M. (1995): “Die spanische Minderheit”, en Schmalz-Jacobsen, C. e Hansen, G. (Hg.), p. 468-481. Véxase tamén Kaminsky, A. (1994), p. 3.1.7.-11-13; Geiger, K. F. (1995), p. 3.1.10.-23-24. Sobre o traballo de Cáritas, véxase Aguirre, J. M. (1982): “20 Jahre Sozialdienst des Deutschen Caritasverbandes für Spanier“, en *Caritas '82. Jahrbuch des Deutschen Caritasverbandes*, Freiburg, DCV, p. 185-188; Deutscher Caritasverband (ed.) (1990): *25 Jahre Sozialdienst der Caritas für Portugiesen in der Bundesrepublik Deutschland*, Freiburg, DCV.

20. Sobre a problemática de integración dos traballadores da primeira xeración, véxase Jung, H. (1978): *Eingliederungsprobleme spanischer Arbeitsimmigranten agrarischer Herkunft beim Übergang in eine freie Lohnarbeiterexistenz in der Bundesrepublik (Urbs et Regio, 8)*, Kassel, GhK. Sobre a relación entre rexeitamento e integración, véxase Saylor, Wilhelmine M. (1987): *Wider die Xenophobie! Ausländer zwischen Ablehnung und Integration - am Beispiel spanischer Migranten in Deutschland (Studien zur Interkulturellen Kommunikation, 2)*, Saarbrücken/Fort Lauderdale, Breitenbach. Sobre a intención de retorno, véxase Cazorla Pérez, José (1989): *Retorno al Sur*, Madrid, Siglo XXI; Garmendía, J. A. (1981), p. 272-286.

sidios de desemprego, seguridade social, pago de pensións). Pero moitos deles quedaron definitivamente en Alemaña, primeiro, porque levaban moito tempo residindo nese país, e segundo, porque ó non seren partícipes do desenvolvemento social e político, sentíanse tamén como estranxeiros nos seus propios países. Isto foi sobre todo válido para aqueles que despois de 1973 tomaron a decisión de permanecer, rexeitando mesmo as axudas para o regreso que o goberno alemán, a comezos dos anos 80, lles ofrecía. En 1999, entre os españois, o 80% levaba residindo en Alemaña máis de 10 anos, o 69% máis de 20 e o 36% máis de 30 anos. Se comparamos estes números cos dos portugueses, vese claramente a tendencia dun novo movemento migratorio. Mentres que só un de cada cinco españois levaba vivindo en Alemaña menos de 10 anos, entre os portugueses era case a metade. Pola outra banda, o 25% levaba entre 20 e 30 anos e só un 8% máis de 30 anos²¹.

Moitos adaptáronse e non queren prescindir de servicios tan importantes como por exemplo o da Seguridade Social e a asistencia médica alemana, tendo en conta o gran número de xubilados entre eles. A pesar de todo, segue a existir un desexo latente, aínda que ó mesmo tempo confuso, de retornar. Por isto pódese dicir que a perspectiva de moitos inmigrantes maiores está no ir e vir entre Alemaña e os seus países de orixe. Pero tanto o desexo de retorno, como a intención de quedar, seguen estando non só influídas por razóns económicas senón tamén emocionais. Os fillos, que ben polos seus estudos ou por lazos sentimentais, están totalmente integrados son, sobre todo, un argumento moi forte para quedar en Alemaña. O desexo de retorno diminúe aínda máis ó non vivir no país de orixe nin os pais nin os irmáns, sendo, ó mesmo tempo, causa de conflito o distinto punto de vista entre os cónxuxes con respecto ó retorno. A miúdo son as mulleres as que, a través dos seus fillos (por asuntos escolares, oficiais, etc.) se adaptaron mellor á sociedade en Alemaña e, ó ter abandonado o seu papel de muller tradicional, as que teñen menos interese en retornar²². Para a segunda e terceira xeración (máis da

21. Statistisches Bundesamt (ed.) (2000), p. 42-43.

22. Martínez Figueirido, H. M. (2000): "Del gastarbeiter al jubilado europeo. Informe final de Alemania sobre el estudio de la situación de exclusión social de los emigrantes españoles mayores", en Martínez Veiga, U. (dir.): *Situaciones de exclusión de los emigrantes españoles ancianos en Europa*, París, p. 99-123. Sobre as perspectivas de futuro entre mulleres españolas de idade avanzada, véxase Jiménez Laux, R. M. (1998): *Zukunftsperspektiven in Biographien älterer spanischer Migrantinnen in Deutschland* (Tese de Diploma), Universidade de Bremen; Veneto Scheib, V. (1994): "Italienische und spanische Frauen in Deutschland", en *Caritas '95*, p. 153-157. Un exemplo local de emigración, traballo e integración de mulleres, por Schöfer, E. (red.) (1993): *Wir kamen als Fremde. Spanierinnen auf der Nordwolle. Las guapas de España*, Delmenhorst, Förderkreis Industriemuseum Delmenhorst.

metade dos españois menores de 35 anos son nados en Alemaña [29.600], e case un tercio dos portugueses da mesma idade [23.800]), que se integraron en Alemaña con bastantes problemas, e que na maioría dos casos non teñen o coñecemento suficiente da lingua materna, o retorno, sen ter en conta os problemas económicos nos “países de procedencia” como, por exemplo, o enorme desemprego da mocidade, sería máis que unha reemigración, unha nova emigración²³.

IBEROAMERICANOS EN ALEMAÑA: EXILIO E MIGRACIÓN POR POBREZA

A presenza dos iberoamericanos en Alemaña non se manifestou durante moito tempo. Mentres a elite intelectual se orientaba cara a Francia, dende o outro lado do Atlántico a Alemaña só se mandaron oficiais para a súa formación militar, sobre todo chilenos.

Debido a diversas revolucións e pronunciamentos, moitos iberoamericanos víronse forzados ó exilio. Os países preferidos para exiliarse eran, ademais dos veciños, os Estados Unidos, España ou Francia. Alemaña non estaba dentro deste grupo, a propósito tampouco para portugueses e españois. O mesmo pasou en Chile en 1973 cando foi derrocado o presidente Allende. O golpe de estado desencadeou o maior éxodo dende a Guerra da Independencia. Entre 1 e 1,6 millóns de chilenos saíron do país, incluídos case 10.000 exiliados doutras dictaduras iberoamericanas como Uruguai, Brasil ou Bolivia. Ademais das dificultades co idioma alemán, existía, sobre todo na esquerda chilena, unha imaxe negativa de Alemaña que se nutría, por unha parte, coas experiencias da inmigración alemana a Chile²⁴, considerada como moi conservadora, e pola outra, coa identificación de Alemaña co nacionalsocialismo.

23. Sobre a socialización e crise de identidade de mozos españois en Alemaña, véxase López Blasco, A. (1983): *Sozialisationsprozesse und Identitätskrise spanischer Jugendlicher in der Bundesrepublik Deutschland. Ergebnisse einer empirischen Untersuchung*, München, Deutsches Jugendinstitut. Sobre a problemática do retorno a España de mozos, véxase Laue, B. (1990): *Identitätsprobleme spanischer Remigrantenkinder. Leben im Spannungsfeld zwischen zwei Welten (Studien und Dokumentationen zur vergleichenden Bildungsforschung, 46)*. Köln/Wien, Böhlau. Cifras de elaboración propia a partir de Statistisches Bundesamt (ed.) (2000), p. 37.

24. Véxase, p. ex., Blancpain, J-P. (1974): *Les Allemands au Chili 1816-1945 (Lateinamerikanische Forschungen, 6)*, Köln/Wien, Böhlau; Ojeda Ebert, G. J (1984): *Deutsche Einwanderung und Herausbildung der chilenischen Nation 1846-1920 (Beiträge zur Soziologie und Sozialkunde Lateinamerikas, 30)*, München; Young, George F.W. (1974): *Germans in Chile. Immigration and colonization 1849-1914*, New York, CIS.

Aínda que ó principio o goberno socialdemócrata alemán prometeu acoller a máis refuxiados que calquera outro país europeo, o resultado desta promesa foron numerosas restriccións administrativas. Eran, sobre todo, os *Länder* cristiandemócratas os que estaban en contra de acoller a supostos “revolucionarios profesionais”. Así que dos case 4.000 chilenos que había no país en 1974 só 1.456 foron recoñecidos como refuxiados de continxente. Pola contra, e dentro dun golpe de solidariedade, a iniciativa privada proporcionoulles ofertas de traballo e bolsas para a súa permanencia en Alemaña. Ó contrario que noutras dictaduras, o retorno dos exiliados chilenos comezou pouco a pouco nos anos 70, aumentando a partir da revogación do exilio forzoso en 1988 e do proceso de democratización dende 1990. A pesar diso, o número de chilenos en Alemaña seguiu aumentando ata 7.000 en 1991, entre a reagrupación familiar e os estudantes, diminuíndo moi pouco dende entón²⁵.

Aínda que o número de iberoamericanos en Alemaña non está exclusivamente formado por chilenos, é este un dos grupos máis salientables, pola súa situación política, e un dos poucos que tivo un lixeiro eco na literatura. O número total de iberoamericanos na República Federal Alemana segue un proceso de crecemento continuo, medrando de 15.000 en 1970 a case 80.000 en 1999. Entre tódalas nacionalidades, o grupo máis numeroso fórmano os brasileiros, co meirande crecemento, seguido dos colombianos e dos peruanos. Outros grupos, coma o dos chilenos ou o dos arxentinos, ou ben diminuíron lixeiramente nos últimos anos ou ben se estancaron. En xeral, predominan as mulleres nunha relación do 1.6 por 1, e incluso do 2.5 por 1 entre as brasileiras. O aumento das cifras débese ó desigual desenvolvemento nos países de Iberoamérica. Por un lado, case tódalas dictaduras militares experimentaron dende os anos oitenta unha transición á democracia, pero polo outro, a gran diferenza no desenvolvemento económico sumiu a moitos países nunha profunda crise económica, deixando de se-la emigración iberoamericana unha fuxida por motivos políticos e converténdose nunha fuxida da pobreza. Tamén desempeña un papel importante a migración matrimonial e o tráfico de mulleres para a prostitución, sobre todo entre brasileiras e dominicanas. En situacións como, por exemplo, a de Colombia, case en guerra civil, os límites entre a migración por pobreza e a emigración por motivos políticos non son claramente apreciables, provocando que en

25. Schimpf-Herken, Ilse (1994): “Chilenische Flüchtlinge in der Bundesrepublik Deutschland”, en BIVS (ed.), p. 3.1.9.-1-32; Issel, Barbara (1995): “Die chilenische Minderheit”, en Schmalz-Jacobsen, C. e Hansen, G. (Hg.), p. 106-119.

Alemaña, simplificando demasiado o problema, só se consideren as razóns económicas. Precisamente das citadas rexións conflictivas, medra o número de emigrantes nos últimos anos (véxase a seguinte táboa)²⁶.

Iberoamericanos en Alemaña²⁷

	1970*	1980*	1990*	1999
Arxentina	2.466	3.764	4.152	4.766
Bolivia	774	1.263	1.522	1.681
Brasil	3.487	5.485	10.486	22.390
Chile	1.824	5.458	6.440	6.408
Colombia	942	1.878	3.789	7.964
Costa Rica	151	286	497	780
Cuba	131	158	493	6.996
Ecuador	440	788	1.146	3.256
El Salvador	159	319	492	515
Guatemala	247	369	550	653
Honduras	101	265	409	545
México	948	2.025	3.223	5.439
Nicaragua	109	191	358	651
Panamá	113	134	182	273
Paraguai	263	400	603	835
Perú	1.056	2.007	4.009	7.825
Rep. Dom.	51	197	862	4.303
Uruguai	405	657	800	764
Venezuela	934	1.207	1.485	2.808
	14.601	26.851	41.498	78.852

* soamente RFA

Sobre a integración dos iberoamericanos pódense ofrecer algunhas liñas xerais. Non existindo case estudos ó respecto, só se pode facer unha diferenciación coidadosa entre os exiliados e o resto dos emigrantes. A integración dos exiliados desenvólvese de maneiras distintas, determinada pola súa heteroxeneidade social, que inclúe dende universitarios ata obreiros. A pesar

26. Véxanse os correspondentes artigos nacionais en Schmalz-Jacobsen, C. e Hansen, G. (ed.) (1997): *Kleines Lexikon der ethnischen Minderheiten in Deutschland*. München, Beck. Respecto ó trato de mulleres e prostitución, Florisbela dos Santos, A. L. (1995): "Die brasilianische Minderheit", en Schmalz-Jacobsen, C. e Hansen, G. (Hg.), concretamente 100-101.


27. Statistisches Bundesamt (ed.) (2000), p. 18-19. Sobre o aumento do número de cubanos, véxase o seguinte epígrafe referente á RDA.

da solidariedade por parte alemana, existía moitas veces unha falta de comprensión por ámbalas partes. En boa medida os exiliados non foron máis que unha base de proxección para as utopías dos grupos alemáns de solidariedade. Coa duración do exilio, a solidariedade cos chilenos diminuíu e buscáronse outros obxectivos como a guerra civil no Salvador ou a dos sandinistas en Nicaragua. A disposición e a posibilidade de integrarse dependeron tamén da data de comezo do exilio, recibindo máis axuda os primeiros que chegaban. Eran, en moitos casos, membros de partidos políticos que reestructuraron as súas organizacións no exilio e, aínda que se axudaban mutuamente, tamén levaban consigo as súas diferencias políticas ó estranxeiro. Os que viñeron máis tarde non tiñan perspectivas de seren recoñecidos como demandantes de asilo, xa que non pertencían a ningún partido, non podendo así recibir ningunha axuda.

A esperanza dos exiliados de volver rapidamente ós seus países impedíulles a moitos deles aprende-la lingua alemana, posición moi parecida á dos primeiros *Gastarbeiter*, que só pensaban vir por un ou dous anos. Isto levou-nos á marxinação e ó illamento, ó mesmo tempo que os afastaba dun posto de traballo ou dunha preparación profesional, e, se chegaban a topar un traballo, este, moitas veces, non se correspondía coa preparación adquirida nos seus países de orixe. Con respecto ós chilenos, pódese dici-lo contrario. Debido ás súas boas cualificacións puideron acceder a postos de traballo superiores, en comparación con outras nacionalidades, sobre todo no sector de servizos ó público. Só coa prolongación do exilio foise comprendendo mellor a necesidade de aprende-lo idioma e prepararse para unha vida duradeira nun país que, humanamente, tan frío lles resultaba. Á segunda xeración foille máis fácil porque se integraba no colexio e na vida diaria. Este cambio, en xeral, prodúcese debido á diminución do desexo de retorno, a un certo distanciamento emocional dos países de orixe, así como a razóns económicas, o que fai que permanecesen en Alemaña, por exemplo, moitos chilenos despois da democratización. A redución da familia a pais e fillos e a falta da familia numerosa tradicional, así como o papel máis activo das mulleres nos asuntos diarios, provocaron numerosos conflitos, separándose moitos matrimonios por estas razóns²⁸.

Todas estas especificacións enumeradas parécense moito ás dos traballadores estranxeiros que son, á fin e ó cabo, as que caracterizan a vida cotiá nun país estranxeiro no que non se pensaba permanecer por moito tempo. A pesar

28. Balke, F. e outros (ed.) (1983): *Mit dem Kopf hier - mit dem Herzen in Chile. Zehn Jahre Diktatur - zehn Jahre Exil. Chilenen berichten*, Reinbek bei Hamburg, Rowohlt; Issel, Barbara (1995), p. 112-116.



de tódalas diferencias (por exemplo psicolóxicas) entre a fuxida forzada e a migración laboral voluntaria, tamén existen parecidos, podéndose supoñer que son, da mesma maneira, válidos para os emigrantes por pobreza dos últimos anos. Son, en xeral, mozos de diversas clases sociais en busca de mellores ingresos, unha mellor preparación e unha vida digna.

Aínda que entre estes últimos a situación profesional é moi variada, pódese dicir en xeral que traballan en profesións nas que case non se esixen cualificacións e en moitos casos incluso ilegalmente (por exemplo empregadas domésticas). Para unha parte dos brasileiros, a razón da súa estancia en Alemaña é aprende-lo idioma, facilitándolles posiblemente, ó seu regreso, a colocación nunha empresa alemana. O sector cultural latino acolle a moitos emigrantes, sobre todo porque os diferentes tipos de música autóctona (grupos de música andina, cursos de tango, salsa ou samba, etc.), a miúdo en combinación coa gastronomía típica, gozan actualmente de gran popularidade en Alemaña.

Tanto a non aceptación como a xenofobia con respecto ós iberoamericanos dependen moito, exceptuando a discriminación institucional, do grao no que poidan ser identificados como estranxeiros (pensade por exemplo en arxentinos de ascendencia alemana ou brasileiros de pel escura). Así e todo, debido ó seu reducido tamaño, ningún destes grupos é considerado “problemático”²⁹.

29. Sobre as migracións en e dende Perú, Haferkamp, R. (red.) (1995): *Auf der Suche nach dem besseren Leben. Migranten aus Peru*, Unkel/Rhein, Halemann; Florisbela dos Santos, A. L. (1995), p. 102-105. Sobre a escena cultural latina, especialmente en Berlín, Garay, N. (1995): *Lateinamerikaner in Berlin. Entdeckungen in Vergangenheit und Gegenwart*, Berlín, Die Ausländerbeauftragte des Senats.

UN CASO ESPECIAL: IBEROAMERICANOS NA RDA

No estudio da migración a Alemaña adoitase esquecer doadamente que un segundo estado alemán, aínda que dunha maneira máis modesta, tamén foi país de destino para migracións laborais e de exiliados³⁰. A República Democrática Alemana (RDA) tamén importou man de obra mediante convenios laborais con outros estados. Como consecuencia da fuxida ó oeste, da diminución de natalidade, do envellecemento da poboación e dunha predisposición cada vez menor por parte dos empregados alemáns para aceptar, cunha boa preparación, calquera emprego, a RDA tiña problemas para cubrir postos de traballo. Primeiro contratáronse traballadores dos países veciños socialistas (Polonia, Hungría) e cando foron repatriados pola propia necesidade dos seus países tivo lugar a contratación, a partir dos anos 70, dos chamados “países irmáns nacionalmente liberados” do terceiro mundo (Vietnam, Mozambique, Angola)³¹. Os convenios de formación profesional e de emprego foron ampliados en comparación cos de cooperación técnica e científica xa existentes, ámbolos dous considerados parte da axuda solidaria.

Despois da repatriación da man de obra polaca e húngara e a experiencia positiva coa contratación de alxerianos dende 1974, simultaneamente a RDA asinou con Cuba en 1978 un convenio sobre cualificación con emprego³². Cuba interesouse por este convenio debido ó elevado número de parados no país. Xa en 1978 chegaron uns 12.076 cubanos á RDA. Entre 1978 e 1989 chegaron case 25.360 cubanos ó país, representando, excluídos os polacos e os húngaros, o segundo grupo máis grande de estranxeiros tralos vietnamitas. A contratación realizábase, por parte cubana, Cubatécnica, organismo oficial, dirixíndose sobre todo á industria pesada e de fabricación de maquinaria. Por este convenio, igual ca cos outros, só se podía efectua-la con-

30. Para unha vista xeral, véxase Krüger-Potratz, M. (1991): *Anderssein gab es nicht. Ausländer und Minderheiten in der DDR*, Münster; Krüger-Potratz, M. (1997): “Ausländer in der ehemaligen DDR”, en BIVS (Hg.) (5ª entrega), p. 2.5.-1-25.

31. Asináronse convenios bilaterais con Polonia (1966, 1973), Hungría (1967, 1972), Alxeria (1974), Cuba (1978), Mozambique (1980), Vietnam (1980), Mongolia (1982), Angola (1985), así como outros especiais con Bulgaria (1973), China (1986) e Corea do Norte. Elsner, E. E. e Elsner, L. (1994): *Zwischen Nationalismus und Internationalismus. Über Ausländer und Ausländerpolitik in der DDR 1949-1990*, Rostock, p. 30; Jasper, D. (1991): “Ausländerbeschäftigung in der DDR”, en Krüger-Potratz, M., p. 151-189, concretamente p. 155-165.

32. Sobre o convenio e a súa realización, Gruner-Domic, Sandra (1997): *Kubanische Arbeitsmigration in die DDR 1978-1989. Das Arbeitskräfteabkommen Kuba-DDR und dessen Realisierung*, Berlín, BIVS.

tratación colectiva e por un máximo de tres a seis anos. Deste xeito, evitaba a RDA a adquisición de permisos de residencia por parte dos traballadores xa que, do mesmo xeito que na RFA, non se consideraba como “país de inmigración”, sendo o retorno un elemento fixo nos contratos. Contratáronse, sobre todo, solteiros, xa que o Estado tampouco desexaba ningún tipo de reagrupación familiar.

Aínda que os traballadores estranxeiros estaban *de jure* equiparados ós cidadáns da RDA, en realidade as súas condicións de vida estaban estritamente regulamentadas. O aloxamento era en vivendas colectivas, facilmente controlables, onde a vida privada era case imposible, así como o contacto non desexado polo Estado coa poboación autóctona. Esta forma de “integración segregada temporalmente”³³ experimentábase como unha forma de illamento social e interdicción, podéndose manifestar en considerables problemas psicolóxicos.

A pesar da solidariedade socialista retórica, os cubanos estaban expostos á discriminación tanto no traballo como na vida cotiá. Tanto a existencia como a intensidade da xenofobia na RDA é un tema moi polémico que debe ser estudiado máis profundamente³⁴.

Este tema expúxose tamén entre os refuxiados, por exemplo entre os chilenos, que vivían na RDA. En total, o país acolleu cerca de 2.000 chilenos, dos que permanecían uns 334 en 1989 e eran sobre todo licenciados, dirixentes políticos e estudantes que recibían apoio tanto oficial como económico. Debido a isto último, víanse a si mesmos nunha posición positiva. Tamén había uns poucos españois que foran expulsados de Francia por comunistas en 1950³⁵.

Coa apertura da RDA en 1989, moitos dos estranxeiros contratados saíron ou tiveron que saír do país. A pesar dos convenios vixentes, moitos foron despedidos. Mentres outros países seguían negociando co novo goberno sobre as condicións, Cuba pechou o envío de man de obra, elaborando ó mesmo tempo un plan de retorno³⁶. Así, en 1989, o número de cubanos no país oscilaba entre 8.000 e 10.000. A mediados de 1990, a poucos meses da reunificación, a cifra diminuíu a 4.000. A maioría deles aproveitou a oportunidade e quedou na RFA.

33. Jasper, D. (1991), p. 178.

34. Con exemplos en Gruner-Domic, Sandra (1997), p. 32-37; Elsner, E. E. e Elsner, L. (1994) intentan presentar unha imaxe demasiado positiva da RDA neste punto.

35. Elsner, E. E. e Elsner, L. (1994), p. 21-22.

36. Gruner-Domic, Sandra (1997), p. 57.

CONCLUSIÓNS

Entre os grupos de inmigrantes descritos, españois, portugueses e iberoamericanos, pódese dicir que existen tanto similitudes como diferencias. Case tódolos emigrantes tiveron a intención de quedar só temporalmente en Alemaña, ben porque estaban obrigados polas cláusulas dos seus contratos de traballo ben porque esperaban a fin do exilio, que crían próximo.

A restricción temporal dos contratos laborais, aínda que só foi válida ó principio na RFA, demostra que ámbolos estados alemáns non se vían como países de inmigración. Mentres que a dictadura da RDA impuxo o retorno, na RFA, debido ás prolongacións de residencia, produciuse unha situación de inmigración de feito.

A situación na vida privada dos traballadores, con independencia de que fosen contratados individualmente na RFA ou colectivamente na RDA, foi, polo menos nos primeiros anos, semellante en puntos como por exemplo vivendas colectivas, discriminación no posto de traballo ou na vida pública, etc. Tamén moitos dos exiliados experimentaron, con máis ou menos intensidade, o mesmo con respecto ó contorno estraño no que vivían.

Mentres que na RFA as condicións de vida, vivenda, emprego, situación escolar, etc. evolucionaron positivamente, na RDA a regulamentación entón vixente non deu lugar a iso. Debido á desaparición da RDA coa reunificación en 1990 non se poden segui-los pasos dunha evolución hipotética.

Nos últimos anos, o grao de integración ou adaptación ó medio alemán aumentou considerablemente de modo que o desexo de retorno, tanto para traballadores como para exiliados, co paso do tempo, vai perdendo importancia.

Os españois, portugueses e iberoamericanos nados aquí, a segunda xeración, son xa parte activa da sociedade alemana actual. Ademais, cos cambios políticos e xurídicos que se van adaptando pouco a pouco á realidade inmigratoria, irán desaparecendo das estatísticas de estranxeiría, xa que existen condicións máis fáciles de adquisición da nacionalidade alemana por estancia ou co nacemento. De tódolos xeitos, seguen sendo conscientes das súas orixes, das dos seus pais, enriquecendo con iso a realidade actual en Alemaña e en Europa.

Resumo

ASPECTOS DA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA, PORTUGUESA E IBEROAMERICANA EN ALEMAÑA

Axel Kreienbrink-Herrero

O artigo ofrece unha visión xeral da inmigración española, portuguesa e latinoamericana en Alemaña. Analízanse as distintas vías de asentamento, a integración de cada un destes tres grupos, coas súas similitudes e as súas diferencias. As características da súa condición de inmigrantes son un dos aspectos estudados. No caso dos españois (exceptuando os traballadores chegados durante a II Guerra Mundial) e portugueses atendeuse ó réxime de “traballadores invitados”, tratándose deste xeito dunha inmigración laboral. Cando se fala da inmigración procedente de Latinoamérica, aínda que nun principio predomina a condición de exiliados políticos, co paso do tempo transfórmase nunha migración por motivos económicos.

Palabras clave:

Alemaña, inmigración laboral, integración social, exilio.

Resumen

ASPECTOS DE LA INMIGRACIÓN ESPAÑOLA, PORTUGUESA E IBEROAMERICANA EN ALEMANIA

Axel Kreienbrink-Herrero

El artículo ofrece una visión general de la inmigración española, portuguesa y latinoamericana en Alemania. Se analizan las distintas vías de asentamiento, la integración de cada uno de estos tres grupos, con sus similitudes y sus diferencias. Las características de su condición de inmigrantes son uno de los aspectos estudiados. En el caso de los españoles (exceptuando los trabajadores llegados durante la II Guerra Mundial) y portugueses se atendió al régimen de “trabajadores invitados”, tratándose así de una inmigración laboral. Cuando se habla de la inmigración procedente de Latinoamérica, aunque en un principio predomina la condición de exiliados políticos, con el paso del tiempo se va transformando en una emigración por motivos económicos.

Palabras clave:

Alemania, inmigración laboral, integración social, exilio.

Résumé

ASPECTS DE L'IMMIGRATION ESPAGNOLE, PORTUGAISE ET LATINO-AMÉRICAIN EN ALLEMAGNE

Axel Kreienbrink-Herrero

L'article présente une vision générale de l'immigration espagnole, portugaise et latino-américaine en Allemagne. On y analyse les différentes voies d'établissement, l'intégration de chacun de ces trois groupes, avec leurs similitudes et leurs différences. Les caractéristiques de leur condition d'immigrants sont l'un des aspects étudiés. Dans le cas des espagnols (hormis les travailleurs qui sont arrivés durant la II Guerre Mondiale) et des portugais, c'est le régime de “travailleurs invités” qui a été considéré; il s'agissait donc d'une immigration pour le travail. Lorsque l'on parle de l'im-

migration venant de l'Amérique Latine, même si c'est la condition d'exilés politiques qui prédomine, avec le temps, la raison de cette émigration est de plus en plus la raison économique.

Mots-clefs:

Allemagne, immigration pour le travail, intégration sociale, exil.

Summary

ASPECTS OF SPANISH, PORTUGUESE AND LATIN AMERICAN IMMIGRATION IN GERMANY

Axel Kreienbrink-Herrero

The article offers a general vision of Spanish, Portuguese and Latin American immigration in Germany. The different ways of settlement are analysed, the integration of each one of these three groups with their similarities and differences. The characteristics of their status as immigrants is one of the aspects studied. In the case of Spaniards (except workers who arrived during the Second World War) and The Portuguese, they adhered to the system of "invited workers", it thereby being a working immigration. When we talk about immigration from Latin America, although in the beginning it was predominantly that of political exile, as time goes by it becomes an emigration for economic reasons.

Key words:

Germany, working immigration, social integration, exile.

Currículo

AXEL KREIENBRINK, M. A. (Oldenburg-Alemaña). Cursou estudos universitarios de Historia, Ciencia Política e Empresariais nas Universidades de Osnabrück e na Autónoma de Madrid. Presentou a memoria de licenciatura: "Deutsche Lateinamerikaauswanderung in der publizistischen Diskussion der Weimarer Republik" (1998) [Emigración alemana cara a América Latina na discusión periodística durante a República de Weimar]. Membro do DFG-Graduiertenkolleg "Migration im modernen Europa" [Colexio de graduados da Comunidade de Investigación Alemana] no Instituto de Investigación sobre Migracións e Estudos Interculturais (IMIS)/Universidade de Osnabrück. A súa tese de doutoramento, dirixida polo prof. Dr. Klaus J. Bade, titúlase: "Spaniens Umgang mit der Herausforderung des Wandels vom Auswanderungs- zum Einwanderungs-land im europäischen Kontext" [España e o desafío do cambio de país de emigración a país de inmigración no contexto europeo].

TEXTOS E DOCUMENTOS

UNHA VISIÓN DA ACTIVIDADE DOS NACIONALISTAS GALEGOS EN 1950 DESDE BOS AIRES

Marcelino Xulio Fernández Santiago*

Tralo remate da Guerra Civil, os exiliados tiveron un importante peso político nos anos finais da II Guerra Mundial, xa que existía a esperanza de que a victoria aliada suporía unha rápida transformación da situación política do Estado español co final do franquismo e o retorno á legalidade republicana. Estes soños víronse axiña frustrados e, xa en 1947, co fracaso do goberno Giral e a saída de Castelao como representante do galeguismo nas organizacións políticas da República no exilio, obsérvase un esmorecemento da actividade política do nacionalismo exiliado. Situación que, a partir de 1950, queda claramente patente coa morte de Castelao e a aparición case simultánea da editorial Galaxia en Vigo, que marca unha nova orientación do galeguismo organizado do interior.

Será neste marco cando se produce a viaxe de Xosé Bieito Abaira a Galicia como representante do Consello de Galiza. Natural de Meira, emigra en 1922 a Bos Aires, onde, tras traballar como empregado en varios negocios téxtiles, crea en 1934 o seu propio comercio, a xastrería Celta, con enderezo en Federico Lacroce, 4086. Abaira converteuse nun mito do galeguismo porteño, pois foi un dos últimos representantes da xeración de emigrantes incorporados ó galeguismo antes da Guerra Civil e tiña unha importante presenza nos círculos culturais e políticos galegos de Bos Aires, presenza que se reforzaba pola súa forte personalidade e o seu constante compromiso coa causa galeguista.

Nos anos 30 comeza a colaborar na revista *Céltiga*, na Federación de Sociedades Galegas e no coro Ultraia, pero o seu compromiso reafirmase trala Guerra. Así, en 1939 aparece como secretario da Comisión organizadora da homenaxe a Rosalía de Castro, participa na creación da Agrupación A Terra do Centro Galego de Bos Aires, figura como secretario da Irmandade Galega –institución na que participa activamente e a través da que desenvolve un importante labor político, converténdose xunto con Rodolfo Prada, Manuel

* Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e documentalista do Arquivo da Emigración Galega.

Puente e outros nun dos principais referentes de Castelao na colectividade emigrada galega en Bos Aires–.

Posteriormente participará na reconstitución do Consello de Galiza, na organización do Primeiro Congreso da Emigración Galega e dos Xogos Florais do Idioma Galego. Xa nos últimos anos colabora activamente no xornal *Pátria Galega* e na Asociación de Amigos do Idioma Galego.

X. B. Abraira realiza en compañía da súa muller, Mercedes Cela, esta viaxe, que supón a súa primeira volta a Galicia tras máis de 20 anos de ausencia. Sae de Bos Aires o 10 de xullo e tras unhas breves escalas en Río de Xaneiro e Madrid trasládase a Galicia, onde permanecerá 2 meses. No mes de setembro regresa de novo a América, onde visita Cuba e México, para retornar definitivamente a Arxentina. Amais do carácter persoal da viaxe, Abraira figura como representante da editorial Nós –xa que unha das súas finalidades é dar a coñecer, publicitar e vende-la obra *As cruces de pedra na Galicia*, derradeira publicación de Castelao, tirada ese mesmo ano pola Editorial Nós– e do Consello de Galiza.

Por este motivo elabora un informe sobre a viaxe e a súa estadía en Galicia escrito como un documento interno para presentar ó Consello de Galiza. Nel ofrece unha panorámica da situación do galeguismo en América e Galicia e, principalmente, dos contactos mantidos cos núcleos galeguistas, que se inician o día 25 de xullo, coa súa presenza na misa por Rosalía de Castro na Igrexa de San Domingos e no acto de constitución da editorial Galaxia no Hotel Compostela de Santiago; tamén relata as súas posteriores reunións en Vigo co grupo dirixente do “movimento galeguista”, para delimita-las sempre difíciles relacións entre o nacionalismo de América e do interior –que nos últimos anos están despertando a atención da historiografía galega–. Así mesmo Abraira inclúe os contactos mantidos con representantes do galeguismo noutras localidades galegas e coa colectividade emigrada en Madrid e nos países americanos que visita e as súas impresións sobre a situación en Galicia no franquismo.

Nas páxinas que veñen a continuación reproducímo-lo texto íntegro do Informe, mantendo a súa grafía, as abreviaturas, etc.

Por último quixera expresarlle o meu agradecemento e dedicarlle esta presentación a Roberto Rodríguez, bibliotecario do Centro Galego durante moitos anos, xa que gracias ó seu empeño e axuda puideron consulta-los fondos depositados por Abraira nesta institución, exemplificando na súa figura, tristemente desaparecida, a memoria de tantos galegos que loitaron pola preservación da cultura galega na emigración e que hoxe fican esquecidos. Tamén quero agradecer-la axuda prestada por Afonso Vázquez-Monxardín, que me acompañou neste labor difícil e tortuoso de pescuda polos arquivos das asociacións galegas en Bos Aires.

INFORME PRO CONSELLO DE GALIZA

Aitividades dos patriotas en Galiza, Rio de Xaneiro, Madri, Habana e México.

De paso pra terra visitei en Rio de Xaneiro a Irmandade Galega.

O seu presidente Don Victor M. Balboa fixonos, a miña dona e a min, ouxeto de distintas atencións. O irmán Balboa e un patriota cabal. Formado nas irmandades primeiras que houbo en Galiza, continúa fidel a Patria; sostendo ergueita a Bandeira da sua redención no Brasil. Il mantense avencellado con galegos de San Paulo, de Bahía, etc. Acompañoume a visitar na Biblioteca Nacional de Rio de Xaneiro ao Gran Patriota Portugués Don Xaime Cortesao co que sostivemos unha longa conversa encol dos probremas galaico-portugueses. Creo que non estaría demáis que ise Consello se fixera eco d-ista entrevista, e poñerse en contaio con il. Mercou un libro de Cruces e outro o irman Balboa; quedamos en que il faria na prensa carióca os comentarios pertinentes pra contribuir a sua venda no Brasil.

EN MADRID

Ben-Cho-Sei. Foi iste o primeiro irman que poiden abrazar no camiño da Patria, xa en terras castelans. Dende as primeiras verbas que crucei con il deca-teime da fondura do seu sentimento patriótico. Non hei de abundar diante dos membros dise Consello en consideraciós encol da sua persoalidade por ser ben coñecido, e de vello, por vostedes; pro non estará demais anotar que as suas ideas mantéñense o dia, e a sua aitividade concorda coas eisixencias da hora aitual superando total-as dificultades. Os riscos que iste home corre tanto no orden persoal como no da familia son enormes e cuias razóns vostedes coñecen. Non embargantes, non somentes se consagra por enteiro a causa da Terra en todol-os ordes, sinon tamén a sua dona. Ista merez capíduo aparte: Non e galega; pro canto paisano vai a cadea por aitividades patrióticas cerca da Vila do Oso e Madroño, conta coa sua esistenza desintresada, tenra e heróica. Os nosos presos non lles falta nunca ren, gracias a sua astucia e dilixencia. Facendose irman dos galeguistas unhas veces, prima outras e amiga sempre. Logra introducir os nosos patriotas na cadea o cariño e axuda dos que teñen ainda a ilusión d-algunha liberdade na celda enorme que demarcan hoxe os límites da penínsua. Iste asunto dos nosos presos e tamen consolador saber que son os que mais axuda reciben en todol-os ordes: alento, adhesión e cariño no espiritual e patriótico no material, deica onde o permiten as circunstancias e ardides dista mañífica dona que os coida, roupa, tabaco, víveres, etc. Todo elo gracias tamen a xenerosidade doutro galeguista: Don Alvaro Xil Varela, de quen falaremos mais adiante.

Con Ben-Cho-Sei falamos longo do noso problema e maneira de coordinar a laboura prúsima. Il é un dos poucos irmans que están no segredo dos movementos, aitudes e consiñas dos patriótas. As circunstancias aituales esixen que cada un non sepa mais que o estritamente necesario pra aitar: toda noticia, asunto, dereitiva ou calquera outra cousa que non sexa o estritamente necesario indispensable, coñecela e un estorbo, d-há que somentes se poida falar ampriamente con tres ou catro patriotas, os demais -incluso membros do Comité Executivo- somentes coñecen conceptos parciais. Folgan as espricacions encanto a ista precaución.

Ben-Cho-Sei -repito- enteroume dos detalles da orgaización; as distintas aitividades que en múltiples aspectos abarcan total-as manifestacións do vivir galego pra, en circos concéntricos, chegar a meta ideal. Il me orientou e puxo en contaito cos patriotas da Terra. Igualmente con il planeamos a venda do libro "As Cruces de Pedra Na Galiza" que xa en Madri foi un éisito.

DON ALVARO XIL VARELA

Con Ben-Cho-Sei visitei este patriota que dende a "vila podre" dirixe unha vasta rede de negocios en toda a penínsua. Home de sólida posizón económica que lle da un ben gañado prestixio engadido o seu don de xentes e señorío espirotoal, sirve a Galiza, como dixen denantes, con desintres e xenerosidade: gasta diñeiro, moito diñeiro, pois a súa axuda abarca dende a matenzón dos presos galeguistas deica a financiación ou contribución importante en empresas como "Galaxia" editorial que se propon seguir en Galiza a tradición de "Nós" (coa difrencia das circunstancias, craro está). Bibliófilos Gallegos, proteución a artistas e escritores galeguistas, alentando os nosos patriotas e axudándoos en canta iniciativa teñen en pro do ideal. Según referencias de Ben-Cho-Sei, que logo me rati-ficaron en Galiza iste home gasta anualmente nas aitividades patrióticas algunhas ducias de miles de pesetas. Creo que ben merece este home unha mención especial pol-a súa xenerosidade, pois, non e común que os homes de cartos os poñan o servico da Patria. Mais Don Alvaro Xil, "Alvariño" -como lle chaman cariñosamente os patriotas- non e somentes un "home de cartos". E un patriota de primeira. Manexa o problema as mil maravillas; as suas convincións patrióticas -ao menos no que eu poden ouservar- non estan coutadas por ningún "ismo", como sucede en moitos casos eiquí en Bos Aires, onde ainda quedan bastantes paisanos -refirome os militantes- que condicionan o seu galeguismo a algunha particular ou sectaria conceición política. Don Alvaro e un gallego enteiro por enriba de todo incluso dos seus propios intreses que -como dixen- non son poucos; e xa sabemos que os intreses materiais quereselle mais canto mais grandes son.

Na antesaá do seu escritorio en donde por asuntos dos seus negocios espe-raban seis ou oito persoas, bastou que avisasen a visita dun patrióta de Bos Aires

(o ordenanza avisou así por indicación de Ben-Cho-Sei) pra que inmediatamente nos fixese pasar a unha súa especial. Alí inquiriu datos e pormenores dos derradeiros momentos do noso Castelao; do que pensaba facerse pra que non se interrumpise a loita pol-a liberdade da Patria por il emprendida.

E home moi enteirado e pol-o tanto vive o día con canto aquí facemos, merecendo a sua total aprobación. Foi con il en donde me decatei da importancia que ten pra Terra todo canto eiqui se fai, de como teñen os ollos postos en nos asiñándonos un papel capital. Ista maneira de pensar había de comprobala logo non somentes na Terra senon de maneira moi especial en Cuba e México. Compre que ise Consello pense n-iste detalle e o faga coñecer moi especialmente das entidades que pensan en Galiza. Nas distintas dependenzas dos escritorios de Don Alvaro todo ten olor e sabor galegos. Inmediatamente folleou un libro de Cruces e dempois dunha incursión por entre os seus empregados anotou pra adequerilos doce de 500 pesetas c/un, dous de 1.666 ptas. e un de 16.000 ptas. Iste detalle fala por si solo da sua rexa formación patriótica.

Un nucleco bastante importante de galegistas hai en Madri, tratei a varios, todos rexos, exemplares; mais pol-as circunstancias que xa anotei só conviña falar cos dous que menciono.

Alí mesmo frente a estos dous homes (Ben-Cho-Sei e Don Alvaro) que na mesma guarida en que dende fai séculos se escraviza a nosa Terra, manteñen tan diñamente a bandeira da nosa redención, concebin unha grande esperanza no resultado final. As dúbidas que sobre da vountade do noso pobo, da supervivencia do ideal, dúbida que tantas veces me asaltou despois da derradeira matanza, que pra vencela houben de recurrir o cultivo intensivo do meu fanatismo, quedaron disipadas pra sempre. Cando na capital do país enemigo, dous galegos que a ambos as circunstancias, lles eisixirian pol-o menos unha cómoda postura como a mui porteña “no te metás”, son capaces de xogal-o todo pol-o ideal, os da Terra, e decir: os que residen en Galiza, serían tamen patriotas exemplares. Con ista esperanza tomei o tren e despois de haber recorrido Galiza durante cuarenta días teño o inmenso pracer de informar a ise Consello que non fun defraudado. Non creo que a ise Consello lle intresen outros detalles de Madri, que os que se relacionan c-os galegos: e decir: cos galeguistas. A min tampouco. Non seis se e bonito nin sé é feo, somentes sei que é despreziable. A min semellame un escaerio inmenso dunha zarzuela xigantesca. E isto que resulta pasable en calquera teatro de América con un par de dúcias de protagonistas, e repulsivo, cansador “stufo” –como diría un parcial de Mussolini nado en Catanzaro– cando se trata de ver como un millón de persoas desfilan pol-as ruas facendo de “Serafin el Pinturero” ou calquera persoaxe de Arniches ou Alvarez Quintero.

E que decir do Escorial símbolo pétreo, de todol-os errores, tiranías, decadencia, estupideces etc. en que os hespañoes son pródigos? ¡Que lástima de mármoles, e que pena de artistas!

NA TERRA

Ceguei a Galiza na mañan bretemosa do 20 de xulio. En Quereño tiven que frenar fortemente a un hespañol –andaluz– que lucía a súa alegre estupidez a costa de Galiza. Non abondarei en detalles deste asunto pra non perder tempo. As 8 da mañá estaba en Lugo.

Por precaución non me puxen alí en contaito cos nosos elementos. Seguin o pé da letra o que Ben-Cho-Sei me recomendara. Isto de facer o que lle din a un e alí de importancia capital, pois calquer erro ou calquer indiscreición poden ser fatales.

O día de Galiza atoparía os patriotas xuntos en Compostela. Así me fixeron o itinerario e así o seguin.

Na miña aldea que ten algunha pretensión de vila vívese a mesma angustia que logo comprobei no resto de Galiza. Alí atopei a un gran galeguista, acaso o mais inxustamente castigado. Anibal Otero, home de extraordinaria cultura, versado no estudo das raíces do noso idioma. Nunca se metera en política aitiva pro aínda eisé, gracias a Don Xesús Carro salvou a vida e despois de oito anos de cadea volve a consagrarse a Terra.

EN COMPOSTELA

Ceguei a Santiago no día das vísperas do Apóstolo. O 25 a mañá fun a Eirexa de Santo Domingo en donde, tal como era convido, atopei aos patriotas xuntos. Dende Madri eu escribira a Don Ramón Otero a quen quería ver por especial encargo de Don Manuel Puente, e en carta que me dirixiu a Meira tamén me citou pra eili, e decir: pra misa de Rosalía e Brañas. Certos detalles deste aito son xa coñecidos por datos de outros galegos que alí se atopaban, como os irmans do Centro Pontevedrés e o Sr. Estevez do Centro Galego. Unha cousa sucedeu íste ano: o bispo Souto Vizoso falou en castelán por presión das autoridades. Don Xesús Carro indinado prometeu alí mesmo que “isto non sucederá mais, pois encargareime eu de que non suceda”. Logo Don Ramón Otero –sempre o gran Don Ramón– lavou a mancha botando un mañífico discurso en galego.

Terminada a cerimonia relixosa, fun invitado coa miña dona a unha comida no Hotel Compostela, cuios concurrentes non enumero por haber xa aparecido en revistas da Coleitividade. Por precaución non estaban alí alguns dos mais aitivos e arriscados irmans. Durante o almorzo quedou constituída difiñtivamente a Editorial Galaxia, e encargáronme a min prantexar este asunto en Bos Aires, cousa que farei primeiramente na xunta da Irmandade Galega.

Con alguns dos irmans asistentes planeamos o estudo dos distintos probremas que o galeguismo ten prantexados e citáronme pra uns días dimpois nunha praya en Vigo.

NA CRUÑA

Denantes de ir a Vigo en donde trataría co Comité Executivo do movemento Galeguista (prefiro chamarlle eisí, pois o galeguismo, e menos agora, non e certamente un partido político) quixen falar con algunhos nucleos de outras cidades. Un distes, o da Cruña foi dos primeiros que entrevistei, sempre orientado pol-os persoeiros que tratara en Santiago. Isto e primordial pois, repito, de ningún xeito se pode falar con calquera. Na Cruña hai un dos nucleos mais prestixosos de Galiza, aínda que non chegou a renovarse na medida en que o fixeron outros, como os de Vigo, Lugo, Santiago, Monforte etc. Alí tiveron conmigo amables deferencias os irmans Federico Zamora, Ramón Vilar Ponte, Carré, Díaz Pardo, Ferreiro, etc. Hai na Cruña un home de grandes méritos, Martínez Risco, que vive o día cos nosos probremas, e sigue de cerca as alternativas e laboura do Consello de Galiza. Hai alí outro gran irman, pontevedrés, reside na Cruña dende fai unhos anos, gran cultor das nosas letras, e afervoadado patriota: Eiras Abal.

Todas istes irmans viven os latidos do corazón de Galiza, dunha maneira total. Todos teñen tamén os ollos postos en Bos Aires, non esperando que os vaíamos a liberar, senon que, por imperio das circunstancias, asíñannos un papel diretriz e ourentador. Debo sinalar eiquí a mañífica impresión que produxo a diñidade con que os galegos emigrados coidamos a Castela, na sua vida, na sua enfermidade, e na sua morte. Esta impresión recollina en toda Galiza. A ela contribuíu de maneira moi especial a revista do Centro Galego cuio número adicado a morte do noso líder foi profusamente repartido alí.

Na Cruña vendin tamén varios libros de Cruces.

DE NOVO EN COMPOSTELA

De paso pra Vigo estiven novamente en Santiago, esta vez adiqueime a venda do libro de Cruces, repetindo o eisito de Madri e da Cruña. Estiven tamen con este mañífico nucleo de irmans que conta con figuras como o sacerdote don Xesus Carro que consagra a sua vida a Galiza. Iste home e unha verdadeira eisceición. Manolo Beiras que une ó seu talento natural un patriotismo animado pol-a ilusión da sua xuventude; Mosquera Pérez benemérito galeguista fundador e principal sostenedor do Patronato Rosalía Castro; Fermín Bouza Brei culto poeta; Dtr. Baltar, Dtr. García Sabell, e infiñidade de xentes que, de fronte ou de esguello, traballan por Galiza. Alí me colmaron de atencións, almozos, paseios, convites, e sempre co pensamento cara ao ideal. En Santiago vivin horas inesquecibles. Nos cafés, nas peluquerías, e en canto lugar se daba o caso, compro-

bei como as xentes lembran os nosos persoeiros no eisilio, moi especialmente a Suarez Picallo.

No café Derby a donde solía concurrir, dirixiuse a min un home mal entrado sabedor de que eu era de Bos Aires. Preguntoume detalles da vida e morte de Castelao e despois de saber que Alonso Ríos o sucede na cabeza do movemento do eisterior, deume pra il unha aperta, decíndome que era a derradeira mañifestación do seu patriotismo, xa que as circunstancias fixeran dil un cadáver patriótico (sic). Aquil home era o Dtr. Rajoy Lelup que fora Segretario do Comité Central da Autonomía de Galiza. Os sicarios da “Hespaña Grande y Unica” non lle perdonan haber servido tan lealmente a nosa Terra e fixeronno obxeto de vexaciós e malos tratos deica convertilo na piltrafa que pasea o seu corpo macilento pol-as ruas da cidade do Apóstolo, mal cuberto pol-os restos do que noutro tempo foi un traxe.

Tamen asistín coa miña dona a un recital, que, a flamante galeguista Pura Vázquez fixo na Universidade, en Galego. Ista cultora das nosas letras fixo a súa entrada no galeguismo orgaizado naquiles días, e debutou co dito recital. Estivo moi concurrido, e debo sinalar, que a parte galega que ila fixo despertou mais intrés que os versos en idioma alleo lidos por un estudante extranxeiro.

EN VIGO

Tal como me indicaron os patriotas fun a Vigo, e, en un día e ora sinalados atopeime con Del Riego e os irmans Alvarez Vázquez nunha praia. Falamos de xeneralidades e logo almorcei co primeiro quen me enterou en detalle de toda a situación do galeguismo. Analizamos punto por punto todol-os sucesos e circunstancias habidas dende a guerra civil. A aituación dos nosos deputados nas cortes de México, do noso Castelao no goberno do eisilio, e dos emigrados en xeral. Na maior parte dos asuntos chegamos a un acordo total, en alguns fixen reservas mais de forma que de fondo. Ista conversa era preliminar da que o día seguinte tería na cidade co Comité Executivo en pleo, en sitio e hora que se me indicaría.

Aquila noite vivin unha angustia profunda; e decir: tiven medo, apenas amortigado pol-os acordos dun coro que cantaba en galego na alameda contrastando cunha tonta que facía que cantaba framenco diante dun micrófono instalado o aire libre.

O día seguinte a mañan cedo recibin no hotel a visita do Segretario Don Manuel Gomez Román. Díxome que habían resolto facer a xuntanza dividida en grupos parciais, pois nas circunstancias 16 persoas xuntas poderían despertar sospeitas, mais ainda cando eu iba da América e xa estivera cos nosos elementos en todas as cidades; ademais alguns dos que asistirían como acababan de sair da cadea seguramente iban a andar vixiados. Anuncioume a visita pra dentro

duns momentos dun home eisceicional. Foise e os dez minutos chegaron Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto. Foi un dos momentos de mais emoción que vivin na miña vida. Axiña me decatei de que estaba diante dun home de eisceición. Ramón Piñeiro e eistraordinariamente culto, con gran don de persuasión; vin nil a personificación e a espranza de Galiza que está firme aguantando a enxurrada pra marchar cara a liberación difiñitiva. A Xaime Illa xa o coñecera en Santiago, viña coa sua dona e encamiñámonos o Castro en cuio restaurante había un almorzo de militares de outa graduación celebrando non sei que acontecemento. Alí nun rincón poderíamos falar e discutir os problemas do galeguismo sin sospeitas de conspirar.

O restourente ofrecía un aspecto de impoñenza; aquiles militares que gañaron os galós perdendo total-as guerras –menos a que fixeron contra o seo pobocomían e bebian a barullo.

Estaban ben lexos de supoñer que mentras eles largaban as gargalladas españoleiras do seu léisico transnoitado e decadente, alí nun rincón que un patriota fixera preparar especialmente, se praneaba a orgaización do movemento pra espulsalos da nosa Terra. Durante a comida discutimos largamente, asistian Illa, Del Riego, Piñeiro, Beiras de Santiago, e un pontevedrés cuio nome non lembro. Chegamos a un acordo compreto en canto os primeiros pasos dados no eisilio pol-o noso guieiro. Eiquí xurdiu unha pequena difrencia en canto a aituaición de Castealo e as suas relacións cos do interior. Está demais decir que defendin a capa e espada a nosa posición, que e a de Castelao. Novamente me informaron do que habían feito, por que, e pra que, nas distintas circunstancias, igual fixei eu encanto a o noso traballo, e chegamos a un acordo.

Quedamos en volver a xuntarnos dous días despois pra resolver sobor dos seguintes puntos que iles prantexarian aquila noite aos demais membros do Consello que non asistian:

- 1º- Posizón do galeguismo na hora aitual
- 2º- Coordinación de aición dos emigrados e do interior
- 3º- Labor e función do Consello de Galiza

PONTEVEDRA

Vilagarcía. Por consello dos patriotas pra desourentar os seides de Hespaña, pois tiñamos indicios de que nos seguían a pista, fun dormir a Pontevedra, e de mañan estiven en Vilagarcía. Alí puidan probar como lembran o noso conselleiro irman Villaverde, dil me falaron nun restourante, e un mozo de cordel na estación. Cito estes dous, poruque habendo estado somentes unhas horas non puiden falar con xentes diversas como fixera nos demais sitios. Alí vin a Dámaso

Carrasco, gran patriota que foi moi perseguido e castigado, a Recuna Otero que sin militar especificamente no galegismo, paréceme un gran galego.

En Pontevedra non poiden falar con naide dos nosos, ademais non era comenente pol-as mesmas razóns que xa dixeran; así mo aconsellaran en Vigo.

De Vilagarcía fun a Rianxo a visitar as irmans de Castelao, a quen presentai os saudos de vostedes. Dalí fun a Padrón e rendin devoto homaxe a nosa Rosalía, no mesmo horto dos seus sofrementos e cantares e na mesma mesa de pedra en que ela escribira.

NOVAMENTE EN VIGO

O día seguinte e seguindo o consello da nosa xente volví a Vigo e dirixíme a un sitio previamente convindo. Tivemos a xuntanza no salón reservado dun hotel mentres xantabamos. Asistiron Illa, Del Riego, Piñeiro, Meixide, e outros dous irmans cuio nome non lembro, un era de Ourense.

Foi esta xuntanza na que mais discutimos, pois na que iles tiveran na noite anterior cos membros que non asistiran volveron a discutir a situación de Castelao. Sobor disto tiveron con iles unha forte discusión que por momentos parecía derivar nun total desacordo. Púxolle fin Piñeiro cunhas frases acertadísimas: “discutir o pasado –dixo– cando il foi todo boa intención e cun presente de tanta aitividade e unha tremenda tontería. O que temos que coordinar e o futuro que e a nosa plenitude na loita. Do pasado –engadiu– bastaría a diñidade con que os emigrados coidaron a Castelao na súa vida e nas suas derradeiras horas pra que conten co agradecemento eterno de Galiza, e unha deuda que temos con iles que somentes poderemos pagarlles o día en que poidamos recibir na Terra os restos de Castelao con mesma diñidade que iles o coidaron en vida”. Despois pasamos o que chamaría orden do día, e arribamos as seguintes conclusións:

- 1º- O galeguismo orgaizado no interior adoitará as posicións e taiticas que as circunstancias aconsellen en cada caso, seguindo sempre a traetoria tradizoal do movemento e tomará acordos con outras forzas democráticas sempre que elas recoñezan previamente os dereitos da nosa nación, e de ningún xeito con aquilas que non cumpran iste requisito.
- 2º- Os galeguistas do interior informarán directamente da súa laboura o Consello da Galiza tan continuamente como as circunstancias e medios o permitan, do mesmo xeito o Consello informará os do interior por intermedio do seo Comité Executivo.
- 3º- O Consello de Galiza coordinará o labor dos emigrados tendente a outer da O.N.U. o recoñecemento de Galiza como miñoría nazonal, tal como estaba na fenecida liga de Nacións, e promoverá diante das

demais minorías europeas unha xuntanza baixo o auspicio da O.N.U
Os do interior comprometerónse a comunicar iste acordo a vascos e
catalás.

Terminou a xuntanza xa moi tarde e alí despedinme daqueles homes que
con tanta enegación como desintrés manteñen aceso o lume do ideal. Por dele-
gación diles acompañóume a estación o irman Illa coa sua dona, pois era peri-
groso que foran os outros.

Tomei o tren pra Ourense levando sobor de min o encargo de transmitir
ós emigrados un acordo cos do interior que eu xuzgo de trascendencia. Cando
o tren avanzaba pol-a veira do miño ollei o noso irman Portugal co pensamen-
to posto na caricatura de Castelao. E os da banda d-alá son mais extranxeiros
que os de Madri? Ensaei ista pregunta c-un pasaxeiro galego que a comprendeu;
pro igual que o vello da caricatura non me contestou. Creo que por desconfian-
za. Cicáis por prudencia.

En Ourense esperábame o nucreo daquela ciuda: un diles estivera xa en
Vigo. Vovemos a falar dos acordos que tomamos en Vigo e que iles coñecían.
Debo acrarar que iste e o nucreo que mais concordou conmigo: que millor
entendeu a nosa laboura e ourentazón. Alí puiden ademar canto por Galiza
fixeron Cuevillas, Risco (oxe arredado), Don Ramón Otero, Noguerol; que
siguen oxe, Leuter, Baldomero Gallego, Bóveda, etc. Con iles pasei unhos días
recibindo a agasallo a diario de todos.

En Lugo non tiven xentanza cos galeguistas orgaizados. Coñecin a varios,
c-os que dende logo, somentes falei de cousas de orden xeral. Alí coñecin a moi-
tos elementos de izquierda republicana e outros demócratas; e honesto decrarar
que todos lamentaban que a república non houbera satisfeito as aspiracións de
Galiza. Nunha tertulia de abogados e procuradores –uns oito ou dez– todos
coñecían a cousa de Bos Aires principalmente a morte e solenne despedida dos
restos de Castelao. Isto (digoo con insistenza por que e xusto) non sería posibre
sin a aitiva parte que o Centro Galego lle correspondeu.

Por estar Meira –a miña aldea– cerca de Lugo foi a cidade que mais visitei;
e por ir alí con un parente e amigo que se adica o que en Hespaña –e tamén en
Galiza– se chama dereito, coñecin e tratei a xentes de diversas condicions e
maneiras de pensar. Ouservei que o galeguismo goza de prestixio. Os seus
homes estan acreditados como xentes serias e ben centradas. E si ben e certo que
hoxe o pobo perdeu o pulso, non e dificil decatarse que o galeguismo e pra
todos unha espranza; aínda que moi lonxana. Isto ouserveino con cantas xentes
falei en toda Galiza. Disto falamos moito nas xuntanzas en Vigo. Piñeiro razo-
nou moi ben esta circunstanza.

En Ourense un abogado do estado decíame que os integrantes do fronte popular –socialistas, republicanos, anarquistas, etc.– pelexaron sempre; denantes das eleccións do 36, no goberno, na guerra e no exilio e que siguen no interior botándose as culpas duns a outros como unha pelota de fútbol, mentras os galeguistas, sin pelexar, dividíronse no 36 pra ingresar no fronte popular e deixar prendida unha vela dereitista, déronlle un home de gran valor –aludiu a Paz Andrade– ó centro, que acaudillaba Portela, sin unha sola recriminación; incluso houbo expulsións, pro todo era formal, no fondo a todos os unía o ideal, e agora por exemplo ningún da dereita galeguista e capaz de mirar recelosamente a calquera galeguista laico, ou procedente e simpatizante do anarquismo que hay moitos. Iste é un gran mérito. O senso de irmandade: pra un galeguista nada hay superior mais que outro galeguista.

As relacións dos galeguistas con outros sectores das esquerdas manteñenas a traveso de varios irmáns, os comunistas que en Galiza hai poucos pro son aiti-vos, trataos un que os coñece ben. Os anarquistas outro, os republicanos outro, etc.: pois ben; o secretario xeral que tratei moito en Lugo por atoparse alí circunstancialmente, afirmoume que ningún distes grupos –especialmente republicanos e socialistas– existe realmente; todos están pendentes da nosa xente, e do que iles fagan. Fruto da nosa cordial unidade.

De todo isto dedúcese que o noso movemento estalle reservado un papel preponderante nun futuro mediato. Craro que pra elo é preciso unha grande aitividade. Piñeiro afirmou que os galeguistas teñen diante si un traballo inmenso, ciclopeo; que pode producirse a debacle en Hespaña e arrollarnos os acontecementos senon nos preparamos solidamente.

Deica agora falei do movemento na súa faz política e aitiva. Quero tamen dicir algo sobor de como atopei a Galiza n-outros aspeitos. Dendes que un entra na Terra moi axiña sa decata que non está en Hespaña; Non me refiro o paisaxe, nin o idioma, que a estes non hai maneira de confundilos con nada hespañol. Refírome a certas cousas que, parecería que pol-as circunstancias terían que ser iguais en toda a península. Os xornaes, por exemplo. Un periódico de Vigo no que non haxa pizca de galeguismo, e aínda que estea feito co cliché amazacotado e probe da situación, veráse nil, o que queira velo, un fondo galego e a idea de que Galiza non é Hespaña; salvo que non fale de Galiza pra nada, aparecerá a idea dunha Terra diferente, aínda que moi diluída e acaso sin que o que escribiu o quixese. Falará da economía galega, ou de arte galego ou do vivir galego, ou simplemente das eirexas ou do clero galegos: pro sempre dará a idea de que Galiza é diferente.

Os negocios teñen en Galiza nomenclatura distinta e galega. É rara a taberna de vila ou cidade que non teña nome galego, algunhos incluso no noso idio-

ma como “o salto do can” ou “a nosa casa”. As empresas importantes tamen dan idea dunha Galiza diferente; “La Electrica Gallega” ou “Compañía Gallega de Transportes” etc. etc.

Non comparto dunha maneira total as afirmacions de que o noso país se está desgaleguizando. Non é certo –pol-o menos totalmente– que tenda a desaparecer a gaita nin os nosos bailes, nin que as xentes non canten en galego.

E verdade que hai unha ola de Mexicanismo e as señoritas cursi e tamen algunhas aldeanas son capaces de chorar por Xorxe Negrete, que se canta o cuplé de moda e as gitanerías; pro esto non fai mais que compartir cas nosas cancións a alegría das xentes, pois total-as veces que ouvin cantar grupos de mozos e mozas facían alternando sempre cousas galegas, absolutamente sempre. No tren que nos levou a Galiza iba unha compañía de teatro que debía ser moi mala; iban cantando; unha das rapazas era galega e dúas ou tres veces cantou en galego; ela soia craro está.

De Lugo a Cruña iban uns trinta ou corenta soldados no tren e dende a estación de Lugo sempre cantando, a maioría das veces en galego, e, a fé que o facían ben. No tranvía de Bayona a Vigo, mozos e mozas, -as dúas ou tres veces que eu viaxei- cantaban e case sempre en galego. Non é certo que non se fale de galeguismo. O que pasa e que apenas se fala mais que de tonterías, como a costume de falar sempre mal do goberno. De galeguismo e o único que aínda se fala. Non hai que asustarse porque a nova xeneración de emigrantes chegue xa falando extranxeiro. Isto suceden sempre. E desde que un emigrante abandona a súa aldea xa fala extranxeiro como pra entrenarse; e isto pon o complexo en funcións. Logo aquí dice con certa voluptuosidade “Alla eso no se usa mas” ¡MENTIRA!

O noso idioma –non digo nada novo– e o único que se fala en Galiza a perfección pol-a totalidade das xentes, e emprégano totalmente na aldea e moitísimo nas cidades de Santiago e Lugo: e mais aínda en Ourense. Na Cruña e Vigo fálase pouco, pro aínda alí fálano os traballadores que son moitos e a xente culta. Cando en calquera parte de Galiza se sinte empregar o idioma do opresor, non hai dúbida trátase dun señorito tonto –que hai moitos– ou denota a presenza d-algo que non se desexa; un cobrador de contribución na aldea ou a fiscalía de taxas na cidade. Eu non falei en extranxeiro unha sola verba e aínda en ambientes señoriteiros contestábanme en galego o insistir eu.

Certo que o noso idioma sigue tendoo por inferior a maioría dos paletos (e digo paletos empregando o concepto de Don Luis Tobío “peor que o paletismo dos iñorantes e o paletismo dos cursis”).

Creo que o principal obxectivo inmediato do noso movemento no orden espiritual debe ser a valorización do idioma especialmente o escrito. Falar extranxeiro con outro galego e idiota e cursi, pro escribir e unha traición a Causa. O idioma debe ser algo eisi como o santísimo sacramento do ideal; traicionalo e traicionar a Galiza mesma.

Hay na Terra moitos fautores de desgaleguización. Moitos tradicionais e seculares que Galiza resistiu e venceu. Pro hai un que eu xuzgo o mais perigroso; son os emigrados que volven. E moi raro que non falen despreciativamente da Terra; sempre decindo parvadas e falando de grandezas eisaxeradas, nunca das miserias da emigración, co que fomentan o renunciamiento dos nosos mozos.

Sáin pra Madri de volta e alí despedínme do gra Ben-Cho-Sei e da súa diñísima dona. Don Alvaro Xil non se atopaba na "Vila podre".

O día seguinte estaba en Cuba. A media hora abrazaba a Don Antón do Campo, ourensán, empregado no Centro Galego. O Centro da Habana e un anaco de Galiza e os que concebiron aquela obra non estaban complexizados de minifundismo. Aquilo e imponente.

En Cuba non hai galeguismo orgaizado, aínda que o noso ideal tingué todol-os ambientes. A cousa específica circunscribe a homes. Fuco Gómez e Patria Galega son unha especie de "yo la escribo y yo la vendo" aínda que il regaalaa. Fuco e un bo galego pro as súas conceicións galeguistas son refrexo da gloriosa insurrección cubana, pensa, raza e obra como calquera mambí, sin decartarse de que en Galiza non hai manigua, senon bouzas e prados, que non hai palmeras senon carballos e pinos, que non hai bateyes, senon aldeas. Ista lagoa teno arredado da realidade.

Co delegado dise Consello de Galiza, irman Alvarez Gallego falei o día seguinte da miña chegada, pois acababa de morrerlle a nai na Terra e xuzguei prudente non molestalo aquel día.

Vostedes coñecen ben a Alvarez Gallego, pro aínda eisi permítanme que eu deixe constanza da gran impresión que me produxo a súa persoalidade. E home moi vinculado nos meios inteleituales e políticos de país, con gran ascendente; pro o ideal nil mantense aceso como se vivise na Terra. Informeille en detalle das conversas tidas cos do interior e coincidiu con iles na apreciación do futuro entusiasmandose coa idea de prantexar o asunto na O.N.U. Redautou il o seu pensamento encol diste asunto de cuia proposta escrita fixen xa entrega a ise Consello.

Informeille en detalle da situación da coleitividade de Cuba e fíxome obxeto de toda crase de atencións. Goza tamén na Coleitividade de gran prestixio. Il me acompañou a visitar ó Presidente do Centro Gallego, ó que vendin un exemprar do Libro de Cruces.

Alí tratei tamén elementos de todol-os seitores, comunistas, socialistas, republicans e galeguistas; son como os de calquera parte: os de eiquí, por exempro.

EN MEXICO

De Cuba fun a México. Hai na cidade azteca un nucreo galeguista composto eiscrusivamente –que eu sepa– por refuxados son unhos cantos e bos, pero non hai masa. En México hai poucos galegos e istes perdense entre os hespañoes; están “agachupinados” e son, como os gachupins, casi todos franquistas.

Na capital hai un Centro Galego, pro que de tal ten moi pouco. Derradeiramente parez acordarse de Galiza e creo que teñen un coro que un dis-tes dias foi cantar a Puebla. Teño entendido que vale pouco. Os refuxados estan considerando se ingresaban ou non.

Os primeiros contaitos cos galeguistas de México tívenos por meio do Sr. Eduardo Barrio, arxentino, fillo do irman Xosé Barrio. Tivemos algunhas xuntanzas cos irmans Rodriguez de Breñaña, Valín, Leiro, Delgado Gurriarán. En México cometeuse, a meu entender, un erro garrafal o nomear delegado dise Consello a López Durá, iste está considerado un desorbitado sin senso común, ademais non se intresa no asunto mais que en contadas oportunidades.

Estando eu alí organizouse o grupo c-unha filial en Puebla a cargo do irman Leiro. Aconsellaronme propoñer a ise Consello nomear representante alí o irman Florencio Delgado Gurriarán, e así o propoño creendo que co cambio haberá gañado moito o galeguismo.

Tamen a istes irmans informeinos da cousa do interior, e emitiron a sua opinión favorabel a iniciativa de nomear representante na O.N.U. opinión que igual que o delegado en Cuba, fixérona por escrito e eu entreguei xa a ise Consello.

RECENSIÓNS

Galicia nos contextos históricos.

Cagiao Vila, Pilar (ed.).

Santiago de Compostela, Universidade, 2000. *Semata*. N.º 11, 455 p.

Galicia nos contextos históricos. Este é o título que abrangue 21 contribucións produto dun traballo colectivo editado pola profesora Pilar Cagiao Vila. Todas elas xiran sobre un mesmo marco espacial, Galicia, aínda que despois se amose moi dispar o tratamento que cada un fai sobre os distintos aspectos da súa historia, xeografía e arte. De aí que estes artigos estean distribuídos en dous bloques segundo a súa estrutura: heteroxénea no primeiro, encadrado baixo o epígrafe de “Diferentes contextos”; e homoxénea no segundo, subtítulo “Sobre a emigración galega contemporánea”, do que se desprende a súa común temática e cronoloxía.

Comezada a nosa análise polo primeiro bloque, observamos que pola súa vez pode dividirse en catro subgrupos: 1) Caracterizado pola presenza, importancia e identidade de Galicia na súa proxección exterior. 2) A individualización desa presenza galega a través de dúas figuras: João da Nova e Juan de Betanzos. 3) A emigración galega a América nun período anterior á súa fase hexemónica. 4) A inserción internacional de Galicia.

Neste primeiro subgrupo a presenza e a identidade de Galicia pónense de manifesto dende a Prehistoria ata a Idade Moderna. ¿Que elementos se escolleron para tal labor? Para empezar, referímonos ó artigo de J. M. Vázquez Varela titulado “Los petroglifos prehistóricos de armas metálicas de Galicia en el contexto de la Península Ibérica, Europa y África”. O período cronolóxico que abrangue é o da Idade do Bronce e o seu autor afonda nas cuestións relativas ás funcións e significados dos petroglifos para logo facer unha análise comparada cos existentes no mundo alpino e no norte de África, considerando que, a pesar das súas diferencias específicas, reflicten unha nova ideoloxía portadora dunha complexidade social e económica máis grande que nas etapas anteriores.

En segundo lugar, abórdase o tema da celtismo de Galicia, co artigo de M. V. García Quintela, “Galicia en el mundo celta”. ¿É un *a priori* ou unha cuestión irrelevante que non achega nada para a comprensión do rexistro histórico? O propósito do autor é dar novos azos ó debate fornecendo unha fonte orixinal para isto como é a documentación etnográfica a base de textos escritos en grego e algúns en latín. Debido a esta circunstancia, as respostas que ofrecen son indirectas pero moi significativas porque, segundo o autor, conteñen unhas características especificamente célticas. Estes temas non tiñan lugar no enfoque da cuestión céltica en Galicia e el considera que se

deben ter en conta ó mesmo nivel que as fontes arquitectónicas e lingüísticas, tradicionalmente consideradas.

Un paso máis dentro da proxección externa de Galicia está constituído pola súa imaxe de “rexión histórica” de Occidente durante a Idade Media. Este é o obxectivo que pretende E. Ferreira Priegue co seu artigo “La identidad de Galicia en la ficción y en la realidad, en la Europa Medieval”. A imaxe que de Galicia se ten dende o exterior presenta tres aspectos individuais: é coñecida por ser unha rexión costeira, escala da navegación atlántica e un lugar idóneo para controla-lo tráfico entre as dúas grandes áreas marítimas; é a terra do Apóstolo Santiago e, polo tanto, o centro relixioso de Occidente fronte a Oriente (Xerusalén e Constantinopla); é un territorio con interese económico: trátase dunha terra con sona de rica, asociada con ouro e tesouros e productora de viño, peixes, madeira, coiros... Aínda que a cotío se descoñecía a súa categoría e encadramento políticos (para referirse a ela empregábanse termos como “rexión”, “provincia”, “reino”, “país”, “terra”), na práctica era un territorio ben coñecido que non necesitaba presentación nin nunha precisión de localización, tanto para os desprazamentos de estranxeiros alí, coma da procedencia dos seus habitantes, sen que fose necesario salienta-lo feito de que se trataba de súbditos casteláns.

A última vertente da proxección exterior de Galicia ofrécese a través da política de levas desenvolvida pola monarquía hispánica ó longo do século XVI, e da que se ocupa M^a. C. Saavedra Vázquez no seu artigo “Galicia al servicio de la política imperial: levas y armadas en el transcurso del siglo XVI”. Puntualiza a autora que non se trata de saber con exactitude cantos galegos loitaron nos escenarios europeos senón de demostrar en que medida a súa presenza se corresponde coa incorporación de Galicia ó programa político da monarquía. E dende logo que o demostrou, xa que a proba máis evidente desta incorporación constitúea a presenza de campesiños e pescadores en fronte de guerra tan dispares como Italia, a fronteira francesa, Lisboa ou Flandres. E aínda que no territorio galego a presión militar foi moito menor que no caso castelán, non debe dar lugar á súa consideración como irrelevante ou simplista.

Nun segundo subgrupo a presenza galega no exterior concrétese agora nos feitos realizados por dúas personalidades: o navegante João da Nova e o cronista Juan de Betanzos. O primeiro foi “rescatado” por E. Rey Tristán no seu artigo “Participación gallega en los inicios de la expansión portuguesa en el Índico: João da Nova”. O papel desempeñado por este “desconocido personaje gallego” no proceso de expansión ultramarina portuguesa serve á vez como causa e efecto para amosar os aspectos clave da expansión portuguesa da zona: as relacións de poder, formas políticas, económicas, etc.

O segundo destes personaxes dá título ó artigo de M^a. C. Martín Rubio, “El cronista Juan de Betanzos y el Perú del siglo XVI”. O propósito da autora é o de demostra-la importancia fundamental que teñen as crónicas escritas durante os séculos XVI e XVII para poder comprende-lo fondo das ancestrais culturas desenvolvidas nos territorios americanos. Nembargantes, advirte tamén dos seus “perigos” ó seren escritas por persoas pertencentes a civilizacións moi diferentes. Pero nada diso pasa con esta crónica porque non se trata dunha crónica calquera senón do “máximo cronista gallego americanista y uno de los padres de la historiografía andina”, e está escrita cun perfecto dominio da lingua quechua por parte do seu autor.

A temperá emigración galega cara a América é o referente do terceiro subgrupo, que alude á presenza galega en México (M^a. L. Pazos Pazos, “De los hombres y mujeres gallegos en la vida minera de Zacatecas”), en Colombia (V. Zuluaga Gómez, “Presencia gallega en Colombia”), en Uruguai (C. Zubillaga Barrera, “Identidad étnica en la inmigración gallega en Montevideo hacia comienzos del siglo XIX”) e, finalmente, en Cuba (C. Naranjo Orovio, “Los trabajos y los días: colonos gallegos en Cuba en el siglo XIX”). A cidade de Zacatecas chegou a ser, durante a época do vicerreinado, un dos principais enclaves económicos, e este feito non pasou desapercibido para un grupo de galegos que se asentaron alí atraídos polas riquezas das súas minas. A autora do artigo, baseándose nunha ampla e nutrida fonte primaria (arquivos parroquiais e notariais), individualizou, de entre a colectividade española en Zacatecas, os galegos, estudiando a súa evolución socioprofesional e os seus modos de vida. Tamén chegaron os galegos á cidade de Marinilla, pertencente á provincia de Antioquía en Colombia, pero agora formando parte dos primeiros poboadores xa que esta cidade foi fundada como produto dunha avanzada de conquistadores españois. O seu autor dedicouse tamén a rastrea-la presenza galega entre estes primeiros poboadores ademais de constata-la persistencia de determinados costumes derivados da “galegitude” presente na zona. Unha temática diferente amosa o artigo de C. Zubillaga, quen resalta a reafirmación da identidade dos inmigrantes galegos en Uruguai con motivo da invasión francesa da Península Ibérica. Recolle este autor tódolos pasos ata chegar á eclosión desta identidade: a protoinmigración galega, a constitución das redes étnicas, a repercusión en Montevideo da invasión napoleónica e, por último, a aparición do “Gremio de Gallegos”, composto por comerciantes urbanos de mediano poder económico e dirixido por catro galegos con máis de vinte anos na cidade e dos que Zubillaga realiza un pormenorizado seguimento. A última achega deste subgrupo estudia a importación de colonos galegos a Cuba nas décadas centrais do s. XIX, inserida nos proxectos de colonización branca da illa ante o perigo de africanización desta. Céntrase a autora no caso máis coñecido, o de Urbano Feijóo de Sotomayor, en 1853.

O cuarto subgrupo inclúe só un artigo, o de R. Rodríguez González, “Galicia na Unión Europea: integración e perificidade”. Estas dúas consecuencias contidas no título responden á dificultade de chegar a unha visión única do significado que supuxo para Galicia a súa integración na U.E. O autor afonda nesta dobre causalidade.

O segundo bloque tamén se amosa axeitado para a súa división, e así o fixemos, distinguindo cinco subepígrafes: 1) Dedicado á formulación de cuestións metodolóxicas para o tratamento da emigración. 2) Centrado no transporte dos emigrantes. 3) Sobre os movementos migratorios dunhas determinadas áreas xeográficas. 4) O asociacionismo galego alén do mar. 5) A emigración vista dende unha óptica artística: pintura e cinematografía.

O primeiro subgrupo inclúe os artigos de J. R. Bertrand, “La emigración gallega, ¿sistema original?”, e de F. J. Devoto, “Las cadenas migratorias de Santiago de Compostela hacia las Américas. Un ejercicio metodológico”. Neles fórmase a necesidade de realizar unhas análises máis sistemáticas dende o punto de vista demográfico e socioeconómico, ademais de soste-la orixinalidade do comportamento migratorio galego (Bertrand). Noutro caso (Devoto) o artigo serve como “enfoque micro” para promover unha discusión acerca das clásicas explicacións macroestructurais, en concreto o concepto de cadea migratoria e a súa aplicabilidade a partir do emprego de fontes nominativas, unha fonte da que, segundo o autor, a historiografía española sobre migracións leva feito ata o de agora unha aplicación pouco sistemática.

O segundo subgrupo refírese ó estudio dun aspecto puntual do fenómeno migratorio como é o transporte: A. Vázquez González, “El ocaso de la armaduría gallega y la emergencia de los nuevos señores del transporte emigratorio a América: los consignatarios (1847-1880)”, e J. Hernández Borge, “La emigración portuguesa a través de puertos gallegos (1891-1956)”. O paso da vela ó vapor sérvelle a Vázquez González para presentarnos un antes e un despois no transporte emigratorio: os veleiros propiedade de armadores galegos fronte á aparición dos buques a vapor, que supuxo a potenciación da faceta consignataria dalgúns destes armadores e, sobre todo, a súa actuación como comisionados das compañías navais a vapor, principalmente estranxeiras. Pero o feito máis destacado foi a irupción no sector das grandes compañías de vapores transatlánticos. O papel exercido polos portos é moi coñecido, pero aquí a orixinalidade reside en que non gardan relación coa emigración galega senón coa portuguesa. Hernández Borge sinala a importancia que posúen os portos galegos, en concreto o de Vigo, para aquela emigración portuguesa que, dirixida á América, non empregou os portos do seu país.

O terceiro subgrupo caracterízase por ofrecer tres estudos puntuais acerca dos movementos migratorios, orientados ben dende a súa consideración como emigrantes: D. González Lopo, “Los movimientos migratorios en tierras

del interior de Pontevedra entre 1801-1950: características y puntos de destino”, e C. Ferrás Sexto, “Desde Avión para Jalisco. Historia y perfil socioeconómico de la emigración gallega hacia México en la segunda mitad del siglo XX”, ben como inmigrantes: G. Marín Araya, “Gallegos en Costa Rica a finales del siglo XIX”. O primeiro destes artigos analiza a evolución dos puntos de destino no século XIX e a primeira metade do XX. Trátase dunha zona que, en vez de preferir como destino en ultramar a América española, decántase polo estado do Brasil. No seguinte artigo o autor, despois de dedicar unha rápida panorámica á historia do éxodo español a México, céntrase na colectividade galega actual nesta área e amósanos unha aproximación do seu perfil social, cultural e económico, así como os efectos que produce este fenómeno emigratorio na súa comunidade de orixe. Finalmente, o artigo de Marín Araya estudia dende unha perspectiva cualitativa os emigrantes galegos, deténdose no proceso de formación das cadeas migratorias e na reconstrución das redes familiares.

Constitúe o penúltimo subgrupo o artigo de X. M. Núñez Seixas, “A parroquia de alén mar: algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)”. Fóra xa da análise de casos puntuais e de consideracións xerais como os distintos destinos, o transporte, etc., este artigo refírese a un determinado aspecto que caracteriza a inmigración galega en América (aínda que se toma como base a cidade de Bos Aires) como é o asociacionismo a escala microterritorial. O autor analiza as causas que o provocaron, a súa similitude con outras colectividades e as súas modalidades.

O último subgrupo pola temática que trata non está exento de orixinalidade: A. Garrido Moreno, “El arte público en el exilio argentino: la obra mural de Luis Seoane”, e J. M. Folgar de la Calle e R. Martín Sánchez, “Miradas cinematográficas sobre a emigración galega”. O artigo de Garrido Moreno é o único que recolle o tema do exilio e, dentro deste, a difusión que se fai da cultura galega. O segundo artigo responde ben ó seu título, xa que se estrutura nunha ollada tripartita: a emigración na historia do cinema, a emigración no cinema español e, finalmente, a emigración galega no cinema español, a través da análise de tres películas.

A modo de consideración xeral, cómpre dicir que todas estas contribucións, algunhas máis longas ca outras ou cunha maior ou menor sistematización, forman unha escollida compilación onde quizais non estean representados tódolos temas do fenómeno migratorio (por outra parte labor imposible nun só volume) pero si son tódolos que están; conséguese, ademais, un feito que xulgamos moi importante como é a multidisciplinidade.

HERMINIA PERNAS

Casas de Indianos

Bores Gamundi, Fernando (coord.)

Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000. 616 p.

O retorno dos emigrantes é un fenómeno central da historia recente galega, un proceso clave á hora de dar unha explicación axeitada do mapa sociopolítico de Galicia ata 1936. Un dos elementos simbólicos que mellor nos fai comprender este feito é a arquitectura, tanto a pública como a privada, que se espalla pola nosa xeografía e que foi construída por mandato de persoeiros ben desde a outra beira do Atlántico ben cando regresaron para establecerse no seu lugar de orixe. O libro ó que nos imos referir nas seguintes liñas fai referencia, precisamente, ós edificios, ás vivendas, unifamiliares ou non, pero que importaron un xeito novo de edificar e, polo tanto, de habitar; porque non podemos esquecer que unha casa é o lugar onde imos pasa-los días da nosa vida, a “máquina de habitar” da que falaba Le Corbusier e que nos lembra José Ramón Alonso Pereira, colaborador no volume. Isto significa que o promotor ten que ideala de tal xeito que lle sexa o máis cómoda e identificativa posible. Construír nun estilo artístico novo significa non só que muda a arquitectura senón tamén o xeito de pensar daquel que paga e que vai vivir nela.

A obra *Casas de Indianos* é produto dun ambicioso proxecto de investigación que pretende cataloga-la arquitectura *americana* existente nas zonas costeiras de Lugo e A Coruña. Nel colaboraron diferentes estudiosos do tema, desde historiadores a arquitectos, pasando por fotógrafos e especialistas en arte. O traballo divídese nunha parte teórica e noutra de experiencia sobre o terreo. Na primeira delas, Carlos Sixirei introdúcenos no mundo da emigración a Cuba, lugar de onde proceden a maioría das remesas económicas que permitiron as edificacións. Tras ela atopamos un magnífico estudio arquitectónico realizado por José Ramón Alonso Pereira onde nos amosa as diferentes categorías da casa indiana, xa que esta pode ser de nova feitura ou unha remodelación da casa dos devanceiros. Tamén nos sitúa xeograficamente no ámbito de estudio, a Mariña lucense e coruñesa, escollido porque é aquí onde se atopan os mellores exemplos de arquitectura *americana*, o que non é óbice para analizar, nun futuro agardemos que non remoto, o resto de Galicia. A través destas páxinas podemos establecer unha tipoloxía do que sería unha casa de *americanos*, tanto a nivel simbólico como constructivo. A seguinte achega vén da man de Antonio Garrido Moreno, profesor de Historia da Arte da Universidade de Santiago e un dos mellores especialistas que sobre o tema hai en Galicia, quen incide nos elementos ornamentais da arquitectura india-

na do noso país. O artigo de José Carlos Breijo Rodríguez está centrado no exemplo da parroquia de San Claudio, en Ortigueira, da que el mesmo é oriúndo. Remata o escrito cunha breve identificación dalgunhas das casas que existen nese lugar, e que en parte complementa o realizado na segunda parte do catálogo.

Aquí, nesta parte, é onde comeza o traballo de campo, dirixido por Fernando Bores Gamundi, que, nunhas primeiras liñas, formula tódalas interrogantes que se pretenderon responder coa realización da obra. A investigación sobre o terreo levárona a cabo estudantes de arquitectura e arquitectura técnica da Universidade da Coruña, o que amosa, de novo, a valía dos bolseiros para a realización deste tipo de pescudas, labor que tan poucas veces se ve recoñecida.

As fichas coas que se realizou a enquisa son as utilizadas en proxectos parellos pola Xunta de Galicia, o que nos fai sospeita-la súa aprobación por parte dos colexios de arquitectos e, polo tanto, que poidan ser utilizadas para outros fins, non só os meramente históricos. O mesmo pasa coas fotografías que acompañan cada descrición, tanto a relativa á identificación da vivenda como a que ofrece os datos sobre esta.

O que se aprecia neste traballo práctico é a diferente consideración de *casa indiana*, pois ás veces amósanos unha residencia labrega reformada, outras, mansións e outras, construcións urbanas de varios andares. Tamén nos chama poderosamente a atención o feito de que sexa esta a primeira obra de certa consideración que trata este tema en Galicia, a pesar de se-lo noso un país de emigrantes, e a arquitectura un dos elementos máis significativos, por evidente, do fenómeno migratorio. Lembremos como algúns dos mellores arquitectos do primeiro tercio do século XX tiveron como clientes especiais a indianos, como os irmáns García Naveira en Betanzos ou García Barbón en Vigo. As cidades e as vilas galegas experimentaron unha eclosión modernista neses anos gracias precisamente á pegada que os novos mecenas das artes trouxeron de América; a arquitectura galega viuse enriquecida polos seus gustos, que integran ó unísono modernismo e localismo. Mais isto non é un feito da contemporaneidade; xa en etapas anteriores, o gusto *americano* deixouse sentir na nosa terra. O indio gaiteiro da Catedral de Tui, obra de Domingo Rodríguez de Pazos, de mediados do século XVIII; a máis visible e paradigmática cuberta dunha das torres da Catedral de Compostela, en escaleira e inspirada na arquitectura precolombiana; ou o Pazo de Alonso de la Peña Montenegro en Padrón constitúen exemplos evidentes deste fenómeno de importación artística. Aínda así, os estudos referentes ó tema son escasos, polo que nos temos que alegrar da saída á luz deste catálogo que agardemos sexa o primeiro paso doutros moitos que analicen a arquitectura *americana* no seu conxunto. Esta obra, editada pola Xunta de Galicia, incide nas viven-

das particulares dos retornados pero non trata aquelas obras públicas que eles mesmos sufragaron e coas que introduciron un gusto arquitectónico novo no agro galego. Referímonos, entre outras, á escola construída en Cee por Fernando Blanco de Lema, ó proxecto educativo de Pedro Murias en Ribadeo, ó Pasatempo de Betanzos ou ó Teatro Rosalía de Castro da Cidade Olívica, custeado por José García Barbón¹.

Unha cuestión metodolóxica, que xa foi reflectida polo profesor Núñez Seixas, é a que se refire ó concepto de arquitectura *americana* ou *indiana*². Co primeiro termo désígnanse as obras realizadas polos retornados pero que non supoñen unha plasmación evidente do seu poderío económico; no segundo suposto fábase da fachenda do novo rico. Esta é unha división necesaria en calquera estudio sobre o fenómeno migratorio e dun xeito máis evidente no que á arquitectura se refire, xa que a reforma dunha vivenda coa inclusión dun baño é unha realización con evidente influencia de urbes como Bos Aires ou A Habana pero que chama menos a atención que as construcións que o libro *Casas de Indianos* nos presenta na súa maioría.

A primeira conclusión que reflicte este estudio é o feito de que a maioría das edificacións eran levantadas no lugar de orixe dos promotores e deixaban ve-lo seu novo *status* social, xa que a mellora económica tiña que ser evidente para o resto dos veciños. A arquitectura marcaba o carácter diferenciador que cada retornado pretendía amosar cun gusto ecléctico, cunha nova escala e unha ornamentación excesiva e de pouco gusto, de aí que sexa o cliente e non o arquitecto o que adopte e seleccione o estilo, copia do que nese momento se realizaba en Bos Aires, Montevideo e sobre todo A Habana, e que, paradoxalmente, era o que se estaba a realizar en Londres e principalmente en París. É o que Ignacio Cabano Vázquez chama *arquitectura de ida e volta*, no sentido de que as tipoloxías ou modelos exportados a América desde Europa son imitados polos retornados³.

Aínda que o tema do presente traballo sexan as vivendas particulares, a súa lectura dános pé para reclamar un estudio de toda a arquitectura, ou polo menos da máis representativa, realizada polos emigrantes retornados a Galicia, estudio que reflecta tamén o construído nas provincias de Pontevedra

1. Estes exemplos foron estudados nos traballos de Cabano Vázquez, I.: "A arquitectura americana en Galicia". En *Galicia-América. Cinco séculos de historia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1996; p. 223-228; Cabano Vázquez, I. e Pato Iglesias, M^a. L.: *El Pasatiempo: o capricho dun indiano*. Sada/A Coruña: Ed. do Castro, 1998, entre outros.

2. Núñez Seixas, X. M.: "Sobre tangos, emigrantes e indianos". *Guía dos Libros Novos*. Nº. 31, xullo-agosto de 2001, p. 6-8.

3. Cabano Vázquez, I.: "A arquitectura americana...", art., cit., p. 225.

e Ourense así como aquelas construcións efémeras pero que marcaron un fito na historia arquitectónica da nosa terra. Xa nomeámo-lo Teatro Rosalía de Castro, obra patrocinada por García Barbón e realizada por Antonio Palacios, ó que lle podemos xunta-la igrexa de Verín, as innumerables tendas dedicadas á venda de *ultramarinos* espalladas polo rural galego ou as escolas das que xa falara Vicente Peña Saavedra⁴. Dentro do grupo de arquitecturas xa desaparecidas, destacámo-lo pavillón do Centro Gallego da Habana na Exposición Regional Gallega de Santiago de Compostela celebrada en 1909, onde o estilo modernista queda patente e o arquitecto López de Rego plasma nos dous únicos edificios que aínda se conservan hoxe na Alameda compostelá.

A lectura da presente obra sinálanos un camiño dentro da historia da arquitectura en Galicia, xa que podemos afirmar que a introducción de estilos europeos na nosa terra non se fixo a través dos Pireneos, senón dando unha volta por cidades americanas que naquel momento estaban na vangarda das artes e das letras en occidente. O eclecticismo francés, os xardíns románticos ingleses, o *kitsch* ou o exótico deixaron unha forte pegada na creación artística galega; mesmo se pode dicir que moitas das innovacións que en Galicia aconteceron no primeiro tercio de século debéronse ás influencias americanas máis que ás europeas e incluso ás españolas.

Por riba de toda esta actividade de filantropía está o desexo de figurar por parte do promotor. Coa fundación de escolas é apreciable este feito, xa que a placa conmemorativa da sociedade que levou a cabo a construción destas ten que ir situada nun lugar destacado. O mesmo acontece con moitas das edificacións que o presente estudio sinala. Entre todas destacan a casa dos Moreno en Ribadeo e *La Perla del Sur* en Fene. Este é un feito evidente en todas elas. Os xardíns ó xeito inglés ou a presenza de palmeiras ou outras árbores alóctonas coma o ligustro ou a tuia confirman o interese do indiano por aparentar; como afirma Antonio Garrido: “En los casos en que el indiano vuelve a Galicia con una saneada estabilidad económica al construir su vivienda trata de dotarla con aquellos signos externos que muestren su nueva posición social conseguida”. Polo tanto, toda ela, desde a máis sinxela á máis sobresaínte, constitúese cun marcado carácter diferenciador sobre o resto das construcións domésticas coas que comparte o espacio territorial.

Con estudos como o presente, que inciden na obra dos retornados, os debates sobre a emigración achéganse máis á realidade. Os indianos non só influíron no desenvolvemento político e social do país, non só supuxeron un

4. Peña Saavedra, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar*. Santiago: Xunta de Galicia, 1991, vol. I-II.

pulo económico para o agro, tamén fixeron cambia-la fisionomía do espacio galego; a *liña de horizonte* de moitas vilas ofreceu un deseño radicalmente oposto ó existente, xa que non só as torres da fábrica e da igrexa se podían recortar no ceo, senón tamén a da vivenda do americano ou, como no caso da *Casa del Adriano* en Fene, a propia silueta do promotor.

Coa lectura desta obra evocamos unha paisaxe intensamente humanizada, configurándose un espacio transitado e transitable. A aldea é un territorio ensanchado a partir do momento en que os indios edificaron as súas mansións. É esta a nova realidade paisaxística, con multiplicidade de formas e acompañada dun intenso colorido propiciado pola diversidade de materiais constructivos e de especies vexetais.

Con este catálogo agardemos que se establezan as pautas para futuros estudos sobre o tema que completen o aquí exposto; sen dúbida, este é o camiño acertado para un mellor coñecemento da influencia dos emigrantes na configuración de Galicia en tódolos ámbitos da vida.

GUSTAVO HERVELLA GARCÍA

Inmigración y exilio. Reflexiones sobre el caso español.

Lida, Clara E. México,
Siglo Veintiuno editores, 1997. 174 p.

A historiografía referida á emigración transoceánica española ó longo dos tempos tivo importantes avances dende a segunda metade do século XX. O transvasamento de poboación peninsular cara ós distintos países americanos foi o eixe central de moitos estudos que, partindo da realidade migratoria, profundaron nunha gran diversidade temática. Así, na actualidade, son innumerables as publicacións sobre a emigración española en Arxentina e Uruguai; do mesmo xeito, editáronse traballos que examinan a presenza de peninsulares en países como Venezuela, Colombia, Brasil..., formulando estes estudos unha rica pluralidade de enfoques e de temáticas.

Aínda que é certo que estes traballos enriqueceron o coñecemento sobre a entrada de españois nas repúblicas americanas, dando a coñece-lo perfil socioeconómico do emigrante, os países de acollida preferentes, a inserción na sociedade receptora, a dedicación e a participación política, as organizacións asociativas e incluso as condicións de retorno e adaptación á súa terra natal, entre outra suxestiva e variada temática, o certo é que a presenza de españois en México permaneceu sempre relegada a un segundo plano. A importancia cuantitativa dos países riopratenses nos anos de maior auxe migratorio (1875-1930) escureceu, dalgún xeito, todo o referente á entrada de inmigrantes noutros países que, aínda que en menor medida, tamén exerceran, ó longo dos anos, de país de referencia para os emigrantes ibéricos.

O estudo que presenta Clara E. Lida cobre, dalgún xeito, estas eivas da historiografía contemporánea. Tal como afirma a autora, non podemos considerar México como un dos grandes destinos dos emigrantes europeos en xeral e peninsulares en particular, xa que dende o punto de vista cuantitativo a súa importancia é ínfima. Nembargante, tanto por ser unha constante dende os anos posteriores á consecución da independencia ata aproximadamente os anos cincuenta do século XX, como pola importancia cualitativa da súa inmigración, o tema merece unha atención que ata o momento non se lle prestou e que a profesora Lida, tanto con este traballo como con outros anteriores, vén mitigando dende hai uns anos¹.

1. Vid. Lida, C. E. (coord.): *Tres aspectos de la presencia española en México durante el porfiriato*, México, 1981. Da mesma autora: *Una inmigración privilegiada. Comerciantes, empresarios y profesionales españoles en México en los siglos XIX y XX*, Madrid, 1994, que é unha compilación de traballos sobre o perfil ocupacional da inmigración española; e infinidade de artigos que clarifican, ó longo das súas páxinas, certos asuntos concretos da inmigración española en México.

O libro que presenta nesta ocasión, *Inmigración y exilio. Reflexiones sobre el caso español*, ten, tal como podemos apreciar no título, dúas partes claramente diferenciadas. Na primeira delas ofrécenos unha visión xeral da realidade da corrente migratoria española en México dende diversos enfoques e perspectivas, e deixa para a segunda parte da obra todo o referido ás numerosas saídas forzosas de republicanos da península motivadas polas duras persecucións ás que foron sometidos co estalido da Guerra Civil. Aproveita ademais, nesta última parte, para analiza-los posibles encontros e desencontros que se xeran entre, segundo as súas propias palabras, “el universo receptor y el inmigrante”, estimulando ó lector para que reflexione sobre a pluralidade de mundos e de culturas que esta inserción provoca.

Con gran criterio, e seguindo en todo momento o fio conductor presente ó longo de toda a obra –a presenza española en México–, a autora amósanos, nun intento de expoñe-lo estado da cuestión, os diferentes camiños que se poden tomar nas futuras investigacións sobre a materia, revelando a escaseza de estudos existentes e invitando ós posibles investigadores a afondar no tema.

Unha vez clarificado o punto de partida da obra, a autora fainos partícipes, nunha importante e minuciosa análise, das fontes primarias existentes na actualidade para aborda-la temática suxerida. Fai un percorrido polos distintos arquivos de México e España nos que se atopa repartida valiosa información sobre a emigración española, tanto libre como forzosa, que ó longo do século XIX e XX emprendeu a súa marcha cara a México. Detalladamente, infórmanos das fontes existentes en ámbolos dous países, facilitando cos seus datos o acceso a estes escritos. Por unha parte, subliña aquela documentación que se encontra en México, en concreto no Archivo Histórico de la Secretaría de Relaciones Exteriores, e na sección de “Gobernación” no Archivo General de la Nación. Por outra parte, fai referencia ó que se atopa en España, destacando aqueles documentos que dende os anos setenta están depositados no Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores, na actualidade dividido entre o arquivo deste ministerio e o de Alcalá de Henares.

Por último, dentro desta primeira sección, a obra céntrase no suxeito principal da investigación, o inmigrante. Nun novidoso e necesario estudio, Clara E. Lida preséntanos unha primeira aproximación cuantificadora da entrada de españois en México dende a consecución da independencia en 1821 ata o comezo da Guerra Civil na península. Tal como destaca a autora, as fontes que existen para o século XIX son moito máis escasas e ofrecen unha menor fiabilidade ca aquelas que recollen datos referidos ó século XX. Así mesmo, aínda que presenta unha visión coherente e homoxénea dos anos posteriores á independencia, e sen dúbida de gran valor por ser unha das primeiras aproximacións rigorosas, o certo é que afonda máis no primeiro tercio

do século XX. Ademais proporcionáanos un perfil socioeconómico daqueles españois que dende 1821 entraron no país. Tal como sinalabamos anteriormente, son as características específicas as que fan interesante a inmigración española en México, xa que o seu número é insignificante no contexto total de Latinoamérica.

Seguindo as indagacións da autora, a poboación española que dende os últimos anos da época colonial se asenta en México elixe preferentemente o ámbito urbano. En canto ó seu perfil ocupacional, pódese afirmar que, maioritariamente, pertence ó ramo do comercio e da banca, actividades productivas de clara orientación urbana, fronte ás baixas porcentaxes dedicadas ó sector agrario ou pesqueiro. Polo tanto, as cifras son opostas ás que se rexistran nos países do cono sur e, sobre todo, naqueles con maior porcentaxe migratoria na etapa considerada de emigración masiva. Nesta aproximación cuantitativa, a autora ofrécenos gran cantidade de táboas e gráficos que nos achegan ó coñecemento real da presenza española en México. Destacan os datos que nos dá sobre os lugares e condicións de orixe do inmigrante, así como a estrutura por sexo e idade, ou os que fan referencia ó estado civil.

A segunda parte refírese a esoutra vertente que xera un importante fluxo de españois cara a México nos anos da Guerra Civil e nos inmediatamente posteriores: o exilio. Tras analizar brevemente a terrible experiencia que sufriron aqueles que, polos seus ideais políticos, tiveron que abandonalo todo e intentar empeza-la súa vida de cero nun país descoñecido, a autora destaca os lugares escollidos polos exiliados na súa busca de liberdade. Tras repasar dun xeito conciso os casos daqueles que conduciron os seus pasos á Unión Soviética e a Francia, o estudio céntrase nos que se dirixiron cara a Latinoamérica para referirse nas páxinas seguintes, dunha maneira máis ampla, a México.

Comeza presentando as circunstancias excepcionais que fixeron deste país un dos máis fieis defensores da causa republicana. Así, dende o primeiro momento, o país decantouse polo bando republicano mediante a venda de armas e o envío de medicinas e alimentos. Do mesmo modo, entre 1936 e 1937, a embaixada de México en Madrid, así como as súas distintas delegacións na Península, exerceron sen ningún tipo de restricción o dereito ó asilo de españois de ámbolos dous bandos e axudaron a saír ós que así o desexaban.

En México tamén se podía percibir ese apoio. O goberno de Cárdenas abriu as fronteiras do país e ofreceuse a ampara-los refuxiados españois que saían da Península. Por medio de certas asociacións creadas para tal fin, como o Servicio de Evacuación de Republicanos Españoles (SERE), fundado en Francia, a Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles (JARE), creada dende México polos socialistas de Indalecio Prieto, ou a Comisión

Administradora do Fondo de Auxilio a los Refugiados Españoles (CAFARE), chegaron ó país miles de refuxiados, os cales, co tempo, fixeron de México o seu lugar de residencia. Tamén se fomentou dende o goberno a creación da chamada Casa de España –que nos anos corenta pasaría a se-lo actual El Colegio de México– co fin de acoller a tódolos intelectuais republicanos para que seguisen neste centro realizando os seus estudos e investigacións.

Unha vez analizada a entrada de emigrantes voluntarios, que motivados por diversos condicionamentos abandonan o seu país de orixe e se dirixen a México, e a daqueles que teñen que abandonar España para salva-la súa vida, a autora introdúcese nun terreo moi interesante e controvertido: o da convivencia dos dous mundos que entran en contacto. Tanto ó final da primeira parte como da segunda, Clara Lida examina as asimilacións e a integración dos españois na sociedade receptora así como as actitudes de rexeitamento irconciliabile do considerado como estraño. Neste apartado a autora refírese a América en xeral, sen precisar tanto no caso mexicano. Paulatinamente, os inmigrantes van tendo un sitio na sociedade receptora e van sendo aceptados, en maior ou menor medida, segundo o país. O certo é que, nun principio, o rexeitamento do descoñecido predomina nos americanos e existe un certo receo cara ó español. Comezando polos primeiros anos de independencia, a obra introdúcenos nun mundo de contraposicións continuas. A autora estudia estes contrastes coa análise do caso arxentino, ben coñecido pola profesora Lida tanto pola súa traxectoria vital –é de orixe arxentina– como pola súa experiencia investigadora. Afirmar que, a pesar de que nalgúns países, como aconteceu na República Arxentina, se deron teorías que defendían a entrada de inmigrantes no territorio nacional debido á necesidade de poboar, o recordo das guerras coloniais está moi presente e desconfíase de todo o español. Ademais, pouco a pouco, os españois vanse facendo co poder das facendas e dos sectores económicos do país. Aínda que é certo que América foi receptiva á hora de recibir inmigrantes, tamén se destacan neste volume as tendencias xenófobas tanto da poboación receptora como da estranxeira.

Nas últimas páxinas da obra invítase ó lector a reflexionar sobre os cinco séculos de presenza española en América. Dende os últimos anos de colonia ata os anos corenta vivíronse numerosas situacións que van dende a esperanza á desesperación e da ilusión ós pesadelos. A autora repasa esta presenza, distinguindo os obxectivos de cada un dos inmigrantes e as distintas reaccións dos americanos. Intenta amosa-lo que América significou para a conciencia española e a mentalidade que xerminou dese contacto de culturas. Como epílogo final preséntanos un exemplo de enfrontamento entre a sociedade crioula e os españois que por falla de entendemento e por condicionamentos externos rematou en traxedia; refírome á masacre de Tandil na Arxentina.

Para rematar, Clara Lida faise eco dunha realidade á que se tende nos últimos anos; xa non son os españois os que soñan América como aquela terra prometida, son agora os americanos os que soñan Europa; tal como di a autora “es la otra cara de un viejo sueño que recomienza”.

MARÍA PRESAS BENEYTO

Os “brasileiros” da emigração.

Jorge Fernandes Alves (coord.).
Câmara de Vila Nova de Famalição, 1999. 247 p.

Este libro é unha compilación dos relatorios presentados no Seminario Museu Bernardino Machado, celebrado en Vila Nova de Famalição (Portugal) os días 22 e 23 de setembro de 1998. O Seminario tivo lugar no Palácio do Barão da Trovisqueira –pertencente ó famoso “brasileiro” Bernardino Machado–, hoxe convertido pola Câmara Municipal nun museo dedicado a este home de negocio e letras, co obxectivo de fomentar os estudos migratorios. Parece boa a intención das autoridades da Câmara Municipal¹.

Ó comezar a follealo libro, tiven dúbidas acerca da ambigüidade do título e, polo tanto, dos obxectivos que pretendeu o compilador, dúbidas que, segundo ía avanzando na lectura dos diferentes artigos, non se esclareceron. A figura dos “brasileiros” forma parte do imaxinario popular portugués, debido á importancia numérica da emigración lusa ó Brasil, á influencia dos retornados no mundo da economía e da cultura e ó seu eco na literatura da época. Pero, ó dicir “brasileiros da emigración” non se sabe se se refire ós portugueses retornados do Brasil trala súa experiencia migratoria ou se alude ó momento da emigración. Do total dos quince artigos, nove tratan da emigración no norte de Portugal: sete ó Brasil², un a Francia³ e outro a África⁴. ¿Por que o epíteto de “brasileiros” que aparece no título, cando existen artigos de emigración a Francia e África?⁵.

1. “O Museu Bernardino Machado e os Brasileiros” de Artur Sá da Costa, director do Departamento de Educación e Cultura da Câmara de Famalição. Unha descendente de Bernardino Machado, Elzira Machado Rosa, escribe un artigo no que comenta a súa vida: “Cientista pedagogo e político (raízes minhotas e brasileiras)”.

2. “Os emigrantes de V. N. Famalição (O seu papel na Confraria de Nossa Señora do Carmo)” de José Manuel Lages; “O papel dos brasileiros na Vilas do Minho (O caso de Fafe)” de Miguel Montero; “A casa do Brasileiro” de Paula Torres Peixoto; “A Oposición emigrada no Brasil (1930-1960)” de Heloísa Paulo; “Saídas clandestinas do Norte de Portugal para o Brasil em meados do século XIX” de José Viriato Capela e Maria da Conceição Falcão Ferreira; “A emigração nortenha a Região Platina” de Eugenio dos Santos; “Os brasileiros da Emigração no Norte de Portugal” de Jorge Fernández Alves.

3. “Da Emigração à Mobilidade Social (O caso dos portugueses em França)” de Maria Engrácia Leandro.

4. “Uma Alternativa Africana à Emigrada no Brasil (1930-1960)” de Jorge Bastos da Silva.

5. Inclúese ademais unha achega da emigración desde unha perspectiva de xénero por parte da profesora da Universidade de Santiago de Compostela Pilar Cagiao Vila: “A Mulher na Emigração”.

A introducción está asinada por Jorge Fernandes Alves⁶, aquí coñecido polos seus traballos sobre os galegos en Porto, practicamente os únicos existentes sobre este tema, e a súa tese *Os brasileiros. Emigração e retorno no Porto oitocentista*⁷. Nestas páxinas introductorias, Alves explica os motivos que levaron á realización deste Seminario, algo que para nós, galegos, é obvio. Incide na importancia de adoptar esta perspectiva no estudio das migracións porque, segundo Alves, forman parte da historia das relacións entre Portugal e Brasil, pois estes “brasileiros” participaban da política e da cultura de ámbolos dous países. Coido que isto non se reflicte nos artigos, pois só se empregou documentación portuguesa e ofrece unicamente a perspectiva histórica deste país. Non se amosan as influencias mutuas, políticas e culturais, entre os dous países a través do fluxo migratorio, a excepción do artigo dedicado a Nuno Simões⁸, nin as relacións internacionais entre ámbolos estados. Despois de ler este libro, podemos chegar á conclusión simplista de que Portugal formou o Brasil e que este país foi soamente terra de enriquecemento dos portugueses, que rapidamente retornaban para acadar postos importantes na súa sociedade de orixe. Infelizmente, este libro revela a histórica relación cultural distante, a nivel institucional, entre Portugal e Brasil, que sempre se viraron as costas e se volveron cara a outros países.

Nesta introducción o lector pode ficar con algunhas dúbidas ¿Son brasileiros tódolos emigrantes que retornaron do Brasil ou só os emigrantes que volveron ricos, participaron da vida cultural e política e recibiron títulos nobiliarios por parte do goberno portugués? ¿Existe algunha semellanza entre o americano, o indiano, o cacique que coñecemos no noso país e o brasileiro que describe o libro? Os diferentes autores unicamente describen superficialmente os “brasileiros” aludindo ás súas casas rechamantes e subliñando a importancia política e social acadada en Portugal e Brasil.

A maioría dos artigos dedícanlle bastante espazo ás condicións previas á partida, sempre desde un punto de vista demográfico e cuantitativo: ofrecen abondosos datos, en táboas, do número de saídas, así como do perfil do emigrante: home mozo, analfabeto, agricultor e solteiro. E sempre se apoian na mesma hipótese: a alta densidade de poboación campesiña condicionou a emigración cara ás cidades limítrofes, diminuíu as tensións sociais e imposibilitou o desenvolvemento do movemento obreiro. Esta tese parece bastante inverosímil e *demodé*, tal como reflicte en abondosos estudos, mesmo para o

6. “Razões locais para um debate”.

7. Porto, 1994.

8. Amadeu Gonçalves “O luso brasileiro de Nuno Simões na Imprensa Famalicense”.

caso galego, X. M. Núñez Seixas en *Emigrantes, caciques e indianos*⁹, o fluxo migratorio non mitiga as tensión sociais, senón que supón a entrada de retornados “educados” nas novas ideas do socialismo e anarquismo que funcionarán como axentes dinamizadores dos movementos sociais e políticos. Ben poderían os autores portugueses estudia-lo retorno desde unha perspectiva comparativa co caso galego, xa que xeográfica e culturalmente estamos moi próximos e temos moitas similitudes económicas e sociais, e empregando a ampla biografía que sobre o tema existe en Europa.

Malia que o obxectivo do libro son os “brasileiros”, non se obtén ningunha explicación acerca do impacto do retornado no sistema político, económico e cultural do Portugal miñoto. Gustaríanos saber sobre a transformación da estrutura agraria (tanto a nivel tecnolóxico como sobre a propiedade da terra), se é que a houbo, sobre a posible integración da elite económica retornada nas oligarquías políticas locais, a participación dos que volveron nos movementos políticos do momento e o artellamento da economía a través dos negocios creados polos retornados. Non se pode esquecer que o Brasil, durante o século XX –período que abrangue o libro, a excepción dun artigo que trata das saídas clandestinas no século XIX– é un dos focos máis importantes de todo o anarquismo americano no que os portugueses desempeñaron un papel importante (por exemplo o nomeado líder obreirista Neno Vasco). A única referencia ó retorno é a do artigo de José Manuel Lages, pero só conseguimos saber que os portugueses levaron a Brasil o culto á Nosa Señora do Carme e que cando retornaron seguiron practicando esta devoción.

Gustaríame salientar varios artigos que sobresaen no libro pola súa temática e polo tipo de fontes que empregan. Nun deles Irene María Vaquinhas¹⁰ estudia o imaxinario (negativo) dos portugueses no Brasil a través de xornais brasileiros da época, onde é sabido que existiu un antilusitanismo moi forte xa desde a época da colonización. A autora analiza as connotacións negativas da palabra “galego” que designaba tódolos portugueses que traballaban no comercio e como nas crises económicas este colectivo étnico foi o chibo expiatorio dos problemas da sociedade. Mágoa que a autora non pescude nin pregunte acerca da orixe desta imaxe, que ten tanta divulgación popular en todo Portugal e que claramente se formou no sur do país a través dos galegos de Galicia e dos portugueses miñotos que emigran ás cidades do sur en busca de traballo, nin explique as acepcións de identidade que ten este vocábulo.

9. Vigo, Xerais, 1998.

10. “‘Fora galego’ (un caso de antilusitanismo no Pará na década de setenta do século XIX).”

Non se pode esquecer que un dos grandes dilemas do Brasil é a busca da súa identidade, problemática que aparece reflectida en toda a súa produción cultural: música, literatura, etc.

Por outra banda, non se pode menciona-los “brasileiros” sen aludir á importancia do escritor Camilo Castelo Branco na creación deste imaxinario popular. O artigo de Aníbal Pinto de Castro¹¹, o único que parece cumprir amplamente as expectativas do título, explica as circunstancias sociais e económicas da formación do estereotipo no Portugal da época e na persoa de Castelo Branco: a importancia do diñeiro como forza dinamizadora da sociedade portuguesa, a rápida ascensión social e económica dunha clase que unicamente estaba formada polos “brasileiros de torna-viagem” que, para enveixa do propio Castelo Branco, completaban o seu periplo social integrándose, a través do matrimonio, na burguesía de Porto.

MARTA LOMBÁN PAZOS

11. “O brasileiro na ficção camiliana”.

NOTI CI AS

CONGRESOS, SEMINARIOS, CONFERENCIAS...

- I *Experiencias e vivencias dun fillo de galegos en Bos Aires* (Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2000). Así se titulaba a charla-coloquio que, na sede do Consello da Cultura Galega, pronunciou Antonio Pérez Prado, médico porteño, fillo de emigrantes galegos. O coloquio estivo organizado polo Arquivo da Emigración Galega aproveitando a estada en Galicia do doutor Pérez Prado, quen relatou a súa experiencia persoal como fillo de emigrantes galegos en América. Deste xeito expuxéronse as vivencias da emigración, os problemas de integración da segunda xeración de emigrantes e a consideración social dos galegos en Arxentina.

- II *IX Semana Galega da Historia: a emigración na historia de Galicia. Distintos enfoques: historia, arte e xeografía* (Santiago de Compostela, 9-12 de marzo de 2000). O Consello da Cultura Galega acolleu este Congreso, organizado pola Asociación Galega de Historiadores, en colaboración coa Cátedra Unesco sobre Migracións da Universidade de Santiago de Compostela, o Arquivo da Emigración Galega e o Consello da Cultura Galega. O obxectivo fundamental foi dar a coñecer as últimas investigacións e achegárllelas ós estudantes, profesores e interesados na emigración galega.

- III *Os estudos migratorios: estado da cuestión e novas perspectivas de análise* (Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2000). Mesa Redonda organizada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, na que participaron especialistas relevantes na temática migratoria: Rafael Anes (catedrático de Historia Económica da Universidade de Oviedo), Fernando Devoto (catedrático de Teoría e Historia da Historiografía no Departamento de Historia da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires), Jordi Nadal (catedrático de Historia Económica da Universidade Autónoma de Barcelona), Nicolás Sánchez-Albornoz (historiador e demógrafo) e Alexandre Vázquez (profesor titular da Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo).

- IV *VI Congreso Internacional de Estudos Galegos* (A Habana, 17-21 de abril de 2000). Este congreso celebrouse na Facultade de Artes e Letras da Universidade da Habana. A súa organización estivo a cargo da Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana, da Asociación

Internacional de Estudios Galegos e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O lema do Congreso foi “Un século de Estudios Galegos: Galicia fóra de Galicia”. Entre as áreas temáticas podemos destaca-la de “Estudios migratorios”. As demais áreas corresponderon a: Lingua, Literatura, Traducción, Historia, Etnografía, Dereito, Ciencias Económicas, Artes e varios.

- *Estudios sobre a inmigración española na Arxentina: balance e perspectivas de investigación* (Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2000). Conferencia organizada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega e impartida pola profesora Carina Frid de Silberstein da Universidade de Rosario. A exposición centrouse na realización dun balance historiográfico dos estudos sobre a inmigración española en Arxentina, as actuais liñas de investigación e as novas perspectivas de análise.
- *Perspectivas sobre a emigración de retorno en Galicia e España* (Santiago de Compostela, 29-30 de xuño e 1 de xullo de 2000). O Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega pretendeu, coa celebración deste curso, suscitar un debate en Ciencias Sociais verbo dun dos aspectos máis descoñecidos do fenómeno migratorio: o retorno da emigración. Para iso, e partindo da experiencia galega como laboratorio ideal para o estudio das interrogantes básicas que suxire a emigración de retorno, propúxose unha posta ó día e unha comparación con outros casos dentro do Estado español. Os mitos e as realidades verbo dos retornados, o éxito ou o fracaso relativos da experiencia migratoria ou a incidencia colectiva dos retornados na dinámica política, social, económica e cultural dos países de orixe foron analizados e confrontados. Igualmente, debateuse sobre a viabilidade e posibilidades de aplicación dos modelos de análise da migración de retorno no caso peninsular, tendo en conta as investigacións xa existentes sobre outros países europeos.
- *Simposio sobre migración internacional nas Américas* (San Xosé de Costa Rica, 4-6 de setembro de 2000). Simposio organizado polo Centro Latinoamericano y Caribeño de Demografía (CELADE) e a Organización Internacional para las Migraciones (OIM). Este encontro brindóulle-la oportunidade ós formuladores de políticas gobernamentais, expertos, axencias internacionais, organismos non gobernamentais e outras organizacións da sociedade civil para que puidesen coñecer e intercambiar experiencias e inquietudes sobre a migración internacional en América. Deste xeito, pretendeuse incrementa-la información

e o coñecemento sobre as tendencias e patróns da emigración; explora-las interrelacións entre a migración internacional e o desenvolvemento; analiza-las consecuencias económicas, sociais e políticas da migración para as persoas emigrantes e os países de orixe e destino; analizar e avalía-las actuais iniciativas en materia de diplomacia migratoria multilateral. O simposio finalizou cun encontro de representantes dos gobernos, a sociedade civil e os expertos, no que se debateron os resultados e conclusións da reunión.

- *A integración dos emigrantes en Alemaña e Europa* (Tutzing, 18 e 19 de setembro de 2000). Seminario organizado por EFMS (European Forum for Migration Studies) en cooperación coa Politische Akademie Tutzing. Entre os participantes atopábanse autoridades locais, institucións relacionadas co benestar social, grupos populares, consellos dos estranxeiros, oficinas de traballo e xornalistas. Foron presentados, e discutidos, traballos referidos á integración dos inmigrantes dende as perspectivas local e internacional (Bavaria, Alemaña, Gran Bretaña, Francia, Holanda e Suíza).

- *VII Xornadas sobre colectividades: Problemática do estudio das migracións históricas e actuais: metodoloxías, modelos* (Bos Aires, 19 e 20 de outubro de 2000). A Comisión organizadora destas xornadas estivo composta por varias institucións: o Centro de Estudos Migratorios Latinoamericanos, o Centro Nacional de Estudos sobre Inmigración do Museo Roca, o Grupo de Estudos sobre Inmigración e Comunidades Estranxeiras na Arxentina do IDES, o Departamento de Ciencias Sociais da Universidade Nacional de Luján, o Instituto de Estudos Histórico-Sociais da Universidade Nacional do Centro, o Instituto de Investigacións da Facultade de Ciencias Sociais “Gino Germani” da Universidade de Bos Aires e o Centro de Estudos e Investigación da Universidade Nacional de Quilmes. O propósito da súa celebración foi promover o encontro entre especialistas e persoas interesadas nestas temáticas e, consecuentemente, incentivar a reflexión conxunta e a súa investigación. Destacan dúas temáticas: metodoloxías e modelos, e migracións e cultura (cine, teatro, literatura, arquitectura, etc.).

- *Galicia en Costa Rica* (A Estrada, 26 de outubro de 2000). Exposición realizada polo prof. Miguel Guzmán Stein, da Universidade de Costa Rica, en colaboración co Arquivo da Emigración Galega, o Concello da Estrada, a Galería Sargadelos e a Universidade de Santiago de Compostela, e que foi inaugurada o 26 de outubro de 2000 na Estrada.

Nesta exposición recóllense fotografías dos emigrantes galegos en Costa Rica orixinarios da Estrada e da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

- *Raza, etnicidade e migración: Os Estados Unidos nun contexto global* (Minnesota, 16-18 de novembro de 2000). Conferencia organizada pola Universidade de Minnesota. *The Seminar on Race, Ethnicity and Migration* (REM) é un proxecto do Immigration History Research Center e o American Studies Program da Universidade de Minnesota. O seu obxectivo é facilita-los estudos comparativos e transnacionais, a nivel interdisciplinar, de xeito que sexa posible un maior grao de coñecemento dos temas que se trataron neste seminario.
- *Asimilación-Diasporización-Representación: perspectivas históricas sobre os inmigrantes e as sociedades de acollida na Europa da posguerra* (Berlín, 27-29 de outubro de 2000). II taller sobre historia migratoria contemporánea, que se desenvolveu na Universidade Humboldt, en Berlín, Alemaña. Repasouse a inmigración en e cara a Europa dende 1945 ata o momento presente, centrándose na incorporación dos inmigrantes e a súa representatividade e analizando os patróns históricos de migración, inclusión e exclusión dos inmigrantes, relacións interétnicas no contexto das sociedades de inmigración, dereitos das minorías e a súa representación.
- *Memoria da emigración* (Vedra, 10 de novembro ó 31 de decembro de 2000). Exposición froito do traballo conxunto entre a Concellería de Cultura do Concello de Vedra e o Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, levada a cabo co obxectivo de contribuír á recuperación da memoria histórica da emigración galega, concretamente no Concello de Vedra. Paralelamente, organizouse un ciclo de conferencias, impartidas por especialistas, nas que se tratou o tema da emigración galega dende distintas esferas: asociacionismo, educación, agrarismo, etc.
- *V Conferencia Internacional da Metrópole* (Vancouver, Canada, 13-17 de novembro de 2000). Nesta quinta conferencia internacional, os responsables do Proxecto Metrópole, os investigadores académicos e os axentes non gobernamentais tiveron a oportunidade de discutir as políticas e os programas de integración para inmigrantes e minorías nas sociedades de acollida. Este proxecto proporcionou a oportunidade de intercambiar a visión que teñen uns e outros da forma de pór en marcha a resolución dos problemas que foron recoñecidos abertamente con respecto á temática central desta conferencia. Vancouver é unha das cidades máis cosmopoli-

tas do mundo e, debido á inmigración recibida nos últimos cen anos, medrou enormemente, tanto en tamaño como en diversidade cultural.

- *Mobilidade e inmigracións internas na Europa Latina* (Santiago de Compostela, 9-11 de novembro de 2000). A Universidade de Santiago de Compostela (Vicerrectorado de Relacións Exteriores) e a Cátedra UNESCO sobre migracións organizaron este coloquio no que tivo lugar a exposición de traballos realizados por distintos profesores universitarios procedentes de distintos países. O evento estivo coordinado polo catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela don Antonio Eiras Roel e polo profesor da mesma universidade Domingo González Lopo.
- *Seminario Rexional na Migración Caribeña* (Santo Domingo, 27-29 de novembro de 2000). Seminario organizado pola Organización Internacional para a Migración (OIM) e a Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais (FLACSO). Este seminario permitiulles a oficiais gobernantais, expertos e representantes de organizacións rexionais e internacionais intercambiar información e experiencias nos problemas relacionados coas migracións caribeñas. Os seus obxectivos están encamiñados cara á promoción dun mellor entendemento da migración caribeña e as súas tendencias relacionadas co desenvolvemento económico e a integración rexional; a contribución para o intercambio de coñecemento en políticas migratorias tanto a nivel internacional como interrexional e a discusión dos problemas xurdidos da migración regular laboral temporal, migración ilegal e tráfico, etc.
- *Seminario de Historia sobre as migracións ibéricas contemporáneas* (Vitoria, do 29 de novembro ó 1 de decembro de 2000). Seminario organizado pola AEMIC (Asociación para el estudio de los Exilios y Migraciones Ibéricas Contemporáneas) e a Universidade do País Vasco. Os bloques temáticos que se desenvolveron foron “Historia da emigración: debates e tendencias”, “Visións historiográficas da emigración” e “As emigracións vascas”.
- *X Semana da Cultura Galega: Emigración e exilio na Galicia do Século XX* (Vigo, 29-30 de novembro e 1 de decembro de 2000). O Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias de Galicia Sur, con sede en Vigo, organizou esta Semana da Cultura Galega co título arriba indicado. Este evento estivo patrocinado pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo. O ciclo de conferencias impartírono o

profesor Xesús Alonso Montero (“O libro galego no exilio: Buenos Aires 1936-1951”), o profesor Xoán Carmona Badía (“A emigración galega no século XX: unha perspectiva económica”) e o profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández (“Proceso de Constitución de Centros Galegos en América”).

- *O exilio galego 1936-1975* (Pontevedra, 25-27 de xaneiro de 2001). Congreso organizado polo Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo e coordinado por Xosé Henrique Acuña, Luis Domínguez Castro e Xosé Abilleira. Este ano cúmprense sesenta anos do exilio de Bibiano Osorio Taffal, primeiro alcalde de Pontevedra elixido de xeito democrático. Por este motivo, no Congreso pretendeuse evocar recordos depositados na memoria histórica da Galicia do exilio.
- *Muller e migración* (Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2001). Con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora, o Consello da Cultura Galega organizou unha mesa redonda na que interviñeron especialistas na temática migratoria, como a profesora Pilar Cagiao Vila (Directora do Arquivo da Emigración Galega) e Beatriz Ruiz Fernández (profesora da Universidade Nacional a Distancia-UNED). Tamén se contou coa presenza de profesionais que traballan directamente con mulleres galegas retornadas e con mulleres inmigrantes que elixiron Galicia como lugar de destino. Este é o caso de Graciela Alba Burgos, da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) e Gloria Porto Piñón, traballadora social do Centro de Día para Mulleres Prostitutas Alecrín. Ademais, a directora do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller da Xunta de Galicia, Aurora Montes Santa Olalla, presentou un proxecto levado a cabo pola Administración co obxectivo fundamental de afondar nas causas da exclusión social das mulleres. Por outra banda, Sonia Casas Camacho, procedente de Colombia, achegou a esta mesa redonda a súa vivencia persoal como inmigrante.
- *13º Congreso Internacional da Asociación Alemana de Hispanistas* (Leipzig, 8-11 de marzo de 2001). A sección 12 deste foro, organizado pola Asociación Alemana de Hispanistas, titulouse: “Emigración española das rexións bilingües: unha visión multidisciplinaria.” A análise de ideoloxías políticas e códigos culturais transferidos ós países e ás rexións de acollida, así como os profundos cambios a nivel social e individual, tanto nas colectividade de inmigrantes como nas sociedades receptoras, foron algúns dos puntos nos que se fixo fincapé neste foro. Esta sección interdisciplinaria abarcou aspectos lingüísticos, sociolingüísticos, históricos,

etnolóxicos e psicolóxicos dos procesos migratorios e do impacto das interaccións no mundo literario. O ámbito xeográfico de análise comprendeu a emigración procedente das rexións bilingües españolas e de Portugal cara a América Latina e Europa, así como a emigración de retorno á Península Ibérica e ás Illas Baleares.

- *4ª Conferencia Internacional da APMRN: Migracións, cambios económicos e multiculturalismo nos países de Asia-Pacífico* (Manila, marzo de 2001). A aparición das corporacións transnacionais que transfiren facilmente persoal e mercancías a través de límites nacionais é testemuña das conexións importantes entre o sistema económico global e o crecemento dos movementos internacionais da poboación. As formas de conflito social asociadas ó “multiculturalismo” e á “diversidade” forman parte dos temas que se trataron nesta conferencia.
- *As mulleres nos movementos migratorios do século XX* (Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2001). Mesa redonda sobre o papel das mulleres nos movementos migratorios, organizada pola Fundación Caixa Galicia. Nela interviñeron Laura Oso Casas, profesora asociada de Socioloxía da Universidade da Coruña, María Xosé Rodríguez Galdo, catedrática de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, e Obdulia Taboadela Álvarez, profesora titular de Socioloxía da Universidade da Coruña.

CAROLINA GARCÍA BORRAZÁS

**XI CONFERENCIA INTERNACIONAL DE HISTORIA ORAL:
“ENCrucIJADAS DE LA HISTORIA: EXPERIENCIA,
MEMORIA, ORALIDAD”.
ISTANBUL, TURQUÍA, XUÑO DE 2000**

A Asociación Internacional de Historia Oral (I.O.H.A.) celebrou, en colaboración co Departamento de Historia da Universidade de Bogaziçi, no campus do Bósforo de Istanbul, a XI Conferencia Internacional de Historia Oral.

O tema xeral do encontro foi “Encrucijadas de la historia: Experiencia, Memoria y Oralidad”. Dentro deste tema central incluíronse os seguintes subtemas: “Recordando el siglo XX, imaginando el XXI”, “Historia Oral Virtual: la tecnología y la palabra”, “El milenio”, “Encrucijada de continentes”, “Recordando los conflictos” e “Historia experimentada”. Ademais tiveron lugar outros paneis plenarios sobre “Derechos indígenas y memoria”, “Historia oral y nuevos medios de información”, “Historia oral, diálogo y étnica”, “Proyectos comunitarios de historia oral”, “Aprendizaje de la historia oral” e “Historia oral en Turquía”.

A XI Conferencia de Historia Oral contou cun gran número de asistentes e investigadores de todo o mundo. As conferencias desenvóléronse no salón de actos e na biblioteca da Universidade de Bogaziçi simultaneamente. Para facilita-la comprensión de tódolos conferenciantes houbo tradutores simultáneos en inglés, español e turco. As preactas, que foron entregadas no transcurso da primeira xornada, constan de 3 tomos e presentan as comunicacións transcritas no idioma no que foron enviadas e defendidas na celebración do congreso.

Entre os moitos temas presentados houbo un bo número de conferencias centradas en temas referentes ás migracións e ós exilios, como “Migration and Memory”, por Mariete des Morais Ferreria; “The Jewish Immigration to Sao Paulo. Early Memories”, de Gabriela Becker; “Itinerarios, experiencias y conflictos: Historias de vida de inmigrantes turco-judíos en una provincia del NOA”, por Norma Ben Altabef e Marta Barbieri de Guardia; “Crossing the Atlantic: Migration from Spain to Uruguay”, de Laura Bermúdez; “Historia oral e inmigración ¿un diálogo posible?, por Nágila Ibrahim El kadi; “Historga: Historia Oral de Galicia”, por Isaura Varela, e “Imágenes y palabras de la Inmigración: Levantando las barreras de la identidad nacional entre los ucranianos en Argentina”, por Mirta Zaida Lobato, entre outras.

No transcurso da última xornada da celebración da XI Conferencia votouse unha nova mesa directiva que ata agora estaba constituída por: Mercedes Vilanova (presidenta), Marieta de Morães Ferreira e Alistair Thompson (vicepresidentes), Alexander von Plato (tesoureiro e membro do

secretariado), ademais de Verena Alberti, Graciela de Garay, Albert Lichtblau, Arzu Ozturkmen, Alessandro Portelli, Ann Ritchie, Dora Schwartzstein e Janis Wilton.

Durante a celebración dos encontros decidiuse, entre outras cousas, que a próxima conferencia se celebre no ano 2002 en Sudáfrica.

A Asociación Internacional de Historia Oral (I.O.H.A.) conta cun boletín informativo de carácter cuatrimestral que editou o seu primeiro número en setembro de 1998. O boletín chámase *Noticias de la I.O.H.A.* Con este medio de información preténdese dar a coñecer tódalas actividades que organiza a Asociación, e as publicacións e novidades de tódolos membros da I.O.H.A. Os que desexen máis información ou enviar algún tipo de noticia ou comunicación poden realizalo nos seguintes enderezos de correo electrónico: hel@servidor.unam.mx e ahcbhafo@trifium.gh.ub.es

ROSA LÓPEZ

VII XORNADAS HISTORIA E FONTES ORAIS ÁVILA, OUTUBRO DE 2000

A fins do mes de outubro de 2000 celebráronse as VII Xornadas de Historia e Fontes Oraís que se desenvolven na cidade de Ávila cada dous anos. Foron organizadas, unha vez máis, polo Seminario de Fontes Oraís (SFO) da Universidade Complutense de Madrid, en colaboración coa Fundación Cultural Santa Teresa de Ávila.

“Memoria e Identidades” foi o tema específico sobre o que xiraron as xornadas, as cales estiveron articuladas en 4 sesións. Cada unha delas constou dun relatorio marco, mesas redondas e comunicacións. A primeira sesión e debate centrouse nos “Conflictos sociais e culturas políticas”. Foi moderado por Pilar Folguera, da Universidade Autónoma de Madrid. O relator foi Manuel Ortiz Heras, da Universidade de Castela-A Mancha, e José Babiano, da Fundación 1º de Mayo, leu as seguintes comunicacións: “Instrumentos e grupos de poder”, “Resistencias, oposicións e disidencias”, “Conflictos e relacións de poder”, “Culturas e éticas políticas”, “Crises das ideoloxías”, “Transicións”, “Asociacionismo político, social e civil”, “Sociedade civil e sociedade política”, “Redes sociais e formas de solidariedade” e “Movementos sociais e políticos”.

A segunda sesión titulouse “Fronteiras e cidadanía”. Exerceu de moderadora Elena Sandoica, como relator Gerhard Brunn, do Instituto de Investigación da Europa Rexional da Universidade de Siegen (Alemaña), e Isaura Varela González, da Universidade de Santiago de Compostela, presentou as comunicacións, que versaron sobre os seguintes temas: “Espacio europeo e extraeuropeo”, “Migracións interiores e exteriores”, “Exilios”, “Conflictos culturais”, “Multiculturalidade”, “Marxinación e exclusión” e “Antropoloxía do mar”. Dentro deste relatorio presentáronse varias comunicacións referentes ós movementos migratorios e ós exilios, como por exemplo: “Pinoseros hacia Elda: una migración intracomarcal intensa en el período de la I Dictadura y la II República” por José Ramón Valero Escandell e Carlos Salinas Salinas, “Las migraciones de la Europa Balcánica y su incidencia en España” por Enrique Uceda García, “La disgregación familiar en la emigración: los que se quedan. Viudas de vivos y abuelos-padres de nietos-hijos” por Rosa María López González, “Los judíos alemanes y su nueva identidad en el exilio uruguayo” por Silvia Facal Santiago, “Inmigrantes gallegas en Cuba (1898-1968); sirvientas, manejadoras, crianderas, encargadas y prostitutas” por José Antonio Vidal Rodríguez, “Memoria y experiencia de lucha y resistencia de los pequeños productores rurales de Camucim (Estado de Paraíba-nordeste-Brasil): algunas consideraciones” por Thelma María Grisi Veloso.

A terceira sesión tratou a “Historia e identidades de xénero”. Nesta ocasión a moderadora foi Cristina Borderías, da Universidade de Barcelona, como relator estivo Adele Pesce, da Universidade de Bolonia, e leu as comunicacións Miren Llona, da Universidade do País Vasco. Os temas propostos foron: “As mulleres como suxeito do cambio económico, social e político”, “Relacións sociais de sexo e de clase”, “Relacións público-privado”, “Mulleres e homes nas asociacións. Asociacións e xénero”, “Pensamento e movementos feministas”, “Espacios de mulleres”, “Módulos de representación e identidades”, “Cidadanía e xénero” e “Mulleres, familias e traballos”.

A cuarta sesión tratou os “Procesos e culturas de traballo”. José María Borrás, da UCM, foi o moderador, Ismael Sainz, da Universidade de Valencia, o relator e a encargada de presenta-las comunicacións foi Pilar Díaz, do Seminario de Fuentes Orales. Os temas propostos foron: “Sistemas e procesos de traballo”, “Traballo e niveis de vida”, “Profesións, oficios, actividades”, “Sistemas de aprendizaxe, cualificacións”, “Culturas de traballo”, “Culturas das clases traballadoras”, “Ideoloxías e éticas de traballo”, “Asociacionismo: organizacións sindicais e políticas, cooperativismo, mutualidades”, “Acceso e exclusión do traballo”, “Traballo e cidadanía”.

No transcurso da última xornada celebrouse unha mesa redonda na que participaron os relatores nun debate sobre a “Entrevista e os arquivos orais”. Ademais celebrouse a Asemblea do Seminario de Fontes Orales, onde se elixiu unha nova directiva, que agora quedou presidida por Isaura Varela (USC), con Elena H. Sandoica (UPV) como vicepresidenta, Rafael Maestre (Fundación Salvador Seguí) como secretario e Rosa López (USC) na tesourería. Como vocais, Pilar Domínguez (IES Calderón de la Barca), Lluís Úbeda (Archiu Historico Universitario), Julio Prada (Universidade de Vigo) e Juan Karlos Romera Nielfa (UPV).

Como remate das Xornadas proxectouse a película “Amigogima”, dirixida por José María Nunes. Posteriormente desenvolveuse unha visita opcional e guiada á cidade de Ávila.

ROSA LÓPEZ

MIGRACIÓNS ACTUAIS: RETORNADOS E EMIGRANTES

A Fundación Caixa Galicia organizou un ciclo de conferencias, entre os días 20 e 23 de novembro do ano 2000, na recentemente inaugurada sede da Fundación Caixa Galicia na cidade de Pontevedra, edificio “Café Moderno”, de gran tradición na historia desta cidade e restaurado polo prestixioso arquitecto Álvaro Siza.

O ciclo de conferencias, titulado “Migracións Actuais: Retornados e Emigrantes”, contou coa presenza de destacados investigadores en temas migratorios. Antonio Izquierdo Escribano, catedrático de Socioloxía da Universidade da Coruña, presentou unha conferencia titulada “Estranxeiros en Galicia e políticas migratorias”. Posteriormente, Xosé Manoel Núñez Seixas, profesor titular de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, leu o seu relatorio “Estraños na casa. Actitudes sociais fronte á emigración galega, aquí e alá”. O terceiro día a conferencia estivo a cargo de Beatriz Ruiz Fernández, profesora titora de antropoloxía da UNED (A Coruña) e membro do Instituto de Socioloxía de Novas Tecnoloxías, quen presentou unha conferencia co título “Vidas en movemento: a emigración e o retorno na vida das mulleres galegas”. O ciclo cerrouno Ubaldo Martínez Veiga, catedrático de Antropoloxía da Universidade Autónoma de Madrid, que falou sobre “A integración e a exclusión social dos inmigrantes en España”.

O ciclo foi seguido con moito interese polo público presente, moitos deles socios do Club de Xubilados ós que a Obra Social de Caixa Galicia lles deu sede neste singular edificio. Así, podemos dicir que, xunto ó atractivo de cada unha das conferencias, temos que sinalar como un participante fundamental máis ó público que, coas súas interesantes intervencións e observacións, engadiulle ó ciclo de conferencias un punto máis de interese. Os datos achegados polas persoas conferenciantes, aínda que baseados en importantes traballos de investigación, foron contextualizados así con experiencias vivenciais engadidas polo propio público, o que lle deu ó debate xerado un elevado interese, chegando nalgún caso a prolongarse ata altas horas da noite.

A Fundación Caixa Galicia achega así un elemento central que hai que abordar en temas ás veces moi problemáticos como é o das cuestións migratorias, como é o da divulgación dos estudos realizados na Universidade e a educación permanente da sociedade, á que ás veces achacamos problemas de incompreensión, intolerancia e superstición ante temas graves como a exclusión social dos emigrantes. O que puidemos comprobar *in situ* é que as persoas piden coñecemento e información, cousa que non adoita ser moi habi-

tual que se dea, aínda que esteamos situados xa nesa sociedade da información, na que desgraciadamente aínda hai moito descoñecemento e desinformación. Por iso, como asesora do curso celebrado pola Fundación Caixa Galicia, doulle as gracias por este labor tan importante, e ás veces tan esquecido, que a Fundación, especialmente a Obra Cultural, abordou de xeito espléndido.

Algúns dos coñecementos e datos importantes achegados polos conferenciantes, nos que todos, e non soamente o público presente, debemos reflexionar, son os seguintes:

Antonio Izquierdo abordou unha cuestión que, en principio, pode sorprender: os inmigrantes que recibimos, incluídos os indocumentados, son persoas sumamente preparadas, moitos deles, arredor do 30%, con algún tipo de estudos universitarios, un capital social que non só desprezamos, en moitos casos, senón que desaproveitamos. Outro dato importante que forneceu é o crecente número de mulleres que optan pola emigración fuxindo de malos tratos por parte dos seus maridos. Así, deberíamos reflexionar tamén sobre a figura do “refuxiado”, que quizais debería comprenderse tamén desde a perspectiva dos problemas sociais e non soamente políticos.

Tras Antonio Izquierdo –que neste contexto criticou a Lei de estranxeiría, que, como di Ubaldo Martínez Veiga, non é que negue dereitos sindicais, é que nega dereitos humanos, o que, por outra parte, ningunha lei pode negar–, Xosé Manoel Núñez Seixas achegou datos sobre o tratamento que a literatura popular, os viaxeiros e a prensa lles deron ós emigrantes galegos, fundamentalmente en Arxentina nos séculos XIX e XX. Así, puidemos comprobar como os emigrantes galegos foron tamén reducidos, se non menosprezados, a unhas imaxes que non se correspondían coa realidade. A importancia de non perder a memoria histórica construída a través de séculos de emigración galega destacou nestes momentos nos que ademais de sermos emigrantes (aínda quedan moitos), se é que os retornados non o son en parte no seu propio país, empezamos a ser tamén un país receptor de inmigrantes.

Precisamente o tema do retorno, especialmente o retorno das mulleres, foi o tratado na conferencia de Beatriz Ruiz, que presentou a heteroxeneidade de modelos reproductivos que poñen en funcionamento as familias dos e das emigrantes para enfrontarse ós cambios continuos e ás sorpresas que nos vai dando a vida. Romper coa visión dos modelos homoxéneos nos procesos reproductivos, nos productivos e no coñecemento é algo no que debemos insistir, non só porque isto é prioritario para desenvolver con éxito un proceso migratorio senón porque é tamén importante no retorno, xa que evitaría as frustracións que se producen, dado que a imaxe fixa que moitos emigrantes manteñen durante o seu proceso migratorio opónse ó cambio que se desenvolve no lugar de orixe mentres eles non están e que lles traerá enormes

problemas de adaptación na volta. Sen embargo, esta visualización do cambio e da transformación non é algo que só deban asumir os emigrantes e os emigrantes retornados. Tódalas persoas, emigren ou non, móvense, como nos mostra a propia teoría da evolución, a física e tódalas ciencias.

O ciclo, como dicía, rematou coa exposición de Ubaldo Martínez Veiga, quen, ó meu modo de ver, suxeriu un tema central, comezando coa cita do politólogo M. Walzer que di: “La democracia necesita de la plaza pública y la arena pública y cuando esta no existe la democracia está en peligro”. Coa visualización permanente deste importante pensamento, e por outro lado evidente desde o mundo grego, Ubaldo Martínez Veiga explicou detidamente o tristemente famoso caso de El Ejido, para acabar sinalando que non só é importante o contacto verbal, tamén o habitacional, elemento que desenvolveu especialmente na súa conferencia ó analiza-las condicións da vivenda dos inmigrantes, senón un contacto moito máis humano, moito máis táctil, moito máis emocional, que nos enriquecerá a todos e que fortalecerá a democracia e os dereitos humanos.

Por último desexamos sinalar que a Fundación Caixa Galicia ten prevista a publicación do ciclo de conferencias “As migracións actuais: retornados e inmigrantes”.

BEATRIZ RUIZ FERNÁNDEZ

ESTUDIOS MIGRATORIOS
ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 569 020 / 981 557 351
Fax: 981 588 699 / 981 586 985
Enderezo electrónico: aemigracion@consellodacultura.org

ESTUDIOS MIGRATORIOS
ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Distribución:

EDITORAL GALAXIA
Reconquista 1
36201 Vigo
Teléfono: 986 432 100
Fax: 986 223 205

ESTUDIOS MIGRATORIOS

É unha publicación editada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, aparecida en decembro de 1995, que desde o número 3 ten unha periodicidade semestral.

A súa finalidade é ser un punto de encontro e reflexión dos investigadores sobre a temática dos movementos migratorios en xeral, e dos galegos en particular, acollendo nas súas páxinas diversas investigacións sobre estes temas.

Aceptámo-lo INTERCAMBIO da nosa revista con todas aquelas revistas que teñan unha temática semellante.

BOLETÍN DE INTERCAMBIO

Sr. D.
Organismo / Empresa
.....
Enderezo
Poboación
País Tfno.
Desexo establecer intercambio de *Estudios Migratorios* coa nosa revista
.....
a partir do número

ESTUDIOS MIGRATORIOS

É unha publicación editada polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, aparecida en decembro de 1995, que desde o número 3 ten unha periodicidade semestral.

A súa finalidade é ser un punto de encontro e reflexión dos investigadores sobre a temática dos movementos migratorios en xeral, e dos galegos en particular, acollendo nas súas páxinas diversas investigacións sobre estes temas.

Número solto: 9 euros / Subscrición anual (2 números): 15 euros.

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. D.
Organismo / Empresa
.....
Enderezo
Poboación
País Tfno.
Desexo subscribirme á revista *Estudios Migratorios*
Prégolles que carguen na miña conta do seguinte xeito:
I contra reembolso
I domiciliación bancaria co número de conta
Banco ou Caixa Nº. de axencia
Enderezo da axencia
Localidade Provincia

Asdo.:

NORMAS PARA A ADMISIÓN DE ORIXINAIS

1. A extensión máxima dos traballos presentados non deberá exceder de 25 páxinas DIN-A4 numeradas, mecanografadas nunha soa cara a dobre espazo, nas que se incluírán gráficos, cadros, mapas e bibliografía. Xunto á copia mecanografada en papel entregárase outra en disquete de 3,5 polgadas, preferiblemente no programa Word. Os artigos serán publicados en idioma galego, pero poden presentarse en calquera outro idioma, preferentemente en castelán ou inglés.
2. Cada texto debe ir acompañado dunha páxina que conteña o título do traballo, nome do autor/a ou autores, enderezo completo –incluíndo o do centro de traballo–, teléfono, enderezo electrónico e un breve currículo. Acompañarase tamén dun resumo (*abstract*), non superior a 100 palabras, que reflecta claramente o contido e o resultado do traballo, e dun máximo de 5 palabras clave (*key words*).
3. Para as referencias bibliográficas os autores poderán optar pola inclusión en nota dos datos completos da obra, ou pola mención en texto do apelido do autor, data e páxina, con remisión a unha bibliografía final das obras citadas.
 - 3.1. Se se opta pola primeira fórmula deberán incluírse os datos de localización completa de cada publicación ou documento citado por vez primeira.

Exemplos:

Apelidos, Nome do autor/a (ano): *Título do libro*, lugar de edición, editorial; pp. ás que se fai referencia.

Apelidos, Nome do autor/a (ano): “Título do artigo”, *Título da Revista*, volume, número, páxinas.

Apelidos, Nome do autor/a (ano): “Título do capítulo”, en Apelidos, Nome do autor/a, *Título do libro*, lugar de edición, editorial; pp. ás que se fai referencia.

As remisións sucesivas a esas mesmas obras faranse de forma abreviada segundo as normas comúns.
 - 3.2. Para o segundo sistema utilizaranse as parénteses no texto na seguinte orde: (Apelidos, ano, páxina ou páxinas das que se trate). Acompañarase, neste caso, dunha lista bibliográfica final, por orde alfabética. Cando as obras dun autor/a aparezan no mesmo ano, engadírase á data una letra (a, b, c, etc.).
 - 3.3. As referencias arquivísticas serán o máis completas posible.
4. Os orixinais enviados a *ESTUDIOS MIGRATORIOS* serán sometidos a revisión, cando menos, de dous avaliadores, seleccionados polo equipo editorial en función dos seus coñecementos sobre a materia de que trata o traballo, de maneira que se garanta o anonimato tanto do autor ou autores como dos avaliadores. A aceptación definitiva dos materiais depende do equipo editorial da revista.
5. Os traballos deberanse enviar a:

Estudios Migratorios. Arquivo da Emigración Galega
Consello da Cultura Galega
Apartado de Correos 773
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 569 020 / 981 557 351
Fax: 981 588 699 / 981 586 985
Enderezo electrónico: aemigracion@consellodacultura.org
<http://www.consellodacultura.org>